I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderalles aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo en uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación secundaria obrigatoria, a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, introduciu modificacións nalgúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria,

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación secundaria obrigatoria, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación, a promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

II

Son moitos os cambios que se produciron nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan o papel da educación e a percepción que a sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construíren a propia personalidade e para aprenderen ao longo da vida.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sostible que inclúe

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, a educación para a transición ecolóxica; así como aspectos relacionados coa saúde, coa corresponsabilidade, coa cooperación entre iguais e coa interdependencia persoal; e tamén o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Todas estas importantes consideracións teñen que estar presentes na configuración dun currículo galego para a etapa da educación secundaria obrigatoria que permita establecer e homoxeneizar no territorio os dereitos formativos e de aprendizaxe do alumnado, pero tamén guiar o profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe que poña en práctica, permitíndolle ter unha base máis clara sobre a que desenvolver a súa docencia segundo as idades do alumnado. Nese sentido, unha das funcións do currículo será a de indicarlles ás e aos docentes o que se pretende acadar e proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo. Ademais, constitúe un referente dentro do propio sistema educativo e para as avaliacións da calidade deste, entendidas como a súa capacidade para acadar as intencións educativas fixadas.

O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de educación secundaria obrigatoria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e aos fins do sistema educativo.

O currículo establecido neste currículo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Establécense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Todos estes enfoques están considerados neste decreto e van unidos ao recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión no desenvolvemento do currículo.

III

Desde o punto de vista formal, o decreto conta con trinta e oito artigos estruturados en catro títulos, sete disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derrogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar, relativo ás disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación, e concreta os fins e os principios xerais da etapa de educación secundaria obrigatoria no marco do sistema educativo.

O título I, que se denomina «Organización e desenvolvemento», distribúese en catro capítulos.

No capítulo primeiro defínese o currículo e os elementos que o conforman, concrétanse os obxectivos xerais e as competencias clave para esta etapa educativa, e introdúcese, con carácter anovador, o perfil de saída ao termo do ensino básico. Abórdase a organización das materias da etapa e a súa estrutura curricular, referida aos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos e as orientacións pedagóxicas. Abórdanse, tamén, o horario e a agrupación das materias en ámbitos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

No capítulo segundo regúlase o desenvolvemento do currículo, potenciando a autonomía dos centros e establecendo o contido que deberán ter a concreción curricular e as programacións didácticas. Neste capítulo tamén se tratan os principios pedagóxicos da intervención educativa, os elementos transversais e a importancia da coordinación da etapa da educación secundaria obrigatoria coa previa de educación primaria e a posterior de bacharelato.

No capítulo terceiro trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade; regúlanse os programas de diversificación curricular e séntanse as bases para os ciclos formativos de grao básico no referido á educación secundaria obrigatoria.

No capítulo cuarto regúlase a avaliación, a promoción e a titulación en educación secundaria obrigatoria, establecendo o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións; tamén se regula a avaliación de diagnóstico que se realizará no segundo curso, así como o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, e a participación e o dereito á información das nais, dos pais ou das persoas titoras legais.

O título II regula os documentos oficiais de avaliación do alumnado; nel defínense cales deben ser os documentos e os informes de avaliación, regúlanse as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e o informe persoal por traslado, e establécense tamén as garantías para a súa autenticidade, seguridade e confidencialidade.

Por último, o título III dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, en que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

O decreto finaliza con sete disposicións adicionais, relativas á adaptación de referencias normativas, á ensinanza da relixión, á aprendizaxe de linguas estranxeiras, á educación de persoas adultas, á atribución docente nas materias optativas do terceiro e do cuarto curso

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

da educación secundaria obrigatoria, á simultaneidade de estudos e ao calendario escolar; e mais unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e tres disposicións derradeiras.

Neste decreto inclúense, ademais, catro anexos: o anexo I, relativo ao perfil de saída ao termo do ensino básico, en que se establecen as competencias clave e os descritores operativos que rexerán na etapa; o anexo II, sobre o currículo de cada materia da etapa, que se estrutura en introdución, obxectivos, criterios de avaliación e contidos organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa, e orientacións pedagóxicas; o anexo III, sobre o currículo dos ámbitos específicos dos programas de diversificación curricular coa mesma estrutura curricular que as materias da etapa; e o anexo IV, en que se regula o horario escolar das materias en cada un dos cursos da etapa.

IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación da ordenación e do currículo da ensinanza da educación secundaria obrigatoria conforme a nova redacción da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

De acordo cos principios de proporcionalidade e de simplicidade, contén a regulación imprescindible da estrutura destas ensinanzas ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

Conforme os principios de seguridade xurídica e eficiencia, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, xa que se identifica claramente o seu propósito, e durante o procedemento de tramitación da norma permitiuse a

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

participación activa das persoas potenciais destinatarias a través dos trámites de consulta pública previa e de publicación no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do quince de setembro de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria.

Artigo 3. *A etapa de educación secundaria obrigatoria*

1. A educación secundaria obrigatoria é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación primaria e os ciclos formativos de grao básico, a educación básica.

2. A educación secundaria obrigatoria comprende catro cursos e organízase en materias e en ámbitos.

3. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Artigo 4. *Fins*

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Artigo 5. *Principios xerais*

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e en réxime ordinario cursarase, con carácter xeral, entre os doce e os dezaseis anos de idade, aínda que as alumnas e os alumnos terán dereito a permanecer na etapa ata os dezaoito anos de idade feitos no ano en que finalice o curso. Este límite de permanencia poderase ampliar de maneira excepcional nos supostos a que se refiren os artigos 25.7 e 25.8.

2. Nesta etapa prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporarase, entre outros aspectos, a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade ou que se encontre en situación de vulnerabilidade.

3. A educación secundaria obrigatoria organizarase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.

4. Así mesmo, poñerase especial atención na potenciación da aprendizaxe de carácter significativo para o desenvolvemento das competencias clave, promovendo a autonomía e a reflexión.

Artigo 6. *Currículo*

1. De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria constitúe o currículo desta etapa.

2. Para os efectos deste decreto, entenderase por:

a) Obxectivos da etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

b) Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Perfil de saída: concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. O perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ao finalizar a educación básica, e constitúe o referente último sobre o nivel de desempeño competencial esperado tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación en educación secundaria obrigatoria a través dos correspondentes descritores operativos.

d) Obxectivos de materia ou ámbito: desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia ou ámbito. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das materias ou dos ámbitos. Os obxectivos de materia correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo.

e) Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada materia ou ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da materia ou do ámbito, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

f) Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha materia ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia ou do ámbito. Os contidos están enunciados en forma de saberes básicos, de acordo co sinalado no artigo 12.1 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

g) Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

Artigo 7. *Obxectivos da etapa*

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Artigo 8. *Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico*

1. As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia plurilingüe (CP).

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

d) Competencia dixital (CD).

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do seu grao de adquisición que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I.

3. O currículo que establece este decreto ten por obxecto garantir o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o devandito perfil de saída.

TÍTULO I
Organización e desenvolvemento

CAPÍTULO I
Organización

Artigo 9. *Organización dos tres primeiros cursos*

1. No primeiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

a) Bioloxía e Xeoloxía.

b) Educación Física.

c) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

d) Lingua Castelá e Literatura.

e) Lingua Estranxeira.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

f) Lingua Galega e Literatura.

g) Matemáticas.

h) Segunda Lingua Estranxeira.

i) Tecnoloxía e Dixitalización.

j) Xeografía e Historia.

2. No segundo curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

a) Educación Física.

b) Física e Química.

c) Lingua Castelá e Literatura.

d) Lingua Estranxeira.

e) Lingua Galega e Literatura.

f) Matemáticas.

g) Música.

h) Segunda Lingua Estranxeira.

i) Tecnoloxía e Dixitalización.

j) Xeografía e Historia.

3. No terceiro curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

a) Bioloxía e Xeoloxía.

b) Educación en Valores Cívicos e Éticos.

c) Educación Física.

d) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

e) Física e Química.

f) Lingua Castelá e Literatura.

g) Lingua Estranxeira.

h) Lingua Galega e Literatura.

i) Matemáticas.

j) Música.

k) Xeografía e Historia.

l) Unha materia optativa de entre as seguintes:

– Cultura Clásica.

– Educación Dixital.

– Oratoria.

– Segunda Lingua Estranxeira.

4. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

5. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias optativas citadas no punto 3.l). Só se poderá limitar a elección destas materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación, e que terán en conta o carácter específico dos ámbitos rurais.

Artigo 10. *Organización do cuarto curso*

1. No cuarto curso as alumnas e os alumnos deben cursar as seguintes materias:

a) Educación Física.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

b) Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira.

d) Lingua Galega e Literatura.

e) Matemáticas A ou Matemáticas B, en función da elección da alumna ou do alumno.

f) Xeografía e Historia.

g) Tres materias de opción de entre as seguintes:

– Bioloxía e Xeoloxía.

– Dixitalización.

– Economía e Emprendemento.

– Expresión Artística.

– Física e Química.

– Formación e Orientación Persoal e Profesional.

– Latín.

– Música.

– Segunda Lingua Estranxeira.

– Tecnoloxía.

h) Unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

– Cultura Clásica, se non foi cursada no terceiro curso.

– Filosofía.

– Oratoria, se non foi cursada no terceiro curso.

– Unha materia de opción non cursada das enumeradas na letra g).

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

3. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes, na configuración da súa oferta, poderán establecer agrupacións das materias mencionadas no punto 1.g) e no 1.h) en itinerarios, orientados cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, fomentando a presenza equilibrada de ambos os sexos nas diferentes ramas de estudo. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar, por calquera dos itinerarios que se establezan, o nivel de adquisición das competencias clave establecido para a educación secundaria obrigatoria no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

4. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias de opción citadas no punto 1.g) e poderán ofrecer as materias optativas citadas no punto 1.h) nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Só se poderá limitar a elección de materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou itinerarios, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación, e que terán en conta o carácter específico dos ámbitos rurais.

Artigo 11. *Estrutura das materias*

1. A organización en materias desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada materia, a seguinte estrutura:

a) Introdución.

b) Obxectivos, que serán comúns para toda a etapa.

c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.

d) Orientacións pedagóxicas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos a que van dirixidos.

Artigo 12. *Horario*

1. A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das materias dos distintos cursos da etapa é a que figura no anexo IV.

Este horario debe entenderse como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das materias.

2. No primeiro e no segundo cursos os centros docentes contarán con dúas sesións lectivas de libre disposición, que dedicarán a incrementar a carga lectiva das materias recollidas respectivamente nos puntos 1 e 2 do artigo 9, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

3. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

4. A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

Artigo 13. *Agrupación de materias en ámbitos*

1. Os centros docentes poderán establecer, nos tres primeiros cursos da etapa, agrupacións de materias en ámbitos, no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.

2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de materias incluirá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

CAPÍTULO II
Desenvolvemento do currículo

Artigo 14. *Autonomía dos centros*

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3 de maio, e nas normas que a desenvolven; favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente. A consellería con competencias en materia de educación fomentará e favorecerá a aplicación por parte dos centros docentes do disposto neste número.

2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación secundaria obrigatoria e fixarán a súa concreción, e incorporarana ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

3. Así mesmo, os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas organizativas ou de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado.

4. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin comporte a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de exixencias para as administracións educativas.

Artigo 15. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.

b) A contribución á adquisición das competencias clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.

f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.

3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.

Artigo 16. *Programacións didácticas*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

– Concrecións metodolóxicas.

– Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

– Procedemento para a avaliación inicial.

– Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

– Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Artigo 17. *Principios pedagóxicos*

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

Artigo 18. *Elementos transversais*

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Artigo 19. *Coordinación entre etapas*

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, e desde esta á educación secundaria postobrigatoria, os centros docentes establecerán mecanismos para a coordinación entre as diferentes etapas.

CAPÍTULO III
Titoría e atención á diversidade

Artigo 20. *Titoría e orientación*

1. Na educación secundaria obrigatoria, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

3. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluirá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das opcións e materias a que se refiren os artigos 9.3.l), 10.1.g) e 10.1.h) sexa a máis

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

5. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluirá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta a nais, pais ou persoas titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou, excepcionalmente, a un ciclo formativo de grao básico.

6. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado. que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou ao alumno, no caso de que sexa maior de idade, que incluirá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

7. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a nais, pais ou persoas titoras legais, ou á alumna ou ao alumno, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

8. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos consellos orientadores a que se refiren os puntos anteriores.

Artigo 21. *Atención á diversidade*

1. Na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares que lles permitan aos cen-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

tros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas adecuada ás características do seu alumnado. Entre esas medidas teranse en conta as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a exención da Segunda Lingua Estranxeira, a oferta de materias optativas, os programas de reforzo e as medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

As ditas medidas estarán orientadas a permitirlle a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

3. A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio, humanos e materiais, que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e da adaptación dos instrumentos e, de ser o caso, dos tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. Así mesmo, establecerá os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se afasten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presente graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, poderá recibir, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporarase ao curso correspondente á súa idade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

8. Para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria observarase o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

Artigo 22. *Programas de diversificación curricular*

1. Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

2. Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.

3. O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado a que se refire o punto 1 deste artigo que se encontre nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.

b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

4. Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria do alumnado a que se refire o punto 1 deste artigo que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

5. Os programas de diversificación curricular incluirán dous ámbitos específicos:

a) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

b) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.

O currículo destes ámbitos específicos será o que se recolle no anexo III, que segue a mesma estrutura curricular das materias establecida no artigo 11.

A carga horaria semanal en períodos lectivos destes ámbitos específicos será a suma da carga horaria das materias que conforman o ámbito que se establece no anexo IV.

Estes programas incluirán tamén o resto de materias do terceiro e do cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria establecidas nos artigos 9 e 10 non incluídas nos ámbitos específicos, que o alumnado cursará con carácter xeral nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción a que se refire o artigo 10.1.g), excluíndo as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química, xa incluídas no ámbito Científico-Tecnolóxico.

6. Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.

No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas na lingua correspondente.

Sen prexuízo do anterior, por razóns organizativas, a parte do currículo correspondente á lingua estranxeira do ámbito Lingüístico e Social poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira. Neste caso, a programación do ámbito deberá realizarse de forma coordinada entre o profesorado encargado da súa docencia.

7. Nos programas de diversificación curricular empregarase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias clave establecidas no perfil de saída, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

8. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións e o procedemento que seguirán os centros docentes para a incorporación do alumnado aos

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

programas de diversificación curricular, que requirirá, en todo caso, ademais da avaliación académica, un informe de idoneidade da medida, e realizarase logo de oídos a propia alumna ou o alumno, e contando coa conformidade das súas nais, dos seus pais ou das súas persoas titoras legais.

Artigo 23. *Ciclos formativos de grao básico*

1. Os ciclos formativos de grao básico irán dirixidos preferentemente a quen presente maiores posibilidades de aprendizaxe e de alcanzar as competencias clave da educación secundaria obrigatoria nunha contorna vinculada ao mundo profesional, velando para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza, co obxectivo de preparalo para a continuación da súa formación.

2. A norma que regule os ciclos formativos de grao básico no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de establecer os currículos dos ámbitos en que se organicen as ensinanzas, establecerá as condicións en que os equipos docentes poidan propoñer a nais, a pais ou a persoas titoras legais do alumnado, ou á propia alumna ou alumno, a través do correspondente consello orientador, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico cando o perfil académico e vocacional da alumna ou do alumno así o aconselle.

CAPÍTULO IV
Avaliación, promoción e titulación

Artigo 24. *Avaliación*

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III.

6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Artigo 25. *Promoción*

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Artigo 26. *Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria*

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formati-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

vo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 27. *Avaliación de diagnóstico*

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 28. *Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva*

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, os criterios de promoción e os criterios de titulación, que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter continuo, formativo e integrador da avaliación nesta etapa.

Artigo 29. *Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais*

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e do artigo 29 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción a través dun boletín individualizado, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou o alumno de que se trate.

2. Os dereitos e os deberes referidos no punto anterior fanse extensivos ao alumnado maior de idade, sen prexuízo de que as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poidan facelos igualmente efectivos se xustifican o interese lexítimo.

3. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado en que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

TÍTULO II
Documentos oficiais de avaliación

Artigo 30. *Documentos e informes de avaliación*

1. Na educación secundaria obrigatoria, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, observarase o disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizasen os estudos. O labor de cubrir e custodiar os ditos documentos será supervisado pola inspección educativa.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Artigo 31. *Actas de avaliación*

1. As actas de avaliación expediranse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das materias ou ámbitos, e as decisións sobre promoción e permanencia.

2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.

– Ben: 6.

– Notable: 7 ou 8.

– Sobresaliente: 9 ou 10.

Para os efectos de promoción e de titulación a que se refiren os artigos 25 e 26, a nota media de cada curso da alumna ou do alumno será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias e dos ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico, arredondada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a cal se outorga.

3. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes materias a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

4. Nas actas de segundo, terceiro e cuarto cursos figurará, ademais, o alumnado con materias non superadas de cursos anteriores e recollerase, para o cuarto curso, a proposta

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

de expedición do título de educación secundaria obrigatoria. Nestes cursos expediranse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo.

5. As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 32. *Expediente académico*

1. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase ao comezo da etapa ou, de ser o caso, no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das materias ou dos ámbitos, as decisións de promoción e titulación, as medidas de apoio educativo e as adaptacións curriculares que se adoptasen para a alumna ou o alumno e, de ser o caso, a data de entrega da certificación de concluír a escolarización obrigatoria a que se refire o artigo 26.4.

2. No caso de existiren materias que fosen cursadas de forma integrada nun ámbito, no expediente figurará, xunto coa denominación do devandito ámbito, a indicación expresa das materias integradas nel.

3. O expediente académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 33. *Historial académico*

1. O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as materias ou os ámbitos cursados en cada un dos anos de escolarización, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, os resultados da avaliación, as decisións sobre promoción e permanencia, a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se produciran os diferentes feitos. Deberá figurar, así mesmo, a indicación das materias que se cursaron con adaptacións curriculares.

2. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias materias fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar no historial a cualificación obtida en cada unha delas. Esta cualificación será a mesma que figure no expediente para o ámbito correspondente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3. Tras finalizar a etapa, o historial académico entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou o alumno no caso de que sexa maior de idade.

4. O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 34. *Informe persoal por traslado*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitiralle ao de destino, por petición deste, copia do historial académico e do informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo logo de que se reciba a copia do historial académico.

2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións que se realizasen, as medidas curriculares e organizativas que, de ser o caso, fosen aplicadas, e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral da alumna ou do alumno.

3. O informe persoal por traslado será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno, e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 35. *Autenticidade, seguridade e confidencialidade*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia, así como a súa conservación e o seu traslado en caso de supresión ou extinción do centro.

2. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros e á seguridade e á confidencialidade destes, atenderase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, ao establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos puntos anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e sempre que se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola normativa que as desenvolve.

4. O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e demais normativa aplicable.

TÍTULO III
Plans educativos

Artigo 36. *Bibliotecas escolares e lectura*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Artigo 37. *Educación dixital*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instru-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

mento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo das competencias que no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

Artigo 38. *Promoción de estilos de vida saudables*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias*

1. As referencias realizadas pola normativa vixente ás disciplinas de educación secundaria obrigatoria entenderanse realizadas ás materias correspondentes recollidas neste decreto.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. As referencias contidas no número 3 do artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, relativas a Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e a Ciencias da Natureza enténdense feitas a Xeografía e Historia e a Bioloxía e Xeoloxía, respectivamente, para os efectos da súa impartición en lingua galega. Así mesmo, as referencias relativas a Tecnoloxías enténdense feitas a Tecnoloxía e Dixitalización e a Tecnoloxía, para os efectos da súa impartición en lingua castelá.

Disposición adicional segunda. *Ensinanzas de relixión e Proxecto Competencial*

1. As ensinanzas de relixión incluiranse na educación secundaria obrigatoria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen reciban ou non ensinanza de relixión, así como para o alumnado maior de idade.

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención será planificada e programada polos centros docentes a través da materia de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

4. A avaliación da ensinanza da relixión católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras materias da educación secundaria obrigatoria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

5. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos, nin cando houbese que acudir a estes para os efectos de admisión de alumnado, para realizar unha selección entre as persoas solicitantes.

Disposición adicional terceira. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, sen que iso supoña modificación dos aspectos regulados neste decreto e na normativa básica estatal correspondente. Neste caso, procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiran a terminoloxía propia das materias na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición adicional cuarta. *Educación de persoas adultas*

1. De acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación secundaria obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades, que se rexerá polos principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación, accesibilidade universal, mobilidade e transparencia, e poderá desenvolverse a través do ensino presencial e semipresencial, e tamén mediante a educación a distancia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2. Co obxecto de que o alumnado adquira unha visión integrada do saber que lle permita desenvolver as competencias e afrontar con éxito os principais retos e desafíos globais do século XXI, as ensinanzas desta etapa organizaranse de forma modular en tres ámbitos e dous niveis en cada un deles:

a) Ámbito de Comunicación, en que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Lingua Castelá e Literatura, de Lingua Estranxeira e de Lingua Galega e Literatura.

b) Ámbito Social, en que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Xeografía e Historia, e de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

c) Ámbito Científico-Tecnolóxico, en que se integrarán os aspectos básicos do currículo recollidos no anexo II referidos ás materias de Física e Química, de Bioloxía e Xeoloxía, de Matemáticas, e de Tecnoloxía e Dixitalización.

3. A consellería con competencias en materia de educación establecerá, conforme o anterior, o currículo destas ensinanzas, incorporando aos correspondentes ámbitos, se así o considera conveniente, aspectos curriculares das restantes materias a que se fai referencia nos artigos 9 e 10.

4. A organización destas ensinanzas deberá permitir a súa realización en dous cursos, garantindo, en todo caso, o logro das competencias clave establecidas no perfil de saída.

5. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer os procedementos para o recoñecemento da formación do sistema educativo español que o alumnado acredite e a valoración dos coñecementos e experiencias previas adquiridos a través da educación non formal, co obxecto de proceder á súa orientación e adscrición nun nivel determinado dentro de cada un dos ámbitos de coñecemento.

6. A superación dalgún dos niveis correspondentes a cada un dos tres ámbitos a que fai referencia o punto segundo terá validez en todo o Estado.

7. A superación de todos os ámbitos dará dereito á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, o equipo docente poderá propoñer para a expedición do dito título aquelas persoas que, aínda non superando algún

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

dos ámbitos, se considere que conseguiron globalmente os obxectivos xerais da formación básica das persoas adultas. Nesta decisión teranse en conta as posibilidades formativas e de integración na actividade académica e laboral de cada alumna ou alumno.

8. A consellería con competencias en materia de educación, no ámbito das súas competencias, organizará periodicamente probas para que as persoas maiores de dezaoito anos poidan obter directamente o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que alcanzasen as competencias clave e os obxectivos da etapa. Estas probas organizaranse baseándose nos tres ámbitos de coñecemento citados e corresponderalle á propia consellería con competencias en materia de educación determinar as partes destas que se considerará que teñen superadas as persoas que concorran a elas, de acordo coa súa historia académica previa.

9. Corresponderalle igualmente á consellería con competencias en materia de educación garantir que as probas a que se refire o punto anterior conten coas medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con necesidades educativas especiais.

Disposición adicional quinta. *Atribución docente nas materias optativas do terceiro e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria*

A atribución docente das materias optativas do terceiro e do cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria establecidas no artigo 9.3.l) e 10.1.h) correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario das seguintes especialidades:

Materias optativas	Especialidades dos corpos
• Cultura Clásica.	• Grego. • Latín.
• Educación Dixital. (1)	• Calquera profesora ou profesor de calquera das especialidades docentes que conte cunha acreditación mínima de B2 do Marco de referencia da competencia dixital docente.
• Filosofía.	• Filosofía.
• Oratoria.	• Lingua Castelá e Literatura. • Lingua e Literatura Galega.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Materias optativas	Especialidades dos corpos
• Segunda Lingua Estranxeira. (2)	• Alemán. • Francés. • Inglés. • Italiano. • Portugués.
(1) Nos centros en que non exista profesorado coa acreditación mínima de B2 do Marco de referencia da competencia dixital docente seguirase esta orde de prelación para impartir a materia de Educación Dixital: Informática, Tecnoloxía e Matemáticas.	
(2) Segundo o idioma ofrecido como segunda lingua estranxeira.	

Disposición adicional sexta. *Simultaneidade de estudos*

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria obrigatoria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que inclúan, entre outras, as validacións entre materias.

Disposición adicional sétima. *Calendario escolar*

1. O calendario escolar comprenderá un mínimo de 175 días lectivos.

2. En calquera caso, no cómputo do calendario escolar incluiranse os días dedicados ás avaliacións de diagnóstico de segundo curso.

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, será de aplicación nos cursos segundo e cuarto de educación secundaria obrigatoria, durante o curso académico 2022/23, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogado o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que se refira á educación secundaria obrigatoria e, en particular, o seu título I. Non obstante o anterior, será de aplicación nos cursos segundo e cuarto da educación secundaria obrigatoria durante o curso académico 2022/23.

2. Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*

O disposto no presente decreto implantarase para os cursos primeiro e terceiro no curso escolar 2022/23, e para os cursos segundo e cuarto no curso escolar 2023/24.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo á organización e materias propias do seu departamento, e o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil vinte e dous

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

ANEXO I

Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O perfil de saída é único e o mesmo para todo o territorio do Estado. É a pedra angular de todo o currículo, a matriz que cohesiona e cara a onde converxen os obxectivos das distintas etapas que constitúen o ensino básico. Concíbese, polo tanto, como o elemento que debe fundamentar as decisións curriculares, así como as estratexias e as orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. Debe ser, ademais, o fundamento da aprendizaxe permanente e o referente da avaliación interna e externa das aprendizaxes do alumnado, en particular no relativo á toma de decisións sobre promoción entre os distintos cursos, así como á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

O perfil de saída parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta. Garántese así a consecución do dobre obxectivo de formación persoal e de socialización previsto para o ensino básico no artigo 4.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), co fin de dotar a cada alumna ou alumno das ferramentas imprescindibles para que desenvolva un proxecto de vida persoal, social e profesional satisfactorio. Este proxecto constitúese como o elemento articulador das diversas aprendizaxes que lle permitirán afrontar con éxito os desafíos e os retos a que terá que enfrontarse para levalo a cabo.

O referente de partida para definir as competencias clave recollidas no perfil de saída foi a Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. A ancoraxe do perfil de saída á Recomendación do Consello reforza o compromiso do sistema educativo galego co obxectivo de adoptar unhas referencias comúns que fortalezan a cohesión entre os sistemas educativos da Unión Europea e faciliten que a súa cidadanía, se así o considera, poida

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

estudar e traballar ao longo da súa vida tanto no seu propio país como noutros países da súa contorna.

No perfil, as competencias clave da Recomendación europea vinculáronse cos principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado e ante os que necesitará desenvolver esas mesmas competencias clave. Do mesmo xeito, incorporáronse tamén os retos recollidos no documento Key Drivers of Curricula Change in the 21st Century, da Oficina Internacional de Educación da UNESCO, así como os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

– Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.

– Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.

– Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

– Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.

– Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.

– Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.

– Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

– Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

– Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

A resposta a estes e outros desafíos –entre os que existe unha absoluta interdependencia– necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes que subxacen ás competencias clave e son abordados nas distintas áreas, ámbitos e materias que compoñen o currículo. Estes contidos disciplinares son imprescindibles, porque sen eles o alumnado non entendería o que ocorre ao seu arredor e, xa que logo, non podería valorar criticamente a situación nin, moito menos, responder adecuadamente. O esencial da integración dos retos no perfil de saída radica en que engaden unha exixencia de actuación, a cal conecta co enfoque competencial do currículo: a meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilizalos para solucionar necesidades presentes na realidade.

Estes desafíos implican adoptar unha posición ética exixente, xa que supoñen articular a procura lexítima do benestar persoal respectando o ben común. Requiren, ademais, transcender a mirada local para analizar e comprometerse tamén cos problemas globais. Todo iso exixe, por unha banda, unha mente complexa, capaz de pensar en termos sistémicos, abertos e cun alto nivel de incerteza, e, por outra, a capacidade de empatizar con aspectos relevantes, aínda que non nos afecten de maneira directa, o que implica asumir os valores de xustiza social, equidade e democracia, así como desenvolver un espírito crítico e proactivo cara ás situacións de inxustiza, inequidade e exclusión.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Competencias clave que se deben adquirir.

As competencias clave que se recollen no perfil de saída son a adaptación ao sistema educativo galego das competencias clave establecidas na citada Recomendación do Consello da Unión Europea. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias cos retos e desafíos do século XXI, cos principios e fins do sistema educativo establecidos na LOE e co contexto escolar, xa que a recomendación se refire á aprendizaxe permanente que debe producirse ao longo de toda a vida, mentres que o perfil remite a un momento preciso e limitado do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado: a etapa do ensino básico.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e dos obxectivos previstos na LOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas neste perfil de saída, e que son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Descritores operativos das competencias clave no ensino básico.

En canto á dimensión aplicada das competencias clave, definiuse para cada unha delas un conxunto de descritores operativos, partindo dos diferentes marcos europeos de referencia existentes.

Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes criterios de avaliación asociados, poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e obxectivos xerais previstos para a etapa.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, inclúense tamén no perfil os descritores operativos que orientan sobre o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria, favorecendo e explicitando así a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais.	• CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.
• CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento.	• CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
• CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.	• CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
• CCL4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e aprendizaxe individual e colectiva; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos.	• CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.
• CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, detectando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.	• CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

CP-Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo.	• CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
• CP2. A partir das súas experiencias, recoñece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.	• CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
• CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.	• CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e da metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas.	• STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario.
• STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.	• STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.
• STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto, procurando a participación de todo o grupo e resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir.	• STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos…), e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.	• STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.
• STEM5. Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.	• STEM5. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

CD-Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.	• CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.	• CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.
• CD3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas, e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.	• CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
• CD4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.	• CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
• CD5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa…) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, solicitando axuda en caso necesario.	• CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos.	• CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.
• CPSAA2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias.	• CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
• CPSAA3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	• CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.
• CPSAA4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.	• CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
• CPSAA5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento.	• CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC-Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CC1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia, e aplícaas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.	• CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
• CC2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade, e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	• CC2. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
• CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.	• CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
• CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.	• CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

CE-Competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.	• CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
• CE2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autocoñecemento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción.	• CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autocoñecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
• CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.	• CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno…	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…
• CCEC1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.	• CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.
• CCEC2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.	• CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
• CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.	• CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
• CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.	• CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

ANEXO II
Currículo das materias

1. Bioloxía e Xeoloxía.

1.1 Introdución.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía da etapa da educación secundaria obrigatoria constitúe unha continuación da área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural da educación primaria. Esta materia busca o desenvolvemento da curiosidade e a actitude crítica,

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

así como o reforzo das bases da alfabetización científica, que lle permita ao alumnado coñecer o seu propio corpo e a súa contorna para adoptar hábitos que lle axuden a manter e a mellorar a súa saúde e cultivar actitudes, como o consumo responsable, o coidado ambiental, o respecto cara a outros seres vivos ou a valoración do compromiso cidadán co ben común. A adquisición e o desenvolvemento destes coñecementos e destrezas permitiranlle ao alumnado valorar o papel fundamental da ciencia na sociedade. Outro dos aspectos esenciais desta materia é o estudo e a análise científica e afectiva da sexualidade, a través dos cales o alumnado poderá comprender a importancia das prácticas sexuais responsables e desenvolver rexeitamento cara a actitudes de discriminación baseadas no xénero ou na identidade sexual. Así mesmo, a materia de Bioloxía e Xeoloxía persegue impulsar, especialmente entre as alumnas, as vocacións científicas. A través desta materia, consolídanse tamén os hábitos de estudo, foméntase o respecto, a solidariedade e o traballo en equipo e promóvese o perfeccionamento lingüístico, ao ser a cooperación e a comunicación parte esencial das metodoloxías de traballo científico. Ademais, animarase o alumnado a utilizar diferentes formatos e vías para comunicarse e cooperar, destacando entre estes os espazos virtuais de traballo. O traballo grupal será unha ferramenta para a inclusión social de persoas diversas que tamén se fomentará no ámbito da materia de Bioloxía e Xeoloxía.

A natureza científica desta materia contribúe a espertar no alumnado o espírito creativo e emprendedor, que é a esencia mesma de todas as ciencias. A investigación mediante a observación de campo, a experimentación e a busca en diferentes fontes para resolver cuestións ou contrastar hipóteses de forma tanto individual como cooperativa son elementos constituíntes deste currículo. As principais fontes fiables de información son accesibles a través da internet, onde conviven con informacións nesgadas, incompletas ou falsas, polo que en Bioloxía e Xeoloxía se fomentará o uso responsable e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación dentro do contexto das materias.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía contribúe ao logro dos obxectivos desta etapa e ao desenvolvemento das competencias clave. Nela traballanse un total de seis obxectivos, que constitúen a concreción dos descritores das competencias clave definidos no perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica. Os obxectivos comprenden aspectos relacionados coa interpretación e transmisión da información científica, coa localización e avaliación de información científica, coa aplicación das metodoloxías científicas en proxectos de investigación, coa aplicación de estratexias para a resolución de problemas, coa análise e adopción de estilos de vida saudables e sostibles e coa interpretación xeolóxica do relevo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Os criterios de avaliación permiten medir o grao de desenvolvemento dos devanditos obxectivos, polo que se presentan asociados a eles.

Os contidos constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes que posibilitarán o desenvolvemento dos obxectivos das materias ao longo da etapa. A materia de Bioloxía e Xeoloxía estrutúrase en varios bloques.

O bloque «Proxecto científico» introduce o alumnado no pensamento e métodos científicos: a formulación de preguntas e hipóteses, a observación, o deseño e a realización de experimentos, a análise e a comunicación de resultados.

O estudo da célula como unidade fundamental de todos os seres vivos, as súas partes e a función biolóxica da mitose e da meiose trabállanse no bloque «A célula», que se inclúe nos tres cursos. Ademais, este bloque inclúe as técnicas de manexo do microscopio e o recoñecemento de células en preparacións reais. No curso de 1º da ESO introdúcese neste bloque a identificación dos virus como entidades biolóxicas acelulares.

O estudo das características e grupos taxonómicos máis importantes dos cinco reinos de seres vivos, así como a identificación de exemplares da contorna, corresponde ao bloque «Seres vivos», incluído no 1º curso, no cal se introduce a evolución, co fin de que o alumnado perciba os seres vivos como organismos cambiantes e non estáticos.

Por outra banda, no 1º curso da ESO o estudo das capas fluídas, concretamente a súa dinámica, as súas interaccións cos demais subsistemas terrestres e os impactos antrópicos, propicia unha visión integral do funcionamento do noso planeta e a súa importancia para a existencia da vida na Terra.

O concepto de ecosistema, o coñecemento de ecosistemas da contorna, a relación entre os seus elementos integrantes, a importancia da súa conservación e da implantación dun modelo de desenvolvemento sostible e a análise de problemas ambientais, como o quecemento global, trabállanse no bloque «Ecoloxía e sostibilidade» do 1º curso e «Ecosistema: interacción e cambios» do 4º curso.

No bloque «As función vitais do ser humano», do 3º curso, estúdanse a anatomía e o funcionamento de todos os aparellos e sistemas, así como a interconexión entre eles como un todo integrado, é dicir, un sistema. Ademais, neste curso, no bloque «Hábitos saudables», trabállanse os comportamentos beneficiosos para a saúde con respecto á nutrición

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

e á sexualidade e os efectos prexudiciais das drogas. A continuación, no bloque «Saúde e enfermidade» trátanse os mecanismos de defensa do organismo contra os patóxenos, o funcionamento das vacinas e dos antibióticos e a reflexión sobre a súa importancia na prevención e no tratamento de enfermidades. Estúdanse, igualmente, os transplantes e a importancia da doazón de órganos.

Dentro dos bloques «Xenética e herdanza» e «Orixe e evolución dos seres vivos», do 4º curso da ESO, estúdanse as leis e os mecanismos de herdanza xenética, a expresión xénica, a estrutura do ADN e a resolución de problemas onde se apliquen estes coñecementos, ademais das teorías evolutivas máis relevantes, o papel da variabilidade xenética na evolución e as hipóteses sobre a orixe da vida.

Os criterios de avaliación e os contidos de xeoloxía están distribuídos en diferentes bloques que introducen o alumnado na identificación de rochas e minerais da contorna e na tectónica de placas, por tratarse da teoría máis amplamente aceptada pola comunidade científica, para explicar practicamente todos os procesos xeolóxicos internos. Ademais, traballarase a relación dos procesos xeolóxicos internos e externos cos riscos naturais e os principios de estudo da historia terrestre (actualismo, horizontalidade, superposición de eventos...), que se aplicarán na resolución de casos prácticos priorizando os da propia contorna.

En conclusión, a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3º e 4º curso da ESO traballa saberes das ciencias xeolóxicas e da vida como vía para o desenvolvemento das competencias clave e pretende como fin último unha plena integración cidadá do alumnado no eido profesional, social e emocional. Esta materia debería capacitar o alumnado para actuar con xuízo e curiosidade críticos, con inquietude polas cuestións éticas e co apoio á seguridade e á sustentabilidade ambiental, en particular no referido ao progreso científico en relación cun mesmo, coa familia, coa comunidade e cos problemas globais.

1.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.
• O desenvolvemento científico rara vez é froito do traballo de suxeitos illados e require, polo tanto, do intercambio de información e da cooperación entre individuos, organizacións e mesmo países. Compartir información é unha forma de acelerar o progreso humano ao estender e diversificar os piares sobre os que se sustenta.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Todo proceso de investigación científica debe comezar coa recompilación e análise crítica das publicacións na área de estudo, construíndose os novos coñecementos sobre os cimentos dos xa existentes.

• Así mesmo, o avance vertixinoso da ciencia e da tecnoloxía é o motor de importantes cambios sociais que se dan cada vez con máis frecuencia e con impactos máis palpables. Por iso, a participación activa do alumnado na sociedade exixe cada vez máis a comprensión dos últimos descubrimentos e avances científicos e tecnolóxicos para interpretar e avaliar criticamente, á luz destes, a información que asolaga os medios de comunicación. Isto permitiralle extraer conclusións propias, tomar decisións coherentes e establecer interaccións comunicativas construtivas, mediante a argumentación fundamentada, respectuosa e flexible para cambiar as propias concepcións á vista dos datos e posturas achegados por outras persoas.

OBX2. Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.

• A investigación científica, a participación activa na sociedade e o desenvolvemento profesional e persoal dun individuo con frecuencia levan á adquisición de novas competencias que adoitan comezar coa procura, selección e recompilación de información relevante de diferentes fontes para establecer as bases cognitivas da devandita aprendizaxe.

• Ademais, na sociedade actual existe un continuo bombardeo de información que non sempre reflicte a realidade. Os datos con base científica atópanse en ocasións mesturados con boatos, feitos infundados e crenzas pseudocientíficas. É, por tanto, imprescindible desenvolver o sentido crítico e as destrezas necesarias para avaliar e clasificar a información e coñecer e distinguir as fontes fidedignas daquelas de dubidosa fiabilidade.

• Por iso, este obxectivo prepara o alumnado para a súa autonomía persoal e profesional futuras e para que contribúa positivamente nunha sociedade democrática.

OBX3. Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.

• Os métodos científicos son o sistema de traballo utilizado para dar unha resposta rigorosa a cuestións e problemas relacionados coa natureza e coa sociedade. Estes constitúen o motor do noso avance social e económico, o que os converte nunha aprendizaxe imprescindible para a cidadanía do mañá. Os procesos que compoñen o traballo científico cobran sentido cando son integrados dentro dun proxecto relacionado coa realidade do alumnado ou coa súa contorna.

• O desenvolvemento dun proxecto require de iniciativa, actitude crítica, visión de conxunto, capacidade de planificación, mobilización de recursos materiais e persoais e argumentación, entre outros, e permítelle ao alumnado cultivar o autocoñecemento e a confianza ante a resolución de problemas, adaptándose aos recursos dispoñibles, ás súas propias limitacións, á incerteza e aos retos que poidan atopar.

• Así mesmo, a creación e participación en proxectos científicos proporciónalle ao alumnado a oportunidade de traballar destrezas que poden ser de grande utilidade non só dentro do ámbito científico, senón tamén no seu desenvolvemento persoal, profesional e na súa participación social. Este obxectivo é o crisol no que se mesturan todos os elementos da competencia STEM e moitos doutras competencias clave. Por estes motivos, é imprescindible ofrecerlle ao alumnado a oportunidade creativa e de crecemento que achega esta modalidade de traballo, impulsando a igualdade de oportunidades entre as alumnas e os alumnos e fomentando as vocacións científicas desde unha perspectiva de xénero.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX4. Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.

• As ciencias biolóxicas e xeolóxicas son disciplinas empíricas, pero con frecuencia recorren ao razoamento lóxico e á metodoloxía matemática para crear modelos, resolver cuestións e problemas e validar os resultados ou solucións obtidas. Tanto a formulación de hipótese como a interpretación de datos e resultados ou o deseño experimental requiren aplicar o pensamento lóxico-formal.

• Así mesmo, é frecuente que en determinadas ciencias empíricas, como a bioloxía molecular, a evolución ou a tectónica, se obteñan evidencias indirectas da realidade que deben interpretarse segundo a lóxica para establecer modelos dun proceso biolóxico ou xeolóxico. Ademais, determinados contidos da materia de Bioloxía e Xeoloxía teñen na resolución de problemas unha estratexia didáctica preferente.

• Cabe destacar que potenciar este obxectivo supón desenvolver no alumnado destrezas aplicables a diferentes situacións da vida. Por exemplo, a actitude crítica baséase en gran parte no razoamento a partir de datos ou información coñecidos e constitúe un mecanismo de protección contra as pseudociencias ou os saberes populares infundados.

OBX5. Analizar os efectos de determinadas accións sobre o ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.

• O benestar, a saúde e o desenvolvemento económico da especie humana susténtanse en recursos naturais como o chan fértil ou a auga doce e en diferentes grupos de seres vivos, como os insectos polinizadores, as bacterias nitrificantes e o plancto mariño, sen os cales algunhas actividades esenciais, como a obtención de alimentos, se verían seriamente comprometidos. Por desgraza, os recursos naturais non sempre son renovables ou son utilizados de tal xeito que a súa taxa de consumo supera sobradamente a súa taxa de renovación. Ademais, a destrución de hábitats, a alteración do clima global e a utilización de substancias xenobióticas están a reducir a biodiversidade, de forma que nos últimos 50 anos desapareceron dous terzos da fauna salvaxe do planeta. Todas estas alteracións poderían poñer en perigo a estabilidade da sociedade humana tal e como a coñecemos. Afortunadamente, determinadas accións poden contribuír a mellorar o estado do ambiente e tamén da nosa saúde a curto e longo prazo.

• Por outro lado, certas condutas propias dos países desenvolvidos, como o consumismo, o sedentarismo, a dieta con alto contido en graxas e azucres, as adiccións tecnolóxicas ou os comportamentos impulsivos teñen graves consecuencias sobre a saúde da poboación. Por isto, é tamén esencial que o alumnado coñeza o funcionamento do seu propio corpo e desterre ideas preconcibidas e estereotipos sexistas e que comprenda e argumente, á luz das probas científicas, que o desenvolvemento sostible é un obxectivo urxente e sinónimo de benestar, saúde e progreso económico da sociedade.

OBX6. Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.

• A Rede de espazos naturais protexidos trata de preservar a diversidade do patrimonio natural que se reparte por toda a biosfera, informando sobre a fraxilidade dos devanditos espazos e sobre os danos que determinadas accións humanas poden ocasionar sobre eles. Por outro lado, algúns fenómenos naturais ocorren con moita maior frecuencia en zonas concretas do planeta, están asociados a certas formas de relevo ou danse con certa periodicidade e son, polo tanto, predicibles cunha maior ou menor marxe de erro. Estes fenómenos deben ser tidos en conta na construción de infraestruturas e no establecemento de asentamentos humanos. Con todo, coñécense numerosos exemplos de planificación urbana deficiente nos que non se considerou a historia xeolóxica da zona, a litoloxía do terreo, a climatoloxía ou o relevo, e que deron lugar a grandes catástrofes con cuantiosas perdas tanto económicas como humanas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este obxectivo implica que o alumnado desenvolva os coñecementos e o espírito crítico necesarios para recoñecer o valor do patrimonio natural e o risco xeolóxico asociado a unha determinada área para adoptar unha actitude de rexeitamento ante as prácticas urbanísticas, forestais, industriais ou doutro tipo que poñan en perigo vidas humanas, infraestruturas ou espazos naturais. O alumnado enfrontarase así a situacións problemáticas ou cuestións expostas no contexto do ensino e da aprendizaxe, nas cales terá que analizar os posibles riscos naturais e as formas de actuación ante eles.

1.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º curso	
Bloque 1. Proxecto científico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	OBX1
• CA1.2. Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	OBX2
• CA1.3. Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	OBX3
• CA1.4. Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX2
• CA1.5. Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	OBX3
• CA1.6. Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	OBX3
• CA1.7. Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	OBX3
• CA1.8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Estratexias para a elaboración do proxecto científico: – Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. – Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). – Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. – Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. – Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. – A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada – Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. – Modelaxe como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. • O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel das mulleres na ciencia.

Bloque 2. A célula	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	OBX1
• CA2.2. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	OBX2
• CA2.3. Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	OBX2
• CA2.4. Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	OBX2
• CA2.5. Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	OBX2

Contidos
• Concepto de ser vivo. • A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. • Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas. • Funcións vitais: – Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. – Relación. – Reprodución: sexual e asexual.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. • Formas acelulares: os virus.

Bloque 3. Os seres vivos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	OBX1
• CA3.2. Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas a que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	OBX1
• CA3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	OBX1
• CA3.4. Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	OBX2

Contidos
• A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. • Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protoctista, *fungi*, vexetal e animal. • Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas. • As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, *visu*...). • Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, *visu*…). • O proceso evolutivo. Introdución aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

Bloque 4. A xeosfera	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	OBX1
• CA4.2. Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	OBX1
• CA4.3. Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	OBX2
• CA4.4. Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	OBX1
• CA4.5. Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.6. Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	OBX1
• CA4.7. Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	OBX1
Contidos	
• Os minerais: características, propiedades e clasificación. • As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. • Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. • Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. • Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. • Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo. • Introdución á teoría da tectónica de placas. – A litosfera e o movemento das placas. – Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.	
Bloque 5. A atmosfera e a hidrosfera. Interaccións coa biosfera e coa xeosfera	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	OBX4
• CA5.2. Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	OBX6
• CA5.3. Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	OBX1
• CA5.4. Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	OBX1
• CA5.5. Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	OBX2
• CA5.6. Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia na modelaxe terrestre, identificando as funcións do solo.	OBX2
Contidos	
• A atmosfera. Composición e estrutura. – Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. – Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. – O cambio climático.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.

– Importancia da auga para os seres vivos.

– Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.

• Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e na modelaxe do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

Bloque 6. Ecoloxía e sostibilidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	OBX2
• CA6.2. Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistema galegos.	OBX1
• CA6.3. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación ambiental.	OBX6
• CA6.4. Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	OBX4
• CA6.5. Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc., e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX2
• CA6.6. Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	OBX5
• CA6.7. Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	OBX5

Contidos

• Os ecosistemas:

– Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.

– Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.

– Exemplos da contorna.

• Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.

• Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao ambiente).

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3º curso.

Materia de Bioloxía e Xeoloxía 3º curso	
Bloque 1. Proxecto científico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	OBX1
• CA1.2. Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	OBX2
• CA1.3. Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	OBX3
• CA1.4. Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX2
• CA1.5. Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	OBX3
• CA1.6. Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	OBX3
• CA1.7. Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	OBX3
• CA1.8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	OBX2
Contidos	
• Estratexias para a elaboración do proxecto científico: – Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. – Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). – Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. – Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.

– A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.

– Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.

– Modelaxe como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.

• O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel das mulleres na ciencia.

Bloque 2. Os riscos xeolóxicos internos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	OBX1
• CA2.2. Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	OBX6
• CA2.3. Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	OBX1
• CA2.4. Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e achegando exemplos.	OBX6
• CA2.5. Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	OBX2

Contidos

• Riscos naturais:

– Definición e clasificación.

– Análise e planificación.

• Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:

– Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.

– Tipos de erupcións volcánicas.

• Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

Bloque 3. A célula	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	OBX1
• CA3.2. Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	OBX1
• CA3.3. Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	OBX1
• CA3.4. Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: – Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). • Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. • Formas acelulares.	
Bloque 4. As funcións vitais no ser humano	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	OBX4
• CA4.2. Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos.	OBX4
• CA4.3. Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	OBX1
• CA4.4. Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	OBX1
• CA4.5. Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	OBX1
• CA4.6. Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	OBX1
• CA4.7. Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	OBX1
• CA4.8. Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	OBX1
• CA4.9. Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	OBX2
Contidos	
• Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. – Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. • Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. – Análise e visión xeral da función de relación. • Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. – Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. – Reprodución e sexualidade. • Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 5. Hábitos saudables	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	OBX2
• CA5.2. Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX2
• CA5.3. Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	OBX4
• CA5.4. Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	OBX5
• CA5.5. Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	OBX5
• CA5.6. Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	OBX5
• CA5.7. Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	OBX5
Contidos	
• Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia. • Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: – Infeccións de transmisión sexual (ITS). – Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado. – As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcibidas e estereotipos sexuais. • Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores como para quen está na súa contorna próxima. • Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).	
Bloque 6. Saúde e enfermidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web…), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.2. Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX2
• CA6.3. Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	OBX5
• CA6.4. Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	OBX5
Contidos	
• Enfermidades infecciosas e non infecciosas: – Diferenciación con base na súa etioloxía. – Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. – O uso adecuado dos antibióticos. • Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. – Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. • Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. • Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.	

4º curso.

Materia de Bioloxía e Xeoloxía 4º curso	
Bloque 1. Proxecto científico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	OBX3
• CA1.2. Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e/ou xeolóxicos, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta evitando nesgos.	OBX3
• CA1.3. Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos ou cualitativos sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuados con corrección e precisión.	OBX3
• CA1.4. Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas, e obter conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	OBX3
• CA.1.6. Presentar de forma clara e rigorosa a información e as conclusións obtidas mediante a experimentación e a observación de campo utilizando o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) e ferramentas dixitais.	OBX3
• CA1.7.Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	OBX1
• CA1. 8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influído polo contexto político e os recursos económicos.	OBX2

Contidos

• A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción.

• Estratexias para a elaboración do proxecto científico:

– Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.

– Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).

– Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.

– Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.

– Deseño e importancia de controis experimentais (positivos e negativos) para a obtención de resultados científicos obxectivos e fiables.

– A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo utilizando instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada e precisa.

– Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.

– Modelaxe para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza.

• O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel das mulleres na ciencia.

Bloque 2. A dinámica terrestre

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer a orixe da Terra describindo as diferentes etapas da formación do universo e explicando a estrutura e as características do sistema solar.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Explicar a estrutura e a dinámica do interior terrestre interpretando a información que achegan os métodos de estudo e adoptando unha actitude crítica cara ás crenzas infundadas.	OBX2
• CA2.3. Comprender os efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas, recoñecéndoa como unha teoría integradora e describindo o movemento das placas e as estruturas xeolóxicas dos bordos e das zonas da intraplaca.	OBX1
• CA2.4. Identificar pregamentos e fallas relacionando os seus elementos cos esforzos e deformacións a que se ven sometidas as rochas.	OBX1
• CA2.5 Describir a modelaxe do relevo analizando os diferentes axentes, procesos e factores que a condicionan, observando o relevo e a paisaxe en Galicia e valorando a súa importancia como recursos.	OBX6
• CA2.6. Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas acción humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	OBX6
• CA2.7. Localizar as áreas con riscos externos en Galicia analizando a información das distintas administracións públicas ou doutras fontes.	OBX2
• CA2.8. Deducir e explicar en mapas e cortes sinxelos a historia xeolóxica, identificando os seus elementos máis relevantes, utilizando o razoamento dos principios xeolóxicos básicos e reconstruíndo os principais acontecementos xeolóxicos.	OBX6

Contidos
• A orixe do universo e estrutura e características do sistema solar.
• Métodos de estudo do interior terrestre.
• Estrutura e dinámica da xeosfera.
• Efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas:
– Evidencias da tectónica de placas.
– A litosfera e o mecanismo de movemento das placas.
– Tipos de bordos de placas. Estruturas xeolóxicas nos límites e nas zonas da intraplaca.
• Esforzos e deformacións das rochas. Formación de pregamentos e fallas.
• Axentes, procesos e factores que condicionan a modelaxe do relevo.
• A modelaxe do relevo segundo a acción dos axentes xeolóxicos. Relevos litolóxicos e estruturais.
• Diferenzas entre relevo e paisaxe. A súa importancia como recursos. O relevo e a paisaxe en Galicia.
• Análise dos riscos xeolóxicos externos. Medidas de predición e prevención. Os riscos externos en Galicia.
• O tempo xeolóxico. Relación de eóns, eras e sistemas cos principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos.
• Mapas e cortes xeolóxicos sinxelos: interpretación e trazado da historia xeolóxica que reflicten mediante a aplicación dos principios de estudo da historia da Terra (horizontalidade, superposición, intersección, sucesión faunística...).

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. A célula	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Xustificar a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos exemplificando ou aplicando os postulados da teoría celular.	OBX1
• CA3.2. Describir os virus como entidades acelulares utilizando exemplos a través da selección e da análise de información de diferentes fontes e citándoas con respecto pola propiedade intelectual.	OBX2
• CA3.3. Identificar e comparar modelos ou esquemas de ADN e ARN mediante o deseño, a representación en diferentes formatos (maquetas, debuxos, esquemas...) ou mediante a extracción de ADN dunha célula eucariota e relacionándoos coa súa función.	OBX1
• CA3.4. Recoñecer as etapas do ciclo celular sinalando a súa relación co cancro, describindo os cambios ao longo das diferentes fases e vinculando a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	OBX1
• CA3.5. Describir os procesos de división celular indicando as principais diferenzas entre mitose e meiose utilizando fotografías, vídeos e/ou observando as distintas fases da mitose ao microscopio.	OBX1
Contidos	
• Teoría celular. • Formas acelulares: virus. • Modelo simplificado da estrutura dos ácidos nucleicos e relación coa súa función. • ADN: cromosoma e cromatina. Replicación. • Etapas do ciclo celular e a súa relación co cancro. • Mitose e meiose: fases e función biolóxica.	
Bloque 4. Xenética e herdanza	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Distinguir e explicar os procesos implicados na expresión xénica recoñecendo as características do código xenético e resolvendo cuestións sinxelas utilizando os datos e a información achegados.	OBX4
• CA4.2. Resolver problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de dominancia e recesividade aplicando as leis de Mendel e interpretando os resultados de forma crítica.	OBX4
• CA4.3. Resolver problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de codominancia, dominancia incompleta, alelismo múltiple e herdanza ligada ao sexo diferenciando fenotipo e xenotipo e interpretando os resultados de forma crítica.	OBX4
• CA4.4. Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.	OBX1
• CA4.5. Recoñecer o papel do ambiente na expresión do fenotipo utilizando exemplos no ser humano e noutros organismos a través da selección e da análise crítica de información de diferentes fontes.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.6. Describir as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as implicacións éticas, sociais e ambientais con relación aos avances en biotecnoloxía e enxeñaría xenética, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara á informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, boatos...	OBX2
Contidos	
• Expresión xénica: – Definición e procesos. – Código xenético: características. • Leis de Mendel. • Problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de dominancia e recesividade, codominancia, dominancia incompleta, herdanza intermedia, alelismo múltiple e ligado ao sexo con un ou dous xenes. • Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. • Expresión do fenotipo. • Técnicas da enxeñaría xenética. • Biotecnoloxía e enxeñaría xenética: aplicacións e implicacións éticas, sociais e ambientais.	
Bloque 5. Orixe e evolución dos seres vivos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Analizar e explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra utilizando os argumentos das diferentes teorías, mantendo unha actitude crítica, obtendo conclusións e formando opinións propias fundamentadas.	OBX1
• CA5.2. Contrastar a veracidade da información con respecto ás teorías sobre a evolución dos seres vivos –creacionismo e evolucionismo– explicando as principais conclusións e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica.	OBX2
• CA5.3. Comparar a teoría lamarckista e darwinista e explicar o proceso evolutivo aplicando a teoría neodarwinista utilizando as probas evolutivas para xustificar criticamente a evolución.	OBX1
• CA5.4. Recoñecer a especiación identificando os principais procesos que xeran as especies.	OBX1
• CA5.5. Describir a evolución dos homínidos analizando os grandes cambios acontecidos.	OBX1
Contidos	
• Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e investigacións no campo da astrobioloxía. • Evolución dos seres vivos: – Creacionismo e evolucionismo. Principais teorías evolutivas. – Probas e mecanismos de evolución. – Especiación. – Evolución humana.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 6. Ecosistemas: interaccións e cambios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Identificar os compoñentes do ecosistema e os niveis tróficos recoñecendo as súas interaccións e explicando a transferencia da materia e da enerxía nunha cadea ou rede trófica utilizando exemplos da contorna.	OBX1
• CA6.2. Describir as etapas da sucesión ecolóxica tomando como exemplo a formación do solo.	OBX1
• CA6.3. Recoñecer as causas e as consecuencias dos impactos antrópicos e analizar criticamente a solución a un problema ambiental propoñendo accións para a conservación do ambiente localizando, seleccionando, organizando e analizando criticamente información de distintas fontes.	OBX4
• CA6.4. Identificar e analizar os diferentes problemas ambientais potenciados por determinadas accións humanas sobre unha zona xeográfica, tendo en conta as súas características e os factores socioeconómicos.	OBX5
Contidos	
• Estrutura do ecosistema. – Compoñentes. Niveis tróficos. Cadeas e redes tróficas. – Ciclo da materia e fluxo da enerxía. • Dinámica do ecosistema: – Sucesións ecolóxicas. Regresións. – Impactos ambientais derivados da actividade humana. – Problemáticas ambientais e posibles solucións.	

1.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Bioloxía e Xeoloxía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Relación entre os obxectivos da materia de Bioloxía e Xeoloxía e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-5		4	2-3				4
OBX2	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4			1-2	5	5		1-3	4
OBX5			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6			1-2-4-5	1		4	1	1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A énfase no desenvolvemento intelectual dos estudantes, axudándolles a pensar de forma lóxica sobre feitos da súa contorna a través da formulación de hipóteses e/ou de problemas; da busca, selección e tratamento da información utilizando fontes fiables en diferentes formatos; da planificación e do desenvolvemento de investigacións; da realización de observacións, ensaios pertinentes ou probas; da análise e interpretación de datos; da ordenación das ideas, comparación, xerarquización, explicación, xustificación e argumentación científica dun acontecemento; da comunicación da información de forma clara e ordenada e de forma respectuosa cara a outras ideas e da relación dos contidos aprendidos nas distintas materias. Polo tanto, recoméndase un traballo interdisciplinar que favorecerá unha asimilación máis profunda da materia ao estender as súas raíces cara a outras ramas do coñecemento.

– A proposta de proxectos variados baseada na resolución de problemas, investigación, innovación e actividades indagatorias que incentiven o desenvolvemento das competencias, habilidades e actitudes tratando de evitar a acumulación e a memorización dos contidos científicos e que permitan a análise crítica dos problemas sociais actuais.

– O fincapé no traballo práctico no laboratorio, por ser unha actividade específica da ensinanza das ciencias que lle proporciona ao estudante un campo de probas onde se poden ampliar as súas experiencias e modificar as súas ideas e interpretacións facéndoas máis coherentes co coñecemento científico e, ademais, posibilita a súa conexión coa realidade.

– Situacións de aprendizaxe, actividades ou tarefas cun obxectivo claro e partindo dun problema ou realidade coñecida para pasar paulatinamente a unha idea máis abstracta e

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

máis complexa. É igualmente relevante que estas actividades demanden do alumnado a súa aplicación nunha variedade de contextos significativos e auténticos.

– A proposta de favorecer a capacidade do estudante para aprender por si mesmo reforzando a autoestima, a reflexión e a responsabilidade.

– O incentivo da axuda mutua e da aprendizaxe cooperativa para a realización das tarefas que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

– A énfase na atención á diversidade co uso de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e a prevención das dificultades de aprendizaxe, ademais da posta en práctica de mecanismos de reforzo e estratexias de regulación emocional tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O estímulo dunha avaliación autorreguladora, é dicir, que se realice de forma continua ao longo de todo o proceso de ensino e de aprendizaxe permitindo a modificación e a readaptación da dinámica e das actividades de aula en función das necesidades do alumnado e do contexto.

2. Cultura Clásica.

2.1. Introdución.

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos Estados.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para a cidadanía europea.

O currículo da materia Cultura Clásica contribúe de modo directo á adquisición de competencias fundamentais, como é o caso da competencia en comunicación lingüística; a aproximación ao grego e ao latín, como linguas que seguen presentes nas linguas románicas e en moitas das linguas faladas en Europa, algunhas delas dentro da contorna cultural do alumnado, permite aumentar os coñecementos e as destrezas lingüísticas e contribúe á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita. Así mesmo, a contribución de Cultura Clásica para desenvolver outras competencias como a cidadá ou a competencia en conciencia e expresións culturais lógrase mediante o coñecemento do amplo e rico patrimonio cultural, artístico e arqueolóxico grecolatino en Europa, que potencia o gozo estético da arte e fomenta o interese pola súa conservación e a obriga moral da súa transmisión ás xeracións vindeiras. Igualmente, mediante o coñecemento dos grandes clásicos da literatura grega e latina permítese unha mellor interpretación da literatura posterior, na cal perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura e se consolida o hábito lector.

Por outra banda, unha visión global da xeografía e da historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

Por último, a presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

De acordo con esta formulación, os criterios de avaliación e contidos da materia articúlanse en bloques pertencentes aos seguintes ámbitos temáticos. Pártese da necesidade

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental para sentar as bases desta materia. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste punto sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo das divindades e dos heroes e das heroínas, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

No bloque relativo á arte merecen especial atención as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Outro dos bloques dedícase á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a existencia da escravitude, o papel das mulleres na Antigüidade clásica, a vida pública e privada, e os valores cívicos, coas súas luces e sombras, que se transmitiron á cultura occidental.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da cal deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e da evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e da evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego desempeñaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito será permitirlle ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos. Resulta coherente co espírito de incorporación de métodos activos nas materias de Latín en educación secundaria obrigatoria e de Latín e Grego no bacharelato introducir unha fraseoloxía básica latina e grega, para que o alumnado poida aprender e,

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

sobre todo, usar oralmente fórmulas de saúdo e presentación, e utilizar pequenas frases para preguntar ou comentar aspectos básicos da actividade diaria na aula. O obxectivo desta incorporación pretende espertar a curiosidade do alumnado polas linguas clásicas e achegalo dun modo que o sorprenda e rompa cos estereotipos consolidados.

O bloque restante irá enfocado a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos e intrínsecos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural de carácter material e inmaterial da humanidade.

En todos os bloques fica implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura en múltiples esferas do coñecemento e da vida cotiá.

2.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.
• Preténdese así que o alumnado poida ter unha idea clara das localizacións principais do mundo grecorromano. Tamén é importante que entendan o paso do tempo, a magnitude dos períodos históricos, a organización dos calendarios e a importancia de personaxes fundamentais. Procúrase que o alumnado desenvolva unha certa memoria histórica e aprecie o cordón umbilical que o une cos seus devanceiros. Todo isto servirá para enmarcar espacial e temporalmente os coñecementos adquiridos con posterioridade. • Hase tentar que o alumnado chegue a identificar prexuízos e estereotipos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, histórica e lingüística, comprendendo a importancia de coñecer as súas raíces para reflexionar e comprender a súa propia idiosincrasia.
OBX2. Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.
• Sendo este un dos aspectos máis recoñecidos do mundo clásico por parte do alumnado, cómpre deixar clara a funcionalidade e orixe do mito no mundo antigo. Así mesmo, é importante recoñecer a influencia da mitoloxía non só nas manifestacións artísticas, senón tamén noutras de tipo máis cotián como a publicidade, emprego de refráns e expresións nas que a mitoloxía deixou a súa pegada, o horóscopo, a fraseoloxía, os elementos químicos etc. Procurarase sacar proveito da mitoloxía clásica para facer reflexionar o alumnado e que comprenda o significado e o uso de termos de diferentes campos e de expresións idiomáticas que proveñen de forma directa ou indirecta da mitoloxía grecolatina.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Aproveitarase a mitoloxía clásica para propoñer a elaboración individual e/ou conxunta de traballos sinxelos de investigación en que o alumnado fortaleza metodoloxías como o traballo colaborativo, o traballo por proxectos e amplíe e mellore as súas habilidades tanto na procura como na selección crítica de información por medios tanto analóxicos como dixitais.

OBX3. Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.

• A arte grecorromana e as súas obras máis importantes deben ser recoñecidas polo alumnado como un dos elementos esenciais da nosa cultura. Os exemplos de elementos arquitectónicos de influencia clásica rodéannos e é posible observar esa mesma proxección noutras artes plásticas como a escultura, a pintura etc.

• Preténdese que o alumnado chegue a recoñecer e valorar as obras senlleiras da arte grecorromana e, especialmente, a comprobar a súa presenza e pegada non só en movementos artísticos como a pintura, a escultura ou a arquitectura, senón tamén noutras artes máis próximas ao contexto actual en que se move o alumnado diariamente, como a fotografía, o debuxo, a ilustración, o deseño gráfico etc. Por outra parte, é fundamental espertar o sentido estético e o aprecio polas manifestacións artísticas en xeral partindo da arte grecolatina, e fomentar, na medida do posible, a creatividade e hábitos como a visita a museos ou exposicións.

OBX4. Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.

• Cómpre que o alumnado sexa consciente do patrimonio herdado das linguas clásicas no que atinxe ás formas de goberno, as institucións e outros aspectos da nosa sociedade como o dereito, os usos sociais ou a vivenda. A análise das características da civilización grecolatina e da súa achega á identidade europea actual supón recibir información expresada a través de fontes gregas e latinas e contrastala, activando as estratexias adecuadas para poder reflexionar sobre o legado desas características e a súa presenza na nosa sociedade. Este obxectivo vertébrase arredor de tres ámbitos: o persoal, que inclúe aspectos tales como os vínculos familiares e as características das diferentes etapas da vida das persoas no mundo antigo ou o respecto aos maiores; o relixioso, que comprende, entre outros, o concepto antigo do sagrado e a relación do individuo coas divindades e os ritos; e o sociopolítico, que atende á relación do individuo coa cidade, ás súas institucións, ás formas de goberno e ás clases sociais.

• Por outra parte, non se pode eludir a situación da muller e da escravitude no mundo clásico e os pasos dados ao longo dos séculos pola equiparación de dereitos de todas as persoas. Os procesos de análise crítica requiren contextos de reflexión e comunicación dialóxicos, respectuosos coa herdanza da Antigüidade clásica e coas diferenzas culturais que teñen a súa orixe nela e orientados á consolidación dunha cidadanía democrática e comprometida co mundo que a rodea, polo que supón unha excelente oportunidade para poñer en marcha técnicas e estratexias de debate e de exposición oral na aula.

OBX5. Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.

• Procurarase o afondamento na comprensión das linguas do repertorio do alumnado e no uso destas como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Procurarase a introdución de fórmulas básicas de saúdo, despedida, así como preguntas e respostas máis comúns no desenvolvemento das aulas, tanto en latín como en grego, sempre dun modo lúdico e para espertar a curiosidade do alumnado no uso comunicativo das linguas clásicas. • Cómpre que o alumnado tome conciencia da evolución lingüística e da importante presenza das linguas grega e latina nas linguas de repertorio do alumnado. O estudo da evolución das linguas clásicas, partindo tanto desde formas de grego como de latín, axuda a mellorar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, así como a consolidar e a ampliar o repertorio léxico do alumnado nas linguas que o conforman, romances e non romances, ofrecendo a posibilidade de identificar e definir o significado etimolóxico dun termo, e de inferir significados de termos novos ou especializados.
OBX6. Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e se valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.
• Posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética. • Deste xeito poderá tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen. • Neste sentido, a preservación do patrimonio cultural grecolatino require o compromiso dunha cidadanía interesada en conservar o seu valor como memoria colectiva do pasado e en revisar e actualizar as súas funcións sociais e culturais, para ser quen de relacionalos cos problemas actuais e manter o seu sentido, o seu significado e o seu funcionamento no futuro. A investigación sobre a pegada da herdanza do mundo clásico, así como dos procesos de preservación, conservación e restauración, implica o uso de recursos, tanto analóxicos como dixitais, para acceder a espazos de documentación como bibliotecas, museos ou escavacións.

2.3. Criterios de avaliación e contidos.

3º ou 4º curso.

Materia de Cultura Clásica 3º ou 4º curso	
Bloque 1. Xeografía e historia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	OBX1
• CA1.2. Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	OBX1
• CA1.3. Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	OBX1
• CA1.5. Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	OBX1
Contidos	
• Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. • Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. • Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.	
Bloque 2. Mitoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	OBX2
• CA2.2. Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e as heroínas grecolatinas e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes e as heroínas doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	OBX2
• CA2.3. Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	OBX2
• CA2.4. Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	OBX2
Contidos	
• Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. • Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. • Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. • Relixión romana: culto público e privado.	
Bloque 3. Arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	OBX3
• CA3.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	OBX3
• CA3.3. Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	OBX3
• CA3.4. Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	OBX3
• CA3.5. Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• Fundamentos e etapas da arte clásica. • Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. • Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. • Enxeñaría romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. • Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.	
Bloque 4. Sociedade e vida cotiá	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	OBX4
• CA4.2. Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	OBX4
• CA4.3. Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	OBX4
• CA4.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	OBX4
• CA4.5. Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	OBX4
• CA4.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	OBX4
Contidos	
• Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. • Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. • A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. • Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. • Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	
Bloque 5. Lingua e literatura	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	OBX5
• CA5.2. Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	OBX5
• CA5.3. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.4. Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	OBX5
• CA5.5. Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	OBX5
• CA5.6. Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	OBX5
Contidos	
• Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. • Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. • As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. • As linguas romances. • Composición e derivación culta de orixe grega e latina. • Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. • Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. • Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. • Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. • Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. • Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.	
Bloque 6. Perduración na actualidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	OBX6
• CA6.2. Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	OBX6
• CA6.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	OBX6
• CA6.4. Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	OBX6
Contidos	
• Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. • Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. • Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. • Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Cultura Clásica desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Cultura Clásica e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2		4			1		
OBX2				2	3-4-5			1-2
OBX3								1-2
OBX4	2					1-2		
OBX5	4	2-3						
OBX6	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O traballo en relación con materias lingüísticas e humanísticas para conectar a Cultura Clásica con elas co fin de aumentar e mellorar o coñecemento sobre a cultura da Antigüidade e a reflexión sobre a súa perduración ata os nosos días.

– A planificación dos obxectivos de Cultura Clásica tendo en conta as posibilidades de traballo cooperativo con outras materias: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas etc.

– O uso das tecnoloxías dixitais para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

– O emprego de recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular, e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.

– Vincular o desenvolvemento da materia á lectura de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora, de tal maneira que sexa a lectura a que dea pé á explicación dos contidos, como elementos referenciais precisos para entender os textos. Esta metodoloxía permite traballar a mecánica da lectura (tanto silenciosa como en voz alta) e a comprensión lectora; facer un achegamento á crítica textual en conexión coas materias de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura; incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público e procurar un achegamento innovador e experimental nunha materia que se presta a iso.

– Experimentar con outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (*flipped classroom*), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación etc. Estas metodoloxías permiten maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizan resultados e fan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

3. Dixitalización.

3.1. Introdución.

A materia Dixitalización dá resposta á necesidade de adaptación á forma en que a sociedade actual obtén a información e en que se relaciona e produce coñecemento no alumnado que lle permita satisfacer as necesidades, individuais ou colectivas, que se foron establecendo de forma progresiva na vida das persoas e no funcionamento da sociedade e da cultura dixital. Pero a formación da cidadanía actual vai máis alá da alfabetización dixital, xa que require unha atención específica á adquisición dos coñecementos necesarios para

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

usar os medios tecnolóxicos de maneira ética, responsable, segura e crítica. En canto aos retos e desafíos do século XXI, a materia aborda determinados temas que teñen unha clara relación coas características propias da sociedade e da cultura dixital, tales como: o consumo responsable, o logro dunha vida saudable, o compromiso ante situacións de iniquidade e exclusión, a resolución pacífica dos conflitos en contornas virtuais, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, a aceptación e o manexo da incerteza, a valoración da diversidade persoal e cultural, o compromiso cidadán no ámbito local e global e a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento.

Así, ante os desafíos tecnolóxicos que presenta a nosa sociedade, a materia promove, a través da participación de todo o alumnado, o logro dunha visión integral dos problemas, o desenvolvemento dunha cidadanía dixital crítica e a consecución dunha efectiva igualdade entre os homes e as mulleres. Do mesmo xeito, esta materia trata de favorecer aprendizaxes que lle permitan ao alumnado facer un uso competente das tecnoloxías, tanto na xestión de dispositivos e contornas de aprendizaxe como no fomento do benestar dixital, o que posibilita que o alumnado tome conciencia e constrúa unha identidade dixital adecuada. Esta materia ten un carácter interdisciplinario, polo que contribúe á consecución das competencias clave do perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica e á adquisición dos obxectivos de etapa.

O valor educativo desta materia está relacionado coa integración dos seus obxectivos nos contextos do día a día da cidadanía, adquirindo hábitos que se poñen en xogo constantemente nunha sociedade dixital e que se constitúe como un dos eixes principais do currículo. Esta materia pretende proporcionarlle ao alumnado competencias na resolución de problemas sinxelos á hora de configurar dispositivos e periféricos de uso cotián, así como a capacidade para organizar a súa contorna persoal de aprendizaxe, fomentando a aprendizaxe permanente e o benestar dixital co obxecto de protexer os dispositivos e así mesmo e contribuíndo a xerar unha cidadanía dixital crítica, informada e responsable que favoreza o desenvolvemento da autonomía, a igualdade e a inclusión. Todo iso, mediante a creación e a difusión de novos contidos e coñecementos para facer fronte á fenda dixital, entre elas a de xénero, e prestándolle unha especial atención á desaparición de estereotipos sexistas que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

A materia afonda nos coñecementos, destrezas e actitudes en competencia dixital cunha metodoloxía práctica e abórdase cun enfoque transversal e continuado ao longo do curso dos contidos necesarios para poder exercer unha cidadanía dixital activa e comprometida de modo seguro, completando o proceso de formación dixital do alumnado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Doutra banda, os criterios de avaliación como elemento que permite valorar o grao de desenvolvemento dos obxectivos están enfocados a que o alumnado reflexione sobre a propia práctica tomando conciencia dos seus hábitos e a que xere rutinas dixitais saudables, sostibles e seguras, á vez que críticas, con prácticas inadecuadas. A aplicación deste enfoque competencial conduce ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes no alumnado que fomentan distintas formas de organización do traballo en equipo e o debate interdisciplinario ante a diversidade de situacións de aprendizaxe que interveñen na materia.

A materia organízase en cinco bloques interrelacionados: «Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional», «Seguridade e benestar dixital» e «Cidadanía dixital crítica».

O primeiro bloque, «Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación», comprende unha serie de saberes relacionados entre si. Parte tanto do coñecemento da arquitectura e dos compoñentes de dispositivos dixitais e os seus dispositivos conectados (hardware) como da instalación e configuración dos sistemas operativos (software) e incide na comunicación entre dispositivos en redes locais e na internet. Finalmente, aborda as posibilidades que proporciona a internet das cousas.

Perséguese traballar con saberes de tipo procedemental, tanto relativos á configuración e conexión de dispositivos como á resolución de problemas que poidan aparecer. Tamén se incide aquí na adquisición de hábitos de reutilización de materiais e aforro enerxético.

O segundo bloque, «Creación e edición de información e contidos dixitais», trata os aspectos que poden necesitarse para a procura, selección e arquivo da información e tamén para producir documentos e abórdanse temas como a maquetaxe de textos, o tratamento de datos para a xeración de informes e gráficos ou a incorporación de elementos audiovisuais e de realidade virtual nos documentos.

Neste bloque incídese na importancia das ferramentas de traballo colaborativo na rede utilizando unha metodoloxía práctica que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que promovan a creación e a reutilización de contidos dixitais, mantendo unha actitude crítica coa información e de respecto cos dereitos de autor e a propiedade intelectual para unha aprendizaxe permanente. Finalmente, búscase a obtención de habilidades para comunicar e publicar os contidos creados cunha actitude de participación e respecto.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O terceiro bloque, «Pensamento computacional», trata os fundamentos de algorítmica para o deseño, programación e desenvolvemento de aplicacións informáticas para ordenador, dispositivos móbiles e web. Preténdese que o alumnado mellore a súa competencia á hora de desenvolver aplicacións para resolver problemas, introducindo mesmo aspectos de intelixencia artificial, e sempre mantendo unha actitude emprendedora e ética.

O cuarto bloque, «Seguridade e benestar dixital», céntrase nos tres piares da seguridade: os dispositivos, os datos e a integridade das persoas. Busca que o alumnado coñeza e poña en práctica medidas preventivas para lles facer fronte aos posibles riscos e ameazas aos que os dispositivos, os datos e as persoas están expostos nun mundo en que se interactúa constantemente en contornas dixitais. Pon especial énfase en facer consciente o alumnado da importancia de coidar a identidade, a reputación dixital, a privacidade dos datos e a pegada dixital que se deixa na rede. Neste bloque tamén se abordan problemas como os referidos ao ciberacoso, a suplantación de identidades, os contidos inadecuados e o abuso nos tempos de conexión, asuntos que poden supoñer ameazas para o benestar físico e mental do alumnado. Trátase, en fin, dun bloque de natureza eminentemente actitudinal dirixido a promover estratexias que lle permitan ao alumnado tomar conciencia desta realidade e xerar actitudes de prevención e protección, á vez que promover o respecto polos demais.

O último bloque, «Cidadanía dixital crítica», ten por obxecto que o alumnado reflexione sobre as interaccións que realiza na rede, considerando a liberdade de expresión, a etiqueta dixital que debe primar nas súas interaccións e o correcto uso das licenzas e a propiedade intelectual dos recursos dixitais compartidos. O coñecemento das xestións administrativas e as interaccións comerciais en liña tamén son elementos emerxentes que están presentes neste bloque. Por último, o activismo en liña e a ética na sociedade conectada son temas que van consolidar unha cidadanía dixital crítica do hoxe e do mañá para ir máis alá do consumo pasivo de pantallas, aplicacións ou datos.

O desenvolvemento da materia permite conectar coa realidade do alumnado partindo das súas dúbidas e problemas en relación cos usos tecnolóxicos particulares, á vez que sociais, académicos e laborais. Tamén debe supoñer un avance informado e práctico na mellora da propia seguridade na rede, nas interaccións coas outras persoas e coas distintas aplicacións usadas polo alumnado, axudándolles a entender que a internet é un espazo en que é necesario aplicar criterios para contextualizar e contrastar a información, as súas fontes e os seus propósitos, así como unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento da aprendizaxe ao longo da vida.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos e conectar e configurar dispositivos a redes domésticas, aplicando os coñecementos de hardware e sistemas operativos para xestionar as ferramentas e instalacións informáticas e de comunicación de uso cotián.
• O obxectivo fai referencia á xestión e ao mantemento dos dispositivos dixitais habituais na contorna do alumnado. O uso estendido das tecnoloxías dixitais implica que o alumnado debe adquirir destrezas relativas ao mantemento dos dispositivos, ao axuste destes e á identificación e resolución de problemas técnicos habituais, garantindo o máximo aproveitamento destas tecnoloxías e enfrontándose a eles cunha actitude resiliente. • O obxectivo engloba aspectos técnicos relativos ao funcionamento dos equipos e ás aplicacións e programas requiridos para o seu uso. Así mesmo, débese considerar o papel que asumen na actualidade as tecnoloxías da comunicación e a súa implicación na sociedade. Por iso, considérase fundamental abordar as funcionalidades da internet, os elementos de distintos sistemas de comunicación e a incorporación das novas tecnoloxías relativas á dixitalización e conexión de obxectos (IoT).
OBX2. Configurar a contorna persoal de aprendizaxe interactuando e aproveitando os recursos do ámbito dixital para optimizar e xestionar a aprendizaxe permanente.
• A presenza de elementos tecnolóxicos e medios dixitais nas nosas vidas é un feito que, progresivamente, adquire maior transcendencia. Por iso, co fin de optimizar e garantir unha aprendizaxe permanente en contextos formais, non formais e informais, faise necesaria a integración de recursos dixitais no proceso formativo do alumnado, así como a xestión adecuada da contorna persoal de aprendizaxe (*Personal Learning Environment, PLE*). • O obxectivo abrangue aspectos relacionados co aproveitamento apropiado das estratexias de procura e tratamento de información, así como coa xeración de novo coñecemento mediante a edición, programación e desenvolvemento de contidos empregando aplicacións dixitais, de modo que o alumnado poida desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan na súa vida persoal, académica e profesional, respectando os dereitos da propiedade intelectual e as licenzas de uso e posibilitando a súa aprendizaxe permanente. Así mesmo, abórdanse as posibilidades que achegan as ferramentas para a comunicación e para o traballo colaborativo, permitindo compartir e difundir experiencias, ideas e información de distinta natureza facendo uso da etiqueta dixital. • O pensamento computacional permite mellorar as destrezas para enfrontarse e resolver problemas, así como crear novas aplicacións e ferramentas para incorporar á contorna persoal de aprendizaxe e mellorar a aprendizaxe permanente.
OBX3. Desenvolver hábitos que fomenten o benestar dixital aplicando medidas preventivas e correctivas para protexer dispositivos, datos persoais e a propia saúde.
• O obxectivo fai referencia ás medidas de seguridade que deben adoptarse para coidar os dispositivos, os datos persoais e a saúde individual. A estreita interacción que se adoita realizar coa tecnoloxía e cos dispositivos aumenta a exposición a riscos, ameazas e ataques. Por iso, o alumnado debe adquirir hábitos que lle permitan preservar e coidar o seu benestar e a súa identidade dixital, aprendendo a protexerse ante posibles ameazas que supoñan un risco para a saúde física e mental e adquirindo pautas adecuadas de resposta, elixindo a mellor opción e avaliando o benestar individual e colectivo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este obxectivo engloba, pois, tanto aspectos técnicos relativos á configuración de dispositivos como os relacionados coa protección dos datos persoais. Tamén incide na xestión eficaz da identidade dixital do alumnado, orientada ao coidado da súa presenza na rede, prestando atención á imaxe que se proxecta e ao rastro que se deixa na rede. Así mesmo, abórdase o tema do benestar persoal ante posibles ameazas externas no contexto de problemas como o ciberacoso, a sextorsión, a dependencia tecnolóxica, o acceso a contidos inadecuados como a pornografía ou o abuso no xogo.
OBX4. Exercer unha cidadanía dixital crítica coñecendo as posibles accións que se realizan na rede, identificando as súas repercusións para facer un uso activo, responsable e ético da tecnoloxía.
• O obxectivo fai referencia ao coñecemento das posibles accións que se poden realizar para o exercicio dunha cidadanía activa na rede, mediante a participación proactiva en actividades en liña. O uso estendido das xestións realizadas con tecnoloxías dixitais implica que cada vez máis servizos públicos e privados demanden que a cidadanía interactúe en medios dixitais, polo que é necesario o coñecemento destas xestións para garantir o correcto aproveitamento da tecnoloxía e para concienciar o alumnado da fenda social de acceso e uso para diversos colectivos e do impacto ecosocial destas. • Neste curso de educación secundaria, este obxectivo engloba aspectos de interacción con usuarios e de contido na rede, de forma que se traballan tanto o trato correcto ao internauta como o respecto ás accións que outras persoas realizan e á autoría dos materiais alleos. Aborda tamén as xestións administrativas telemáticas, as accións comerciais electrónicas e o activismo en liña. Así mesmo, fai que o alumnado reflexione sobre as tecnoloxías emerxentes e o uso ético dos datos que xestionan estas tecnoloxías, todo iso para educar as usuarias e usuarios dixitais activos, pero sobre todo críticos no uso da tecnoloxía.

3.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Dixitalización 4º curso	
Bloque 1. Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Conectar dispositivos e xestionar redes locais aplicando os coñecementos e procesos asociados a sistemas de comunicación con e sen fíos con autonomía e dun xeito activo.	OBX 1
• CA1.2. Instalar e manter sistemas operativos configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	OBX 1
• CA1.3. Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos analizando compoñentes e funcións dos dispositivos dixitais, avaliando as solucións de maneira crítica e, en caso necesario, reformulando o procedemento.	OBX 1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Arquitectura de ordenadores: elementos, montaxe, configuración e resolución de problemas sinxelos. • Sistemas operativos: instalación e configuración de usuario. Instalación de software de uso habitual para a creación de contidos e a xestión de arquivos. • Sistemas operativos: operacións básicas de organización e almacenamento da información. • Sistemas de comunicación e internet: dispositivos de rede e funcionamento. Procedemento de configuración dunha rede doméstica e conexión de dispositivos. • Dispositivos conectados (IoT+ Wearables): configuración e conexión de dispositivos.

Bloque 2. Creación e edición de información e contidos dixitais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Xestionar a aprendizaxe no ámbito dixital configurando a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	OBX 2
• CA2.2. Buscar, seleccionar e arquivar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico e seguindo normas básicas de seguridade na rede.	OBX 2
• CA2.3. Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.	OBX 2
• CA2.4. Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	OBX 2

Contidos
• Procura e selección e arquivamento de información. • Creación, maquetaxe e publicación de textos. • Tratamento da información: creación de informes e gráficos derivados do tratamento de datos con follas de cálculo e bases de datos. • Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de son e de vídeo e conversión a outros formatos. • Comunicación de información e contidos dixitais. Presentacións dixitais e infografías en diferentes plataformas dixitais. • Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede. • Utilización da realidade virtual, aumentada e mixta. • Publicación e difusión responsable en redes.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Pensamento computacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender o fundamento básico dos algoritmos de intelixencia artificial, valorando a importancia de facer un uso ético do tratamento da información na elaboración de aplicacións.	OBX 2
• CA3.2. Desenvolver e programar aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles ou web, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	OBX 2
Contidos	
• Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. • Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. • Uso de datos. Constantes, variables e estruturas de datos. • Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles e/ou webs. • Introdución á intelixencia artificial. Creación de aplicacións prácticas da IA. • Ética no desenvolvemento de aplicacións: nesgo algorítmico, obsolescencia programada.	
Bloque 4. Seguridade e benestar dixital.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada na internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	OBX 3
• CA4.2. Configurar e actualizar contrasinais, sistemas operativos e antivirus de forma periódica nos distintos dispositivos dixitais de uso habitual.	OBX 3
• CA4.3. Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións, desenvolvendo prácticas saudables e seguras e valorando o benestar físico e mental, tanto persoal como colectivo.	OBX 3
Contidos	
• Seguridade de dispositivos: accións de configuración específicas. Contrasinais e aplicacións relacionadas, medidas preventivas e correctivas para facer fronte a riscos, ameazas e ataques a dispositivos. • Seguridade e protección de datos: identidade, reputación dixital, privacidade e pegada dixital. Medidas preventivas na configuración nas redes sociais e na xestión de identidades virtuais. • Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que se han adoptar fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta e prácticas de uso saudable. Situacións de violencia e de risco na rede (ciberacoso, sextorsión, acceso a contidos inadecuados, dependencia tecnolóxica...).	
Bloque 5. Cidadanía dixital crítica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade e as licenzas de uso e propiedade intelectual na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	OBX 4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Recoñecer as achegas das tecnoloxías dixitais nas xestións administrativas e no comercio electrónico, sendo consciente da fenda social de acceso, uso e aproveitamento das devanditas tecnoloxías para diversos colectivos.	OBX 4
• CA5.3. Valorar a importancia da oportunidade, facilidade e liberdade de expresión que supoñen os medios dixitais conectados, analizando de forma crítica as mensaxes que se reciben e transmiten tendo en consideración a súa obxectividade, ideoloxía, intencionalidade, nesgos e caducidade.	OBX 4
• CA5.4 Analizar a necesidade e os beneficios globais dun uso e desenvolvemento ecosociable responsable das tecnoloxías dixitais, tendo en conta criterios de accesibilidade, sostibilidade e impacto.	OBX 4
Contidos	
• Interacción na rede: liberdade de expresión, etiqueta dixital, propiedade intelectual e licenzas de uso. Formas de licenciar unha obra ou un contido. • Educación mediática: xornalismo dixital, blogosfera, estratexias comunicativas e uso crítico da rede. Ferramentas para detectar noticias falsas e fraudes. • Xestións administrativas: servizos públicos en liña, rexistros dixitais e certificados oficiais. • Comercio electrónico: facturas dixitais, formas de pagamento e criptomoedas. • Ética no uso de datos e ferramentas dixitais: intelixencia artificial, nesgos algorítmicos e ideolóxicos, soberanía tecnolóxica e dixitalización sostible. • Activismo en liña: plataformas de iniciativa cidadá, cibervoluntariado e comunidades de hardware e software libres.	

3.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Dixitalización desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Relación entre os obxectivos da materia de Dixitalización e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2	4-5	1-5		3	
OBX2				1-2-3-5	1-4-5		3	
OBX3	3		5	1-4	2-5	2-3		
OBX4				3-4	1	1-2-3-4	1	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso de metodoloxías activas con traballos prácticos para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotiá, proporcionándolle ao alumnado autonomía á hora de establecer a súa contorna dixital e recursos para solucionar os posibles problemas que se presenten.

– A realización de proxectos creativos que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

– A utilización de ferramentas dixitais colaborativas potenciando as grandes posibilidades que o mundo dixital proporciona para o traballo en grupo, fomentando actitudes participativas e de respecto.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A difusión dos contidos dixitais creados tanto en espazos virtuais de comunicación como en plataformas de aprendizaxe colaborativa, promovendo a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

– O bloque «Pensamento computacional» desenvolverase a partir de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións que resolvan problemas, afondando no coñecemento do pensamento computacional e introducindo mesmo a intelixencia artificial para comprender mellor a realidade actual.

– A incorporación de forma transversal do bloque «Seguridade e benestar dixital» farase ao longo dos proxectos e das actividades de todo o curso, permitindo recoñecer, prever e pór solución aos riscos e problemas de seguridade propios da sociedade dixital desde o punto de vista dos dispositivos, dos datos e da propia integridade persoal.

– A integración do bloque «Cidadanía dixital crítica» farase de xeito transversal e continuado na realización dos proxectos e actividades do curso para que o alumnado se comporte no mundo dixital con actitude ética, responsable e crítica; potenciar a reflexión entendendo e respectando a diversidade sen prexuízo de ideoloxía, sexo, relixión etc.

4. Economía e Emprendemento.

4.1. Introdución.

A economía está presente en todos os aspectos da vida, de aí a importancia de que o alumnado adquira coñecementos económicos e financeiros que lle permitan estar informado, desenvolver un pensamento crítico e realizar unha adecuada xestión dos recursos individuais e colectivos, o que contribuirá a fomentar a mellora na súa calidade de vida, o progreso e o benestar social.

Na actualidade, a economía e as finanzas, ademais de dar a coñecer os elementos e as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias que derivan das decisións financeiras, proxectan valores relacionados con, entre outros, a solidariedade entre as persoas, a importancia da sostibilidade ou a xestión responsable dos recursos e da desigualdade. Neste sentido, desempeña un papel importante a presenza da persoa emprendedora, que integra, por unha banda, unha formación económica e financeira e, por outra, unha visión que a anima a buscar oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades detectadas na contorna, desenvolvendo estratexias para levar esas ideas á acción. Así, xera valor para os demais e innova e contribúe a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A finalidade educativa da materia Economía e Emprendemento está en consonancia coa Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Nelas inclúese a necesidade de introducir na educación ferramentas que permitan lograr que o aprendido se poida aplicar en tempo real e que xere novas ideas, novas teorías, novos produtos e novos coñecementos.

O currículo desta materia deséñase coa vista posta nos obxectivos fixados para a etapa de ensino secundario obrigatorio, contribuíndo a desenvolver no alumnado «o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación e o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades».

Desenvólvese a partir de aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado e está organizado ao redor duns obxectivos que tratan de:

1) Promover ese espírito proactivo, que ha de cristalizar nunha cultura de emprendemento persoal, social e empresarial máis áxil e innovadora. Para iso, é necesario que o alumnado realice unha análise precisa de si mesmo e, con base neste autocoñecemento, adquira formación e desenvolva habilidades persoais e sociais, así como estratexias necesarias para afrontar retos, xestionar a incerteza e tomar decisións adecuadas para levar o proxecto á realidade.

2) Comprender que a persoa emprendedora debe abrirse camiño nun contexto global cuxos elementos se relacionan entre si. Isto require explorar a contorna, analizando distintos ámbitos, entre outros, o social, o ambiental, o cultural, o artístico, o tecnolóxico e o empresarial, desde unha perspectiva económica, para identificar necesidades e oportunidades que poidan xurdir, atopar os recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais necesarios e aplicalos á realización dun proxecto persoal ou profesional con visión emprendedora.

3) Transferir as aprendizaxes a un plano práctico desenvolvendo un proxecto que abarque todo o proceso, desde a ideación ata a elaboración do prototipo final e a presentación deste na contorna, entendendo que o prototipo pode ser calquera resultado (un ben, un servizo ou un produto) que supoña unha solución innovadora e de valor.

Existe unha vinculación directa entre os obxectivos desta materia e os principios pedagóxicos da educación primaria, continuando nos tres primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, no desenvolvemento das competencias clave e, de forma parti-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

cular, da competencia emprendedora e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Ambas compleméntanse achegando elementos que permiten definir o carácter da persoa emprendedora favorecendo, por unha banda, a adquisición de coñecementos relacionados coa planificación, xestión e execución de proxectos emprendedores e, por outra, potenciando o desenvolvemento de destrezas e actitudes para afrontar a incerteza, xestionar os conflitos, reflexionar de forma crítica, adoptar decisións éticas, colaborar en equipo e negociar.

Economía e Emprendemento está exposta como materia opcional en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado conte cunha educación económica e financeira para desenvolverse, asumir riscos de maneira responsable na súa vida cotiá e xestionar e levar á acción de maneira viable proxectos vitais, profesionais e empresariais, se así o desexa; por outra, que o alumnado busque solucións innovadoras e valiosas para afrontar os retos propostos, a través de estratexias de xestión do coñecemento, do autocoñecemento e da colaboración cos demais.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos da materia, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades do ámbito persoal, social e académico cunha futura proxección profesional.

Os contidos que contribúen a adquirir os obxectivos da materia organízanse en catro bloques. O primeiro relaciónase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais e estratexias de xestión para facer fronte a contextos cambiantes e incertos nos que emprender. O segundo lígase á análise das distintas contornas –económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística–, así como ao desenvolvemento de estratexias de exploración destas que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan nelas, facéndoo consciente de que a contorna vai condicionar a realización dos seus proxectos persoais e profesionais. O terceiro vincúlase á captación e xestión de recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se leve á realidade. Deste xeito, abórdanse cuestións como fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento áxil dos equipos de traballo. O cuarto e último bloque trata de dar a coñecer o método de realización dun proxecto emprendedor desde a fase de ideación ata as de execución e validación do prototipo final. Neste proceso, familiarizarase o alumnado coas metodoloxías áxiles que podería utilizar na aula á hora de realizar o seu propio proxecto innovador.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A implementación da materia terá un enfoque teórico-práctico, coa aplicación dos conceptos ao proxecto empresarial.

4.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.
• O autocoñecemento permítelle á persoa traballar en diferentes ámbitos: indagar nas súas aspiracións, necesidades e desexos persoais; descubrir as súas aptitudes; distinguir as súas intelixencias e, así, reflexionar sobre as súas fortalezas e debilidades e aprender a valoralas como fonte de crecemento persoal; recoñecer e xestionar emocións para adaptarse a contextos cambiantes e globalizados e a situacións de incerteza que poidan xerar un conflito cognitivo e emocional, co obxectivo de poñer en marcha e de levar a cabo un proxecto persoal único que garanta novas oportunidades en todos os ámbitos e situacións da vida (persoais, sociais, académicas e profesionais). • É importante afrontar o proxecto cunha actitude emprendedora, resolutiva, áxil, innovadora, sostible e creativa que permita a adaptación a distintas contornas e comprender a importancia de desenvolver o hábito de actuar con creatividade, tanto individual como colectivamente, mediante o adestramento da capacidade creadora aplicándoa a diferentes escenarios para lograr avances persoais, sociais, culturais, artísticos e económicos de valor.
OBX2. Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.
• Recoñecer e valorar trazos característicos e calidades persoais propias e dos demais resulta indispensable para afrontar con éxito un proxecto. Unha correcta identificación das potencialidades das persoas permite a constitución dun equipo de traballo equilibrado, eficaz, cooperativo, motivado e responsable que compense as debilidades duns e potencie as fortalezas dun e dos outros, adecuándose así ás necesidades do proxecto que se pretende abordar. Requírese a posta en marcha de diferentes estratexias para constituír os equipos de traballo, definindo obxectivos, normas, roles e responsabilidades de maneira equitativa e favorecendo a diversidade entre os seus integrantes. Así, conséguense equipos multidimensionais, inclusivos, capaces de xerar, a través do diálogo, unha intelixencia colectiva que lles permita funcionar con autonomía e contribuír á innovación áxil. • Un correcto desenvolvemento e uso das habilidades sociais, como a empatía, a asertividade, a negociación, o liderado e o respecto cara aos intereses, eleccións e ideas dos demais, así como o coñecemento de distintas linguas e o uso de habilidades de comunicación, facilitan unha visión compartida entre os membros do equipo, a creación dun bo clima de traballo e a construción de vínculos de cooperación que redunden no crecemento persoal e colectivo e intensifiquen valores de respecto, tolerancia e equidade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX3. Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles como o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.

• Para afrontar os desafíos actuais resulta imprescindible dotar as persoas das ferramentas necesarias para que, con iniciativa e desde unha visión emprendedora, busquen, promovan e desenvolvan eficazmente ideas e solucións innovadoras e sostibles a problemas e necesidades da súa contorna que dean resposta a retos no eido local que poderían trasladarse a contextos máis amplos, mesmo globais. Para lograr isto, é fundamental adestrar a xeración de ideas e sometelas a procesos de validación a través do uso de metodoloxías áxiles, tanto individuais como de equipo, analizando o impacto que a materialización desas ideas pode provocar nos distintos ámbitos e contextos vitais e sectoriais.

• Este proceso de procura de respostas aos desafíos actuais está inevitablemente ligado aos valores sociais e persoais. É por iso que no proceso de ideación e deseño das ideas e solucións é necesario ter presentes os obxectivos de desenvolvemento sostible e actuar desde principios éticos considerando a perspectiva de xénero. Isto implica coñecer e tomar conciencia das distintas realidades e valorar as oportunidades do noso mundo e da nosa sociedade cunha actitude proactiva e comprometida co seu coidado, protección e preservación.

OBX4. Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.

• Dentro do proceso que supón transformar as ideas en prototipos de valor, é obrigado establecer unha fase dirixida a conseguir e a xestionar os recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles, reunindo e seleccionando aqueles que de maneira ética, eficiente e sostible poidan facer realidade unha idea ou unha solución emprendedora. Esta perspectiva de considerar a mobilización e a optimización dos recursos como parte do plan de acción require, ademais, facelo desde formulacións éticas e ofrecendo deste xeito un modelo de boas prácticas que impacte positivamente na contorna cara á que vai dirixida a idea. A ética subxace desde os momentos iniciais do proceso creador nas iniciativas que se emprenden, orientadas ao desenvolvemento sostible e ao benestar para todas e todos. De igual modo, impregna a protección das ideas e das solucións, o que require dun coñecemento específico para garantir o respecto ás creacións dos demais e os dereitos sobre as ideas e solucións propias.

• Doutra banda, poñer en marcha unha idea viable supón asumir o reto con responsabilidade e que a persoa emprendedora e os equipos posúan coñecementos económicos, financeiros, legais e técnicos entendidos tamén como recursos propios adquiridos a través da formación que os orienten na procura de financiamento e no uso de ferramentas dixitais que dean difusión e proxección ás ideas e solucións no proceso de realización destas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX5. Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.

• O mundo global e complexo en que vivimos exixe formación para mellorar a competencia comunicativa das persoas. É importante entender que as estratexias de comunicación son elementos que cobran especial importancia para que unha persoa emprendedora interactúe con outras de maneira efectiva e positiva. Compartir os coñecementos e as experiencias cos demais permite idear solucións contrastadas e innovadoras, motivar, convencer, tomar decisións e xerar oportunidades. Neste sentido, a utilización de estratexias de comunicación áxil facilita a tarefa de explicar unha idea orixinal, transmitindo con claridade e rapidez os seus puntos fortes e débiles. Así mesmo, permite que os equipos compartan as ideas creativas xeradas e que se validen ou descarten con rapidez e se tomen decisións sobre as solucións que finalmente se elixan para afrontar os retos propostos.

• Doutra banda, tamén é necesario que as persoas adquiran as ferramentas para presentar e expoñer na contorna, de maneira clara, atractiva e convincente, a idea ou a solución que se vai desenvolver no proxecto emprendedor, co obxecto de reunir os recursos necesarios para levala a cabo ou para difundila.

OBX6. Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.

• Actualmente, coñecer e comprender desde un enfoque económico a contorna e a sociedade é fundamental. Nestes contextos é onde xorden as necesidades e as oportunidades ás que hai que atender ofrecendo solucións realistas, eficientes e sostibles que dean resposta aos novos retos que se expoñen.

• Existen catro elementos que deben ser abordados. O primeiro alude ao problema económico que condiciona a toma de decisións das persoas en función do grao de escaseza percibido para cubrir as necesidades individuais e colectivas. Diso deriva a importancia de saber interpretar indicadores e aprender a atopar tendencias nos mercados e na propia sociedade desde un punto de vista económico. O segundo refírese á necesidade de adquirir unha educación financeira que achegue os coñecementos necesarios para guiar as decisións persoais de maneira responsable e que axude na obtención de recursos para emprender. O terceiro refírese á análise da contorna económica e social desde un punto de vista tanto macroeconómico como microeconómico. Esta comprensión é o punto de partida para detectar necesidades non cubertas e xerar ideas innovadoras que dean solución aos retos actuais, de maneira eficaz, equitativa e sostible. E, por último, a posta en marcha dun proxecto emprendedor implica situalo dentro do seu contexto económico, que, en gran parte, vai determinar a súa viabilidade para prever se a contorna e o sector obxecto da iniciativa concreta son favorables.

OBX7. Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados como para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.

• O obxecto dun proxecto emprendedor é a solución innovadora convertida nun prototipo final, nun ben ou servizo que se utiliza na contorna a que vai dirixido.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este prototipo final é o resultado dun proceso construtivo que se leva a cabo de maneira cooperativa e implica o paso por distintas fases que han de ser avaliadas de maneira continua cunha actitude crítica e ética. Así, no proceso creativo de ideación expóñense hipóteses de solución que deben transformarse en aprendizaxes validadas. Para iso recórrese á construción de prototipos como unha representación tanxible da solución ou da parte da solución que queremos validar. Tras a elección do prototipo deséñase, xestiónase e execútase este, para o que é necesario coñecer e saber elixir as estratexias de xestión dos recursos, o modelo organizativo ou de negocio, o plan de execución, así como as técnicas e ferramentas de prototipado. É preciso aprender a tomar decisións adecuadas e con progresiva autonomía para levar a cabo o proxecto de forma viable e sostible, considerando que o verdadeiramente importante é a aprendizaxe validada. Para avaliar e testar prototipos xa xerados é fundamental coñecer metodoloxías, técnicas e ferramentas, de modo que se produza o desenvolvemento áxil, iterativo e incremental do prototipo final. Isto exixe programar períodos de traballo curtos nos que se poidan comprobar as aprendizaxes experimentadas e validadas e ofrecer solucións óptimas e sostibles en contornas cambiantes.

4.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Economía e Emprendemento 4º curso	
Bloque 1. O perfil da persoa emprendedora, iniciativa e creatividade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	OBX1
• CA1.2. Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	OBX1
• CA1.3. Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	OBX1
• CA1.4. Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	OBX2
• CA1.5. Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	OBX3
• CA1.6. Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	OBX3
• CA1.7. Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	OBX5
• CA1.8. Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A importancia económica e social da persoa emprendedora. • O perfil da persoa emprendedora: habilidades. – Autoconfianza, autocoñecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. – Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. – Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil. – Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo. – Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.

Bloque 2. A contorna como fonte de ideas e de oportunidades	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	OBX1
• CA2.2. Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	OBX1
• CA2.3. Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	OBX3
• CA2.4. Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	OBX3
• CA2.5. Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	OBX6
• CA2.6. Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	OBX6

Contidos
• A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións. • A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. • O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. • O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• O sistema financeiro.

• A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.

• O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e o desenvolvemento local.

• Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

• A visión emprendedora.

Bloque 3. Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1.Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	OBX2
• CA3.2. Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva.	OBX2
• CA3.3. Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	OBX4
• CA3.4. Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	OBX4
• CA3.5. Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	OBX5
• CA3.6. Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	OBX6
Contidos	

• Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.

• Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

• As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos financeiros. A xestión do risco financeiro e os seguros.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 4. A realización do proxecto emprendedor	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando progresivamente o control consciente das emocións.	OBX1
• CA4.2. Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	OBX3
• CA4.3. Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	OBX4
• CA4.4. Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	OBX4
• CA4.5. Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	OBX5
• CA4.6. Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	OBX6
• CA4.7. Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	OBX6
• CA4.8. Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible en distintos contextos, aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	OBX6
• CA4.9. Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	OBX7
Contidos	
• O reto ou o desafío como obxectivo. • Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. • Desenvolvemento áxil do produto. • Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. • Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. • Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. • Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. • Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. • O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigas dos consumidores.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

4.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Economía e Emprendemento desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Economía e Emprendemento e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1					1	1	2	3
OBX2	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3			3			4	1-2-3	3
OBX4			3	2			1-2	
OBX5	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6						1	1-2-3	
OBX7			3	5	3-5		2-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Un enfoque da materia teórico-práctico aplicando os saberes ao desenvolvemento dun proxecto emprendedor en cada unha das súas fases e tendo en conta a igualdade no emprego e nas relacións laborais.

– Unhas aprendizaxes que partan desde a acción e que se constrúan enfocadas a esta.

– Un prototipo que sexa o eixe da materia e no que a alumna ou o alumno realizará a ideación, a xestión de recursos, a validación e a toma de decisións desde unha perspectiva emprendedora.

– Un sistema de traballo que fomente a cultura creativa, colaborativa e de participación dirixida a crear valor para os demais.

5. Educación Dixital.

5.1. Introdución.

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a constante renovación que lle son propias dotan esta materia dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

A contribución desta materia ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en gran medida do tipo de actividades, é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais na internet.

A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das ferramentas dixitais para procurar e almacenar información, obter e presentar datos, simular sistemas, así como na elaboración de programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cidadá alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, reflexionando sobre a súa pegada dixital e analizando a interacción entre o desenvolvemento da dixitalización e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos.

A conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos da dixitalización en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

En resumo, esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

A materia de Educación Dixital trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios no ámbito dixital. Deste xeito, estrutúrase en catro bloques: «Dispositivos dixitais e sistemas operativos», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional» e «Ética e seguridade dixital», os cales tratan aspectos moi relacionados entre si, que son necesarios para que o alumnado poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal.

O bloque de «Dispositivos dixitais e sistemas operativos» afonda en aspectos de configuración básica e organización da información nos diferentes dispositivos dixitais cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións, así como outros dispositivos hoxe imprescindibles (teléfonos intelixentes, tabletas…). Tamén aborda as posibilidades de conectividade das ferramentas dixitais para a xestión da información e a comunicación na rede.

O bloque de «Creación e edición de información e contidos dixitais» trata os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos. Incídese na importancia das ferramentas que permitan o traballo colaborativo na rede. Preténdese utilizar unha metodoloxía práctica que permita a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que permitan a creación e reutilización de contidos dixitais, mantendo unha actitude crítica coa información e de respecto cos dereitos de autor e a propiedade intelectual. Finalmente, búscase a obtención de habilidades para comunicar e publicar os contidos creados cunha actitude de participación e respecto.

O bloque «Pensamento computacional» afonda no proceso de resolución de problemas cotiáns mediante o uso dos conceptos fundamentais da programación, para deseñar programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real e que, ao tempo, poidan ser usados no mundo da internet. Preténdese, polo tanto, que o alumnado mellore a súa competencia á hora de desenvolver aplicacións para resolver problemas, desde unha actitude emprendedora, creativa e ética.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Finalmente, o bloque «Ética e seguridade dixital» introduce o alumnado na importancia da competencia dixital na sociedade actual. Busca que o alumnado coñeza e poña en práctica medidas preventivas para facerlles fronte aos posibles riscos e ameazas aos que os dispositivos, os datos e as persoas están expostos nun mundo en que se interactúa constantemente en contornas dixitais. Pon especial énfase en facer consciente o alumnado da importancia de coidar a identidade, a reputación, a privacidade dos datos e a pegada dixital que se deixa na rede. Abordaranse, polo tanto, problemas como o ciberacoso, a suplantación de identidades, os contidos inadecuados e o abuso nos tempos do uso das tecnoloxías, asuntos, todos eles, que poden supoñer ameazas para o benestar psicolóxico do alumnado. Trátase, en fin, dun bloque de natureza eminentemente actitudinal dirixido a promover estratexias que lle permitan ao alumnado tomar conciencia desta realidade e xerar actitudes de prevención e protección, á vez que promover o respecto polos demais.

5.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.
• Este obxectivo fai referencia ao uso e xestión dos dispositivos dixitais máis habituais, así como ás contornas dixitais en rede. Isto implica que o alumnado adquira habilidades relativas ao seu mantemento e configuración para poder xestionar e organizar a súa contorna persoal e a información dun xeito eficaz e produtivo garantindo o correcto aproveitamento das tecnoloxías dixitais.
OBX2. Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.
• Debido a que os medios dixitais están cada vez máis presentes nas nosas vidas e que a información se atopa practicamente sempre en formato dixital, cómpre que o alumando adquira as competencias necesarias para producir e deseñar información de diversa índole en formato dixital, así como a xestión de datos, para así poder publicala e difundila en concordancia cos medios de que se dispón actualmente. • Así, ao abordar as posibilidades que nos ofrecen as ferramentas dixitais de comunicación, favorécese a creatividade, o espírito de innovación, o traballo colaborativo, sempre tendo presente un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.
OBX3. Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.
• Este obxectivo fai referencia á aplicación dos principios do pensamento computacional tanto no proceso creativo como na resolución de problemas. Implica a posta en marcha de procesos ordenados que inclúen a descomposición do problema proxectado, a estruturación da información, a modelización do problema, a secuenciación do proceso e o deseño de algoritmos para aplicalos nun programa informático.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este obxectivo está enfocado ao deseño de aplicacións informáticas e á automatización dun proceso ou so desenvolvemento dun sistema de control, sempre tendo presente o traballo colaborativo, unha actitude emprendedora con carácter responsable e respectando a ética dixital.
OBX4. Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e da comunicación dixital.
• A continua interacción que se realiza coa tecnoloxía e cos dispositivos aumenta a exposición a riscos, ameazas e ataques. Por iso, o alumnado debe adquirir hábitos que lle permitan preservar e coidar o seu benestar e a súa identidade dixital, aprendendo a protexerse ante posibles ameazas, elixindo a mellor opción e avaliando o benestar individual e colectivo. • Este obxectivo engloba tanto aspectos técnicos relativos á configuración de dispositivos, como os relacionados coa protección dos datos persoais. Incide na xestión eficaz da pegada dixital do alumnado, na que se teña en conta a imaxe que se proxecta e o rastro que se deixa na rede. Tamén se aborda o tema do benestar persoal ante posibles ameazas e riscos no contexto de problemas como o ciberacoso, a dependencia tecnolóxica ou o abuso no xogo.

5.3. Criterios de avaliación e contidos.

3º curso.

Materia de Educación Dixital 3º curso	
Bloque 1. Dispositivos dixitais e sistemas operativos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	OBX1
• CA1.2. Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	OBX1
• CA1.3. Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	OBX1
Contidos	
• Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración. • Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. • Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.	
Bloque 2. Creación e edición de información e contidos dixitais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	OBX2
Contidos	
• Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. • Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. • Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. • Tratamento básico da imaxe dixital. • Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. • Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede.	
Bloque 3. Pensamento computacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	OBX3
• CA3.2. Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	OBX3
Contidos	
• Utilización de estruturas básicas de programación. • Uso de datos. Constantes e variables. • Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.	
Bloque 4. Ética e seguridade dixital	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada na internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	OBX4
• CA4.2. Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	OBX4
• CA4.3. Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	OBX4
• CA4.4.Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.
• Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.
• Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na rede.
• Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

5.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Educación Dixital desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Educación Dixital e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1				2			3	
OBX2	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3				5	5			
OBX4	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero, mediante a realización de tarefas prácticas ou mediante retos aos cales o alumnado ten que atoparlles unha solución.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina e reducindo a fenda dixital e de xénero en condicións de igualdade ao longo de toda a etapa.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, aproveitando os recursos dixitais de xeito que favorezan a aprendizaxe persoal dese alumnado.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso de metodoloxías activas con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián.

– O uso de métodos procedementais no desenvolvemento de proxectos que integren varios bloques de contidos e que conduzan á adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes dixitais por parte do alumnado.

– A realización de proxectos creativos que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

– O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondando no coñecemento do pensamento computacional.

– A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovendo a liberdade de expresión, o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

– O uso responsable, seguro e ético das tecnoloxías dixitais para aprender ao longo da vida e reflexionar de forma crítica sobre a sociedade dixital para afrontar situacións e problemas actuais atendendo á diversidade e sen prexuízos de diferentes razas, linguas, sexos, ideas políticas, relixións etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

6. Educación en Valores Cívicos e Éticos.

6.1. Introdución.

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de afondamento e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os cales se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autocoñecemento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

En canto aos criterios de avaliación, estes formúlanse en relación directa con cada un dos catro obxectivos da materia e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da súa adquisición. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos da aprendizaxe, o cal exixe o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia distribúense en tres bloques. No primeiro deles, denominado «Autocoñecemento e autonomía moral», trátase de invitar o alumnado a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e diferencia como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación exixe, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión sobre os valores, principios e normas que orientan as nosas accións como persoas e cidadáns. Pola súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou a influencia dos medios e redes de comunicación.

No segundo dos bloques, denominado «Sociedade, xustiza e democracia», preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais a que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Logo desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática etc.), así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos na contorna escolar e cotiá do alumnado.

Para rematar, no terceiro bloque, denominado «Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento sis-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

témico, unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodependencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna.

6.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.
• O exercicio de autocoñecemento, a través da comprensión de diversas concepcións científicas e filosóficas sobre o ser humano, constitúe un dos primeiros requirimentos que nos dirixe o pensamento ético. O propósito fundamental desta tarefa é que o alumnado tome consciencia das calidades e dimensións que caracterizan o ser humano como ser dotado de racionalidade, volición e afectos, de acordo coa súa natureza e coas circunstancias sociais, históricas e culturais que a posibilitan e condicionan. Esta investigación ao redor da esencia do humano desemboca na pregunta da alumna ou alumno sobre a súa propia entidade como persoa, cuestión determinante, sen lugar a dúbidas, para o desenvolvemento psicolóxico e moral dun adolescente, e culmina na interrogación sobre o seu rol social como individuo no marco, sempre problemático, da vida comunitaria e das relacións coa contorna. O obxectivo último é que o alumnado aprenda a construír libre e criticamente, desde o coñecemento e o uso adecuado dos conceptos e procedementos fundamentais do saber ético, aqueles xuízos de valor dos que depende o seu proxecto vital e o logro dos seus propósitos persoais e profesionais. A educación cívica e ética compele, así, ante todo, a asumir a condición inacabada e libre da existencia humana e, por iso, á conveniencia de orientala cara ao seu completo desenvolvemento a partir da definición, por parte do propio alumnado, daqueles fins e valores que cualifican o seu proxecto persoal como desexable e digno.
OBX2. Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.
• A adopción de normas e valores cívicos e éticos supón, en primeiro lugar, o recoñecemento da nosa natureza histórica e social, así como unha reflexión arredor da natureza do ético e do político mesmo. En segundo lugar, cómpre atender á condición das alumnas e alumnos como cidadás e cidadáns dun Estado democrático social e de dereito, integrado no proxecto comunitario europeo e comprometido con principios e valores constitucionais, así como co referente moral que son os dereitos humanos. Este coñecemento crítico do seu contexto social e político promoverá no alumnado unha adecuada consciencia da relevancia do seu papel para afrontar os problemas éticos máis urxentes do presente mediante o uso das ferramentas conceptuais e procedementais adecuadas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A práctica dunha cidadanía activa comeza en gran medida ao redor da vida escolar; por iso é tan importante identificar e resolver problemas éticos, así como implementar normas, valores e procedementos democráticos en todas aquelas actividades educativas, físicas ou virtuais, que se dispoñan na aula e fóra dela. É necesario subliñar aquí a importancia de fundamentar e suscitar o respecto debido a aqueles principios e valores que constitúen o noso marco cívico e ético de referencia, tales como a solidariedade, a interculturalidade, o respecto polas minorías e a efectiva igualdade e corresponsabilidade entre homes e mulleres, ademais de promover entre o alumnado o coidado do patrimonio cultural e natural, o coñecemento dos fundamentos e acontecementos que conforman a nosa memoria democrática, o voluntariado e o asociacionismo, así como a ponderación do valor e importancia social dos impostos e da contribución do Estado, as súas institucións e outros organismos internacionais e sociais, o fomento da paz, a seguridade integral, a atención ás vítimas da violencia, a defensa para a paz e a cooperación internacional.

OBX3. Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.

• O coñecemento das relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión que as nosas formas de vida gardan entre si e con respecto á contorna representa un paso previo ao compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta. Este coñecemento pode darse, primeiro, a través da análise crítica de diversas concepcións que os seres humanos sostiveron e sosteñen sobre a súa relación coa natureza, así como das consecuencias que cada unha destas concepcións tivo e ten con respecto a unha existencia sustentable. En segundo lugar, este coñecemento rematará de construírse ao fío da análise e do diálogo ao redor das diversas formulacións éticas e ecolóxicas desde as que, máis aló de consideracións puramente instrumentais e antropocéntricas, cabe afrontar hoxe os graves retos e problemas ecosociais. Por outro lado, mostrar unha actitude comprometida co respecto e o coidado da contorna implica o desenvolvemento entre o alumnado de hábitos e accións cotiás que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos pola ONU. Entre estas accións están as referidas ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos básicos, a mobilidade segura, saudable e sustentable, o compromiso ético e cívico coas leis ambientais, a promoción do consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, o servizo á comunidade e a protección dos animais.

OBX4. Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.

• O recoñecemento e a expresión dunha serie adecuada de actitudes afectivas, tanto o autorrespecto como o respecto ás e aos demais e á natureza, constitúen a finalidade principal da educación emocional, algo imprescindible para formar persoas equilibradas e capaces de manter relacións plenas e satisfactorias coas e cos demais e coa súa contorna. Para iso, o alumnado aprenderá a recoñecer, interpretar, valorar e xestionar adecuadamente o complexo campo das emocións e sentimentos, desde os máis básicos aos máis complexos, e tanto aqueles que presentan un carácter positivo como aqueloutros que expresan perplexidade, incerteza, angustia ou equilibrada indignación polo que nos afecta ou nos merece reproche moral. A vivencia e expresión asertiva e compartida de emocións e sentimentos pode darse en múltiples contextos e situacións, entre eles, e de forma sobresaliente, nos da experiencia estética, pero tamén naqueloutros relativos á deliberación compartida sobre problemas morais e cotiáns, polo que as actividades para desenvolver esta competencia poden integrarse á perfección en case calquera tipo de proceso que fomente a creatividade, o diálogo, a reflexión e o xuízo autónomo. O obxectivo é que o alumnado aprenda a recoñecer, avaliar e xestionar as súas propias emocións, así como a comprender e respectar as dos demais, reflexionando sobre o seu significado, atendendo aos valores, crenzas e ideas que están na súa xénese, e ponderando o seu papel en relación con algunhas das máis nobres accións e experiencias humanas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

6.3. Criterios de avaliación e contidos.

3º curso.

Materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos 3º curso	
Bloque 1. Autocoñecemento e autonomía moral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	OBX1
• CA1.2. Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	OBX1
• CA1.3. Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	OBX1
• CA1.4. Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	OBX4
Contidos	
• A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. – O obxecto da ética. – A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. • A natureza humana. – Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. – A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. • A educación de emocións e sentimentos. – A autoestima persoal. – A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. – A educación afectivo-sexual. • Análise das accións. – Os motivos da acción: desexos e razóns.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A vontade como razón práctica.

– A autonomía da vontade.

– A responsabilidade das accións.

• A ética e as éticas como guías das nosas accións.

– O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.

– Universalismo e pluralismo moral.

– Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.

• Ética e dereito.

– Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.

– O conflito lexitimidade-legalidade.

– A obxección de conciencia.

– Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.

– O debate sobre a liberdade de expresión.

• A ética na sociedade actual.

– O problema da desinformación.

– A protección de datos e o dereito á intimidade.

– O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.

– As condutas adictivas.

Bloque 2. Sociedade, xustiza e democracia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	OBX2
• CA2.2. Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	OBX2
• CA2.3. Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e da toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	OBX2
• CA2.4. Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e a pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais e a percepción do valor social dos impostos.	OBX2
• CA2.6. Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do Estado de dereito e das súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	OBX2

Contidos
• A sociedade humana: natureza e orixe.
– As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
– Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
• A convivencia social.
– As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
– A resolución pacífica de conflitos.
– A empatía cos demais.
• A política.
– Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
– O Estado: formas de Estado e tipos de goberno.
– A democracia: principios, procedementos e institucións.
– O Estado español como estado social e democrático de dereito.
– Valores constitucionais.
– A memoria democrática.
• Os dereitos humanos.
– Referente moral da democracia e a xustiza social.
– Xeracións e historia dos dereitos humanos.
– Dereitos da infancia.
– Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
• A participación democrática: ser cidadáns.
– Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
• A procura da xustiza social.
– A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Globalización económica e bens públicos globais.

– O comercio xusto.

– O valor social dos impostos.

• A igualdade de xénero.

– As diversas ondas e correntes do feminismo.

– A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.

– A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.

• A sociedade e a cidadanía plural.

– O interculturalismo.

– A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.

– Os dereitos LGTBIQ+.

• A convivencia pacífica e segura.

– A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.

– A atención ás vítimas da violencia.

– Accións individuais e colectivas en favor da paz.

– A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.

– O dereito internacional e a cidadanía global.

– As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.

– O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

• Os desafíos da democracia actual.

– Os códigos deontolóxicos.

– As éticas aplicadas.

– Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.

– O desafío da intelixencia artificial.

– As propostas transhumanistas.

Bloque 3. Sustentabilidade e ética ambiental	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	OBX3
• CA3.2. Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e do debate argumental arredor destas.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural e o coidado e protección dos animais.	OBX3
• CA3.4. Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	OBX4

Contidos
• Vida responsable co contorno e protección do ambiente.
– Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
– Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
– A protección do ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
• Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
– Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
– Obxectivos do desenvolvemento sustentable: Axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
– Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
– Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
– Consumo responsable e soberanía alimentaria.
• Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
– Xustiza ecolóxica.
– Ética ambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
– Ecofeminismo e ética do coidado.
• Protección e dereitos dos animais.
– Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
– Os dereitos humanos da terceira xeración e a conduta cos animais baseada en dereitos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

6.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2				1	1-2-3		
OBX2	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4	1				1-2-3	1-3		3

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O desenvolvemento de estilos de vida saudables e sustentables, o respecto polas normas e valores comúns, a xestión asertiva das súas emocións e relacións afectivas con outros e coa contorna, aproveitando así o contido dos distintos bloques.

– A promoción do traballo en equipo, singularmente a preparación e posta en práctica de debates e outras actividades corais, tanto para madurar a autonomía como para respectar e valorar axeitadamente a alteridade.

– A participación activa e razoada, o diálogo respectuoso e a cooperación cos demais, todo desde un paradigma baseado na libre expresión de ideas.

– O uso das canles de participación cidadá no marco dunha sociedade democrática, desde un exercicio crítico e responsable, que permita adquirir o respecto polas normas e valores comúns.

– O fomento dun pensamento crítico e autónomo, o respecto polas normas e valores comúns, así como pola mediación e resolución pacífica dos conflitos.

– En definitiva, o reforzo da autoestima no alumnado nas súas relacións persoais, da súa autonomía na toma de decisións, da reflexión como guía da súa conduta e da responsabilidade sobre os seus actos.

7. Educación Física.

7.1. Introdución.

A Educación Física na etapa da educación secundaria obrigatoria dá continuidade ao traballo realizado na etapa anterior e aos retos clave que comezaron a abordarse nela, que pasan, entre outros, por conseguir que o alumnado consolide un estilo de vida activo, asente o coñecemento da propia corporalidade e o gozo das manifestacións culturais de carácter motriz, integre actitudes ecosocialmente responsables ou afiance o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisións que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a construír e a consolidar desde a materia da Educación Física unha competencia motriz que é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado, a cal posúe un forte carácter global e interdisciplinar, posto que o movemento é un elemento esencial e indisociable da aprendizaxe.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

As competencias establecidas na educación primaria sentan as bases do perfil de saída do ensino básico que, xunto aos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, concretaron o marco de actuación para definir os obxectivos desta materia. Este currículo convértese no referente para seguir a darlle forma á nova Educación Física que se pretende desenvolver: máis competencial, actual e adaptada ás necesidades da cidadanía do século XXI.

Os obxectivos da materia de Educación Física perseguen consolidar un estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado perpetualo ao longo da súa vida a través da planificación autónoma e da autorregulación da súa práctica física e de todos os compoñentes que afecten a saúde.

A motricidade desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos variados de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer e valorar diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Este coñecemento deberá dirixirse a comprender, entre outros, o lugar que ocupa o deporte nas sociedades actuais, así como as súas implicacións no ámbito económico, político, social e da saúde, como máxima representación da cultura motriz na actualidade.

Finalmente, continuarase insistindo na necesidade de convivir de maneira respectuosa co ambiente, desenvolvendo para iso actividades físico-deportivas en contextos variados e participando na súa organización desde formulacións baseadas na conservación e na sostibilidade.

Para alcanzar estes obxectivos, o currículo da materia de Educación Física organízase ao redor de seis bloques, que deberán desenvolverse en distintos contextos coa intención

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

de xerar situacións de aprendizaxe variadas. Como consecuencia diso, as unidades didácticas ou os proxectos que se deseñen deberán evitar estar centrados exclusivamente nun único bloque, tratando de integrar criterios de avaliación e contidos con distintas procedencias. Para favorecer o proceso de concreción curricular, estes bloques non apuntan cara a prácticas ou manifestacións concretas, senón que recollen os aspectos básicos que cómpre desenvolver, deixando ao criterio do profesorado a forma en que se enfoquen os devanditos bloques.

O primeiro bloque, «Vida activa e saudable», aborda os tres compoñentes da saúde –físico, mental e social– a través do desenvolvemento de relacións positivas en contextos de práctica físico-deportiva, atendendo ás recomendacións sobre actividade física saudable e utilitaria de organismos internacionais, nacionais e autonómicos, aproveitando o potencial dos recursos dixitais e rexeitando comportamentos antisociais, discriminatorios ou contrarios á saúde.

Este bloque responde a un dos principais desafíos do perfil de saída: desenvolver hábitos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na promoción da saúde pública.

O segundo bloque, «Organización e xestión da actividade física», aborda catro compoñentes diferenciados: a elección da práctica física, a preparación da práctica motriz, a planificación e a autorregulación de proxectos motores, ademais da xestión da seguridade antes, durante e despois da actividade física e deportiva.

O terceiro bloque, «Resolución de problemas en situacións motrices», aborda tres aspectos clave: a toma de decisións, o uso eficiente dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade e os procesos de creatividade motriz. Estes contidos deberán desenvolverse en contextos moi variados de práctica que, en calquera caso, responderán á lóxica interna da acción motriz desde a que se deseñaron os contidos: accións individuais, cooperativas, de oposición e de colaboración-oposición.

O cuarto bloque, «Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices», céntrase en que o alumnado desenvolva os procesos dirixidos a regular a súa resposta emocional ante situacións derivadas da práctica de actividade física e deportiva, ademais de incidir sobre o desenvolvemento das habilidades sociais e o fomento das relacións inclusivas e construtivas entre quen participa neste tipo de contextos motrices.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O quinto bloque, «Manifestacións da cultura motriz», abarca tres compoñentes: o coñecemento da cultura motriz tradicional, a cultura artístico-expresiva contemporánea e o deporte como manifestación cultural. Cabe destacar os xogos e deportes tradicionais galegos que, xunto cos bailes e danzas propios de Galicia, supoñen un importante elemento de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

O sexto bloque, «Interacción eficiente e sostible coa contorna», incide na interacción co medio natural e urbano desde unha tripla vertente: o seu uso desde a motricidade, a súa conservación desde unha visión sostible e o seu carácter compartido desde unha perspectiva comunitaria da contorna.

7.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.
• A adquisición deste obxectivo alcanzarase a través do coñecemento, da experimentación e da participación positiva nunha variada gama de propostas físico-deportivas que lle proporcionará ao conxunto do alumnado un amplo repertorio de ferramentas coas que comezar a xestionar, planificar e autorregular a súa práctica motriz, así como outros elementos que condicionan a saúde. • Este obxectivo impregna a globalidade da materia de Educación Física, de xeito que poderá abordarse desde a participación activa, a alimentación saudable, a educación postural, o coidado do corpo, o autoconcepto, a autoestima, a imaxe percibida no campo da actividade física e o deporte ou a análise dos comportamentos antisociais e discriminatorios e os malos hábitos para a saúde que se producen en contextos cotiáns e/ou vinculados co deporte e coa práctica de actividade física, entre outros. • Existen distintas fórmulas e contextos de aplicación para materializar estas aprendizaxes, comezando pola planificación persoal da práctica motriz ou pola análise de diferentes aspectos para o mantemento dunha dieta saudable, pasando pola análise crítica de situacións que teñan que ver coa motricidade, ata os primeiros auxilios, a prevención de lesións ou a participación nunha ampla gama de propostas físico-deportivas que acheguen contexto a todo o anterior a través da transferencia á súa vida cotiá. • O bo uso da tecnoloxía debe ser aliado desde un punto de vista transdisciplinar, especialmente neste obxectivo, na loita contra o sedentarismo e nas chamadas enfermidades hipocinéticas, ocasionadas en gran medida polo aumento do tempo de exposición ás pantallas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX2. Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.

• Este obxectivo implica tomar decisións axustadas ás circunstancias, definir metas, elaborar plans sinxelos, secuenciar accións, executar o planificado, analizar que ocorre durante o proceso, cambiar de estratexia se for preciso e valorar finalmente o resultado. Con todo, é importante destacar que todo iso se debe producir no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas (individual, de cooperación, de oposición ou de colaboración-oposición), con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza.

• Estes aspectos deberán desenvolverse en contextos de práctica moi variados. Entre eles, poderían destacarse os proxectos, as montaxes, os desafíos físicos cooperativos, a dramatización e, por suposto, os deportes.

• En relación con estes últimos, é posible atopar distintas manifestacións segundo as súas características, desde xogos deportivos de invasión, con ou sen oposición regulada, ata xogos de rede e muro, pasando por deportes de campo e bate, de branco e diana, de loita ou de carácter individual.

• Para garantir unha oferta variada, ao termo da etapa, o alumnado terá que participar en polo menos unha manifestación deportiva de cada categoría. Cumprido este requisito, será posible repetir algunha categoría, pero daráselles prioridade, na medida do posible e segundo as circunstancias concretas de cada centro, ás manifestacións menos coñecidas polo alumnado ou que destaquen polo seu carácter mixto ou inclusivo ou que teñan presenza na súa contorna.

OBX3. Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.

• Este obxectivo sitúase no punto de converxencia entre o persoal, o social e o ético. Desde el póñense en xogo as capacidades volitivas ao servizo de metas persoais e/ou de equipo, especialmente en contextos que requiren de esforzo e perseveranza, activando a automotivación e a actitude positiva para afrontar retos, regulando a impulsividade, tolerando a frustración e perseverando ante as dificultades. Dentro do plano persoal, tamén supón a identificación das emocións e dos sentimentos que se viven no seo da práctica motriz, a expresión positiva destas e a súa xestión adecuada a prol de promover as emocións que favorezan unha situación de benestar fronte a outros sentimentos non desexados que se puidesen xerar.

• O plano colectivo implica poñer en xogo habilidades sociais para afrontar a interacción coas persoas coas que se convive na práctica motriz. Trátase de dialogar; debater; contrastar ideas; expresar propostas, pensamentos e emocións; escoitar activamente; poñerse de acordo para resolver situacións e actuar con asertividade. Como consecuencia diso, abarcaranse situacións de arbitraxe e mediación contextualizadas nas prácticas deportivas que se practiquen.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Preténdese tamén darlles visibilidade ás desigualdades, e é por iso polo que nesta etapa e a través deste obxectivo se fomentan modelos que contribúan a democratizar o uso dos espazos deportivos compartidos para axudar a superar barreiras vinculadas con estereotipos sociais e de xénero que poidan persistir.

• Finalmente, persegue axudar a identificar e a xerar unha actitude crítica fronte aos comportamentos incívicos que se poidan dar no deporte, desde a base ata a alta competición. A evolución lóxica deste obxectivo respecto da etapa anterior incide no desenvolvemento de hábitos autónomos relacionados con estes aspectos, coa resolución dialóxica dos conflitos e coa autorregulación das emocións que suscitan as prácticas físico-deportivas.

OBX4. Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, afondando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.

• Este obxectivo afonda no concepto da cultura motriz que o alumnado iría construíndo durante a etapa de primaria. Trátase de continuar consolidando a identidade propia a partir deste coñecemento, anteriormente vivenciado dunha forma práctica e, a partir de agora, nesta nova etapa, ademais, de maneira intencionalmente contextualizada, comprensiva e funcional, encadrada nun mundo multicultural para comprender globalmente cada manifestación no seu contexto (historia, intereses económicos, políticos ou sociais).

• Existen numerosas opcións para conseguir este obxectivo. A cultura motriz tradicional pode abordarse a través de xogos tradicionais e populares, danzas propias do folclore tradicional, xogos multiculturais ou danzas do mundo, entre outros. Para abordar a cultura artística expresiva contemporánea poden empregarse técnicas expresivas concretas: o teatro, representacións máis elaboradas ou actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. Ademais, nesta etapa, estes contidos poden enriquecerse incorporando elementos de crítica social, emocións ou coeducación ás representacións.

OBX5. Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.

• A adopción de hábitos respectuosos co ambiente debe consolidarse nesta etapa, continuando co desenvolvemento de accións destinadas a mellorar o mundo desde o local, para contribuír á sostibilidade a escala global. Con todo, o grao de madurez que alcanzará o alumnado ao longo desta etapa permitiralle ir un paso máis alá, participando na organización de actividades en distintos contextos, xa sexan naturais ou urbanos, que, ademais de respectar o ambiente e os seres vivos que nel habitan, tratarán de melloralo. Este enfoque de responsabilidade ecolóxica e social, que considera o medio como un ben comunitario, podería dar lugar á organización de eventos e actividades físico-deportivas, na liña de formulacións como a aprendizaxe-servizo.

• Deste xeito, no que respecta ás contornas urbanas, pódense aproveitar os espazos ou as instalacións próximos aos centros docentes, xa que ofrecen múltiples posibilidades de práctica. O mesmo ocorre no relativo ao medio natural. Segundo a localización do centro, a súa contorna e a dispoñibilidade de acceso que teñan as distintas localizacións naturais, tanto terrestres como acuáticas, é posible atopar unha variada gama de contextos de aplicación, afrontados desde un enfoque sostible, no que tamén se inclúen as actividades complementarias e extraescolares tan vinculadas con este tipo de experiencias.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

7.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Educación Física 1º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	OBX1
• CA1.2. Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
• CA1.3. Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1
• CA1.4. Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	OBX1
• CA1.5. Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA1.6. Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3
Contidos	
• Saúde física: – Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais. – Alimentación saudable. – Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. – Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura. – Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. – Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. – A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Saúde social:

– Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.

– Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.

• Saúde mental:

– Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.

– A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1
• CA2.2. Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	OBX1
• CA2.3. Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA2.4. Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	OBX4
• CA2.5. Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	OBX5

Contidos

• Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.

• Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.

• Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.

• Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.

• Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.

• Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).

Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA3.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	OBX2
• CA3.4. Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	OBX2
• CA3.5. Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	OBX3
Contidos	
• Toma de decisións: – Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. – Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. – Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. • Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. • Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. • Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. • Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA4.2. Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	OBX4
Contidos	
• Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. – Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. – Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. • Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. • Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social. – Funcións de arbitraxe deportiva. • Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. • Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	OBX4
• CA5.2. Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	OBX4
Contidos	
• Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. • Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. • Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. • Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo. • Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.	
Bloque 6. Interacción eficiente e sostible coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.2. Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	OBX1
• CA6.3. Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	OBX5
• CA6.4. Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	OBX5
Contidos	
• Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. • O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. • Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestas. • Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva. • Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.	

2º curso.

Materia de Educación Física 2º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	OBX1
• CA1.2. Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
• CA1.3. Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1
• CA1.4. Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA1.6. Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3
• CA1.7. Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	OBX4

Contidos

• Saúde física:

– Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando o volume e a intensidade da tarefa ás características persoais.

– Alimentación saudable e valor nutricional dos alimentos.

– Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.

– Traballo compensatorio da musculatura postural.

– Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.

– Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.

– A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.

• Saúde social:

– Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.

– Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.

• Saúde mental:

– Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.

– A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.

– Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcibidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	OBX1
• CA2.3. Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA2.4. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	OBX2
• CA2.5. Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA2.6. Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	OBX5
Contidos	
• Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. • Planificación e autorregulación de proxectos motores: – Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo. – Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. • Prevención de accidentes nas prácticas motrices: – Calzado deportivo e ergonomía. – Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. • Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. – Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB).	
Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA3.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	OBX2
• CA3.3. Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	OBX2
• CA3.5. Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	OBX3
Contidos	
• Toma de decisións: – Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. – Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. – Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. – Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. • Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. • Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. • Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. • Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA4.2. Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3
• CA4.3. Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. – Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. – Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. • Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. • Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. – Funcións de arbitraxe deportiva. • Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. • Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. – Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	OBX4
• CA5.2. Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	OBX4

Contidos
• Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. • Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. • Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. • Técnicas de interpretación. • Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo. • Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural. • Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos.

Bloque 6. Interacción eficiente e sostible coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.2. Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	OBX1
• CA6.3. Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	OBX5
• CA6.4. Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	OBX5
Contidos	
• Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura. • O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. • Novos espazos e prácticas deportivas. • Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade. • Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes. • Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano. • Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.	

3º curso.

Materia de Educación Física 3º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	OBX1
• CA1.2. Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
• CA1.3. Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información con base en criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	OBX1
• CA1.4. Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Saúde física: – Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. – Autorregulación do adestramento. – Alimentación saudable e análise crítica da publicidade. – Educación postural: movementos, posturas e estiramentos ante dores musculares. – Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. – Ergonomía en actividades cotiás. – Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. – Prácticas insás, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. – Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. • Saúde mental: – Exixencias e presións da competición. – Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e redes sociais. – Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. – Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	OBX1
• CA2.2. Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA2.3. Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	OBX3
• CA2.4. Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	OBX5

Contidos
• Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. • Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. • Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. • Prevención de accidentes nas prácticas motrices: – Xestión do risco propio e do dos demais. – Medidas colectivas de seguridade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Actuacións críticas ante accidentes:

– Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).

– Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).

– Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).

Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA3.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	OBX2
• CA3.3. Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	OBX2
• CA3.4. Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	OBX2
• CA3.5. Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	OBX3

Contidos

• Toma de decisións:

– Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.

– Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.

– Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.

– Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.

– Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.

• Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia). – Sistemas de adestramento. • Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns. • Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA4.2. Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3
• CA4.3. Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	OBX4
Contidos	
• Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. – Capacidades volitivas e de superación. • Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices. • Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física. • Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. • Deporte e perspectiva de xénero: historia do deporte desde a perspectiva de xénero. – Igualdade no acceso ao deporte. – Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica. – Exemplos de deportistas de Galicia de diferentes sexos, idades e outros parámetros de referencia.	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes e relacionándoas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas, e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	OBX4
Contidos	
• Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. • Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.	
Bloque 6. Interacción eficiente e sostible coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1
• CA6.2. Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos en que se desenvolvan.	OBX5
• CA6.3. Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	OBX5
Contidos	
• Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura e sostible. • Actitude crítica ante barreiras arquitectónicas e obstáculos da contorna que impidan ou dificulten a actividade física autónoma e saudable no espazo público e viario. • O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. • Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. • Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física. • Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano. • Coidado e mantemento da contorna próxima como servizo á comunidade durante a práctica de actividade física en contornas naturais e urbanas, facendo un uso sostible e responsable.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

4º curso.

Materia de Educación Física 4º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	OBX1
• CA1.2. Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
• CA1.3. Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual, e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información con base en criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	OBX1
• CA1.4. Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
Contidos	
• Saúde física: – Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. – Autoavaliación das capacidades físicas (como requisito previo á planificación): probas de valoración. – Autorregulación e planificación do adestramento. – Alimentación saudable. – Educación postural: movementos, posturas e estiramentos ante dores musculares. – Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. – Prácticas insás perigosas, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. – Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. • Saúde social: – Suplementación e dopaxe no deporte. – Riscos e condicionantes éticos.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Saúde mental: – Exixencias e presións da competición. – Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais. – Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. – Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	OBX1
• CA2.2. Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA2.3. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	OBX2
• CA2.4. Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	OBX3
• CA2.5. Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	OBX5
Contidos	
• Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. • Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. • Planificación e autorregulación de proxectos motores: – Establecemento de mecanismos para rexistrar e controlar as achegas realizadas polos integrantes do grupo ao longo dun proxecto. – Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. • Prevención de accidentes nas prácticas motrices: – Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade. • Actuacións críticas ante accidentes: – Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). – Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). – Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	OBX1
• CA3.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	OBX2
• CA3.3. Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	OBX2
• CA3.4. Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	OBX2
• CA3.5. Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	OBX3
Contidos	
• Toma de decisións: – Procura de adaptacións motrices para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais. – Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas. – Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai. – Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto. – Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil. • Capacidades perceptivo-motrices nun contexto de práctica: integración do esquema corporal e toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente. • Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia): – Sistemas de adestramento.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: afondamento, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns. • Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	OBX3
• CA4.2. Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	OBX3
• CA4.3. Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	OBX4
Contidos	
• Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. – Capacidades volitivas e de superación. • Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices. • Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física. • Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. • Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte. – Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica. – Exemplos de deportistas de Galicia de distintos sexos, idades e outros parámetros de referencia.	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	OBX4
Contidos	
• Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. • Os deportes como sinal de identidade cultural. • Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. • Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. • Organización de espectáculos e eventos artístico-expresivos. • Influencia do deporte na sociedade actual en diferentes contextos: xeográfico, cultural, político, económico...	
Bloque 6. Interacción eficiente e sostible coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	OBX1
• CA6.2. Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos en que se desenvolvan.	OBX5
• CA6.3. Deseñar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	OBX5
Contidos	
• Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. • O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. • Novos espazos e prácticas deportivas urbanas. • Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. • Deseño e organización de actividades físicas no medio natural e urbano. • Coidado da contorna próxima, como servizo á comunidade, durante a práctica de actividade física.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

7.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Educación Física desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Educación Física e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3		2-5	4	2-4			
OBX2					4-5		2-3	
OBX3	5	3			1-3-5	3		
OBX4		3				2-3		1-2-3-4
OBX5			5			4	1-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A Educación Física nesta etapa terá un carácter motriz, práctico e vivencial, que incremente a actividade física efectiva do alumnado.

– A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo das capacidades condicionais do alumnado en Educación Física determinan a distribución das sesións semanais en diferentes días.

– Os numerosos modelos pedagóxicos de contrastado recoñecemento nacional e internacional constitúen unha ferramenta óptima para materializar un desenvolvemento competencial, como por exemplo a realización de proxectos significativos, a aprendizaxe coo-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

perativa, a educación deportiva, o modelo comprensivo, o estilo actitudinal, o modelo de responsabilidade persoal e social, o vinculado á saúde ou o baseado na autoconstrución de materiais, entre outros, aos cales se lles debe dar relevancia no día a día polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

– As situacións de aprendizaxe integrarán procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave e deberán enfocarse desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

– A metodoloxía elixida deberá establecerse en función dos contidos, do profesorado, do alumnado, do contexto e dos recursos, considerando especialmente as tecnoloxías dixitais desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física, pero sobre todo tendo claro por que e para que se utiliza.

– A atención á diversidade deberá ser personalizada, tanto para a prevención das dificultades de aprendizaxe e a implantación de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten como para atender os diferentes ritmos ou formas de aprendizaxe do alumnado.

– Pola vital influencia do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento transdisciplinar de distintas situacións que o incorporen como recurso educativo, así como enfoques e proxectos interdisciplinares na medida en que sexa posible, usando estratexias para traballar transversalmente a competencia motriz, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital ou o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Deberase ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor e a utilidade do aprendido, aspecto este último clave para unha sociedade máis xusta e equitativa.

– A avaliación en Educación Física deberá ser continua, formativa e integradora e estará dirixida cara á mellora da aprendizaxe do alumnado a través da súa participación nesta. Este será avaliado en función do grao de consecución dos criterios de avaliación que, pola súa vez, concretan o desenvolvemento dos obxectivos da materia. A relación existente

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

entre estes e os contidos permitirá integrar e contextualizar a avaliación no seo das situacións de aprendizaxe que se vaian expondo ao longo das distintas unidades didácticas da etapa e que darán lugar a unha cualificación obxectiva e transparente, que será reflexo dos procesos de avaliación.

– Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada nivel serán concretados nas programacións didácticas, de forma que cada centro poida determinalos en función das instalacións e recursos materiais dispoñibles, ademais das características da contorna onde se sitúa. Estes contidos serán diferentes nos primeiros anos para que o alumnado poida iniciarse nunha ampla variedade de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Nos últimos niveis, estes contidos poderanse perfeccionar con base na aprendizaxes previas.

– O departamento didáctico, logo dunha reflexión, debe formular con criterios acordados unha estratexia metodolóxica común para desenvolver ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe, considerando ademais que a promoción da práctica diaria do deporte e do exercicio físico por parte do alumnado durante a xornada escolar forma parte do seu desenvolvemento integral.

– Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer do alumnado auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida cun estilo de vida activo e saudable.

8. Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

8.1. Introdución.

As artes plásticas, visuais e audiovisuais diríxense cara á adquisición dun pensamento que se concreta en formas, actos e producións artísticas, e que posúe a capacidade de xerar propostas orixinais respondendo ás necesidades do individuo. Supoñen, ademais, a posibilidade de actuar sobre a realidade creando respostas que prolonguen e amplíen a capacidade expresiva do ser humano.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron amplian-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

do os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que cómpren para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de produción e o tratamento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte ás diversas manifestacións estéticas.

A materia dá continuidade ás aprendizaxes da área de Educación Plástica e Visual da etapa anterior e afonda nelas, contribuíndo a que o alumnado siga desenvolvendo o aprecio e a valoración crítica das manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións. Esta alfabetización visual permite unha adecuada descodificación das imaxes e o desenvolvemento dun xuízo crítico sobre estas. Ademais, dado que a expresión persoal se nutre das achegas que realizaron ao longo da historia, favorece a educación no respecto polo patrimonio cultural e artístico, e a súa posta en valor.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A orde en que aparecen os obxectivos da materia non é vinculante, polo que poden traballarse simultaneamente, mediante un desenvolvemento entrelazado. De feito, o enfoque eminentemente práctico da materia comporta que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técni-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

ca: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e das etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

8.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicción de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.
• A expresión artística en calquera das súas formas é un elemento clave para entender as culturas ao longo da historia. A través das artes, o ser humano defínese a si mesmo, achegando os seus valores e as súas convicción, pero tamén á sociedade en que está inmerso, sexa por asimilación ou sexa por rexeitamento, con todos os matices entre estas dúas posicións. Unha ollada sobre a arte que desvele a multiplicidade de puntos de vista e a variación destes ao longo da historia axuda o alumnado na adquisición dun sentir respectuoso cara ás demais persoas. • Neste sentido, resulta fundamental a contextualización de toda produción artística, para a poder valorar adecuadamente, así como para tomar perspectiva sobre a evolución da historia da arte e a cultura, e, con ela, das sociedades que dan lugar ás devanditas producións. Abordando estes aspectos por medio de producións orais, escritas e multimodais, o alumnado pode entender tamén a importancia da conservación, a preservación e a difusión do patrimonio artístico común, comezando polo que lle é máis próximo, ata alcanzar finalmente o do conxunto da humanidade.
OBX2. Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.
• A realización de obras propias contribúe ao desenvolvemento da creatividade e da imaxinación do alumnado, así como á construción dun discurso crítico elaborado e fundamentado sobre as súas obras e sobre as obras doutras persoas. A partir da comprensión activa das dificultades inherentes a todo proceso de creación nas súas diferentes fases, coa asimilación da complexa vinculación entre o ideado e o finalmente conseguido, o alumnado pode superar prexuízos, especialmente comúns no relativo á percepción das producións artísticas e culturais. • Ao mesmo tempo, o intercambio razoado de experiencias creativas entre iguais, así como a posta en contexto destas con outras manifestacións artísticas e culturais, debe servir para que o alumnado valore as experiencias compartidas, amplíe os seus horizontes e estableza un xuízo crítico –e autocrítico–, informado e respectuoso coas creacións doutras persoas e coas manifestacións doutras culturas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX3. Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.

• As producións plásticas, visuais e audiovisuais contemporáneas aumentaron as posibilidades en canto a soportes e formatos. Só no terreo audiovisual, atópanse, entre outros, series, películas, anuncios publicitarios, videoclips, formatos televisivos ou formatos anovadores asociados ás redes sociais. Apreciar estas producións en toda a súa variedade e complexidade supón un enriquecemento para o alumnado, dado que, ademais de axudar a interiorizar o pracer inherente á observación da obra de arte visual e do discurso audiovisual, delas emana a construción dunha parte da identidade de todo ser humano, o que resulta fundamental na elaboración dun catálogo de imaxes e recursos propios e na cimentación dunha ollada empática e despoxada de prexuízos.

• A análise da diversidade de propostas plásticas, visuais e audiovisuais debe estar orientada cara ao enriquecemento da cultura artística individual e da configuración dunha linguaxe visual. Ademais das propostas contemporáneas, débense incluír nesta análise as manifestacións de épocas anteriores, para que o alumnado comprenda que construíron o camiño para chegar ata onde nos achamos hoxe. Entre estes exemplos débese incorporar a perspectiva de xénero, con énfases no estudo de producións artísticas executadas por mulleres, así como da súa representación na arte. Finalmente, o achegamento a diferentes manifestacións construirá unha ollada respectuosa cara á creación artística en xeral e ás súas manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais en particular.

OBX4. Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa, tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.

• Na creación de producións artísticas, as técnicas e as linguaxes empregadas son practicamente ilimitadas; desde o traballo coa arxila ata o *videomapping*, o arco expresivo é inabarcable e os resultados son tan diversos como a propia creatividade do ser humano. É importante que o alumnado comprenda esta multiplicidade como un valor xerador de riqueza a todos os niveis, polo que debe entender a súa natureza diversa desde o achegamento tanto aos seus modos de produción e de deseño no proceso de creación como aos de recepción. Deste xeito, pode incorporar este coñecemento na elaboración de producións propias.

• Neste sentido, resulta fundamental que o alumnado aprenda a identificar e diferenciar os medios de produción e deseño de imaxes e produtos culturais e artísticos, así como os resultados que proporcionan, e que tome conciencia da existencia de diversas ferramentas para a súa manipulación, edición e posprodución. Deste modo, pode identificar a intención coa que foron creados, proceso necesario para analizar correctamente a recepción dos produtos artísticos e culturais, situándoos no seu contexto cultural e determinando as súas coordenadas básicas.

OBX5. Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.

• Levar a cabo unha produción artística é o resultado dun proceso complexo que implica, ademais da capacidade de introspección e de proxección dos propios pensamentos, sentimentos e emocións, o coñecemento dos materiais, as ferramentas, as técnicas e os recursos creativos do medio de expresión escollido, así como as súas posibilidades de aplicación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Para que o alumnado consiga expresarse de xeito autónomo e singular, achegando unha visión persoal e imaxinativa do mundo a través dunha produción artística propia, debe experimentar cos resultados obtidos e cos efectos producidos. Deste modo, ademais, poténciase unha visión crítica e informada tanto sobre o propio traballo como sobre o alleo, e auméntanse as posibilidades de comunicación coa contorna. Así mesmo, un manexo correcto das ferramentas e das técnicas de expresión, que debe partir dunha intencionalidade previa á realización da produción, axuda no desenvolvemento da autorreflexión e da autoconfianza, aspectos moi importantes nunha competencia que parte dunha produción inicial e, por tanto, intuitiva e que lle dá prioridade á expresividade.

OBX6. Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.

• Para o desenvolvemento da identidade persoal do alumnado, é indispensable o coñecemento do contexto artístico e cultural da sociedade en que experimenta as súas vivencias. O coñecemento crítico de distintos referentes artísticos e culturais modela a súa identidade e axuda a que se insira na sociedade do seu tempo e a que a comprenda mellor.

• A partir da análise contextualizada das referencias máis próximas á súa experiencia, o alumnado é quen de identificar as súas singularidades e pode facer uso deses referentes nos seus procesos creativos, enriquecendo así as súas creacións. O coñecemento das devanditas referencias contribúe, en fin, ao desenvolvemento da propia identidade persoal, cultural e social, aumentando a autoestima, o autocoñecemento e o respecto polas outras identidades.

OBX7. Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.

• O momento actual caracterízase pola multiplicidade de linguaxes artísticas, desde as máis tradicionais, como a pintura, ata as máis recentes, como a audiovisual, a instalación ou a performance. O alumnado debe ser quen de identificalos, así como de clasificalos e establecer as técnicas coas que se producen. Para iso, tamén é importante que experimente cos medios, coas tecnoloxías e cos instrumentos de creación, facendo especial fincapé nos dixitais, definitorios do noso presente e cos que adoita estar familiarizado, aínda que con frecuencia dun xeito moi superficial. O alumnado debe aprender a facer un uso informado destes, sentando as bases para que máis adiante poida afondar nas súas potencialidades expresivas, pondo en xogo un coñecemento máis profundo de técnicas e recursos que debe adquirir progresivamente.

• O alumnado debe aplicar este coñecemento das tecnoloxías contemporáneas e das linguaxes artísticas na elaboración dun proxecto artístico que integre varias delas, procurando un resultado que sexa froito dunha expresión en consonancia co contexto e a época contemporánea.

OBX8. Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.

• A obra artística alcanza todo o seu sentido e a súa potencialidade cando chega ao público e produce un efecto sobre el. Neste sentido, o alumnado debe comprender a existencia de públicos diversos e, en consecuencia, a posibilidade de dirixirse a uns ou outros de maneira diferenciada. Non é o mesmo elaborar unha peza audiovisual de carácter comercial destinada a unha audiencia ampla que crear unha instalación de videoarte cunha vontade de difusión minoritaria. O alumnado debe entender que todas as posibilidades son válidas, pero que a idea, a produción e a difusión dunha obra deben ser tidas en conta desde a súa mesma xénese. Ademais, é importante que identifique e valore as oportunidades que lle pode proporcionar o seu traballo segundo o tipo de público a que se dirixa, o que se apreciará a partir da posta en común deste.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Preténdese que o alumnado xere producións e manifestacións artísticas de distinto signo, tanto individual como colectivamente, seguindo as pautas establecidas, identificando e valorando correctamente as súas intencións previas e empregando as capacidades expresivas, afectivas e intelectuais que se promoven mediante o traballo artístico.

8.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual 1º curso	
Bloque 1. Patrimonio artístico e cultural	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	OBX1
• CA1.2. Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	OBX1
• CA1.3. Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	OBX3
• CA1.4. Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	OBX6
• CA1.5. Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	OBX2
Contidos	
• Os xéneros artísticos máis destacados. • Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.	
Bloque 2. Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	OBX4
• CA2.2. Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	OBX5
• CA2.3. Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	OBX8
• CA2.5. Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	OBX6
Contidos	
• A linguaxe visual como forma de comunicación. • Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. • Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.	
Bloque 3. Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficas e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	OBX4
• CA3.2. Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	OBX5
• CA3.3. Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	OBX7
• CA3.4. Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	OBX8
• CA3.5. Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	OBX8
Contidos	
• Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. • Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. • Introdución á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introdución aos sistemas de representación: vistas diédricas.	
Bloque 4. Imaxe e comunicación visual e audiovisual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	OBX1
• CA4.2. Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	OBX4
• CA4.4. Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	OBX6
• CA4.5. Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	OBX8
• CA4.6. Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	OBX8
Contidos	
• A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. • Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.	

3º curso.

Materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual 3º curso	
Bloque 1. Patrimonio artístico e cultural.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicción, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	OBX1
• CA1.2. Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e da análise guiada de obras de arte.	OBX1
• CA1.3. Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	OBX2
• CA1.4. Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	OBX3
• CA1.5. Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	OBX3
• CA1.6. Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• Os xéneros artísticos. • Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. • As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.	
Bloque 2. Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	OBX4
• CA2.2. Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	OBX5
• CA2.3. Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	OBX2
• CA2.4. Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	OBX7
Contidos	
• Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. • A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. • A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	
Bloque 3. Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	OBX4
• CA3.2. Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	OBX5
• CA3.3. Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	OBX7
• CA3.5. Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	OBX8
Contidos	
• Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. • Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. • O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. • Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. • Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.	
Bloque 4. Imaxe e comunicación visual e audiovisual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	OBX2
• CA4.2. Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	OBX4
• CA4.3. Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	OBX6
• CA4.4. Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	OBX7
• CA4.5. Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	OBX8
• CA4.6. Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. • Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. • Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

8.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1	3			3	1-2		1
OBX2	1				1-3	1-3		1-3
OBX3	1-2			1	4	1-3		2
OBX4	2	3		1-2	3	3		2
OBX5	2				1-3-4	3		3-4
OBX6	2			1	3	1		3
OBX7	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8	1		2-3	3	3-5		3	4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo colaborativo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, así como a capacidade de aprender a aprender.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O respecto, o coñecemento, a análise e a apreciación do propio patrimonio artístico e cultural.

– O deseño de situacións de aprendizaxe que supoñan unha acción continua e combinada coa reflexión, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado desenvolva unha cultura e unha práctica artística persoais e sustentables.

– A concreción de situacións de aprendizaxe que poñan en xogo as competencias da materia e que estean vinculadas a contextos próximos ao alumnado, que favorezan a aprendizaxe significativa, que esperten a súa curiosidade e o seu interese pola arte e as súas manifestacións, e que permitan desenvolver a súa identidade persoal e a súa autoestima.

– O deseño das situacións de aprendizaxe que procuren o desenvolvemento do pensamento diverxente e nas que se valore a diversidade das manifestacións culturais e artísticas.

– O uso das achegas teóricas e dos coñecementos culturais que deben ser introducidos polo profesorado en relación coas preguntas que formule cada situación, permitindo así que o alumnado adquira métodos e puntos de referencia no espazo e no tempo para captar e explicitar a natureza, o sentido, o contexto e o alcance das obras e dos procesos artísticos estudados.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

9. Expresión Artística.

9.1. Introdución.

Na materia de Expresión Artística póñense en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos, facendo que todos eles se combinen e interactúen nun mesmo pensamento creador. Supón, polo tanto, un paso máis na adquisición das competencias que se desenvolven desde cursos e etapas anteriores.

No desenvolvemento dunha proposta creativa, levaranse a cabo fases de información, investigación, reflexión, análise, expresión de opinións e adopción de posicionamentos acerca de cuestións xerais ou persoais, procura de solucións propias, traballo colaborativo, avaliación, autoavaliación e exercicio do xuízo crítico. Este proceso daralle ao alumnado a oportunidade de establecer vínculos entre diferentes linguaxes e disciplinas artísticas, o que facilitará o enriquecemento das súas propias creacións, a súa percepción das obras de arte e a súa capacidade para apreciar o patrimonio cultural.

A materia favorece a experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade, do pensamento diverxente e da innovación. Así mesmo, busca dotar o alumnado dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comunicar a través da expresión artística. Con este obxectivo, a materia exponse como un espazo desde o que estimular o desexo de expresar unha visión persoal do mundo a través de producións artísticas propias e desde o que converter o erro ou o fracaso nunha oportunidade de aprendizaxe. A análise e a avaliación dos procesos de creación propios, doutros artistas e doutras manifestacións culturais ao longo da historia, das experiencias vividas, das estratexias e medios utilizados, dos erros cometidos e dos progresos obtidos axudaranlle ao alumnado a tomar conciencia da creatividade como un medio de coñecemento, de resolución de problemas e de construción da propia identidade. Esta toma de conciencia, pola súa vez, favorecerá a reinversión das aprendizaxes en situacións análogas ou noutros contextos.

A materia está deseñada a partir de catro obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e ha de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas e culturais, a última delas

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

require da activación das tres primeiras, isto é, da observación e valoración crítica deste tipo de producións e da selección e do emprego tanto de técnicas plásticas como gráficas e audiovisuais.

Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición dos obxectivos, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

O carácter eminentemente práctico da materia determina a elección dos seus contidos. Estes están divididos en tres bloques:

Bloque 1. «Técnicas gráfico-plásticas», que recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado ha de explorar, aprendendo a seleccionar aquelas que resulten máis adecuadas aos seus propósitos expresivos: as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), como húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), técnicas alternativas e mixtas (colaxe, *frottage*, *grattage*, decalcomanía, *objet trouvé*, *dripping*, *assemblage*), técnicas básicas de estampaxe e técnicas de modelaxe e de creación de volume.

Bloque 2. «Fotografía, linguaxe visual, audiovisual e multimedia». Este bloque permite afondar nas aprendizaxes sobre linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Incidirase no proceso de creación, no deseño de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

Bloque 3. «Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño». Dota o alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de xeito gráfico e obxectivo, para expresar e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garantan a súa interpretación fiable e precisa, así como para desenvolver a súa visión espacial.

Como contidos transversais a estes dous bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigas, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

A este respecto, cómpre lembrar que, dentro do proceso creador e expresivo, toda produción gráfico-plástica e audiovisual adquire sentido cando é exposta, apreciada, analizada e compartida cun público. De aí a importancia de organizar actividades nas que o alumnado se converta en espectador non só das producións alleas, senón tamén das súas propias. Isto contribuirá á súa formación integral e ao desenvolvemento da humildade; da asertividade; da empatía; da madurez emocional, persoal e académica; da autoconfianza e da socialización. En definitiva, contribuirá ao desenvolvemento da intelixencia emocional, que lle permitirá prepararse para aprender dos seus erros e para recoñecer tanto as emocións propias como as doutras persoas.

9.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.
• Con esta competencia espérase que o alumnado desenvolva un criterio estético e unha mirada persoal por medio da análise crítica e informada de diferentes producións que lle axuden a descubrir a multiplicidade, a riqueza e a complexidade de diferentes manifestacións artísticas. Esta análise permitirá identificar e diferenciar as linguaxes e os medios de produción e manipulación, así como os distintos resultados que proporcionan, de maneira que acerte a valorar os resultados obtidos tanto desde os seus aspectos puramente artesanais (como se fai) como formais (como se utiliza a linguaxe). • A contextualización das producións analizadas fará posible a súa adecuada valoración como produtos dunha época e dun contexto social determinados, á vez que permitirá a reflexión sobre a súa evolución e a súa relación co presente. Por este motivo, ademais de acudir aos diferentes xéneros e estilos que forman parte do canon occidental, convén prestar atención a producións doutras culturas e tamén a aquelas que conforman os imaxinarios do alumnado, describindo trazos e intencionalidades comúns que axuden á súa mellor comprensión e valoración. Esta comparación ha de contribuír ao desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre os diferentes referentes artísticos e a enriquecer o repertorio visual ao que as alumnas e os alumnos teñen acceso, desenvolvendo así o seu gusto pola arte e a percepción desta como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. • A estratexia comparativa pode ser igualmente de utilidade á hora de mostrar a historia da arte e a cultura como un continuo no cal as obras do pasado son a base sobre a que se constrúen as creacións do presente. Pola súa banda, o acceso ás fontes permitirá poñer en valor os traballos de preparación da obra e mesmo os estudos de obras que non chegaron a realizarse, o que lle permitirá ao alumnado superar a idea de fracaso ou asimilalo como un paso cara ao éxito futuro.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Por último, a incorporación da perspectiva de xénero na análise destas producións propiciará que o alumnado entenda a imaxe e o papel das mulleres nas obras estudadas, favorecendo un achegamento que axude a identificar os mitos, os estereotipos e os roles de xénero transmitidos a través da arte.

OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.

• O momento actual caracterízase pola multiplicidade de técnicas que posibilitan a expresión gráfico-plástica, desde as máis tradicionais, como a pintura ao óleo, ata as máis actuais, como a amplísima paleta de recursos dixitais. Explorar estas técnicas, tanto de forma libre como pautada, permitiralle ao alumnado descubrir as ferramentas, os medios, os soportes e as linguaxes asociadas con elas e entendelos a través da práctica, enriquecendo así o seu repertorio persoal de recursos expresivos.

• O coñecemento e aplicación da linguaxe gráfica de tipo técnico dotará o alumnado de recursos para descodificar a realidade que se lle presenta e comunicar as súas propostas artísticas, produtos de deseño e demais producións de creación no contexto dun mundo contemporáneo, dun xeito claro e obxectivo.

• Deberase distinguir entre a elaboración de imaxes persoais, con fins expresivos e emocionais propios, e a creación de producións que teñan uns propósitos comunicativos concretos e que impliquen unha mensaxe e un público destinatario previamente definido. En ambos os casos, prestaráselles unha especial atención ao fomento da creatividade e á espontaneidade na exteriorización de ideas, sentimentos e emocións, así como á activación das aprendizaxes derivadas da análise de diversas manifestacións artísticas.

• No desenvolvemento desta competencia, a utilización creativa das distintas técnicas gráfico-plásticas no marco dun proxecto artístico ofreceralle ao alumnado un contexto real en que aprender a seleccionar e a aplicar as máis adecuadas a cada necesidade ou intención.

OBX3. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.

• O presente non se pode explicar sen facer referencia á sobreabundancia de mensaxes audiovisuais transmitidas en toda clase de formatos e por todo tipo de medios. A adquisición desta competencia, a través da exploración libre ou pautada, supón coñecer eses formatos, recoñecer as linguaxes empregadas e identificar as ferramentas que se empregan na súa elaboración, ademais de distinguir os seus distintos fins, pois non é o mesmo un vídeo creado e difundido a través das redes sociais que unha noticia nun informativo televisivo, unha peza de videoarte ou unha película de autor de vocación minoritaria e exixente no seu aspecto formal.

• Como no caso das técnicas gráfico-plásticas, no desenvolvemento desta competencia deberase distinguir entre as producións con fins expresivos propios e aquelas que impliquen unha mensaxe e un público concreto, e hai que fomentar a activación das aprendizaxes derivadas da análise de diversas manifestacións artísticas.

• Do mesmo xeito, a utilización creativa dos diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais no marco dun proxecto artístico ofreceralle ao alumnado un contexto real no que aprender a seleccionar e a aplicar os máis adecuados a cada necesidade ou intención. Neste sentido, hase de facer fincapé nas posibilidades creativas que ofrece a contorna dixital, definitoria do noso presente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX4. Crear producións artísticas e técnicas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivar desta actividade.
• A obra artística alcanza todo o seu sentido e potencialidade cando chega ao público e produce un efecto sobre el. Neste sentido, o alumnado ha de comprender a existencia de públicos diversos e, en consecuencia, a posibilidade de dirixirse a uns ou a outros de maneira diferenciada. Non é o mesmo elaborar unha peza audiovisual de carácter comercial destinada a unha audiencia ampla que crear unha instalación de videoarte cunha vontade minoritaria. O alumnado debe entender que a elección do público a que se dirixe ha de guiar todas as fases do proceso creativo desde a súa mesma xénese. Así mesmo, é importante facer ver que a emoción forma parte ineludible deste proceso, pois dificilmente se conseguirá algunha reacción do público se o propio alumnado non mostra unha implicación persoal. • Preténdese que o alumnado xere producións artísticas de distinto signo, tanto individual como colectivamente, rexéndose polas pautas que se estableceron, identificando e valorando correctamente as súas intencións previas, adaptando o seu traballo ás características do público destinatario e empregando as capacidades expresivas, afectivas e intelectuais que se promoven mediante o traballo artístico. Para iso, pode utilizar e combinar as técnicas, ferramentas e linguaxes que considere apropiadas, incluído o propio corpo. • Finalmente, é importante que o alumnado comparta, de diversas formas e por distintos medios, as producións que realice e que aproveite esta experiencia para identificar e valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito artístico.

9.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Expresión Artística 4º curso	
Bloque 1. Técnicas gráfico-plásticas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	OBX1
• CA1.2. Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	OBX1
• CA1.3. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	OBX2
• CA1.4. Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	OBX4
• CA1.6. Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	OBX4
Contidos	
• Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. • Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. • Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. • Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos. • Graffiti e pintura mural. • Técnicas básicas de creación de volumes. • A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. • Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. • Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.	
Bloque 2. Fotografía, linguaxe audiovisual e multimedia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	OBX1
• CA2.2. Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX2
• CA2.3. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	OBX3
• CA2.4. Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	OBX4
• CA2.6. Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	OBX4
• CA2.7. Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	OBX4
Contidos	
• Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición. • Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. • Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. • Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. • Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. • Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o *storyboard*. • O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). • Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. • Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. • Técnicas básicas de animación. • Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.	
Bloque 3. Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	OBX2
• CA3.2. Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX4
• CA3.3. Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX4
• CA3.4. Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Construcións xeométricas fundamentais.
• Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos.
• Conceptos básicos de normalización.
• Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

9.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Expresión Artística desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Expresión Artística e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2			2	2	1	1-3		3-4
OBX3				5	1-3			3-4
OBX4	1		3	3	3-5		3	4

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O deseño de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado explorar unha ampla gama de experiencias de expresión gráfico-plástica, audiovisual e multimedia, utilizando tanto materiais tradicionais como alternativos, así como medios e ferramentas tecnolóxicos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– O deseño de situacións de aprendizaxe estimulantes e inclusivas que teñan en conta as áreas de interese do alumnado, as súas referencias culturais e o seu nivel de desenvolvemento, de modo que permitan levar a cabo aprendizaxes significativas e susciten o seu compromiso e implicación. A complexidade destas situacións debe aumentar gradualmente, chegando a requirir a participación en diversas tarefas durante unha mesma proposta de creación, favorecendo o progreso en actitudes como a apertura, o respecto e o afán de superación e mellora, e contribuíndo á adquisición dos coñecementos, das destrezas e das actitudes que fortalezan a súa autoestima e desenvolvan a súa identidade e a súa conduta creativa.

– O deseño de proxectos que faciliten un encontro coa expresión e coa creación, coa finalidade de impulsar o atrevemento de mirar, actuar e facer doutro xeito, estimulando unha conduta creativa que parta de recursos propios e de referentes culturais e artísticos, implicando emocionalmente o alumnado na arte, a través da arte e pola arte.

– O deseño de proxectos que poñan en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais e emocionais do alumnado e que axuden a formar un pensamento creador e diverxente, a construír a súa identidade e autoafirmación, a valorar as opinións alleas e a desenvolver a empatía.

– O uso de métodos que atendan os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado durante o desenvolvemento das fases de información, investigación, reflexión, análise e expresión das súas solucións creativas, tanto en traballos individuais como en equipo.

– A aplicación dunha metodoloxía na aula que promova a autoaprendizaxe fomentando a autonomía, a mellora da autoestima e o nivel de interese e de responsabilidade.

– A atención á diversidade e, polo tanto, á individualidade de cada alumna e de cada alumno e aos seus ritmos e dificultades de aprendizaxe, poñendo en práctica mecanismos de reforzo activos e preventivos do fracaso escolar.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente contidos como a creación de proxectos sostibles, a xestión responsable dos residuos e a seguridade, a toxicidade e o impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos e a formación dunha conciencia ambiental.

– A realización de actividades estimulantes que lle permitan ao alumnado experimentar con materiais, ferramentas e técnicas diferentes, dando lugar a aprendizaxes significativas progresivamente máis complexas e cun enfoque multidisciplinar.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A valoración da importancia dunha visión crítica e construtiva da propia creación artística e da allea, desenvolvendo un espírito empático e a propia intelixencia emocional, así como unha visión máis global do que significa crear no contexto artístico.

10. Filosofía.

10.1. Introdución.

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha disposición crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirlle para desenvolverse como persoa e como cidadán, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión da persoa en si mesma e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como «preguntar radical»mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcibido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoas á crítica e ao contraste doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: a competencia en comunicación lingüística, a competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia en conciencia e expresión culturais. Cómpre valorar que, dun xeito claramente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumnado de valiosos apeiros para, desde a iniciativa individual, formalo como persoa.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A materia estrutúrase en seis bloques: «A filosofía», «A persoa», «Socialización», «Pensamento», «Realidade e metafísica» e «Liberdade e creatividade». Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral, todo iso a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave.

10.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigorosa delas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.
• O coñecemento das técnicas fundamentais de investigación en filosofía comeza polo dominio de criterios e procedementos de procura, organización e avaliación de información segura e relevante, tanto en contornas dixitais como noutras máis tradicionais, e tanto no ámbito académico como no máis cotián. Doutra banda, a investigación filosófica a partir de fontes documentais exixe non só o desenvolvemento, entre outros, do hábito lector, senón tamén do emprego de estratexias básicas e específicas de análise, interpretación, recensión e avaliación crítica e filosófica dos devanditos documentos, sexan escritos ou orais, de carácter textual ou audiovisual, e sexan ou non de xénero estritamente filosófico. Así mesmo, a investigación filosófica precisa tamén do dominio de métodos e protocolos de produción e transmisión dos coñecementos obtidos, tales como pautas para a elaboración e comunicación pública de proxectos que poidan plasmarse en textos, disertacións, presentacións, documentos audiovisuais ou calquera outro tipo de produto ou creación. • O obxectivo é que o alumnado, xenuinamente movido por preguntas e problemas filosóficos, e unha vez obtida a través da argumentación e do diálogo unha comprensión básica e informada das principais teses e concepcións filosóficas, prosiga e complemente o exercicio dialéctico ao redor das ditas teses cunha proposta construtiva que, baixo o formato do traballo de investigación ou outro similar, contribúa a desenvolver o xuízo propio, a autonomía de criterio e a madurez persoal.
OBX2. Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.
• O modelo dialóxico goza desde os seus comezos dunha indubidable preeminencia como método do filosofar e como referente esencial do exercicio da cidadanía democrática. É esta, pois, unha das competencias máis relevantes de entre aquelas polas que podemos dicir que a filosofía constitúe unha auténtica educación cívica. O diálogo filosófico compréndese, baixo unha idea de disensión, como expresión de pluralidade e requirimento de complementariedade máis que como mero conflito, e reúne ao redor de si virtudes que en poucas ocasións aparecen xuntas: a exixencia de rigor racional, a aceptación do pluralismo ideolóxico e a actitude respectuosa e empática cara a aquelas persoas coas que disentimos, sen que por iso deixemos de buscar xuntos unha posición común.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A práctica do diálogo filosófico representa, polo demais, un proceso análogo ao da propia aprendizaxe desde case calquera punto de vista pedagóxico que incida nos aspectos motivacionais, a aprendizaxe activa e significativa, o ensino por indagación ou descubrimento, o traballo colaborativo ou a formación ao longo da vida. En xeral, a actividade dialóxica integra construtivamente os elementos da incerteza e da crítica, permitindo descubrir, a partir deles, formulacións novas e superadoras, e réxese polos principios de cooperación, honestidade e xenerosidade hermenéutica, así como por un espírito aberto e inconcluso, aínda que non por iso menos efectivo para a indagación filosófica e para o exercicio activo e democrático da cidadanía.

OBX3. Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación cos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.

• O coñecemento das preguntas filosóficas máis importantes que forman parte do patrimonio cultural común incidirá, sen dúbida, na bagaxe intelectual da cidadanía. As ditas concepcións e ideas, formuladas e discutidas ao longo do tempo polas principais pensadoras e pensadores da historia, son parte insubstituíble da nosa identidade, do substrato ideolóxico e argumental das doutrinas políticas, científicas, estéticas, económicas ou relixiosas vixentes na nosa cultura, así como do conxunto de principios e valores que orientan ou inspiran a nosa acción moral, social e política. Coñecer e apreciar estas ideas con rigor e profundidade non é só condición para a análise dos problemas filosóficos e, en certa medida, de calquera outra cuestión de orde cultural ou ético-política, senón tamén un requisito esencial para o coñecemento dun mesmo, en canto son esas ideas as que nutren e orientan as accións e pensamentos que nos definen. É tamén claro que a comprensión e o uso do caudal de termos, conceptos e teorías con que a filosofía formulou e tratou cada un dos seus problemas non poden entenderse se non é no contexto da experiencia xenuína deles, polo que é preciso que o alumnado recoñeza, valore e reinterprete todas aquelas ideas e propostas teóricas como parte dun exercicio persoal e colectivo de verdadeira investigación filosófica.

OBX4. Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.

• A comprensión do que é a personalidade humana e o entendemento de que esta se conforma dinámica e evolutivamente contribuirá, sen dúbida, a un mellor coñecemento do ser humano e, paralelamente, a un mellor coñecemento dunha mesma e dun mesmo, do eu. A dita comprensión debe ter en conta estudos desde diferentes campos, nos que a psicoloxía, a ciencia e a filosofía teñen un peso específico moi importante, e deben contribuír a esta comprensión dun xeito unificado entre eles. A reflexión do que é a personalidade nestes termos débelle permitir á alumna e ao alumno entender como a súa conduta e as súas respostas de actuación están determinadas polas súas situacións e as súas condicións emocionais, afectivas e motivacionais, pois estas inciden directamente na conformación da súa personalidade. O alumnado debe acabar comprendendo que este é un fenómeno complexo, rico e permeable, que se compón de elementos biolóxicos, psicolóxicos e culturais, que se conforma desde moitas variables, e que levar a cabo unha reflexión rigorosa e aberta sobre isto permitiralle unha mellor comprensión de si mesmo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Ademais, isto suponlle ao alumnado un punto de partida privilexiado para darse conta de que o estudo antropolóxico foi unha preocupación importante ao longo da historia do pensamento, e permítelle achegarse mellor a determinadas posturas que podemos considerar paradigmáticas, desde as cales cada alumna e cada alumno debe e pode construír mellor un pensamento propio, autónomo e crítico sobre o ser humano.

OBX5. Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as achegas culturais diversas.

• A cultura constitúe a característica esencial do ser humano, provennos de identidade e sentido de pertenza, e axúdanos a xerar uns valores compartidos a través do grupo social ou a comunidade en que vivimos en diálogo cos demais. Pola súa vez, fainos diferentes mesmo dentro da mesma sociedade. Con este obxectivo trátase de axudar o noso alumnado a prezar, ser respectuoso e valorar a nosa propia cultura e a dos demais.

• Por outra banda, coñecer o proceso de socialización é entender como chega o ser humano a ser social, mediante a transmisión da cultura dunha xeración a outra a través dos axentes que incorporan o individuo á sociedade. Dentro da socialización trátase de comprender a socialización de xénero, o cal lle permite ao alumnado non manter posturas sexistas e discriminatorias cara ás mulleres. Ademais, é importante analizar as distintas teorías sobre a orixe da sociedade e do Estado, xunto cos problemas da sociedade actual. A conxunción de todos estes factores debería facer persoas máis responsables cos demais e co seu labor na sociedade, e unha maior implicación na vida social dun xeito solidario e construtivo.

OBX6. Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas, e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.

• A pregunta filosófica polo coñecemento e as respostas que se lle deron na tradición filosófica parecen ter plena vixencia nunha época como a actual, onde a explosión de información de toda índole e validez a que somos expostos só pode poñer en perigo o ideal dunha cidadanía autónoma, crítica e informada se non adoptamos criterios ben fundados sobre o valor da verdade, a validez do coñecemento, e a racionalidade, valores que deben defenderse para que o noso actuar poida ser tomado como verdadeiramente libre.

• Con este obxectivo preténdese que o alumnado reflexione sobre a racionalidade como característica humana, entendendo as complexas relacións que mantén coa parte emotiva do noso psiquismo, e valorando a súa intervención tanto no ámbito do coñecemento como no da acción. Tamén que tome conciencia das teses e ideas que as distintas escolas de pensamento ofreceron sobre natureza e límites do coñecemento, avaliando de xeito crítico a capacidade humana de acadalo. Por último, que, ademais de examinar as distintas teorías filosóficas sobre a verdade, entenda o valor dese ideal, e distinga o erro, que é connatural cos procesos cognitivos do ser humano e permite o avance no coñecemento, das falsidades que se espallan hoxe en día sen control, e das teses que acriticamente negan a verdade ao reclamar a validez de todas as opinións polo mero feito de que alguén as manteña.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX7. Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico con que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.
• A radicalidade das preguntas metafísicas conecta con características humanas básicas: o asombro e marabilla ante a realidade que se manifesta en toda a súa complexidade, e a perplexidade e inquedanza que supón para nós a conciencia da nosa finitude ante esa inmensidade. Este obxectivo pretende involucrar o alumnado nas grandes preguntas que nos formulamos ante a natureza e as consecuencias que das respostas poidamos derivar para as nosas vidas. As preguntas polos límites do Universo, a súa xénese, a súa finalidade ou o azar. Tamén as que se refiren ao sentido da existencia humana e á conciencia da morte. Por último, a reflexión sobre a historia como ámbito que pode recoller o sentido do proxecto humano. En resumo, as preguntas metafísicas quizais non poidan ser respondidas nunca, pero parecemos condenados a que nos asalten mentres sigamos sendo humanos.
OBX8. Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.
• A comprensión do feito da liberdade no ser humano é unha condición importante e indispensable para o entendemento do que é este e de como está no mundo. Ao mesmo tempo, é imprescindible comprender a relación desta coa vontade, podendo desenvolver, desta forma, a reflexión sobre o libre albedrío. A dita liberdade vese condicionada desde moitos niveis, entre os cales se poden destacar o físico, o biolóxico e o sociopolítico. Neste contexto, que se presenta como debate e como problema, cada alumna ou alumno pode achegarse e comprender o tratamento que diferentes pensadoras e pensadores levaron a cabo sobre este problema ao longo da historia da filosofía. • Por outra banda, tal liberdade é suposto necesario para desenvolver unha actividade creativa persoal e autónoma. A creatividade preséntase así como unha dimensión humana libre, que se potencia desde a imaxinación e que está suxeita a riscos, pero que lle permite á alumna e ao alumno establecer unha primeira aproximación á estética filosófica desde a que abordar o estudo do que é a arte e a beleza.

10.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Filosofía 4º curso	
Bloque 1. A filosofía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en canto a saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	OBX3
• CA1.3. Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións a que responden.	OBX3
• CA1.4. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1
• CA1.5. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA1.6. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2
Contidos	
• Introdución: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. – A filosofía como saber crítico. – Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. • A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. • O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. • Breve síntese das grandes épocas da filosofía. • O papel das mulleres na cultura e na filosofía. • O pensamento galego.	
Bloque 2. A persoa	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	OBX4
• CA2.2. Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	OBX4
• CA2.3. Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	OBX4
• CA2.5. Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas da dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	OBX4
• CA2.6. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1
• CA2.7. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA2.8. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2
Contidos	
• A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. • A personalidade. – Teorías e tipos de personalidade. – O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. • Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. • As emocións e a afectividade.	
Bloque 3. Socialización	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen o ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de «cultura» e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	OBX5
• CA3.2. Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	OBX5
• CA3.3. Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do Estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións a eles.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1
• CA3.5. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA3.6. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2
Contidos	
• Natureza e cultura no ser humano. • O ser humano como ser social. – Elementos e axentes da socialización. – O proceso de socialización de xénero. • Sociedade e estado. – Teorías sobre a orixe da sociedade. – Teorías sobre a formación do Estado. • Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.	
Bloque 4. Pensamento	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	OBX6
• CA4.2. Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	OBX6
• CA4.3. Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	OBX6
• CA4.4. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.5. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA4.6. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2
Contidos	
• A racionalidade humana. Coñecemento e acción. • Teorías do coñecemento. – A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. – O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. • A verdade. Características e valor da verdade. • Teorías da verdade.	
Bloque 5. Realidade e metafísica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Coñecer o significado do termo «metafísica», comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o «preguntar radical».	OBX7
• CA5.2. Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	OBX7
• CA5.3. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	OBX7
• CA5.4. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1
• CA5.5. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA5.6. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. • Cosmoloxía e filosofía da natureza. – A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. – Determinismo e indeterminismo físicos. • O sentido da existencia humana. – A vida e a morte como problemas metafísicos. – O lugar do ser humano no mundo. • O sentido da historia.

Bloque 6. Liberdade e creatividade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	OBX8
• CA6.2. Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	OBX8
• CA6.3. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	OBX8
• CA6.4. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	OBX8
• CA6.5. Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	OBX8
• CA6.6. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	OBX1
• CA6.7. Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	OBX1
• CA6.8. Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción.
• Determinismo e liberdade.
• Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.
• A arte e a procura da beleza.
• A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos.
– Técnicas e fases do proceso creativo.
– Creación colaborativa.

10.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Filosofía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Filosofía e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-3	3	1	1-3	4	3	3	
OBX2	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3	2-5					1-2-3		2
OBX4	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1
OBX5	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6	1-2		4		4-5		3	
OBX7	1					3		
OBX8	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a súa capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A xeración dunha experiencia real de descubrimento dos interrogantes filosóficos, a partir da cal se invite o alumnado á investigación analítica en torno a eles.

– A avaliación crítica das diversas respostas que se lles deron aos interrogantes filosóficos e á construción rigorosa dos seus propios posicionamentos persoais. O desenvolvemento dunha praxe consecuente cos devanditos posicionamentos e que poida orientar a vida persoal, social e profesional das alumnas e dos alumnos.

– O favorecemento da natureza dialóxica, participativa, interdisciplinar, creativa e comprometida con problemas de relevancia que posúe en si mesma a actividade filosófica.

– A orientación cara ao logro da autonomía persoal e o exercicio crítico e ecosocialmente responsable da cidadanía.

– O desempeño concreto na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

– O despregamento de estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

11. Física e Química.

11.1. Introdución.

A formación integral do alumnado na etapa da educación secundaria require dunha alfabetización científica, como continuidade ás aprendizaxes relacionadas coas ciencias da natureza en educación primaria. Na devandita alfabetización, a materia de Física e Química contribúe a que o alumnado comprenda o funcionamento do universo e as leis que o gobernan, proporcionando os coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia que permiten desenvolverse con criterio fundamentado nun mundo en continuo desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico e social, promovendo accións e condutas que provoquen cambios cara a un mundo máis xusto e igualitario.

O currículo da materia de Física e Química contribúe ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, concretando os obxectivos de etapa e os descritores reflectidos no perfil de saída nuns obxectivos interrelacionados que permiten, pola súa vez, definir os demais elementos curriculares. En particular, perséguese que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas da sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.

Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados tanto para a produción individual como en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.

Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, no desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico competencial, para así ir máis alá dunha mera comprobación da memorización de conceptos.

A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía, a interacción e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

da materia, e será necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes. Neste bloque, denominado «As destrezas científicas básicas», establécese, ademais, a relación das ciencias experimentais cunha das súas ferramentas máis potentes, as matemáticas, que ofrecen unha linguaxe de comunicación formal e que inclúen coñecementos, destrezas e actitudes previos do alumnado, xunto con outros que se adquiren ao longo desta etapa educativa. Así mesmo, tamén se incide no papel destacado da muller ao longo da historia da ciencia, como forma de poñelo en valor e de fomentar novas vocacións femininas cara ás ciencias experimentais e cara á tecnoloxía.

No bloque «A materia» englóbanse coñecementos básicos sobre a constitución interna das substancias, o que inclúe a descrición da estrutura dos elementos e dos compostos químicos e as propiedades macroscópicas e microscópicas da materia.

No bloque «A enerxía» o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu na educación primaria, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.

«A interacción» trata os efectos principais das interaccións fundamentais da natureza e o estudo básico das principais forzas do mundo natural, así como as súas aplicacións prácticas en campos diversos.

Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á creación dun mundo mellor.

11.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.
• A esencia do pensamento científico é comprender cales son os porqués dos fenómenos que ocorren no medio natural para tratar de explicalos a través das leis físicas e químicas adecuadas. Comprendelos implica entender as causas que os orixinan e a súa natureza, o que lle permitirá ao alumnado actuar con sentido crítico para mellorar, na medida do posible, a realidade próxima a través da ciencia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• O desenvolvemento deste obxectivo supón facerse preguntas para comprender como é a natureza da contorna, cales son as interaccións que se producen entre os distintos sistemas materiais e cales son as causas e as consecuencias destas. Esta comprensión dota o alumnado de fundamentos críticos na toma de decisións, activa os procesos de resolución de problemas e, pola súa vez, posibilita a creación de novo coñecemento científico a través da interpretación de fenómenos, do uso de ferramentas científicas e da análise dos resultados que se obteñen. Todos estes procesos están relacionados co resto de obxectivos e englóbanse no desenvolvemento do pensamento científico, cuestión especialmente importante na formación integral de persoas competentes. Por tanto, para o desenvolvemento deste obxectivo o individuo require un coñecemento das formas e procedementos estándar que se utilizan na investigación científica e a súa relación co mundo natural.

OBX2. Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.

• Unha característica inherente á ciencia e ao desenvolvemento do pensamento científico na adolescencia é a curiosidade por coñecer e describir os fenómenos naturais. Dotar o alumnado de competencias científicas implica traballar coas metodoloxías propias da ciencia e recoñecer a súa importancia na sociedade. O alumnado que alcanza este obxectivo debe observar, formular hipóteses e aplicar a experimentación, a indagación e a procura de evidencias para comprobalas e predicir posibles cambios.

• Utilizar a bagaxe propia dos coñecementos que o alumnado adquire a medida que progresa na súa formación básica e contar cunha completa colección de recursos científicos, tales como as técnicas de laboratorio ou de tratamento e a selección da información, supoñen un apoio fundamental para a consecución deste obxectivo. Para tal fin, o alumnado emprega os mecanismos do pensamento científico para interaccionar coa realidade cotiá e analizar, razoada e criticamente, a información que provén das observacións da súa contorna ou que recibe por calquera outro medio e expresala e argumentala en termos científicos.

OBX3. Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.

• A interpretación e a transmisión de información con corrección desempeñan un papel moi importante na construción do pensamento científico, pois outórganlle ao alumnado a capacidade de comunicarse na linguaxe universal da ciencia, máis alá das fronteiras xeográficas e culturais do mundo. Coa consecución deste obxectivo, preténdese que o alumnado se familiarice cos fluxos de información multidireccionais característicos das disciplinas científicas e coas normas que toda a comunidade científica recoñece como universais para establecer comunicacións efectivas englobadas nunha contorna que asegure a saúde e o desenvolvemento ambiental sostible. Entre os distintos formatos e fontes, o alumnado debe ser capaz de interpretar e de producir datos en forma de textos, enunciados, táboas, gráficas, informes, manuais, diagramas, fórmulas, esquemas, modelos, símbolos etc. Ademais, este obxectivo require que o alumnado avalíe a calidade dos datos e valore a súa imprecisión, así como que recoñeza a importancia da investigación previa a un estudo científico.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Con este obxectivo preténdese fomentar a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes relacionadas co carácter interdisciplinar da ciencia, a interrelación de variables, a valoración da diversidade, a capacidade de argumentación, a valoración da importancia de utilizar unha linguaxe universal, a aplicación e o respecto cara ás normas e acordos establecidos, cara a un mesmo, cara aos demais e cara ao ambiente etc., que son fundamentais nos ámbitos científicos por formar parte dunha contorna social e comunitaria máis ampla.

OBX4. Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual como en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.

• Os recursos, tanto tradicionais como dixitais, adquiren un papel crucial no proceso de ensino e aprendizaxe en xeral e na adquisición de competencias en particular, pois un recurso ben seleccionado facilita o desenvolvemento de procesos cognitivos de nivel superior e propicia a comprensión, a creatividade e o desenvolvemento persoal e social do alumnado. A importancia dos recursos, non só utilizados para a consulta de información senón tamén para outros fins como a creación de materiais didácticos ou a comunicación efectiva con outros membros da súa contorna de aprendizaxe, dota o alumnado de ferramentas para adaptarse a unha sociedade que actualmente demanda persoas integradas e comprometidas coa súa contorna.

• É por este motivo polo que este obxectivo tamén pretende que o alumnado manexe con soltura recursos e técnicas variadas de colaboración e cooperación, que analice a súa contorna e localice nela certas necesidades que lle permitan idear, deseñar e fabricar produtos que ofrezan un valor individual e colectivo.

OBX 5. Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do ambiente.

• As disciplinas científicas caracterízanse por conformar un todo de saberes integrados e interrelacionados entre si. Do mesmo xeito, as persoas dedicadas á ciencia desenvolven destrezas de traballo en equipo, pois a colaboración, a cooperación, a empatía, a asertividade e a garantía da equidade entre mulleres e homes son a base da construción do coñecemento científico en toda sociedade. O alumnado competente estará familiarizado coas formas de traballo e as técnicas máis habituais do conxunto das disciplinas científicas para así, a través do emprendemento, integrarse nunha sociedade en continua evolución. O traballo en equipo serve para unir puntos de vista diferentes e crear modelos de investigación unificados que forman parte do progreso da ciencia.

• A consecución deste obxectivo crea un vínculo de compromiso entre a alumna ou o alumno e o seu equipo, así como coa contorna que os rodea, o que os habilita para, dunha parte, entender cales son as situacións e os problemas máis importantes da sociedade actual e como mellorala achegando solucións útiles e, doutra, saber como actuar para a mellora da saúde propia e comunitaria e cales son os estilos de vida que lle permiten actuar de forma sostible para a conservación do ambiente desde un punto de vista científico e tecnolóxico.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX 6. Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.
• Para completar o desenvolvemento competencial da materia de Física e Química, o alumnado debe asumir que a ciencia non é un proceso finalizado, senón que está nunha continua construción recíproca coa tecnoloxía e a sociedade. A procura de novas explicacións, a mellora de procedementos, os novos descubrimentos científicos etc. inflúen sobre a sociedade e coñecer de forma global os impactos que a ciencia produce sobre ela é fundamental na elección do camiño correcto para o desenvolvemento. Nesta liña, o alumnado competente debe ter en conta valores como a importancia dos avances científicos por e para unha sociedade demandante, os límites da ciencia, as cuestións éticas e a confianza nas mulleres e nos homes da ciencia e na súa actividade. • Todo isto forma parte dunha conciencia social na que non só intervén a comunidade científica, senón que require da participación de toda a sociedade, ao implicar un avance individual e social conxunto.

11.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Física e Química 2º curso	
Bloque 1. As destrezas científicas básicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	OBX2
• CA1.2. Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	OBX2
• CA1.3. Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
• CA1.4. Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do ambiente e o coidado das instalacións.	OBX3
• CA1.5. Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX4
• CA1.7. Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	OBX5
• CA1.8. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumando na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	OBX5
• CA1.9. Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co ambiente.	OBX6

Contidos

• Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.

• Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.

• Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.

• Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao ambiente.

• A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.

• Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.

• Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.

Bloque 2. A materia

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA2.2. Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA2.4. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
• CA2.5. Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
Contidos	
• Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións. • Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación. • Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos.	
Bloque 3. A enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA3.2. Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA3.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA3.4. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
• CA3.5. Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A enerxía: formulación de cuestións e hipóteses sobre a enerxía, propiedades e manifestacións que a describan como a causa de todos os procesos de cambio. • Deseño e comprobación experimental de hipóteses relacionadas co uso doméstico e industrial da enerxía nas súas distintas formas e as transformacións entre elas. • Elaboración fundamentada de hipóteses sobre o ambiente e a sostibilidade a partir das diferenzas entre fontes de enerxía renovables e non renovables. • Efectos da calor sobre a materia: análise dos efectos e aplicación en situacións cotiás.

Bloque 4. A interacción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA4.2. Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA4.3. Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	OBX1
• CA4.4. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA4.5. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
Contidos	
• Análise de movementos sinxelos a partir dos conceptos da cinemática, formulando hipóteses comprobables sobre valores futuros das magnitudes implicadas e validándoas a través do cálculo numérico, da interpretación de gráficas ou do traballo experimental. • As forzas como axentes de cambio: efectos das forzas, tanto no estado de movemento ou de repouso dun corpo como na produción de deformacións. • Aplicación das leis de Newton: observación de situacións cotiás ou de laboratorio que permiten entender como se comportan os sistemas materiais ante a acción das forzas e predicir os efectos destas en situacións cotiás e de seguridade viaria. • Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos: experimentos sinxelos que evidencian a relación coas forzas da natureza.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 5. O cambio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA5.2. Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA5.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA5.4. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
Contidos	
• Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. • Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.	

3º curso.

Materia de Física e Química 3º curso	
Bloque 1. As destrezas científicas básicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	OBX2
• CA1.2. Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	OBX2
• CA1.3. Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
• CA1.4. Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do ambiente e o coidado das instalacións.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	OBX4
• CA1.6. Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX4
• CA1.7. Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	OBX5
• CA1.8. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade.	OBX5
• CA1.9. Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co ambiente.	OBX6

Contidos

• Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.

• Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.

• Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.

• Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao ambiente.

• A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.

• Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.

• A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.

Bloque 2. A materia

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA2.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA2.4. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
• CA2.5. Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
• CA2.6. Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	OBX6
Contidos	
• Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica. • Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular. • Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC.	
Bloque 3. A enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA3.2. Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA3.3. Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	OBX1
• CA3.4. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
• CA3.6. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	OBX5
• C3.7. Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	OBX6
Contidos	
• Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. • Enerxía eléctrica: obtención. Circuítos eléctricos. • O aforro enerxético e a conservación sostible do ambiente.	
Bloque 4. O cambio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA4.2. Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA4.3. Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	OBX1
• CA4.4. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	OBX2
• CA4.5. Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	OBX3
• CA4.6. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.
• Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.
• Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia.
• Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

4º curso.

Materia de Física e Química 4º curso	
Bloque 1. As destrezas científicas básicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e describir situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas colaborativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA1.2. Predicir, para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar coas ferramentas e coñecementos adquiridos, tanto de forma experimental como dedutiva, aplicando o razoamento lóxico-matemático no seu proceso de validación.	OBX2
• CA1.3. Empregar fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada unha delas contén, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema e refugando todo o que sexa irrelevante.	OBX3
• CA1.4. Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades, as ferramentas matemáticas necesarias e as regras de nomenclatura avanzadas, así como as ferramentas matemáticas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
• CA1.5. Aplicar con rigor as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do ambiente e o coidado das instalacións.	OBX3
• CA1.6. Utilizar de forma eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, de forma rigorosa e respectuosa e analizando criticamente as achegas de cada participante.	OBX4
• CA1.7. Traballar de forma versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando e empregando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.8. Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	OBX5
• CA1.9. Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por mulleres e homes, así como de situacións e contextos actuais (liñas de investigación, institucións científicas etc.), que a ciencia é un proceso en permanente construción e que esta ten repercusións e implicacións importantes sobre a sociedade.	OBX6
Contidos	
• Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e o tratamento do erro mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións que vaian máis alá das condicións experimentais para aplicalas a novos escenarios. • Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica, como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. • Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao ambiente. • A linguaxe científica: manexo adecuado de distintos sistemas de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas adecuadas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. • Estratexias de interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. • Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade. • A cultura científica: o papel dos científicos e das científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.	
Bloque 2. A materia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1 Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA2.2. Resolver os problemas fisicoquímicos expostos en relación coa composición e coa estrutura de sistemas materiais mediante as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.	OBX1
• CA2.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente.	OBX2
• CA2.5. Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación dos elementos na táboa periódica, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	OBX6

Contidos
• Sistemas materiais: resolución de problemas e outras situacións de aprendizaxe diversas sobre disolucións e gases, entre outros sistemas materiais significativos.
• Modelos atómicos: desenvolvemento histórico dos principais modelos atómicos clásicos e cuánticos e descrición das partículas subatómicas, establecendo a súa relación cos avances da física e da química
• Estrutura electrónica dos átomos: configuración electrónica dun átomo e a súa relación coa posición deste na táboa periódica e as súas propiedades fisicoquímicas.
• Compostos químicos: a súa formación, propiedades físicas e químicas e valoración da súa utilidade e importancia noutros campos como a enxeñaría ou o deporte.
• Cuantificación da cantidade de materia: cálculo do número de moles de sistemas materiais de diferente natureza, manexando con soltura as diferentes formas de medida e expresión desta na contorna científica.
• Nomenclatura inorgánica: denominación de substancias simples, ións e compostos químicos binarios e ternarios mediante as normas da IUPAC.
• Introdución á nomenclatura orgánica: denominación de compostos orgánicos monofuncionais a partir das normas da IUPAC como base para entender a gran variedade de compostos da contorna baseadas no carbono.

Bloque 3. A enerxía

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns en canto ás distintas formas e transferencias de enerxía, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA3.2. Resolver os problemas fisicoquímicos expostos en relación coa enerxía e cos seus procesos de intercambio mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.	OBX1
• CA3.3. Recoñecer e describir situacións problemáticas reais relacionadas coa enerxía e emprender iniciativas colaborativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA3.4. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e cos seus procesos de intercambio a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas coa enerxía e os seus procesos de intercambio para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente.	OBX2
• CA3.6. Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor individual e colectivo.	OBX5
• CA3.7. Detectar as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlle solución sustentable a través da implicación de toda a cidadanía.	OBX6
Contidos	
• A enerxía: formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a experimentación e a resolución de problemas relacionados coa enerxía mecánica en situacións cotiás. • Transferencias de enerxía: o traballo e a calor como formas de transferencia de enerxía entre sistemas relacionados coas forzas ou a diferenza de temperatura. A luz e o son como ondas que transfiren enerxía. • A enerxía no noso mundo: estimación da enerxía consumida na vida cotiá mediante a procura de información contrastada, a experimentación e o razoamento científico, comprendendo a importancia da enerxía na sociedade, a súa produción e o seu uso responsable.	
Bloque 4. A interacción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA4.2. Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.	OBX1
• CA4.3. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.	OBX2
• CA4.4. Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento, coas forzas e cos seus efectos para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente.	OBX2
• CA4.5. Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Predición e comprobación, utilizando a experimentación e o razoamento lóxico-matemático, utilizando ecuacións e gráficas da variación das principais magnitudes que describen o movemento dun corpo, relacionándoo con situacións cotiás e coa mellora da calidade de vida.
• A forza como axente de cambios nos corpos: principio fundamental da física que se aplica a outros campos como o deseño, o deporte ou a enxeñaría.
• Carácter vectorial das forzas: uso da álxebra vectorial básica para a realización gráfica e numérica de operacións con forzas e a súa aplicación á resolución de problemas relacionados con sistemas sometidos a conxuntos de forzas, valorando a súa importancia en situacións cotiás.
• Principais forzas da contorna cotiá, recoñecemento do peso, a normal, o rozamento, a tensión ou o empuxe e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios.
• Lei da gravitación universal: atracción entre os corpos que compoñen o universo. Concepto de peso.
• Forzas e presión nos fluídos: efectos das forzas e da presión sobre os líquidos e os gases, estudando os principios fundamentais que as describen.

Bloque 5. O cambio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Comprender cambios físicos e químicos cotiáns, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA5.2. Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación aos cambios físicos e químicos mediante as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.	OBX1
• CA5.3. Recoñecer e describir situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e emprender iniciativas colaborativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA5.4. Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.	OBX2
• CA5.5. Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos referidos a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	OBX5

Contidos
• Ecuacións químicas: axuste de reaccións químicas e realización de predicións cualitativas e cuantitativas baseadas na estequiometría, relacionándoas con procesos fisicoquímicos da industria, do ambiente e da sociedade.
• Descrición cualitativa de reaccións químicas de interese da contorna cotiá, incluídas as combustións, as neutralizacións e os procesos electroquímicos sinxelos, valorando as implicacións que teñen na tecnoloxía, na sociedade ou no ambiente.
• Factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas: comprensión de como ocorre a reordenación dos átomos aplicando modelos como a teoría de colisións e realización de predicións nos procesos químicos cotiáns máis importantes.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

11.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Física e Química desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Física e Química e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1		1-2-4		4			
OBX2	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3			4-5	3	2	1		2-4
OBX4	2-3		4	1-2	3		3	4
OBX5	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6			2-5	4	1-4	4		1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O deseño da programación didáctica que relacione entre si todos os elementos curriculares, obxectivos, criterios de avaliación e contidos, de acordo co sentido integrado e holístico que corresponde ao currículo desta materia.

– O uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual como o cooperativo e o colaborativo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problema formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así como a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Débese ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado parten da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias referidas neste parágrafo.

– A realización de actividades de carácter interdisciplinar que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da física e da química.

– O uso de metodoloxías motivadoras que busquen fomentar no alumnado o gusto pola ciencia. Co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado consiga que o alumnado comprenda o que aprende, que saiba para que o aprende e que sexa capaz de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

– A realización de actividades de afianzamento que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativas. A este respecto, merecen especial consideración as preconcepcións

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

contrarias ás evidencias científicas polas barreiras que implican para o logro dos obxectivos deste currículo.

– O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

– O primeiro bloque, de carácter transversal, deberase traballar en combinación co resto dos bloques e ao longo de todo o curso.

12. Formación e Orientación Persoal e Profesional.

12.1. Introdución.

O sistema educativo contribúe a que o alumnado desenvolva plenamente a súa personalidade, reforce a súa autonomía e o coñecemento de si mesmo e da contorna na que vai vivir e a abrirse camiño. A materia Formación e Orientación Persoal e Profesional propón unha aproximación ao coñecemento do humano a partir de disciplinas que o analizan desde o coñecemento dos procesos biolóxicos, psicolóxicos e intelectuais que regulan a conduta, a cognición e a aprendizaxe, desde o coñecemento do individuo como parte dunha construción social e cultural, e desde a análise dos elementos que definen as organizacións sociais e os grupos humanos. Esta aproximación vai permitir espertar a curiosidade polo coñecemento da propia persoa, do seu proceso de aprendizaxe e da contorna sociocultural en que se atopa, de modo que incremente a súa autonomía e a súa confianza no seu propio logro, e facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Esta disciplina axuda a empatar nas mozas e nos mozos a realidade individual desde a súa complexidade como ser humano coa futura realidade laboral, fornecendo a persoa de ferramentas para, desde o autoentendemento e comprensión de si mesmo, desenvolverse e realizarse na realidade sociolaboral que emerxe na contorna a carón dunha realidade global.

O itinerario da materia Formación e Orientación Persoal e Profesional vai desde o individual ao concreto soporte social da vida, debuxando un percorrido desde o autocoñecemen-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

to, como ser individual e eminentemente social, ata a inserción efectiva no mundo sociolaboral. Deste xeito, a materia representa unha oportunidade única na etapa de secundaria obrigatoria na cal se veñen recoller aspectos gañados a través das diversas materias e da madurez do alumnado para a súa transposición ao mundo social, sinaladamente ao eido laboral e aos seus requirimentos. Daquela supón unha estratexia de inserción efectiva no mundo social e laboral a través do establecemento dos piares do coñecemento dun mesmo, desde unha ferramenta teórico-práctica que afonda nos valores que se precisan individual e colectivamente.

A finalidade educativa da materia está en consonancia co recollido na Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, que subliña a necesidade de axudar as persoas a adquirir as competencias necesarias para o desenvolvemento persoal, a promoción da saúde, a empregabilidade e a inclusión social. Esta materia foi deseñada tomando como referentes os descritores operativos do perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, así como os obxectivos fixados para a etapa de educación secundaria obrigatoria que contribúen a desenvolver no alumnado o «espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación e o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades».

Existe tamén unha vinculación directa entre esta materia e os principios pedagóxicos da educación primaria, nos que se explicita a potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias que promovan a autonomía e a reflexión. Ademais, existe continuidade entre esta materia e o tratamento, na etapa de educación primaria e nos tres primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, de todas as competencias clave e, en particular, da competencia emprendedora e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. A competencia emprendedora é entendida como unha maneira de enfocar a realidade que require pensamento crítico e creativo, destrezas para traballar de maneira colaborativa, perseveranza e iniciativa para buscar solucións a problemas e necesidades da contorna. A competencia persoal, social e de aprender a aprender prevé a reflexión do alumnado sobre si mesmo, a súa colaboración con outros de forma construtiva e inclusiva, e a xestión do tempo, da aprendizaxe e do seu desenvolvemento profesional.

Formación e Orientación Persoal e Profesional forma parte do grupo de materias de opción de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e ofrécelle ao alumnado a posibilidade de profundar no coñecemento de si mesmo, descubrindo as súas calidades persoais como potencial de valor, e aproximarse ao ámbito das ciencias relacionadas co estudo dos comportamentos humanos, sociais e culturais. Facilítaselle, ademais, o achegamento ás

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

distintas opcións formativas e de emprego que lle proporciona a contorna para favorecer, desde o coñecemento da realidade, o proceso de toma de decisións sobre a súa vocación e o seu itinerario académico cunha futura proxección profesional.

Desenvólvese a partir de aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado e está organizada ao redor da adquisición duns obxectivos que tratan, en primeiro lugar, de espertar no alumnado a curiosidade por entenderse non só como individuos illados, senón como suxeitos sociais e culturais. Esa curiosidade abre a porta ao coñecemento, á reflexión crítica e á análise, partindo de formulacións, saberes e estratexias propias de disciplinas como a psicoloxía, a socioloxía ou a antropoloxía. En segundo lugar, os obxectivos propoñen que o alumnado coñeza e aprenda as habilidades persoais e sociais necesarias para participar, crear e desenvolverse nos grupos humanos cos que interactúa dentro do ámbito persoal, social, académico e profesional. Para xerar esa participación, creatividade e enriquecemento persoal, social e profesional é preciso desenvolver ferramentas que faciliten a adaptación positiva á contorna, a toma de decisións informadas e a asunción de responsabilidades. En terceiro lugar, os obxectivos contribúen a que o alumnado transfira as aprendizaxes a un plano práctico e desenvolva o seu propio proxecto persoal, académico e profesional.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades do ámbito persoal, social e académico cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos que contribúen a adquirir os obxectivos organízanse en tres bloques. O primeiro deles relaciónase co coñecemento do ser humano desde a perspectiva das ciencias humanas e sociais relacionadas coa psicoloxía, a antropoloxía e a socioloxía. O segundo bloque lígase á formación e orientación persoal e profesional cara á vida adulta, para ofrecerlle ao alumnado un soporte con respecto á necesidade de facer un exercicio de autocoñecemento sobre calidades persoais propias e dos demais; a orientación cara á formación académica e profesional para coñecer a oferta formativa da contorna e optimizar a xestión dos itinerarios de aprendizaxe; a orientación profesional vinculada á exploración de contextos de traballo, que permita coñecer o funcionamento do mercado laboral, as formas de emprego e a importancia da iniciativa emprendedora, así como cuestións relacionadas coa incorporación das tecnoloxías e ferramentas dixitais, valorando a súa utilidade na procura de oportunidades. O terceiro e último bloque está asociado co deseño dun proxecto de orientación persoal, académico e profesional e de aproximación á procura activa de emprego. Os plans que o constitúen abórdanse desde un enfoque com-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

petencial e práctico, que favorece a súa elaboración de maneira progresiva en función do grao de afondamento das aprendizaxes que se vaian logrando ao longo do curso.

12.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.
• As persoas na vida cotiá mobilizan procesos físicos e psicolóxicos que fan posible percibir, comprender e interactuar mellor na contorna que as rodea. Todos eses procesos teñen de fondo a implicación de circuítos neuronais que están conectados entre si e que permiten procesar a información de maneira adecuada. • Xeralmente non se pensa no impacto que a sociedade e a cultura teñen sobre o desenvolvemento humano e a súa conduta, o cal leva a persoa a non comprender ou a ter un coñecemento incompleto sobre si mesma e sobre o mundo que a rodea. A cultura e a sociedade achegan modelos e referentes que condicionan as percepcións, actitudes, interpretacións e respostas ante os acontecementos e situacións que xorden nas súas vidas. • Neste sentido, parece necesario que o alumnado coñeza, por unha banda, os descubrimentos neurocientíficos que permiten entender os procesos de razoamento, toma de decisións e resolución de problemas e, por outra, que comprenda que levar a cabo estes procesos supón, entre outros, crear conceptos na súa mente, organizar as súas ideas, relacionalas cos seus coñecementos previos ou establecer inferencias. Neste proceso desempeña un papel fundamental a motivación como un elemento clave que promove ou inhibe a conduta. O alumnado pode tomar conciencia de que as súas actuacións e decisións están, en gran medida, condicionadas polas súas emocións e polos motivos que o levan a realizalas. Así, no terreo da aprendizaxe, para impulsar e manter unha conduta ou unha acción encamiñada a unha meta, é necesaria a motivación, pero tamén é imprescindible contar con estratexias que planifiquen e guíen de maneira consciente o mesmo proceso de aprendizaxe. É necesario coñecer o impacto das emocións nos procesos de motivación, razoamento, aprendizaxe e conduta para que se poidan xestionar adecuadamente e lograr un mellor desempeño en todos os ámbitos, tanto persoal como social, académico e profesional.
OBX2. Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.
• As persoas pasan ao longo da súa vida por etapas cuxos cambios físicos, cognitivos, psicolóxicos e sociais condicionan as súas decisións, comportamentos e reaccións dentro dun contexto que tamén é cambiante e incerto.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Coñecer os cambios que se producen na etapa da adolescencia permítelle ao alumnado atopar respostas e solucións a conflitos que se lle presentan por mor de acontecementos vitais que o preocupan e comprender o significado das súas propias experiencias en relación coas dos demais, nos diferentes grupos sociais cos que interactúa. A partir destas experiencias co medio social, vai tendo lugar a construción da súa propia identidade, na que interveñen, entre outros factores, a propia imaxe e os sentimentos de logro, seguridade e autoestima. Os devanditos sentimentos contribúen á elaboración do autoconcepto, que lle axuda ao alumnado a percibir e actuar segundo as súas posibilidades, de modo que poida potenciar aquelas calidades persoais que o conduzan a resolver retos cada vez máis complexos. Esta etapa supón, ademais, o preámbulo da vida adulta que implica a asunción de novas responsabilidades e compromisos, e a necesidade de alcanzar maior grao de autonomía. Neste sentido, é necesario que o alumnado desenvolva habilidades persoais e sociais que faciliten a súa incorporación a novos contextos e axuden ao establecemento de novas relacións valorando a importancia de romper os roles de xénero e os estereotipos.

OBX3. Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubrindo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.

• A complexidade social e económica, e o acceso a numerosas oportunidades profesionais e de formación fan necesario propiciar que o alumnado desenvolva destrezas persoais, incluídas as dixitais, así como actitudes que lle axuden a tomar decisións adecuadas e coherentes cos seus intereses, as súas expectativas e inquietudes e as súas necesidades en cada momento da súa vida e en contornas cambiantes. É preciso que explore e avalíe as súas inquietudes persoais e vocacionais, que recoñeza as súas fortalezas como elementos diferenciadores e de potencial valor, e que identifique as súas debilidades coa intención de buscar, con actitude proactiva e de superación, os recursos e axuda necesarios para mellorar o seu grao de desempeño persoal, social, académico e profesional.

• Doutra banda, para organizar con realismo o propio itinerario formativo e profesional requírese realizar unha exploración ordenada das oportunidades académicas, formativas e laborais que ofrece a contorna, tanto presencial como virtual, co fin de orientar correctamente a propia traxectoria no futuro. A crecente oferta educativa que se produciu nos últimos anos obriga o alumnado a seleccionar a información e a tomar decisións para formarse, seguir aprendendo ao longo da vida e orientar de maneira satisfactoria a súa carreira profesional. Necesita adquirir habilidades sociais, de adaptación e de planificación e xestión, e mostrar actitudes de iniciativa e de logro para enfrontarse aos novos retos que se presenten nos distintos ámbitos da súa vida.

OBX4. Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.

• O ser humano trata de lograr os seus obxectivos, para o que necesita poñer en marcha procesos e estratexias que lle permitan guiar as súas accións. Tamén ha de aprender os elementos socioculturais do medio en que se desenvolve e integralos na súa personalidade, considerando a influencia que van exercer nela os axentes sociais e a súa propia experiencia como membro dun grupo. Entender o ser humano implica analizalo desde distintas perspectivas, de modo que o alumnado poida realizar unha reflexión crítica a partir do estudo e análise dos saberes adquiridos. Lograr esta competencia supón non só xerar no alumnado curiosidade respecto do coñecemento do individuo, as sociedades e a cultura, senón tamén promover actitudes de respecto e empatía ante a realidade transcultural e o pluralismo social, promovendo o respecto polas minorías e a igualdade de xénero como elementos de diversidade enriquecedores e necesarios na vida democrática. Simultaneamente, pretende que as alumnas e os alumnos comprendan os estados emocionais doutros, tomen conciencia dos sentimentos alleos, se involucren en experiencias diversas e asuman situacións diferentes ás propias.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Con este obxectivo preténdese que o alumnado reflexione sobre a influencia que a sociedade e a cultura exercen na súa maneira de pensar, crear, expresarse, relacionarse, resolver conflitos e tomar decisións. Para comparar culturas e sociedades requírese coñecer algúns elementos da antropoloxía social e cultural, que permiten, por un lado, comprender mellor o impacto que ten sobre as persoas o establecemento de normas e valores, de costumes e referentes que guían os comportamentos humanos, e, por outro, posibilitan poñer en perspectiva a súa realidade, que coñeza o diverso e diferente e aprenda a respectalo e valoralo como compoñente enriquecedor. Por último, dentro dun panorama social e cultural cambiante, considérase importante desenvolver estratexias e habilidades persoais e sociais para decidir e analizar, con sentido crítico e responsabilidade, cuestións e problemas actuais, como os referidos ao logro da cohesión e a xustiza social, a cidadanía global, a efectiva igualdade de xénero ou o cumprimento dos dereitos humanos. Esta análise debe partir do coñecemento que ofrece a fundamentación teórica de distintos campos do ámbito das ciencias sociais, de modo que o alumnado logre unha mellor comprensión de si mesmo, dos demais e do mundo que o rodea.

12.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional 4º curso	
Bloque 1. O ser humano e o coñecemento dun mesmo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	OBX1
• CA1.2. Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	OBX1
• CA1.3. Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	OBX1
• CA1.4. Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	OBX1
• CA1.5. Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	OBX1
• CA1.6. Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	OBX1
• CA1.7. Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.8. Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non-discriminación.	OBX4
• CA1.9. Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	OBX4

Contidos

• As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía.

– Presentación da psicoloxía.

– Presentación da antropoloxía.

– Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social.

– As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura.

• Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta.

– Neurociencia, xenética e endocrinoloxía.

– A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais.

– O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico.

– O sistema nervioso periférico.

• A compoñente emocional do noso psiquismo.

– Recoñecemento e control das emocións.

– A motivación.

– Benestar e hábitos saudables.

– Os circuítos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados.

• Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade.

– A cognición e os procesos asociados.

– Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva.

– A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.

• O desenvolvemento evolutivo do psiquismo.

– O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida.

– O desenvolvemento da personalidade.

– A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A psicoloxía social.

– A necesidade individual de pertenza a grupos.

– A influencia do grupo.

– O desenvolvemento individual dentro do grupo.

• Antropoloxía. O ser humano como ser cultural.

– Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural.

– Humanización e cultura.

– O papel das mulleres na humanización.

– Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade).

• Concepto de sociedade e o ser humano como ser social.

– Comunicación, linguaxe e simbolismo.

– Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións.

– O ser humano como *Homo oeconomicus*. Teorías críticas.

• Vida en sociedade.

– Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social.

– Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación.

– Igualdade de xénero.

– Condutas prosociais e antisociais.

• Adolescentes na sociedade.

– O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva.

– O grupo: importancia, valor e diversidade.

– A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades.

• O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais.

– Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria.

– Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe.

– A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal.

Bloque 2. Formación e orientación persoal e profesional cara á vida adulta	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	OBX2
• CA2.3. Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	OBX2
• CA2.4. Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	OBX2
• CA2.5. Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubrindo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	OBX3
• CA2.6. Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	OBX3
• CA2.7. Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non-discriminación.	OBX4
• CA2.8. Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	OBX4
Contidos	
• A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. – Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseverança e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración. – Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. – Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. – Habilidades de organización e xestión. – Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación. • A formación académica. – Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica. – Información sobre a estrutura do sistema educativo.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores.

– Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.

• A formación profesional.

– Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.

– A transición á vida activa.

– Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.

– Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.

– Retos da revolución dixital.

– O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.

– Participación social activa.

– Colaboración e voluntariado.

Bloque 3. Proxecto persoal, académico-profesional e aproximación á busca activa de emprego	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubrindo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	OBX3
• CA3.2. Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	OBX3
• CA3.3. Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	OBX2
• CA3.4. Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	OBX2
• CA3.5. Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	OBX2
• CA3.6. Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	OBX2
• CA3.7. Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non-discriminación.	OBX4
• CA3.8. Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos

• O proxecto persoal: o autocoñecemento.

– Plans de autocoñecemento e de formación académica e profesional.

– O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais.

– Análise de fortalezas e debilidades propias.

– A diversidade como elemento enriquecedor.

– A intelixencia emocional. Autocoñecemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais.

– O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria.

– Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos.

• O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.

– Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.

– Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.

– Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.

– Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

– A toma de decisión na orientación académica e profesional.

– Avaliación das alternativas e da decisión tomada.

• Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.

– Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.

– Identificación de itinerarios formativos relacionados.

– Definición e análise do sector profesional.

– Fontes de información.

• Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.

– Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.

– A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.

– Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.

– A entrevista de traballo.

• Os distintos tipos de emprego.

– Traballo por conta allea e traballo por conta propia.

– O traballo na Administración pública.

– Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

– Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

12.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1		3	1		1-3-4-5	1-2		
OBX2		3			1-3-4-5	1	2	
OBX3	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4					3	1-2-3	2	1-2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A énfase en que as diversas competencias acadadas desde os saberes procedentes das reflexións filosóficas, sociolóxicas, psicolóxicas e antropolóxicas son complementarias respecto da busca e elaboración dos plans de inserción na vida laboral e social.

– O desenvolvemento dunha perspectiva teórico-práctica suscitando o coñecemento de xeito gradual e iterativo.

– O afondamento do alumnado nos contidos e competencias de xeito que reforce a súa adquisición progresivamente e sexa quen de empregalos para elaborar os tres plans que forman o proxecto persoal, académico-profesional e de aproximación á procura activa de emprego.

– A concienciación de que a concreción dos diversos plans podería ser desenvolvida tendo en conta que a reflexión crítica sobre o ser humano, a sociedade, a cultura e o coñecemento dun mesmo son previos ás decisións que se poidan tomar no ámbito persoal, académico e profesional nunha contorna concreta.

– A énfase en que os diversos plans son interdependentes e deben manter a coherencia entre si para construír un proxecto integrador, útil e aplicable á vida das alumnas e dos alumnos.

– Valoración dos plans elaborados como unha ferramenta útil que lles pode axudar a decidir, con autonomía, o seu propio futuro e afrontar os retos e desafíos do século XXI como cidadanía comprometida, crítica e responsable.

– A abordaxe, especialmente no relativo ao proxecto persoal, académico-profesional e aproximación á busca activa de emprego, dos posibles nesgos que as persoas e as empresas establecen entre mulleres e homes mediante o uso de estereotipos discriminatorios e como aprender a superalos; así como o espírito crítico que permita coñecer por que hai profesións tan feminizadas ou masculinizadas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

13. Latín.

13.1. Introdución.

A materia de Latín na etapa de educación secundaria obrigatoria constitúe unha aproximación específica aos diferentes aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas e á súa perduración no presente. A singularidade do enfoque desta materia vén condicionada pola súa dobre natureza. Por unha banda, para parte do alumnado supón a única toma de contacto, durante a súa escolarización obrigatoria, con determinados aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas, que constitúen as bases da nosa sociedade actual. Doutra banda, debe ter carácter de ensino propedéutico para o alumnado que continúe os seus estudos nesta disciplina. Esta dobre natureza require un esforzo por describir, contextualizar e entender a vixencia da evidente orixe clásica da nosa identidade como sociedade.

Esta materia está organizada arredor dos distintos aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas, así como das estratexias que permiten establecer unha relación crítica entre estas e o presente, contribuíndo e fomentando o desenvolvemento persoal e social do alumnado e a transmisión de valores universais. Deste xeito, combina os aspectos estritamente lingüísticos con outros de carácter literario, arqueolóxico, histórico, social, cultural e político, permitíndolle ao alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos. Os primeiros implican unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da lingua latina, senón tamén da lingua de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. A inclusión das linguas clásicas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral, contribuíndo e fomentando a diversidade lingüística e a relación entre as linguas desde unha perspectiva democrática e libre de prexuízos. Doutra banda, a materia permite establecer un diálogo co pasado que axude a entender o presente desde unha perspectiva lingüística, pero tamén desde o punto de vista literario, arqueolóxico, histórico, social, cultural e político. Nese diálogo teñen cabida, ademais, os procesos de conservación, preservación e restauración do patrimonio cultural latino, que lle ofrecen ao alumnado a posibilidade de se comprometer co legado da civilización clásica desde unha perspectiva sustentable e comprometida co futuro.

Os obxectivos de Latín na educación secundaria obrigatoria recollen ese diálogo entre presente e pasado ao que aludiamos anteriormente, que se formula a partir de tres eixes principais: situar no centro a reflexión humanista sobre o carácter clásico do legado latino, tanto material como inmaterial, fomentando a comprensión crítica do mundo actual; contribuír á mellora da competencia plurilingüe, favorecendo a reflexión do alumnado sobre

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

o funcionamento das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico; e ofrecer unha introdución aos rudimentos e técnicas de comprensión dos textos latinos e, de ser o caso, do uso escrito e/ou oral da lingua latina como medio fundamental para o coñecemento da cultura latina e o proceso de transmisión dos textos, e para a percepción do valor comunicativo da lingua latina.

Os criterios de avaliación están deseñados para comprobar o grao de consecución dos obxectivos da materia, polo que se presentan vinculados a eles, e inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado debe adquirir e desenvolver nesta materia.

Os criterios de avaliación e contidos están organizados en catro bloques. O primeiro, «O presente da civilización latina», recolle os coñecementos e experiencias necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e un xuízo estético, favorecendo o desenvolvemento de destrezas para a comprensión, a análise e a interpretación de textos literarios latinos e fomentando a lectura comparada de obras relevantes da cultura latina nas súas diferentes manifestacións con obras da tradición clásica. O segundo bloque, «Latín e plurilingüismo», pon o acento en como o coñecemento da lingua latina contribúe a un uso máis preciso das linguas que constitúen o repertorio individual do alumnado, así como ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. A partir do estudo dos formantes latinos, chégase a establecer estratexias de inferencia de significados nas diferentes linguas de ensino e de estudo mediante o recoñecemento de raíces, prefixos e sufixos da lingua latina. O terceiro bloque, «Comprensión e interpretación dos textos», integra todos os saberes implicados na identificación e análise, en sentido amplo, dos elementos básicos da lingua latina como sistema dentro dun contexto, organizándoos arredor da comprensión e do uso activo da lingua a partir de tarefas sinxelas de lectura e/ou tradución de textos adaptados e/ou orixinais, e retroversión e produción, de ser pertinente, de textos simples, orais e/ou escritos, en latín. Neste sentido, cómpre destacar os métodos activos de aprendizaxe da lingua latina, que potencian a aprendizaxe e o uso da lingua en contextos comunicativos reais, tanto por escrito como oralmente, para poder acceder dun modo natural á comprensión de textos orixinais sen a axuda de ningún tipo de glosario ou dicionario. Deste xeito, este currículo pretende ofrecer un apoio normativo ao emprego dos métodos activos sen limitar o uso doutras metodoloxías, deixando a criterio do profesorado a escolla do achegamento que lle pareza en cada caso máis axeitado. Este apoio materialízase, en primeiro lugar, mediante a preferencia polo uso do termo «comprensión» no canto de «tradución» no texto do currículo e, en segundo lugar, mediante os criterios de avaliación e contidos sobre comprensión e interpretación dos textos. O cuarto e último bloque, «Legado e patrimonio», recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización latina recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como técnica e como testemuño da historia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Os contidos han de poder activarse nos ámbitos persoal e educativo, pero tamén social e profesional. Neste sentido, a materia de Latín ofrece unha oportunidade de combinar os distintos saberes por medio de situacións de aprendizaxe contextualizadas en que o alumnado poida desenvolver as súas destrezas para a tradución, comprensión e uso básico da lingua latina, ao mesmo tempo que aumenta e mellora o seu coñecemento sobre a cultura da Antigüidade e a reflexión sobre a súa perduración ata os nosos días. Estes aspectos convértense nunha parte central do ensino do latín, ademais da análise crítica e a comprensión do presente como un proceso histórico que atopa os seus fundamentos na civilización clásica.

13.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.
• A valoración do papel da civilización latina como inicio da identidade europea supón recibir información expresada a través de fontes latinas, contrastala e analizala, activando as estratexias adecuadas para poder reflexionar sobre a permanencia de aspectos lingüísticos, históricos, políticos, culturais ou sociais da civilización latina na nosa sociedade. Implica, polo tanto, entender a cultura latina e extraer aqueles elementos fundamentais que permiten reflexionar e revisar a singularidade dos modos de vida e pensamento antigos, así como a súa proximidade aos modos de vida e pensamento actuais, para comparar as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, confrontando creacións latinas coa tradición clásica de creacións posteriores. • A análise crítica do presente require de información cotextual ou contextual que permita engadir elementos e argumentos ás hipóteses de valoración para desenvolver unha conciencia humanista e social aberta tanto ás constantes como ás variables culturais ao longo do tempo. Abordar esa análise desde un punto de vista crítico implica ser capaz de discernir aquela parte do legado romano que nos fai crecer como sociedade daquela outra que xa non ten cabida no mundo moderno, manifestando unha actitude de rexeitamento ante aspectos que denoten calquera tipo de discriminación. Os procesos de análise requiren contextos de reflexión e comunicación dialóxicos, respectuosos coa herdanza da Antigüidade clásica e coas diferenzas culturais que teñen a súa orixe nela.
OBX2. Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.
• A introdución aos elementos básicos da etimoloxía e o léxico da lingua latina desde un enfoque plurilingüe de adquisición das linguas permítelle ao alumnado transferir os coñecementos e estratexias desde as linguas do seu repertorio ao latín e viceversa, activando así as destrezas necesarias para a mellora da aprendizaxe de linguas novas e da súa competencia comunicativa e permitindo ter en conta os distintos niveis de coñecementos lingüísticos do alumnado, así como os diferentes repertorios individuais. O carácter do latín como lingua de orixe de diferentes linguas modernas permite recoñecer e apreciar distintas variedades e perfís lingüísticos contribuíndo á identificación, valoración e respecto da diversidade lingüística, dialectal e cultural para construír unha cultura compartida.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Todo o anterior promove unha mellor comprensión do funcionamento das linguas de ensino, así como das que forman parte do repertorio lingüístico do alumnado, por unha banda, mellorando a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas e, por outro, axudando a desenvolver habilidades léxicas e semánticas mediante a adquisición de estratexias de inferencia do significado do léxico común de orixe grecolatina, así como a comprensión do vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos. A comparación entre linguas require, así mesmo, da utilización das regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e a identificación de palabras derivadas do latín, tanto patrimoniais como cultismos, e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos. Este obxectivo implica unha reflexión sobre a utilidade do latín no proceso de aprendizaxe de novas linguas que pode levar a cabo a partir de ferramentas dixitais como o Portfolio europeo das linguas.

OBX3. Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.

• A lectura de textos latinos pertencentes a diferentes xéneros e épocas constitúe un dos piares da materia de Latín en cuarto curso. A comprensión e interpretación destes textos necesita dun contexto histórico, cívico, social, lingüístico e cultural que deberá ser produto da aprendizaxe. O traballo con textos orixinais en edición bilingüe ou adaptados, completos ou a través de fragmentos seleccionados, permite prestar atención a conceptos e termos básicos en latín que implican un coñecemento lingüístico, léxico e cultural, co fin de realizar unha lectura crítica e tomar conciencia do seu valor fundamental na construción da nosa identidade como sociedade. A interpretación de textos latinos comporta, polo tanto, a comprensión e o recoñecemento do seu carácter fundacional para a civilización occidental, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico que ten en conta desde o coñecemento sobre o tema ata a aprendizaxe e aplicación de estratexias de análises e reflexión para dar sentido á propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana, así como para desenvolver a sensibilidade estética. O coñecemento das creacións literarias e artísticas, dos períodos da historia de Roma e a súa organización política e social, e dos feitos históricos e lendarios da Antigüidade clásica, contribúe a facer máis intelixibles as obras, identificando e valorando a súa perduración no noso patrimonio cultural e os seus procesos de adaptación a diferentes culturas e movementos literarios, culturais e artísticos que tomaron as súas referencias de modelos antigos.

OBX4. Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.

• A comprensión dos textos é a finalidade fundamental na aprendizaxe das linguas clásicas e o proceso polo cal unha cultura, un grupo ou un individuo asimila ou se apropia dunha mensaxe ou dunha realidade que lle é allea, o que constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo para promover unha capacidade áxil de razoamento e aprendizaxe. Neste sentido, a comprensión require de moitos recursos e múltiples destrezas e implica unha aprendizaxe específica, regular e progresiva ao longo de varios cursos, que require e activa os coñecementos lingüísticos e culturais do alumnado. A introdución ao coñecemento dos elementos básicos da lingua latina na materia de Latín supón o primeiro paso no establecemento de estratexias e métodos de traballo adecuados que continuarán cos estudos da lingua latina e a grega en bacharelato. Este punto de partida consiste en comprender pasaxes ou textos adaptados ou orixinais dun nivel adecuado e de dificultade progresiva, suxerindo

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

ou xustificando a comprensión a partir da identificación, a relación ou a análise de elementos morfolóxicos e sintácticos da lingua latina e dos coñecementos previos sobre o tema e o contexto que proporciona os períodos máis significativos da historia de Roma. Ademais da comprensión de textos latinos, neste curso iníciase a produción, non só mediante a clásica retroversión de oracións simples, utilizando as estruturas propias da lingua latina, senón mediante a produción activa, de ser o caso, de breves textos, orais ou escritos, en forma de diálogo e/ou narración, a partir de modelos dados para, así, poder desenvolver os usos comunicativos da lingua ao tempo que se practican os coñecementos lingüísticos adquiridos. Deste xeito, o alumnado amplía o seu repertorio lingüístico individual e reflexiona de forma crítica sobre os propios procesos de aprendizaxe de linguas mediante o uso de diversos recursos e ferramentas analóxicas e dixitais.
OBX5. Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.
• O patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, material e inmaterial, presente tanto no noso país como en países da nosa contorna, concíbese aquí como herdanza directa da civilización latina. O recoñecemento da herdanza material require a observación directa e indirecta do patrimonio, utilizando diversos recursos, incluídos os que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación. A toma de conciencia da importancia do patrimonio material necesita do coñecemento e da comprensión dos procedementos de construción –no caso do patrimonio arqueolóxico– e de composición –no caso dos soportes de escritura–. Ademais, implica distinguir entre os procesos de preservación, conservación e restauración, incidindo especialmente naqueles aspectos que requiren da participación dunha cidadanía activa e comprometida coa súa contorna e co seu propio legado, de acordo coa Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural da UNESCO. Pola súa banda, o recoñecemento da herdanza inmaterial da civilización clásica latina, desde a práctica da oratoria nas institucións ata as cerimonias privadas ou os espectáculos de entretemento, contribúe á comprensión de aspectos clave da nosa sociedade e da nosa cultura actuais.

13.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Latín 4º curso	
Bloque 1. O presente da civilización latina	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	OBX1
• CA1.2. Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	OBX1
• CA1.4. Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	OBX3
• CA1.5. Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	OBX3
• CA1.6. Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	OBX3
Contidos	
• Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. • Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. • Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. • Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. • Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. • Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. • Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... • Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.	
Bloque 2. Latín e plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	OBX2
• CA2.2. Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.3. Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	OBX2
• CA2.4. Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	OBX2

Contidos

• O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.

• Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.

• Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.

• Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.

• Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.

• Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.

• Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

• Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

• Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.

• Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

• Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.

Bloque 3. Comprensión e interpretación dos textos

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	OBX4
• CA3.2. Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	OBX4
• CA3.3. Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	OBX4

Contidos

• Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.

• Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.

• Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

• Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.

• Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.

• Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.

• Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.

• Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

• Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.

• Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.

• Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

Bloque 4. Legado e patrimonio

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	OBX1
• CA4.2. Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	OBX3
• CA4.3. Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	OBX5
• CA4.5. Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	OBX5
Contidos	
• Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. • A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. • Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. • Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. • Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. • Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. • Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.	

13.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Latín desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Relación entre os obxectivos da materia de Latín e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2	2-3				1		1
OBX2		2-3	1				3	
OBX3	2	1-2	1		4			1
OBX4	2	2-3	1	2				
OBX5		3		1-3		1-4		1-2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O traballo colaborativo coas materias lingüísticas, combinando os distintos saberes por medio de situacións de aprendizaxe contextualizadas en que o alumnado poida desenvolver as súas destrezas para a comprensión e/ou tradución da lingua latina ás linguas de ensino.

– O traballo en relación con materias non lingüísticas e humanísticas co fin de aumentar e mellorar o coñecemento sobre a cultura da Antigüidade e a reflexión sobre a súa perduración ata os nosos días.

– A planificación dos obxectivos de Latín tendo en conta as posibilidades de traballo cooperativo con outras materias: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas etc.

– A colaboración transnacional no marco dos programas europeos, traballando a cultura latina como punto de encontro das distintas realidades que conforman a actual identidade europea, para favorecer a construción dunha cidadanía europea democrática e libre de prexuízos.

– A adquisición das competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica que permiten ao alumnado o seu máximo desenvolvemento persoal, social e formativo, e que garanten que este poida exercer unha cidadanía responsable e enfrontarse aos retos e desafíos do século XXI.

– A coordinación cos departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase, así pois, a actualización dos documentos do centro correspondentes.

– A coordinación con outros departamentos para o establecemento de lecturas obrigatorias e/ou voluntarias de carácter transversal.

– A experimentación con novas metodoloxías como o traballo por proxectos, a clase invertida (*flipped classroom*), aprendizaxe colaborativa, ludificación etc. Estas metodoloxías permiten maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizan resultados e fan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.

– A potenciación do uso das TIC, favorecendo a realización de vídeos, gravacións de son, presentacións en formato dixital, uso de aplicacións que favorezan a aprendizaxe, creación e difusión de contidos etc.

– A incorporación de métodos activos que implican as seguintes recomendacións: conformación dun corpus de vocabulario, gramática e expresións, vinculado a unha serie de aspectos da vida cotiá do alumnado; introdución da expresión oral en latín adecuada ao contexto da práctica diaria na aula; elección, adaptación e/ou creación de textos adecuados a esa gramática, vocabulario e expresións; introdución de exercicios nos que se traballen a lectura e comprensión de textos latinos a través de preguntas en latín; introdución de exercicios de representación nos que o alumnado compoña e interprete pequenas escenas relacionadas coa vida cotiá en latín.

14. Lingua Castelá e Literatura.

14.1. Introdución.

O eixe do currículo de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A finalidade da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Os obxectivos de Lingua Castelá e Literatura na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na educación primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, ademais diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Para cada obxectivo formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un claro enfoque compe-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

tencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Espérase que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. De aí a importancia de vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao termo de cada curso consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo. É fundamental o traballo coordinado con outras materias do currículo, especialmente do ámbito lingüístico, debido ao emprego común dos distintos xéneros discursivos.

Dado o enfoque inequivocamente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de saberes senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido aos estudantes. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, procura de contraexemplos, establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas. A ollada á lingua como sistema non debe ser, polo tanto, un coñecemento dado, senón un saber que as alumnas e os alumnos van construíndo ao longo da etapa a partir de preguntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

14.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.
• A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental de España, onde se falan varias linguas e os seus respectivos dialectos. Ademais diso, nas nosas aulas conviven persoas que utilizan variedades dialectais diferentes da lingua ou linguas de aprendizaxe, incluídas as de signos. As clases de linguas han de acoller esta diversidade lingüística do alumnado non soamente para evitar os prexuízos lingüísticos e abrazar os significados culturais que comporta tal riqueza de códigos verbais, senón para profundar tamén no coñecemento do funcionamento das linguas e das súas variedades. Do que se trata, polo tanto, é de convidar a coñecer a orixe e o desenvolvemento tanto histórico como sociolingüístico das linguas de España e proporcionarlle ao alumnado algunhas nocións básicas destas e doutras linguas presentes na contorna, así como familiarizalo coa existencia das linguas de signos. • O español ou castelán é unha lingua universal e policéntrica, cunha enorme diversidade dialectal. Ningunha das súas variedades xeográficas ha de ser considerada máis correcta ca outra. É preciso, polo tanto, que o alumnado aprenda a distinguir as características que obedecen á diversidade xeográfica das linguas doutros trazos relacionados co sociolecto ou cos diversos rexistros cos que un falante se adecúa ás distintas situacións comunicativas. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.
OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.
• Desenvolver as estratexias de comprensión oral implica entender que a comunicación é un constante proceso de interpretación de intencións en que entran en xogo o coñecemento compartido entre o emisor e o receptor, así como todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten ir máis alá do significado do texto e interpretar o seu sentido. Se ata hai relativamente pouco a comunicación oral era sempre de carácter síncrono, as tecnoloxías da información e da comunicación ampliaron as posibilidades da comunicación asíncrona e abriron o acceso desde o centro educativo a ámbitos comunicativos de carácter público. A escola debe incorporar innumerables prácticas discursivas propias de diferentes ámbitos que sexan significativas para o alumnado e que aborden temas de relevancia social. • A comprensión e a interpretación de mensaxes orais require destrezas específicas que han de ser tamén obxecto de ensinanza e de aprendizaxe, desde as máis básicas –anticipar o contido, reter información relevante en función do propio obxectivo, distinguir entre feitos e opinións ou captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso–, ata as máis avanzadas –identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos, detectar falacias argumentativas ou valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto–. No ámbito social, o desenvolvemento escolar das habilidades de interpretación das mensaxes orais debe ter en conta a profusión de textos de carácter multimodal que reclaman unha específica alfabetización audiovisual e mediática para lles facer fronte aos riscos de manipulación e desinformación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

• O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado pasa necesariamente pola atención aos usos orais, que deben ser tanto vehículo de aprendizaxe como obxecto de coñecemento. As clases de lingua e literatura han de ofrecer contextos diversificados e significativos onde o alumnado poida conversar cos seus iguais en diálogos pedagoxicamente orientados, de maneira que se estimule a construción de coñecementos que fagan posible a reflexión sobre os usos formais e informais, espontáneos e planificados.

• A interacción oral require coñecer as estratexias para tomar e ceder a palabra, despregar actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez e claridade e co ton e rexistro adecuados, así como pór en xogo os principios de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. A produción oral de carácter formal, monologada ou dialogada, ofrece marxe para a planificación e comparte, polo tanto, estratexias co proceso de escritura. Atendendo á situación comunicativa, formal ou informal, a relación entre os interlocutores, o propósito comunicativo e a canle, os xéneros discursivos –moldes en que cristalizaron as prácticas comunicativas propias dos diferentes ámbitos– ofrecen pautas para estruturar o discurso e para adecuar o rexistro e o comportamento non verbal. As tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e favorecen tamén o rexistro das achegas orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

• Desenvolver a competencia lectora implica incidir na motivación, no compromiso, nas prácticas de lectura e no coñecemento e uso das estratexias que deben despregarse antes, durante e despois deste proceso, co fin de que os alumnos e as alumnas se convertan en lectores competentes e autónomos ante todo tipo de textos, de que saiban avaliar a súa calidade e fiabilidade e de que atopen neles a resposta aos diferentes propósitos de lectura en todos os ámbitos da súa vida.

• Comprender un texto implica captar o seu sentido global e a información máis relevante en función do propósito de lectura, integrar a información explícita e realizar as inferencias necesarias que permitan reconstruír a relación entre as súas partes, formular hipóteses acerca da intención comunicativa que subxace neses textos e reflexionar sobre a súa forma e o seu contido. Para iso, convén acompañar os procesos lectores do alumnado de maneira detida na aula, tendo en conta que a alfabetización do século XXI pasa necesariamente pola ensinanza da lectura dos hipertextos da internet. As clases de lingua han de diversificar os ámbitos aos que pertencen os textos escritos e crear contextos significativos para o traballo na aula, procurando a gradación e a complementariedade na complexidade destes (extensión, estrutura, linguaxe, tema etc.) e das tarefas propostas. Faise aquí imprescindible o traballo coordinado con outras materias do currículo, dada a especificidade dos xéneros discursivos asociados a cada área de coñecemento, así como coas outras linguas curriculares, especialmente coa lingua cooficial.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

• Saber escribir hoxe significa saber facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento e apropiación dos «moldes» en que cristalizaron as prácticas comunicativas escritas propias dos diferentes ámbitos de uso: os xéneros discursivos. De aí que o ensino e a aprendizaxe da escritura reclamen unha coidadosa e sostida intervención na aula. A elaboración dun texto escrito é froito, mesmo nas súas formas máis espontáneas, dun proceso que ten polo menos catro momentos: a planificación –determinación do propósito comunicativo e do destinatario, xunto coa análise da situación comunicativa, alén da lectura e da análise de modelos–, a redacción e a revisión –que pode ser autónoma, mais tamén compartida con outros e outras estudantes ou guiada polo profesorado– e a edición do texto final.

• No eido educativo, porase a énfase nos usos da escritura para a toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais ou resumos e na elaboración de textos de carácter académico. A composición do discurso escrito ha de atender tanto á selección e organización da información (coherencia), á relación entre as súas partes e ás súas marcas lingüísticas (cohesión) e á elección do rexistro (adecuación) como á corrección gramatical e ortográfica e á propiedade léxica. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do escrito, a inscrición das persoas (emisora e destinatarias) e a linguaxe e o estilo, polo que a vinculación entre a reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua e a súa proxección nos usos é inseparable.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

• O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e como ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal e evidenciar unha actitude ética e responsable tanto coa propiedade intelectual como coa identidade dixital.

• Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colectiva, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, ben sobre temas do currículo ou ben ao redor de aspectos importantes da actualidade social, científica ou cultural. Estes procesos de investigación deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e ao respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias coas que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de citas, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais etc. É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe e como centro neurálxico de recursos, formación e coordinación, será un ámbito ideal para acadar este obxectivo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.

• Desenvolver este obxectivo implica percorrer un camiño de progreso planificado que pasa pola dedicación dun tempo periódico e constante de lectura individual, acompañado de estratexias e engrenaxes adecuadas para configurar a autonomía e a identidade lectora que se desenvolverá ao longo de toda a vida.

• É esencial a configuración dun corpus de textos adecuado, formado por obras de calidade que posibiliten tanto a lectura autónoma como o enriquecemento da experiencia persoal da lectura e que inclúa o contacto con formas literarias actuais impresas e dixitais, así como con prácticas culturais emerxentes. Alén diso, é recomendable traballar para configurar unha comunidade de lectores con referentes compartidos e establecer estratexias que axuden a cada lector ou lectora a seleccionar os textos do seu interese, a apropiarse deles e a compartir a súa experiencia persoal de lectura, deseñando contextos en que aparezan motivos para ler que partan de retos de indagación sobre as obras e que propoñan maneiras de vincular afectivamente os lectores e as lectoras cos textos. A medida que o obxectivo se vaia afianzando, será posible reducir progresivamente o acompañamento docente e establecer relacións entre lecturas máis ou menos complexas, combinando a modalidade autónoma coa modalidade guiada.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

• Este obxectivo ten que facilitar o tránsito desde unha lectura identificativa ou argumental das obras a outra máis consciente e elaborada que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para iso, é necesario desenvolver habilidades de interpretación que favorezan o acceso a obras cada vez máis complexas, a verbalización de xuízos de valor máis argumentados e a construción dun mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos europeos e universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Constatar a pervivencia de tópicos temáticos e formais que atravesan épocas e contextos culturais implica privilexiar un enfoque intertextual.

• Dous son os eixes propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a lectura guiada e compartida na aula de obras que presenten unha certa resistencia para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu gozo senón tamén a apropiación dos seus elementos relevantes. En segundo lugar, a inscrición desas obras en itinerarios temáticos ou de xénero integrados por textos literarios e non literarios de diferentes épocas e contextos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas, tópicos e formas estéticas e axude a establecer vínculos entre o horizonte de produción e o horizonte actual de recepción. O deseño de itinerarios nos que debe haber unha representación de autoras e autores reclama unha planificación consensuada ao longo da etapa para asegurar a progresión e a complementariedade necesarias que permitan a adquisición gradual das competencias interpretativas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

• Para que sexa útil o estudo sistemático da lingua, debe promover, por un lado, a competencia metalingüística do alumnado, quere dicir, a súa capacidade de razoamento, argumentación, observación e análise e, por outro, ha de estar vinculado aos usos reais propios dos falantes, mediante textos orais, escritos e multimodais contextualizados. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento intuitivo do alumnado como usuario da lingua e establecer pontes co coñecemento sistemático desde idades temperás, primeiro cunha linguaxe común, máis próxima á realidade do escolar, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica. Alén diso, debe integrar os niveis fonético-fonolóxico, morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

• Trátase, xa que logo, de abordar o coñecemento da gramática como un proceso sostido ao longo da etapa, no que o relevante non é tanto a aprendizaxe de taxonomías como a reflexión arredor do sistema lingüístico e a formulación indutiva –e, polo tanto, provisional– de conclusións sobre este. Para iso hai que comezar coa observación do significado e da función que as formas lingüísticas adquiren no discurso para chegar á xeneralización e á sistematización a partir da observación dos enunciados, do contraste entre as oracións, da formulación de hipóteses e de regras, do uso de contraexemplos ou da conexión con outros fenómenos lingüísticos. En definitiva, preténdese estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o alumnado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

• Acadar este obxectivo implica non só que os estudantes sexan eficaces á hora de se comunicaren, senón que poñan as palabras ao servizo duns obxectivos que non se desentendan da inevitable dimensión ética da comunicación.

• No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, brindando a ferramenta para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra, é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e profesional, a educación lingüística debe capacitar para lograr unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables con relación aos grandes desafíos que como humanidade temos formulados: a sustentabilidade do planeta e a erradicación das infinitas violencias e das crecentes desigualdades.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

14.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	OBX1
• CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
Contidos	
• Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. • As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. • Iniciación á reflexión interlingüística. • Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.	
Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	OBX4
• CA2.4. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	OBX6
• CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos da lectura.	OBX6
• CA2.7. Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA2.9. Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10

Contidos
• Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
– Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
– Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
– Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
– Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
• Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
– Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
• Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
– Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
– Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA3.2. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA3.5. Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	OBX6
• CA3.7. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
• CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social.	OBX10
Contidos	
• Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. – Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. – Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. – Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. – Xéneros discursivos do ámbito social: produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

– Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	OBX3
• CA4.2. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA4.3. Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA4.4. Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	OBX7
• CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	OBX7
• CA4.6. Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA4.7. Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX8
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. – Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. – Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. – Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. – Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. – Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. – Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. – Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. • Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. – Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. – Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. – Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes. – Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. – Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. – Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme os procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. – Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA5.2. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.3. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.5. Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersecciónns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). – Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.	

2º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
Contidos	
• Aproximación ás linguas de signos. • Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. • Iniciación á reflexión interlingüística. • Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.	
Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4
• CA2.4. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	OBX4
• CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	OBX6
• CA2.6. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	OBX6
• CA2.7. Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
Contidos	
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. – Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.

– Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.

– Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.

• Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

– Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

– Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

– Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA3.5. Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	OBX6
• CA3.7. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
• CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	OBX10

Contidos

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

– Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.

– Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.

• Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

– Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na rede para a realización de proxectos escolares.

• Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

– Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

– Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA4.2. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4
• CA4.3. Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA4.4. Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	OBX7
• CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	OBX7
• CA4.6. Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA4.7. Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX8
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8
Contidos	
• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. – Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. – Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. – Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. – Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. – Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. – Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. – Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

– Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

– Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme os procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

– Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA5.2. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA5.3. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.5. Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9

Contidos

• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

– Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

– Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

– Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

3º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura 3º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	OBX1
• CA.1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
• CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social.	OBX10
Contidos	
• Análise da biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade. • Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. • Desenvolvemento da reflexión interlingüística. • Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. • Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	OBX2
• CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA2.4. Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	OBX6
• CA2.6. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	OBX6
• CA2.7. Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA2.9. Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
Contidos	
• Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. – Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. – Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. – Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

– Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.

– Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.

– Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

– Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.

– Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	OBX6
• CA3.7. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	OBX9
• CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	OBX10

Contidos

• Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.

– Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.

– Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.

– Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

– Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.

• Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na rede para a realización de proxectos escolares.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.

– Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA4.2. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA4.3. Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA4.4. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	OBX7
• CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX7
• CA4.6. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX8
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
– Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
– Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
– Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
– Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
– Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
– Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (*booktrailers*) para o fomento da lectura.
• Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
– Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
– Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersecções entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). – Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. – Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. – Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.	

4º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura 4º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	OBX1
• CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
• CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	OBX10
Contidos	
• Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. • Desenvolvemento da reflexión interlingüística. • Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. • Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. • Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.	
Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA2.4. Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	OBX6
• CA2.6. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.7. Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA2.9. Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10

Contidos

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.

– Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto.

– Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.

• Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.

– Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.

– Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA3.5. Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	OBX6
• CA3.7. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	OBX9
• CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	OBX10
Contidos	
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. – Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas. – Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. – Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. – Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. • Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. – Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. – Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais para a realización de proxectos escolares.

• Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.

– Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA4.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA4.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA4.4. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	OBX7
• CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX7
• CA4.6. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

Contidos

• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.

– Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.

– Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

– Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.

– Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.

– Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.

– Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (*booktrailers*) para o fomento da lectura.

• Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.

– Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA5.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. – Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.	

14.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Castelá e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-4					1		1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos, e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. Por exemplo: elaboración de páxinas web, exposicións orais, dramatizacións, réplica de modelos dramáticos e transposicións do código cinematográfico ao código textual. O profesorado ten que estimular a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través do diálogo e da interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Entre outras, a preparación de exposicións no recinto do centro educativo, a creación dun blog e a elaboración dunha revista.

– A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

– A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

– A coordinación da ensinanza das linguas. O traballo interdisciplinario cos departamentos lingüísticos do centro, co EDLG e co Equipo de Biblioteca constituirá un apoio importante para mellorar a adquisición de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, coa súa acción coordinada, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas poden ser, entre outras, os clubs de lectura, os proxectos trimestrais e as traducións ou adaptacións de textos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A proposta de lectura de obras e fragmentos (literarios ou non) que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que dean a coñecer aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o nivel de capacitación verbal do alumnado. Convén incidir na aplicación e no desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos propios gustos literarios e que fomenten a creación dunha identidade lectora persoal e definida. Para logralo, sería necesario familiarizar o alumnado con mecanismos como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación do seu coñecemento base, a atención aos contidos principais do texto, a avaliación da consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos e a formulación de predicións de lectura.

– As estratexias de lectura compartida para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. Entre outras: obradoiros de lectura e escritura creativa, participación ou organización dun club de lectura na aula, creación de catálogos de libros ou menús literarios, audiolibros, mosaico de poemas, dramatizacións, creación de álbums ilustrados e coloquios literarios.

– As estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Entre outras, creación de trípticos literarios, *booktrailers*, emprego de aplicacións compilatorias e exposicións de recensións literarias.

– A énfase nas estratexias que melloran a oralidade, co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

– A importancia dos mecanismos que favorecen a corrección gramatical e a ampliación do caudal léxico do alumnado, a través de actividades como a elaboración de glosarios, o recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, así como da funcionalidade e utilidade de cada un deles, a potenciación das TIC vinculadas ao emprego de dicionarios dixitais ou a familiarización do alumnado con material didáctico integrado en espazos virtuais.

15. Lingua Estranxeira.

15.1. Introdución.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exixen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cida-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

danía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia para a cultura democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado.

A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de educación secundaria obrigatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

No eixe do currículo de Lingua Estranxeira concorren as dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural. Os obxectivos da materia, relacionados cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado comunicarse eficazmente e de forma apropiada na lingua estranxeira e ampliar o seu repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares como nas linguas estranxeiras nun proceso de enriquecemento mutuo. Así mesmo, ocupan un lugar importante a valoración e o respecto polos perfís lingüísticos individuais, a aceptación e a adecuación á diversidade cultural, así como o respecto e a curiosidade por outras linguas e polo diálogo intercultural como medio para fomentar a sustentabilidade e a democracia. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, supoñendo esta experiencia un enriquecemento para a persoa.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Esta materia, ademais, permítelle ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e acceder ás culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, tanto como motor de formación e aprendizaxe como fonte de información e gozo. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que podería aproveitarse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas e culturas estranxeiras. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta materia.

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos durante a educación primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. A progresión ademais supón outorgarlle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e ás relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado, co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais.

Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. Na súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir, xunto co contexto ou modo de aplicación e o uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), aínda que adecuados á madurez e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación secundaria. Estrutúranse en tres bloques: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade.

Pola súa banda, os contidos unen os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a adquisición dos obxectivos da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques de criterios de avaliación e contidos relacionados. O bloque de «Comunicación» abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque de «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

linguas, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque de «Interculturalidade» agrúpanse os saberes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a súa valoración como oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais. Inclúense tamén neste bloque os saberes orientados ao desenvolvemento de actitudes de interese por entender e apreciar outras linguas, variedades lingüísticas e culturas.

O enfoque, a nivelación e a definición dos distintos elementos do currículo están formulados a partir das actividades de lingua e das competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é peza fundamental para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de pór en funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e os retos e desafíos do século XXI. En consonancia co enfoque orientado á acción que propón o MCER, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

15.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.
• A comprensión supón recibir e procesar información. Na etapa da educación secundaria obrigatoria, a comprensión é unha destreza comunicativa que se debe desenvolver a partir de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e usando a lingua estándar. A comprensión, neste nivel, implica entender e interpretar os textos e extraer o seu sentido xeral e os detalles máis relevantes para satisfacer as súas necesidades comunicativas. Para iso, débense activar as estratexias máis adecuadas ao desenvolvemento psicoevolutivo e ás necesidades do alumnado, co fin de reconstruír a representación do significado e do sentido do texto e para formular hipóteses sobre a intención comunicativa que subxace aos devanditos textos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Entre as estratexias de comprensión máis útiles para o alumnado atópanse a inferencia e a extrapolación de significados a novos contextos comunicativos, así como a transferencia e integración dos coñecementos, as destrezas e as actitudes das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico. Inclúe a interpretación de diferentes formas de representación (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos etc.), a interpretación da información contextual (elementos extralingüísticos) e cotextual (elementos lingüísticos), que permiten comprobar a hipótese inicial sobre a intención e sentido do texto, así como formular hipóteses alternativas se fose necesario.

• Ademais das devanditas estratexias, a procura de fontes fiables, en soportes tanto analóxicos como dixitais, constitúe un método de grande utilidade para a comprensión, pois permite contrastar, validar e sustentar a información, así como obter conclusións relevantes a partir dos textos. Os procesos de comprensión e interpretación requiren contextos de comunicación dialóxicos que estimulen a colaboración, a identificación crítica de prexuízos e estereotipos de calquera tipo, así como o interese xenuíno polas diferenzas e semellanzas etnoculturais.

OBX2. Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.

• A produción engloba tanto a expresión oral como a escrita e a multimodal. Nesta etapa, a produción debe dar lugar á redacción e á exposición de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, con creatividade, coherencia e adecuación. A produción, en diversos formatos e soportes, pode incluír nesta etapa a exposición dunha pequena descrición ou anécdota, unha presentación formal de maior extensión, unha sinxela argumentación ou a redacción de textos que expresen feitos, conceptos, pensamentos, opinións e sentimentos, mediante ferramentas dixitais e analóxicas, así como a procura avanzada de información na internet como fonte de documentación. No seu formato multimodal, a produción inclúe o uso conxunto de diferentes recursos para producir significado (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos etc.) e a selección e aplicación do máis adecuado en función da tarefa e das súas necesidades.

• As actividades vinculadas coa produción de textos cumpren funcións importantes nos ámbitos persoal, social, educativo e profesional e existe un valor cívico concreto asociado a elas. A destreza nas producións máis formais en diferentes soportes non se adquire de forma natural, senón que é produto da aprendizaxe. Nesta etapa as producións baséanse na aprendizaxe de aspectos formais básicos de cariz máis lingüístico, sociolingüístico e pragmático; das expectativas e convencións comúns asociadas ao xénero empregado; de ferramentas de produción; e do soporte utilizado. As estratexias que permiten a mellora da produción, tanto formal como informal, comprenden a planificación, a autoavaliación e coavaliación, a retroalimentación, así como a monitorización, a validación e a compensación.

OBX3. Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.

• A interacción implica dúas ou máis persoas participantes na construción dun discurso. Considérase a orixe da linguaxe e comprende funcións interpersoais, cooperativas e transaccionais. Na interacción entran en xogo a cortesía lingüística e a etiqueta dixital, os elementos verbais e non verbais da comunicación, así como a adecuación aos distintos rexistros e xéneros dialóxicos, tanto orais como escritos e multimodais, en contornas síncronas ou asíncronas. Nesta etapa da educación espérase que as interaccións aborden temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este obxectivo é fundamental na aprendizaxe, pois inclúe estratexias de cooperación, de inicio, mantemento ou conclusión de conversacións, de cesión e toma de quendas de palabra, así como estratexias para preguntar co obxectivo de solicitar clarificación ou repetición. Ademais, a aprendizaxe e a aplicación das normas e principios que rexen a cortesía lingüística e a etiqueta dixital preparan o alumnado para o exercicio dunha cidadanía democrática, responsable, respectuosa, inclusiva, segura e activa.

OBX4. Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.

• A mediación é a actividade da linguaxe consistente en explicar e facilitar a comprensión de mensaxes ou textos a partir de estratexias como a reformulación, de maneira oral ou escrita. Na mediación, o alumnado debe actuar como axente social encargado de crear pontes e axudar a construír ou expresar mensaxes de forma dialóxica, non só entre linguas distintas, senón tamén entre distintas modalidades ou rexistros dentro dunha mesma lingua. Na educación secundaria obrigatoria, a mediación céntrase, principalmente, no rol da lingua como ferramenta para resolver os retos que xorden do contexto comunicativo, creando espazos e condicións propicias para a comunicación e a aprendizaxe; na cooperación e o fomento da participación dos demais para construír e entender novos significados; e na transmisión de nova formación de maneira apropiada, responsable e construtiva, podendo empregar tanto medios convencionais como aplicacións ou plataformas virtuais para traducir, analizar, interpretar e compartir contidos que, nesta etapa, versarán sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado.

• A mediación facilita o desenvolvemento do pensamento estratéxico do alumnado, en canto supón que este elixa as destrezas e estratexias máis adecuadas do seu repertorio para lograr unha comunicación eficaz, pero tamén para favorecer a participación propia e doutras persoas en contornas cooperativas de intercambios de información. Así mesmo, implica recoñecer os recursos dispoñibles e promover a motivación dos demais e a empatía, comprendendo e respectando as diferentes motivacións, ideas e circunstancias persoais das interlocutoras e interlocutores e harmonizándoas coas propias. Por iso, espérase que o alumnado mostre empatía, respecto, espírito crítico e sentido ético, como elementos clave para unha adecuada mediación neste nivel.

OBX5. Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre ou seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.

• O uso do repertorio lingüístico e a reflexión sobre o seu funcionamento están vinculados co enfoque plurilingüe da adquisición de linguas. O enfoque plurilingüe parte do feito de que as experiencias do alumnado coas linguas que coñece serven de base para a ampliación e mellora da aprendizaxe de linguas novas e axúdano a desenvolver e enriquecer o seu repertorio lingüístico plurilingüe e a súa curiosidade e sensibilización cultural. Na educación secundaria obrigatoria o alumnado afonda nesa reflexión e establece as relacións entre as que conforman os seus repertorios individuais, analizando as súas semellanzas e diferenzas co fin de ampliar coñecementos e estratexias. Deste xeito, favorécese a aprendizaxe de novas linguas e mellórase a competencia comunicativa. A reflexión sobre as linguas e o seu funcionamento implica que o alumnado entenda as súas relacións e, ademais, contribúe a que identifique as fortalezas e carencias propias no terreo lingüístico e comunicativo, tomando conciencia dos coñecementos e estratexias propios e facéndoos explícitos. Neste sentido, supón tamén a posta en marcha de destrezas para lle facer fronte á incerteza e para desenvolver o sentido da iniciativa e a perseveranza na consecución dos obxectivos ou a toma de decisións.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Ademais, o coñecemento de distintas linguas permite valorar a diversidade lingüística da sociedade como un aspecto enriquecedor e positivo. A selección, configuración e aplicación dos dispositivos e ferramentas tanto analóxicas como dixitais para a construción e integración de novos contidos sobre o repertorio lingüístico propio pode facilitar a adquisición e mellora da aprendizaxe doutras linguas.
OBX6. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.
• A interculturalidade supón experimentar a diversidade lingüística, cultural e artística da sociedade analizándoa e beneficiándose dela. Na educación secundaria obrigatoria, a interculturalidade, que favorece o entendemento cos demais, merece unha atención específica para que forme parte da experiencia do alumnado e para evitar que a súa percepción sobre esa diversidade estea distorcida por mor dos estereotipos e constitúa a orixe de certos tipos de discriminación. A valoración crítica e a adecuación á diversidade deben permitirlle ao alumnado actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. • A conciencia da diversidade proporciónalle ao alumnado a posibilidade de relacionar distintas culturas. Ademais, favorece o desenvolvemento dunha sensibilidade artística e cultural, e a capacidade de identificar e utilizar unha gran variedade de estratexias que lle permitan establecer relacións con persoas doutras culturas. As situacións interculturais que se poden formular nesta etapa durante o ensino da lingua estranxeira permítenlle ao alumnado abrirse a novas experiencias, ideas, sociedades e culturas, mostrando interese cara ao diferente; relativizar a propia perspectiva e o propio sistema de valores culturais; e distanciarse e evitar as actitudes sustentadas sobre calquera tipo de discriminación ou reforzo de estereotipos. Todo iso orientado cara ao obxectivo de desenvolver unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.

15.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Estranxeira 1º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	OBX2
• CA1.4. Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	OBX2
• CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	OBX2
• CA1.6. Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX3
• CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	OBX3
• CA1.8. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX4
• CA1.9. Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4
Contidos	
• Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. • Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.

• Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.

• Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.

• Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.

• Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.

• Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

• Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.

• Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	OBX5
• CA2.2. Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. • Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. • Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo víncu-los entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	OBX6
• CA3.2. Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	OBX6
• CA3.3. Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6

Contidos
• A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal. • Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. • Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. • Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. • Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2º curso.

Materia de Lingua Estranxeira 2º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	OBX1
• CA1.3. Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	OBX2
• CA1.4. Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	OBX2
• CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	OBX2
• CA1.6. Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX3
• CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	OBX3
• CA1.8. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.9. Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4
Contidos	
• Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. • Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. • Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. • Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. • Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. • Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. • Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. • Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. • Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. • Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. • Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. • Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	OBX5
• CA2.2. Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo de linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	OBX5
Contidos	
• Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio. • Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. • Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	OBX6
• CA3.2. Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	OBX6
• CA3.3. Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
• Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
• Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
• Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
• Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

3º curso.

Materia de Lingua Estranxeira 3º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX1
• CA1.2. Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	OBX1
• CA1.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	OBX1
• CA1.4. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	OBX2
• CA1.5. Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	OBX2
• CA1.7. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX3
• CA1.8. Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	OBX3
• CA1.9. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX4
• CA1.10. Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4

Contidos
• Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. • Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. • Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.

• Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.

• Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.

• Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX5
• CA2.2. Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX5

Contidos

• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

• Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. • Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	OBX6
• CA3.2. Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	OBX6
• CA3.3. Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6
Contidos	
• A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. • Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. • Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. • Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. • Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	

4º curso.

Materia de Lingua Estranxeira 4º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	OBX1
• CA1.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.	OBX1
• CA1.4. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	OBX2
• CA1.5. Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX2
• CA1.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.	OBX2
• CA1.7. Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX3
• CA1.8. Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	OBX3
• CA1.9. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX4
• CA1.10. Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos

• Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

• Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.

• Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.

• Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.

• Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.

• Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.

• Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.

• Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.

• Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX5
• CA2.2. Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX5
Contidos	
• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. • Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. • Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	OBX6
• CA3.2. Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	OBX6
• CA3.3. Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
• Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
• Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
• Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
• Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

15.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Estranxeira desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3	5	1-2	1	3	3	3		
OBX4	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5		2	1	2	1-5			
OBX6	5	3			1-3	3		1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O enfoque orientado á acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Isto favorece unha perspectiva de «dominio» guiada polo que o alumnado «pode facer», no canto dunha perspectiva de «carencia» na que se acentúa aquilo que aínda non foi adquirido. Trátase de deseñar currículos fundamentados nas necesidades comunicativas do mundo real, organizados arredor de tarefas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos, favorecendo desde o ámbito da comunicación a adquisición de competencias clave a través da resolución de tarefas de forma creativa e colaborativa, fomentando o espírito científico e o emprendemento (iniciativa persoal), reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Deste xeito o papel do profesorado pasa a ser o de acompañamento e guía, que axude a converter cada proxecto nunha experiencia positiva e enriquecedora.

– O deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, o que axudará a darlle unha atención individualizada.

– A énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten.

– A identificación persoa-lingua, que implica axudar o alumnado a asociar a/o docente coa lingua que ensina de xeito automático. Desde o primeiro momento, a lingua estranxeira ten que ter presenza activa non só na aula, senón tamén no centro educativo. O profesorado ten a oportunidade de aproveitar as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado: practicamente toda a relación que se establece no centro educativo co alumnado é susceptible de desenvolverse na lingua estranxeira.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A creación de situacións de comunicación, reais ou supostas entre o alumnado. O uso de actividades lúdico-pedagóxicas en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase como un recurso eficaz para a adquisición da lingua.

– O uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos, programas internacionais, plataformas de intercambio e cooperación.

– O fomento da comprensión oral ao longo de toda a etapa, mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos.

– O uso da lectura en lingua estranxeira a través de diversos soportes desde unha perspectiva de xénero, considerando a necesaria gradación no avance de coñecemento e adquisición da lingua ao longo da etapa, atendendo, asemade, á diversidade das aulas.

– O ensino de técnicas de aprendizaxe e de estratexias que permitan gañar autoconfianza na adquisición e uso da lingua estranxeira.

– A avaliación inicial e a formativa realizada ao longo do curso como elementos esenciais para a toma de decisións. A información proporcionada por estas permite modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

– A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos e adaptados ás características do alumnado.

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, en canto á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras materias nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

16. Lingua Galega e Literatura.

16.1. Introdución.

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a apropiación dun patrimonio lingüístico, literario e cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua brinda a ferramenta e a metalinguaxe necesarias para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de comprensión, expresión e recepción crítica.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Oriéntase tamén á adquisición de vínculos co patrimonio cultural galego e, sobre todo coa lingua galega, procurando que sexa asumida como lingua propia de Galicia, afianzando a súa transmisión e impedindo a substitución lingüística.

Estes obxectivos de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, dos cales haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora, a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e dáselle un protagonismo máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

O primeiro deles oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, e especialmente cara á lingua galega, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos, tomar conciencia da situación da lingua propia de Galicia e estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á comprensión, produción e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía que se desenvolven a través das TIC e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profe-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

sional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. Cómpre salientar que o proceso de ensino e aprendizaxe da lectura debe abordarse desde unha perspectiva ampla, tanto no que se refire á tipoloxía textual e ao propósito comunicativo como ao formato ou canle de difusión dos textos. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Para cada obxectivo, formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e de instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Espérase que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. De aí a importancia de vertebrar a programación de aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe verosímiles e contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao remate de cada curso consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

Dado que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral e tendo en conta o enfoque inequivocamente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos como en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado. Non se trata de que os coñecementos impartidos nesta materia sexan diferentes entre uns cursos e outros da ESO, senón que a diferenza radica na intensidade e profundidade con que estes son traballados. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques. O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios, achegarse á historia da literatura galega e coñecer algunhas obras, au-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

toras e autores e movementos literarios relevantes dela e do ámbito lingüístico lusófono, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, da procura de contraexemplos e do establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica. A ollada cara á lingua como sistema non ha de ser, polo tanto, un coñecemento dado, senón un saber que o alumnado vai construíndo ao longo da etapa a partir de preguntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

16.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.
• A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental de toda a Península Ibérica, onde se falan varias linguas e os seus respectivos dialectos. Alén diso, nas nosas aulas conviven alumnas e alumnos que usan linguas ou variedades dialectais diferentes do galego e doutros idiomas de aprendizaxe, incluída a lingua de signos. As clases de idiomas deben abrazar esta diversidade lingüística do estudantado para non só evitar prexuízos lingüísticos e acoller os significados culturais que supón esa riqueza de códigos verbais, senón tamén para profundar no coñecemento de como funcionan as linguas e as súas variedades. Trátase de os convidar, polo tanto, a coñeceren a orixe e o desenvolvemento histórico e sociolingüístico das linguas da Península Ibérica (especialmente, o portugués, o éuscaro e o catalán) e de achegalos a algunhas nocións básicas destas, incluída a existencia da lingua de signos galega. • Pola especial e preocupante situación da lingua galega, como axuda para a súa recuperación, é preciso que esta alcance, a través da lingua portuguesa, unha maior e mellor utilidade internacional. Débese conseguir que o portugués non sexa alleo ao galego. Para iso, é conveniente que o alumnado, cando estea en contacto coa lingua portuguesa, ben fisicamente ou ben a través das redes sociais e doutros medios de comunicación, entenda oralmente e por escrito –dentro do seu respectivo nivel– esta variedade lingüística próxima á nós. Do que se trata, polo tanto, é de que o galego aproveite a oportunidade da súa estreita vinculación co portugués, tanto no relativo ás súas raíces históricas comúns como aos trazos lingüísticos aínda hoxe compartidos, para avanzar no seu proceso de normalización social, para alcanzar unha maior proxección exterior, o que sen dúbida contribuirá a incrementar o seu prestixio no seo da sociedade galega, e para superar os prexuízos que aínda hoxe dificultan a súa plena aceptación por algúns grupos sociais, sobre todo o prexuízo relativo á súa falta de utilidade. Tal fomento do ensino e da aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, das transfronteirizas, que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como é o caso do galego e do portugués. A devandita lei incide nesta idea ao establecer que a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, lle outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega. Por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e que nos concede unha gran proxección internacional.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• O galego, como lingua histórica e a través do portugués, é unha lingua universal e policéntrica, cunha evidente diversidade dialectal. Ningunha das súas variedades xeográficas ha de ser considerada máis correcta que outra. É preciso, polo tanto, que o alumnado utilice con propiedade a súa variedade dialectal e que aprenda a distinguir entre as características que obedecen á diversidade xeográfica das linguas daquelas outras relacionadas co sociolecto ou cos diversos rexistros con que un falante se adecúa a distintas situacións comunicativas. Todo isto coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos. Tal como acontece co ensino do español ou do inglés, parece lóxico que o alumnado de lingua galega adquira tamén coñecementos sobre as variedades lingüísticas pertencentes ao diasistema lingüístico común, de maneira especial cando tal coñecemento contribúe de modo eficaz a incrementar o seu repertorio lingüístico e a mellorar a autoestima das persoas galegofalantes.

• Alén diso, o alumnado debe coñecer, de xeito gradual, cal é a situación sociolingüística da súa comunidade, non só en canto á presenza do galego en distintos ámbitos (a Administración, o comercio, os medios de comunicación...), senón tamén en función da distribución xeográfica (poboación rural/urbana) ou doutras variantes como a idade (persoas maiores/xente nova). Este debe ser o punto de partida para reparar nas dificultades polas que atravesa a lingua galega, cun precoupante descenso de falantes, confrontando as causas que o provocan, especialmente os prexuízos que lastran a normalización do galego, e reflexionando sobre a responsabilidade individual de cada falante na súa conservación.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.

• O desenvolvemento das estratexias de comprensión oral implica entender que a comunicación é un constante proceso de interpretación de intencións en que entran en xogo o coñecemento compartido entre o emisor e o receptor e todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten ir máis alá do significado do texto e interpretar o seu sentido. Se ata hai relativamente pouco a comunicación oral era sempre de carácter síncrono, as tecnoloxías da información e da comunicación aumentaron as posibilidades da comunicación asíncrona e abriron o acceso desde o ámbito escolar a ámbitos comunicativos de carácter público. A escola pode e debe incorporar unha infinidade de prácticas discursivas propias de diferentes ámbitos que sexan significativas para o alumnado e que aborden temas de relevancia social.

• A comprensión e a interpretación de mensaxes orais require o dominio de destrezas específicas que han de ser tamén obxecto de ensinanza e de aprendizaxe: desde as máis básicas –anticipar o contido, reter información relevante en función do propio obxectivo, distinguir entre feitos e opinións ou captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso– ás máis avanzadas –identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos, detectar falacias argumentativas ou valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto–. No ámbito social, o desenvolvemento escolar das habilidades de interpretación de mensaxes orais debe ter en conta a profusión de textos de carácter multimodal que reclaman unha específica alfabetización audiovisual e mediática para lles facer fronte aos riscos de manipulación e desinformación.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

• O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado pasa necesariamente pola atención aos usos orais, que deben ser tanto vehículo de aprendizaxe como obxecto de coñecemento. As clases de lingua e literatura han de ofrecer contextos diversificados e significativos para que o alumnado poida conversar cos seus iguais en diálogos pedagoxicamente orientados á construción de coñecementos que propicien a reflexión sobre os usos formais e informais, espontáneos e planificados.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A interacción oral require coñecer as estratexias para tomar e ceder a palabra, despregar actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez e claridade e no ton e rexistro adecuados, así como pór en xogo os principios de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. A produción oral de carácter formal, monologada ou dialogada, ofrece marxe para a planificación e, polo tanto, comparte estratexias co proceso de escritura. Atendendo á situación comunicativa formal ou informal, a relación entre os interlocutores, o propósito comunicativo e a canle, así como os xéneros discursivos –moldes en que cristalizaron as prácticas comunicativas propias dos diferentes ámbitos–, ofrecen pautas para estruturar o discurso e para adecuar o rexistro e o comportamento non verbal. As tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e favorecen tamén o rexistro das achegas orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

• Desenvolver a competencia lectora implica incidir na motivación, no compromiso, nas prácticas de lectura e no coñecemento e uso das estratexias que deben despregarse antes, durante e despois deste proceso, a fin de que as alumnas e os alumnos se convertan en lectores competentes e autónomos ante todo tipo de textos, de que saiban avaliar a súa calidade e fiabilidade e de que encontren neles a resposta a diferentes propósitos de lectura en todos os ámbitos da súa vida.

• Comprender un texto implica captar o seu sentido global, integrar a información explícita e realizar as inferencias necesarias que permitan reconstruír a relación entre as súas partes, formular hipóteses arredor da intención comunicativa que se agocha nos devanditos textos e reflexionar sobre a súa forma e o seu contido. Para isto, convén acompañar os procesos lectores do alumnado de maneira detida na aula, tendo en conta que a alfabetización do século XXI pasa necesariamente pola ensinanza da lectura dos hipertextos da internet. As clases de lingua han de diversificar os ámbitos a que pertencen os textos escritos e crear contextos significativos para o traballo na aula, procurando a gradación e a complementariedade na complexidade destes (extensión, estrutura, linguaxe etc.) e das tarefas propostas. Faise aquí imprescindible o traballo coordinado con outras materias do currículo, dada a especificidade dos xéneros discursivos asociados a cada área de coñecemento, así como coas outras linguas curriculares.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

• Saber escribir hoxe significa saber facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento e a apropiación dos «moldes» en que cristalizaron as prácticas comunicativas escritas propias dos diferentes ámbitos de uso: os xéneros discursivos. De aí que a ensinanza e a aprendizaxe da escritura requira unha coidadosa e sostida intervención na aula. A elaboración dun texto escrito é froito, mesmo nas súas formas máis espontáneas, dun proceso que ten polo menos catro momentos: a planificación –determinación do propósito comunicativo e do destinatario da situación comunicativa, alén da lectura e análise de modelos–, a redacción, a revisión –que pode ser autónoma, mais tamén compartida con máis estudantes ou guiada polo profesorado– e a edición do texto final.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• No ámbito educativo, porase a énfase nos usos da escritura para a toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais ou resumos, e tamén na elaboración de textos de carácter académico. A composición do discurso escrito ha de atender tanto á selección e organización da información (coherencia), á relación entre as súas partes e ás súas marcas lingüísticas (cohesión) e á elección do rexistro (adecuación), como á corrección gramatical e ortográfica e á propiedade léxica. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do escrito, a inscrición das persoas (emisora e destinatarias) no discurso e a linguaxe e o estilo, polo que a vinculación entre a reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua e a súa proxección nos usos é inseparable.

OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

• O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e como ferramenta esencial para lles facer fronte aos retos do século XXI. Por isto, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal e evidenciar unha actitude ética e responsable tanto coa propiedade intelectual como coa identidade dixital.

• Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colectiva, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, xa sexa sobre temas do currículo ou arredor de aspectos importantes da actualidade social, científica ou cultural. Estes procesos de investigación deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e ao respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias coas cales se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de citas, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais etc. É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe e como centro neurálxico de recursos, formación e coordinación, será o contorno ideal para a adquisición deste obxectivo

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.

• Desenvolver este obxectivo implica percorrer un camiño de progreso planificado que pasa pola dedicación dun tempo periódico e constante de lectura individual, acompañado de estratexias e engrenaxes adecuadas para configurar a autonomía e a identidade lectora que se desenvolverá ao longo de toda a vida.

• É esencial a configuración dun corpus de textos adecuado, formado por obras de calidade que posibiliten tanto a lectura autónoma como o enriquecemento da experiencia persoal de lectura e que inclúa o contacto con formas literarias actuais impresas e dixitais, así como con prácticas culturais emerxentes. Alén diso, é recomendable traballar para configurar unha comunidade de lectores e lectoras con referentes compartidos; establecer estratexias que lle axuden a cada un a seleccionar os textos do seu interese, a apropiarse deles e a compartir a súa experiencia persoal de lectura, deseñando contextos en que aparezan motivos para ler que partan de retos de indagación sobre as obras e que propoñan maneiras de vincular afectivamente os lectores e as lectoras cos textos. A medida que o obxectivo se vaia afianzando, será posible reducir progresivamente o acompañamento docente e establecer relacións entre lecturas máis ou menos complexas, combinando a modalidade autónoma coa guiada.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

• Este obxectivo ha de facilitar o tránsito desde unha lectura identificadora ou argumental das obras a outra máis consciente e elaborada que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para isto, é necesario desenvolver habilidades de interpretación que favorezan o acceso a obras cada vez máis complexas, a verbalización de xuízos de valor máis argumentados e a construción dun mapa cultural que conxugue os horizontes galegos, portugueses e universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Constatar o mantemento de tópicos temáticos e formais que atravesan épocas e contextos culturais implica privilexiar un enfoque intertextual.

• Dous son os eixes propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a lectura guiada e compartida na aula de obras que presenten unha certa resistencia para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu gozo, senón tamén a apropiación dos seus elementos relevantes. En segundo lugar, a inscrición de obras en itinerarios temáticos ou de xénero integrados por textos literarios e non literarios de diferentes épocas e contextos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas, tópicos e formas estéticas e axude a establecer vínculos entre o horizonte de produción e o actual de recepción. O deseño de itinerarios –en que debe haber representación de autoras e autores– require unha planificación consensuada ao longo da etapa para asegurar a progresión e a complementariedade necesarias que permitan a adquisición gradual das competencias interpretativas.

OBX9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

• O estudo sistemático da lingua, para que sexa útil, debe promover, por un lado, a competencia metalingüística do alumnado, quere dicir, a súa capacidade de razoamento, argumentación, observación e análise; por outro, debe estar vinculado aos usos reais propios dos falantes, mediante textos orais, escritos e multimodais contextualizados. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento intuitivo do alumnado como usuario da lingua e establecer pontes co coñecemento sistemático desde idades temperás, primeiro cunha linguaxe común, máis próxima á realidade do estudantado, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica. Debe, alén diso, integrar os niveis fonético-fonolóxico, morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

• Trátase, polo tanto, de abordar a aprendizaxe da gramática como un proceso sostido ao longo da etapa, no cal o relevante non é tanto a aprendizaxe de taxonomías como a reflexión arredor do sistema lingüístico e a formulación indutiva –e, polo tanto, provisional– de conclusións sobre este. Para iso, hai que comezar coa observación do significado e da función que as formas lingüísticas adquiren no discurso, para chegar á xeneralización e á sistematización a partir da observación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipóteses e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos. En definitiva, preténdese estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o alumnado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.
• Adquirir este obxectivo implica non só que o alumnado sexa eficaz á hora de se comunicar, senón que poña as palabras ao servizo duns obxectivos que teñan en conta a ineludible dimensión ética da comunicación. • No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, achegando recursos para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra, é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e profesional, a educación lingüística debe capacitar para acadar unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables con relación aos grandes desafíos que como humanidade temos propostos: a sustentabilidade do planeta e a erradicación das infinitas violencias e das crecentes desigualdades.

16.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Galega e Literatura 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1 Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	OBX1
Contidos	
• Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa. • Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. • Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. • Iniciación á reflexión interlingüística. • Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.2. Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA2.3. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA2.4. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4
• CA2.5. Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA2.7. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	OBX6
• CA2.8. Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.9. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA2.10. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
Contidos	
• Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. – Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

– Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

– Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

– Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA3.3. Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	OBX7
• CA3.4. Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA3.5. Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA3.6. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

Contidos

• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.

– Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.

– Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

– Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.

– Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.

– Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

– Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.

• Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

– Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Lectura con perspectiva de xénero.

– Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA4.2. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA4.3. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA4.5. Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9

Contidos

• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

– Diferenzas relevantes e intersecções entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

– Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

– Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

– Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

2º curso.

Materia de Lingua Galega e Literatura 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	OBX1
Contidos	
• Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. • Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. • Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. • Introdución á reflexión interlingüística. • Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. • Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.	
Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA2.4. Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4
• CA2.6. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA2.7. Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA2.8. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	OBX6
• CA2.9. Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.10. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10

Contidos

• Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

– Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

– Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

– Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

– Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

– Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

– Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	OBX4
• CA3.2. Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA3.3. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.4. Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	OBX6
• CA3.5. Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	OBX7
• CA3.6. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.7. Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA3.8. Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA3.9. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

Contidos

• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.

– Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.

– Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.

– Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.

– Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.

– Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

– Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.

• Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.

– Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

– Lectura con perspectiva de xénero.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	OBX5
• CA4.2. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA4.3. Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA4.5. Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9

Contidos

• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

– Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

– Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

– Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

– Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

3º curso.

Materia de Lingua Galega e Literatura 3º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	OBX1
• CA1.2. Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	OBX1
• CA1.3. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	OBX1
• CA1.4. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	OBX6
Contidos	
• Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. • Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. • Desenvolvemento de nocións básicas de portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. • Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. • Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias. • Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.	
Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.2. Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.3. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA2.4. Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA2.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	OBX5
• CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA2.7. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	OBX6
• CA2.8. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.9. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
• CA2.10. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	OBX10
Contidos	
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. – Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. – Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación). – Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). – Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais para a realización de proxectos escolares.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.

– Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.

– Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1 Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA3.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	OBX7
• CA3.4. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX7
• CA3.5. Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA3.6. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA3.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8

Contidos

• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

– Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.

– Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.

– Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.

– Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.

– Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

– Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.

• Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Lectura con perspectiva de xénero.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	OBX5
• CA4.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA4.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	OBX9

Contidos

• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

– Diferenzas relevantes e intersecções entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

– Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

– Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

– Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

– Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4º curso.

Materia de Lingua Galega e Literatura 4º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	OBX1
• CA1.2. Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.3. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	OBX1
• CA1.4. Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	OBX1
• CA1.5. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	OBX6
Contidos	
• Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). • Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. • Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.

• Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.

• Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.

• Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.

Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.2. Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA2.3. Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	OBX3
• CA2.4. Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA2.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	OBX5
• CA2.6. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX6
• CA2.7. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	OBX6
• CA2.8. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.9. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX10
• CA2.10. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	OBX10

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.

– Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

– Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.

• Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A expresión da subxectividade en textos de carácter argumentativo.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.

– Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais para a realización de proxectos escolares.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

– Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA3.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA3.3. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	OBX7
• CA3.4. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX7
• CA3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX8
• CA3.6. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA3.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8
Contidos	
• Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. – Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. – Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. – Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. – Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avaliar predicións. – Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.

• Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

– Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

– Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.

– Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción, en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.

– Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.

– Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	OBX5
• CA4.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX9
• CA4.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersecciónns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. – Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. – Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario dixital e familiarización con material didáctico para espazos virtuais. – Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

16.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Galega e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Galega e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-4					1		1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

contidos como en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado.

– O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese. As revistas escolares e as saídas didácticas (museos, exposicións, espectáculos...) son unha mostra deste traballo conxunto. Así mesmo, as actividades interdepartamentais en formato audiovisual (radio, televisión, documentais...) tamén poden ser instrumentos útiles e para a adquisición, produción e intercambio de contidos relacionados con distintas disciplinas. Todos eles deben contribuír á mellora nos procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a todo o que teña que ver coa alfabetización informacional.

– A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.

– A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos. Tamén poden incorporarse procedementos que enriquezan os seus traballos e que permitan a súa difusión en distintos formatos (realidade aumentada, códigos QR...).

– A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (podcasts, informativos, publicidade, teatro radiofóni-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

co...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (audiocontos, videopoemas, *booktrailers*, *booktubers*, titoriais...).

– A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico –tanto vocálico como consonántico–, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas máis xenuínas da lingua galega.

– A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos. O alumnado debe comprender que non hai unhas linguas mellores ca outras, considerar isto non deixa de ser racismo lingüístico.

– A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo como noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

– A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

17. Matemáticas.

17.1. Introdución.

As matemáticas atópanse en calquera actividade humana, desde o traballo científico ata as expresións culturais e artísticas, formando parte do acervo cultural da nosa sociedade. O razoamento; a argumentación; a modelización; o coñecemento do espazo e do tempo; a organización e optimización de recursos, formas e proporcións; a capacidade de previsión; o control da incerteza e o uso correcto da tecnoloxía dixital son características das matemáticas, pero tamén o son a comunicación, a perseveranza, a toma de decisións ou a creatividade. Así pois, resulta importante desenvolver no alumnado as ferramentas e os aspectos básicos das matemáticas que lle permitan desenvolverse satisfactoriamente tanto en contextos persoais, académicos e científicos como sociais e laborais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O desenvolvemento curricular das matemáticas fundaméntase nos obxectivos da etapa, prestando especial atención á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. A devandita adquisición é unha condición indispensable para lograr o desenvolvemento persoal, social e profesional do alumnado e constitúe o marco de referencia para a definición dos obxectivos da materia.

O perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico identifica o conxunto de competencias, persoais, sociais e académicas que o alumnado ten que adquirir e desenvolver ao finalizar a etapa. No que respecta ás matemáticas, o alumnado deberá ser capaz de utilizar métodos indutivos, dedutivos e lóxicos para recoñecer a natureza matemática dun problema, resolvelo e analizar criticamente as solucións, reformulando o procedemento se fose necesario. O alumnado deberá ser capaz de interpretar e de transmitir os elementos máis relevantes dos procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados matemáticos de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...) e aproveitando de forma crítica a cultura dixital, incluída a linguaxe matemático-formal, con ética e responsabilidade para compartir e construír novos coñecementos.

As liñas principais na definición dos obxectivos en matemáticas son as destrezas socioafectivas e a resolución de problemas. Ademais, abórdanse a formulación de conxecturas, o razoamento matemático, o establecemento de conexións entre os distintos elementos matemáticos con outras materias e coa realidade e a comunicación matemática, todo iso co apoio de ferramentas tecnolóxicas. Estes grandes principios vertebran todo o currículo.

Este documento pretende ser inclusivo, xa que tradicionalmente parte do alumnado percibiu unha barreira ante a aprendizaxe das matemáticas. Esta barreira está asociada en gran medida a ideas preconcibidas sobre esta materia, tanto no ámbito individual ou social como pola aparición de emocións negativas derivadas destas crenzas. A investigación en didáctica demostrou que o rendemento na materia de Matemáticas pode mellorar se se contribúe a derrubar estes prexuízos e a desenvolver emocións positivas cara a ela. Por iso, o dominio de destrezas socioafectivas, como identificar e manexar emocións, afrontar os desafíos, manter a motivación e a perseveranza e desenvolver o autoconcepto, entre outras, permitiralle ao alumnado aumentar o seu benestar xeral, construír resiliencia e prosperar como estudante de matemáticas.

Doutra banda, resolver problemas non é só un obxectivo da aprendizaxe das matemáticas, senón que tamén é unha das principais formas de aprender matemáticas. Na reso-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

lución de problemas destacan procesos como a capacidade de interpretación, a tradución á linguaxe matemática, a aplicación de estratexias de resolución, a avaliación do proceso e a comprobación da validez da solución. Relacionado coa resolución de problemas está o pensamento computacional, a análise de datos, a organización lóxica destes, a procura de solucións en secuencias de pasos ordenados, a obtención de solucións con instrucións que poidan ser executadas por unha ferramenta tecnolóxica programable, unha persoa ou unha combinación de ambas, o que amplía a capacidade de resolver problemas e promove o uso eficiente dos recursos e ferramentas TIC.

Os obxectivos relaciónanse entre si e foron agrupados ao redor de cinco bloques competenciais segundo a súa natureza: resolución de problemas (1 e 2), razoamento e proba (3 e 4), conexións (5 e 6), comunicación e representación (7 e 8) e socioafectivo (9 e 10). As matemáticas desta etapa entroncan directamente coas matemáticas de etapas anteriores, tanto en obxectivos e en criterios de avaliación como en contidos, proporcionando unha continuidade na aprendizaxe das matemáticas que respecta o desenvolvemento psicolóxico e o progreso cognitivo do alumnado.

O alcance destes obxectivos ao longo da etapa medirase a través dos criterios de avaliación e levarase a cabo mediante a mobilización dun conxunto de contidos que integran coñecementos, destrezas e actitudes que garanten un estándar mínimo para todo o alumnado. Os contidos estrutúranse arredor do concepto de sentido matemático e organízanse en dúas dimensións: cognitiva e afectiva. Os sentidos enténdense como conxuntos de destrezas relacionadas con diferentes ámbitos: numérico, métrico, xeométrico, alxébrico, estocástico e socioafectivo. Estes sentidos permiten empregar os contidos dunha maneira funcional proporcionando a flexibilidade necesaria para establecer conexións entre os diferentes sentidos. Debe terse en conta que a organización dos contidos no currículo non implica ningunha temporización nin orde cronolóxica no seu tratamento na aula.

O sentido numérico caracterízase pola aplicación do coñecemento sobre numeración e cálculo en distintos contextos e polo desenvolvemento de habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, na representación e no uso flexible dos números e das operacións, cun nivel de precisión progresivo.

O sentido da medida céntrase na comprensión e comparación de atributos dos obxectos do mundo natural. Entender e elixir as unidades adecuadas para estimar, medir e comparar magnitudes, utilizar os instrumentos adecuados para realizar medicións, comparar obxectos físicos e comprender as relacións entre formas e medidas son os eixes centrais deste sentido.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O sentido espacial aborda a comprensión dos aspectos xeométricos do noso mundo. Rexistrar e representar formas e figuras, recoñecer as súas propiedades, identificar relacións entre elas, situalas, describir os seus movementos, elaborar ou descubrir imaxes de formas e figuras, clasificalas e razoar con elas son elementos fundamentais do ensino e da aprendizaxe da xeometría.

O sentido alxébrico proporciona a linguaxe na que se comunican as matemáticas. Ver o xeral no particular, recoñecendo patróns e relacións de dependencia entre variables, expresándoas mediante diferentes representacións. A modelización de situacións matemáticas ou do mundo real mediante expresións simbólicas son características fundamentais do sentido alxébrico, pero tamén do pensamento computacional, o cal serve para formular, representar e resolver problemas a través de ferramentas e conceptos propios da informática. No sentido alxébrico, e por razóns organizativas, incorporáronse dous puntos denominados «Pensamento computacional»e «Modelo matemático», pero estes non deben abordarse exclusivamente neste bloque, senón dunha forma vertebral ao longo de todo o proceso de ensino da materia.

O sentido estocástico comprende a análise e a interpretación de datos, a elaboración de conxecturas e a toma de decisións a partir da información estatística, da súa valoración crítica e da comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios nunha ampla variedade de situacións.

O sentido socioafectivo integra coñecementos, destrezas e actitudes para entender e manexar as emocións, establecer e alcanzar metas tanto de maneira individual como en grupo, así como aumentar a capacidade de tomar decisións responsables e informadas. Todo isto encamiñado á mellora do rendemento do alumnado nas matemáticas, á diminución de actitudes negativas cara a elas, á promoción dunha aprendizaxe activa e á erradicación de ideas preconcibidas relacionadas co xénero ou co mito do talento innato indispensable. Para alcanzar estes fins pódense desenvolver estratexias como darlle a coñecer ao alumnado as contribucións das mulleres ás matemáticas ao longo da historia e na actualidade, normalizar o erro como parte da aprendizaxe, fomentar o diálogo equitativo e as actividades non competitivas na aula. Os contidos correspondentes a este sentido deben desenvolverse ao longo de todo o currículo de forma explícita.

Tanto os obxectivos como os criterios de avaliación e os contidos están deseñados para facilitar o desenvolvemento dunhas matemáticas inclusivas que permitan constituír un todo que facilite a formulación de tarefas complexas, individuais ou colectivas, en diferentes contextos, significativas e relevantes, permitindo desenvolver os aspectos fundamentais das matemáticas. Ao longo de toda a etapa hase de potenciar o uso de ferramentas tecno-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

lóxicas en todos os aspectos do proceso de ensino e de aprendizaxe, xa que estas facilitan o desenvolvemento dos procesos do quefacer matemático e fan posible fuxir de procedementos rutineiros.

As matemáticas son unha ferramenta fundamental na maioría das áreas do coñecemento, pero ademais teñen un gran valor en si mesmas, dado o seu carácter de linguaxe universal. Atendendo á diversidade de motivacións e intereses sociais, culturais, académicos e tecnolóxicos, a materia de Matemáticas do último curso da etapa configurouse en dúas opcións, A e B. As matemáticas A desenvólvense preferentemente mediante a resolución de problemas, a investigación e a análise matemática de situacións da vida cotiá, mentres que as matemáticas B profundan, ademais, nos procedementos alxébricos xeométricos, analíticos e estatísticos, incorporando contextos matemáticos, científicos e sociais.

17.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.
• A resolución de problemas constitúe un eixe fundamental na aprendizaxe das matemáticas, dado que non é só un obxectivo, senón tamén un proceso central na construción do coñecemento matemático. Tanto os problemas da vida cotiá en diferentes contextos como os problemas propostos no ámbito das matemáticas permiten ser catalizadores de novo coñecemento, xa que as reflexións que se realizan durante a súa resolución axudan á construción de conceptos e ao establecemento de conexións entre eles. A través da resolución de problemas, o alumnado ten a oportunidade de adquirir, afianzar, aplicar e ampliar os seus coñecementos. • O desenvolvemento deste obxectivo implica usar o coñecemento matemático que o alumnado posúe no contexto da resolución de problemas. Para iso é necesario proporcionar ferramentas de interpretación e modelización como diagramas, expresións simbólicas, gráficas..., técnicas e estratexias de resolución de problemas como a analoxía con outros problemas, a estimación, o ensaio e erro, a resolución de maneira inversa (ir cara atrás), o tenteo, a descomposición en problemas máis sinxelos ou a busca de patróns que lles permitan tomar decisións, anticipar a resposta, asumir riscos e aceptar o erro como parte do proceso.
OBX2. Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.
• A análise das solucións obtidas na resolución dun problema potencia a reflexión crítica sobre a súa validez, tanto desde un punto de vista estritamente matemático como desde unha perspectiva global, valorando aspectos relacionados coa sostibilidade, a igualdade de xénero, o consumo responsable, a equidade ou a nondiscriminación, entre outros. Os razoamentos científico e matemático serán as ferramentas principais para realizar esa validación, pero tamén o serán a lectura atenta, a realización de preguntas adecuadas, a elección de estratexias para verificar a pertinencia das solucións obtidas segundo a situación exposta, a conciencia sobre os propios progresos e a autoavaliación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• O desenvolvemento deste obxectivo comprende procesos reflexivos propios da metacognición como a autoavaliación e a coavaliación; a utilización de estratexias sinxelas de aprendizaxe autorregulada; o uso eficaz de distintas ferramentas dixitais como calculadoras, follas de cálculo ou programas matemáticos sinxelos; a verbalización ou explicación do proceso, e a selección entre diferentes métodos de comprobación de solucións ou de estratexias para estudar a validez destas.

OBX3. Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.

• O razoamento e o pensamento analítico incrementan a percepción de patróns, estruturas e regularidades, tanto en situacións do mundo real como abstractas, favorecendo a formulación de conxecturas sobre a súa natureza.

• Doutra banda, a formulación de problemas é outro compoñente importante na aprendizaxe e no ensino das matemáticas e considérase unha parte esencial do quefacer matemático. Implica a xeración de novos problemas e preguntas destinadas a explorar unha situación determinada, así como a reformulación dun problema durante o proceso de resolución deste.

• A formulación de conxecturas, a formulación de novos problemas e a súa comprobación ou resolución pódense realizar por medio de materiais manipulativos, calculadoras, software, representacións e símbolos, traballando de forma individual ou colectiva a utilización do razoamento indutivo e dedutivo para formular argumentos matemáticos.

• O desenvolvemento deste obxectivo implica formular e comprobar conxecturas, examinar a súa validez e reformulalas para obter outras novas susceptibles de ser postas a proba, promovendo o uso do razoamento e a demostración como aspectos fundamentais das matemáticas. Cando o alumnado expón novos problemas, mellora o razoamento e a reflexión, á vez que constrúe o seu propio coñecemento, o que se traduce nun alto nivel de compromiso e curiosidade, así como de entusiasmo cara ao proceso de aprendizaxe das matemáticas.

OBX4. Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.

• O pensamento computacional entronca directamente coa resolución de problemas e coa formulación de procedementos, utilizando a abstracción para identificar os aspectos máis relevantes e a descomposición en tarefas máis simples, co obxectivo de chegar a unha solución do problema que poida ser executada por un sistema informático. Levar o pensamento computacional á vida diaria supón relacionar os aspectos fundamentais da informática coas necesidades do alumnado.

• O desenvolvemento deste obxectivo fomenta a capacidade de utilizar o pensamento abstracto para simplificar os elementos dun problema, creando modelos de situacións cotiás, identificando os aspectos máis relevantes e desenvolvendo unha secuencia de procesos que permitan a súa automatización e codificación nunha linguaxe fácil para ser interpretado e executado por un sistema informático.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX5. Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.
• A conexión entre os diferentes conceptos, procedementos e ideas matemáticas achega unha comprensión máis profunda e duradeira dos coñecementos adquiridos, o que proporciona unha visión máis ampla sobre o propio coñecemento. Percibir as matemáticas como un todo implica estudar as súas conexións internas e reflexionar sobre elas, tanto as existentes entre os bloques do saber como entre as matemáticas de distintos niveis ou as de diferentes etapas educativas. • O desenvolvemento deste obxectivo implica enlazar as novas ideas matemáticas cos coñecementos previos, recoñecer e utilizar as conexións entre os distintos elementos matemáticos empregados na resolución de problemas e comprender como unhas ideas se constrúen sobre outras para formar un todo integrado.
OBX6. Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.
• Recoñecer e utilizar a conexión das matemáticas con outras materias, coa vida real ou coa propia experiencia aumenta a bagaxe matemática do alumnado. É importante que o alumnado teña a oportunidade de experimentar as matemáticas en diferentes contextos (persoal, escolar, social, científico e humanístico), valorando, tanto histórica como actualmente, a contribución destas á resolución dos grandes obxectivos globais de desenvolvemento, con perspectiva histórica. • A conexión entre as matemáticas e outras materias non debe limitarse unicamente aos saberes conceptuais, senón que debe ampliarse aos procedementos e ás actitudes, de forma que todo o coñecemento matemático poida ser transferido e aplicado a outras materias e a diversos contextos. Así, o desenvolvemento deste obxectivo supón o establecemento de conexións entre ideas, conceptos e procedementos matemáticos con outras materias e coa vida real e a súa aplicación na formulación, discusión e resolución de diversas situacións problematizadas.
OBX7. Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.
• A forma de representar ideas, conceptos e procedementos en matemáticas é fundamental. Ten dous aspectos que convén ter en conta; por unha banda, a representación dun resultado, e, por outra, a representación dos procesos que se realizan durante a práctica das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo dá lugar á adquisición dun conxunto de representacións matemáticas que amplían significativamente a capacidade para interpretar e resolver problemas da vida real.
OBX8. Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.
• A comunicación e o intercambio de ideas con claridade e coherencia é unha parte esencial da educación científica e matemática. A través da comunicación, as ideas convértense en obxectos de reflexión, perfeccionamento, discusión e rectificación. Comunicar ideas, conceptos e procesos contribúe a colaborar, cooperar, afianzar e xerar novos coñecementos. • O desenvolvemento deste obxectivo comporta expresar e transmitir feitos, ideas, conceptos e procedementos de forma oral, escrita e gráfica, con veracidade e precisión, utilizando a terminoloxía matemática adecuada, de maneira que se lles dea significado e coherencia ás ideas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX9. Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e o gozo na aprendizaxe das matemáticas.
• Resolver problemas matemáticos ou retos máis globais en que interveñen as matemáticas debe ser unha tarefa gratificante. A adquisición de destrezas emocionais dentro da aprendizaxe das matemáticas diminúe a ansiedade e a inseguridade e fomenta o benestar do alumnado, a regulación emocional e o interese pola súa aprendizaxe. • O desenvolvemento deste obxectivo implica identificar e xestionar as emocións, recoñecer fontes de tensións, ser perseverante, pensar de forma crítica e creativa, crear resiliencia e manter unha actitude proactiva ante novos retos matemáticos.
OBX10. Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e grupal e crear relacións saudables.
• Traballar valores como o respecto, a tolerancia, a igualdade ou a resolución pacífica de conflitos, á vez que se resolven distintos retos matemáticos desenvolvendo destrezas de comunicación efectiva, de planificación, de indagación, de motivación e de confianza nas súas propias posibilidades, permítelle ao alumnado mellorar a autoconfianza e normalizar situacións de convivencia en igualdade, creando relacións e contornas de traballo saudables. • O desenvolvemento deste obxectivo supón mostrar empatía polos demais, establecer e manter relacións positivas, exercitar a escoita activa e a comunicación asertiva, traballar en equipo e tomar decisións responsables. Así mesmo, debe fomentarse a ruptura de estereotipos e ideas preconcibidas sobre as matemáticas asociadas a cuestións individuais, por exemplo, as asociadas ao xénero ou á aptitude innata para as matemáticas.

17.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Matemáticas 1º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	OBX1
• CA1.2. Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	OBX1
• CA1.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA1.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6

Contidos

• Cálculo.

– Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.

• Cantidade.

– Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros.

– Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.

– Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica.

– Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).

• Sentido das operacións.

– Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.

– Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.

– Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

• Relacións.

– Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora.

– Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

• Razoamento proporcional.

– Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.

– Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa.

– Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	OBX3
• CA2.2. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA2.3. Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	OBX5
• CA2.4. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA2.5. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
Contidos	
• Magnitude. – Recoñecemento das magnitudes e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. – Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. – Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación. • Medición. – Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas.	

Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	OBX1
• CA3.2. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA3.3. Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	OBX5
• CA3.4. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA3.5. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA3.6. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA3.7. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. – Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. – Clasificación das figuras xeométricas planas en función das súas propiedades ou características. – Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. • Localización e sistemas de representación. – Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas.	
Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	OBX2
• CA4.2. Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e a súa repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	OBX2
• CA4.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3
• CA4.4. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA4.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA4.6. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA4.7. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA4.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8
Contidos	
• Modelo matemático. – Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representan situacións reais á linguaxe alxébrica, e viceversa. Cálculo do valor numérico dunha expresión alxébrica. – Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. – Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Variable.

– Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente.

• Igualdade e desigualdade.

– Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá.

– Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.

– Procura de solucións de ecuacións lineais. Contextualización das devanditas solucións.

– Uso da tecnoloxía para comprobar as solucións dunha ecuación.

• Relacións e funcións.

– Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas.

– Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas.

– Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real.

– Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados.

– Uso da álxebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.

– Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.

• Pensamento computacional.

– Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.

– Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

– Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	OBX3
• CA5.2. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA5.3. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA5.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA5.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.6. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA5.7. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA5.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8

Contidos

• Organización e análise de datos.

– Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas.

– Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias.

– Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real.

– Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos...).

– Medidas de centralización: interpretación e cálculo.

– Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.

Bloque 6. Sentido socioafectivo

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	OBX6
• CA6.2. Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	OBX9
• CA6.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.4. Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	OBX10
• CA6.5. Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	OBX10

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Crenzas, actitudes e emocións. – Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. – Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación. – Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. • Traballo en equipo e toma de decisións. – Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. – Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. • Inclusión, respecto e diversidade. – Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. – Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

2º curso.

Materia de Matemáticas 2º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	OBX1
• CA1.2. Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	OBX1
• CA1.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3
• CA1.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA1.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
Contidos	
• Cantidade. – Uso das potencias de expoñente natural e enteiro. Transformación e simplificación de expresións con potencias. Notación científica.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Interpretación de números grandes e pequenos, recoñecemento e utilización da notación exponencial e científica e o seu uso na calculadora.

– Realización de estimacións coa precisión requirida.

– Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.

– Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica.

– Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz).

• Sentido das operacións.

– Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.

– Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

• Relacións.

– Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica.

• Razoamento proporcional.

– Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.

– Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Reparticións proporcionais.

– Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	OBX3
• CA2.2. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA2.3. Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	OBX5
• CA2.4. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA2.5. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Magnitude. – Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. – Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación. • Medición. – Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais. – Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas. – Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.

Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA3.2. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA3.3. Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e experiencias matemáticas formando un todo coherente.	OBX5
• CA3.4. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA3.5. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA3.6. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA3.7. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

Contidos
• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. – Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. – Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais. – Recoñecemento de figuras semellantes. O teorema de Tales. – Aplicación de escalas no cálculo de distancias en situacións da vida real. – Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	OBX2
• CA4.2. Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	OBX2
• CA4.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3
• CA4.4. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA4.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA4.6. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA4.7. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA4.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8
Contidos	
• Modelo matemático. – Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. – Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. – Uso da linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xerais baseados na observación de pautas e regularidades. – Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Identidades. • Variable. – Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas. • Igualdade e desigualdade. – Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá. – Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas. – Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados.

– Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais.

• Relacións e funcións.

– Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica, fórmula…).

– Identificación de funcións, lineais ou non lineais, estudo e comparación das súas propiedades a partir das súas gráficas ou expresións alxébricas.

– Identificación de relacións cuantitativas e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan en problemas propios doutras materias ou do mundo real.

– Uso da álxebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas a partir de situacións contextualizadas.

– Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.

• Pensamento computacional.

– Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.

– Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

– Uso de calculadoras gráficas e software específico para a representación de funcións e a análise dos seus elementos característicos.

Bloque 5. Sentido estocástico

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	OBX3
• CA5.2. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA5.3. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA5.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA5.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA5.6. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA5.7. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA5.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Organización e análise de datos. – Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas. – Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias. – Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. – Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo. – Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión. – Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos. – Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real. – Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos. – Contribución da estatística ao progreso da sociedade.

Bloque 6. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	OBX6
• CA6.2. Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	OBX9
• CA6.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.4. Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	OBX10
• CA6.5. Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	OBX10

Contidos
• Crenzas, actitudes e emocións. – Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. – Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación. – Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Traballo en equipo e toma de decisións. – Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. – Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. • Inclusión, respecto e diversidade. – Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. – Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

3º curso.

Materia de Matemáticas 3º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	OBX1
• CA1.2. Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	OBX1
• CA1.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3
• CA1.4. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA1.5. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA1.6. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
Contidos	
• Cálculo. – Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introdución á combinatoria. • Cantidade. – Realización de estimacións coa precisión requirida. – Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Aplicación de diferentes formas de representación de números, incluída a recta numérica. Obtención da fracción xeratriz dun número decimal.

– Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema.

– Transformación e simplificación de expresións con radicais.

• Relacións.

– Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces.

– Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas.

• Razoamento proporcional.

– Desenvolvemento e análise de métodos para resolver problemas en situacións de proporcionalidade directa, inversa e composta en diferentes contextos (aumentos e diminucións porcentuais, rebaixas e subidas de prezos, impostos, cambios de divisas, cálculos xeométricos, escalas, velocidade e tempo etc.).

• Educación financeira.

– Interpretación da información numérica en contextos financeiros sinxelos.

– Aplicación do xuro simple e composto en problemas contextualizados.

– Métodos para a toma de decisións de consumo responsable atendendo ás relacións calidade-prezo e ao valor-prezo en contextos cotiáns.

Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA2.2. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA2.3. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA2.4. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

Contidos

• Medición.

– Representación e modelización de obxectos tridimensionais para visualizar as súas propiedades e resolver problemas con eles.

– Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Estimación e relacións. – Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre elas baseadas en estimacións. – Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.	
Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA3.2. Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	OBX5
• CA3.3. Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA3.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA3.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA3.6. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
Contidos	
• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. – Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados. – Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. • Movementos e transformacións. – Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas. • Visualización, razoamento e modelización xeométrica. – Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas. – Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).	
Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	OBX2
• CA4.3. Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	OBX3
• CA4.4. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA4.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA4.6. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA4.7. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA4.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8

Contidos

• Patróns.

– Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos.

– Fórmulas e termos xerais: obtención mediante a observación de pautas e regularidades sinxelas e a súa xeneralización.

– Transformación de expresións alxébricas. Identidades notables.

• Modelo matemático.

– Modelización de situacións da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.

– Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.

• Igualdade e desigualdade.

– Realización de operacións sinxelas con polinomios. Regra de Ruffini. Factorización de polinomios.

– Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas.

– Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.

– Procura de solucións en sistemas lineais de dúas ecuacións e dúas incógnitas en problemas contextualizados.

– Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Relacións e funcións.

– Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación.

– Identificación de funcións lineais e cadráticas e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. Identificación dos seus elementos característicos.

– Identificación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan.

– Uso da álxebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.

– Dedución da información relevante de funcións lineais e cadráticas a partir das súas diferentes expresións.

– Uso da tecnoloxía para a construción e a representación de funcións.

• Pensamento computacional.

– Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.

– Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

– Uso de calculadoras gráficas e distintos programas para a construción e representación de funcións.

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Investigar conxecturas sinxelas de forma autónoma analizando patróns, propiedades e relacións.	OBX3
• CA5.2. Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	OBX4
• CA5.3. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	OBX4
• CA5.4. Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA5.5. Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA5.6. Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA5.7. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada, para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA5.8. Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Organización e análise de datos. – Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas. – Recollida e organización de datos de situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. – Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións móbiles...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. • Incerteza. – Identificación de fenómenos deterministas e aleatorios. Espazo mostral e sucesos. – Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios. – Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace. – Estudo das propiedades básicas da probabilidade e resolución de problemas contextualizados. – Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar o comportamento de fenómenos aleatorios. – Asignación de probabilidades a partir dos resultados dun experimento aleatorio. Frecuencia relativa e probabilidade. – Papel do cálculo de probabilidades en distintos avances científicos e sociais. • Inferencia. – Formulación de preguntas adecuadas para coñecer as características de interese dunha poboación. – Diferenciación entre poboación e mostra en problemas contextualizados. Selección e representatividade da mostra en casos sinxelos. – Presentación de datos relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas. – Obtención de conclusións razoables a partir dos resultados obtidos, co fin de emitir xuízos e de tomar decisións adecuadas en problemas contextualizados.

Bloque 6. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	OBX6
• CA6.2. Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	OBX9
• CA6.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.4. Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	OBX10

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.5. Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	OBX10
Contidos	
• Crenzas, actitudes e emocións. – Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. – Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. – Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. • Traballo en equipo e toma de decisións. – Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. – Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito. • Inclusión, respecto e diversidade. – Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. – Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.	

4º curso.

Materia de Matemáticas A 4º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Reformular problemas matemáticos, organizando e interpretando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	OBX1
• CA1.2. Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias máis apropiadas.	OBX1
• CA1.3. Recoñecer e investigar patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.	OBX4
• CA1.4. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA1.5. Identificar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias reflexionando sobre a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando as ferramentas e formas de representación máis adecuadas para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

Contidos

• Cálculo.

– Resolución de situacións e problemas da vida cotiá en que se teñan que facer recontos sistemáticos, utilizando estratexias (diagramas de árbore, técnicas de combinatoria etc.).

• Cantidade.

– Obtención e interpretación dos erros absoluto e relativo.

– Realización de estimacións en diversos contextos analizando e acoutando o erro cometido.

– Uso dos números reais para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.

– Identificación do conxunto numérico que serve para responder a diferentes necesidades: contar, medir, comparar etc.

• Sentido das operacións.

– Uso das propiedades das operacións aritméticas para realizar cálculos con números reais de maneira eficiente con calculadora, adaptando as estratexias a cada situación.

– Recoñecemento dalgúns números irracionais en situacións da vida cotiá.

• Relacións.

– Identificación e análise de patróns e regularidades numéricas en que interveñan números reais.

– Orde na recta numérica. Intervalos.

• Razoamento proporcional.

– Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Reparticiónns proporcionais.

– Desenvolvemento, análise e explicación de métodos para a resolución de problemas en situacións de proporcionalidade.

• Educación financeira.

– Métodos de resolución de problemas relacionados con aumentos e diminucións porcentuais, xuros e taxas en contextos financeiros.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Identificar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias reflexionando sobre a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA2.3. Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando as ferramentas e as formas de representación máis adecuadas para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
Contidos	
• Medición. – Dedución e aplicación da pendente dunha recta e a súa relación co ángulo en situacións sinxelas. • Cambio. – Estudo do crecemento e decrecemento de funcións e da taxa de variación absoluta, relativa e media en contextos da vida cotiá co apoio de ferramentas tecnolóxicas.	
Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	OBX3
• CA3.2. Recoñecer e investigar patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.	OBX4
• CA3.3. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando e creando algoritmos sinxelos.	OBX4
• CA3.4. Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando diferentes ferramentas e formas de representación para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA3.5. Comunicar ideas, conclusións, conxecturas e razoamentos matemáticos utilizando diferentes medios, incluídos os dixitais, con coherencia e claridade, usando a terminoloxía matemática apropiada.	OBX8
• CA3.6. Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	OBX8
Contidos	
• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. – Propiedades xeométricas de obxectos da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica. • Movementos e transformacións. – Transformacións elementais na vida cotiá: investigación con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Visualización, razoamento e modelización xeométrica. – Realización de modelos xeométricos para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas en situacións diversas. – Modelización de elementos xeométricos da vida cotiá con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. – Elaboración e comprobación de conxecturas sobre propiedades xeométricas utilizando programas de xeometría dinámica ou outras ferramentas.	
Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas, e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias	OBX1
• CA4.2. Seleccionar as solucións óptimas dun problema valorando tanto a corrección matemática como as súas implicacións desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...).	OBX2
• CA4.3. Recoñecer e investigar patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.	OBX4
• CA4.4. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando e creando algoritmos sinxelos.	OBX4
• CA4.5. Relacionar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	OBX5
• CA4.6. Analizar e poñer en práctica conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias previas.	OBX5
• CA4.7. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas, e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA4.8. Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando diferentes ferramentas e formas de representación para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA4.9. Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	OBX8
Contidos	
• Patróns. – Patróns: comprensión e análise, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos que inclúan identidades notables.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Modelo matemático.

– Modelización e resolución de problemas da vida cotiá apoiándose en representacións matemáticas e na linguaxe alxébrica.

– Obtención e análise de conclusións razoables dunha situación da vida cotiá unha vez modelizada.

• Variable.

– Asignación de variables en función do contexto do problema.

– Interpretación das características de funcións lineais e cadráticas a través da taxa de variación media en problemas contextualizados.

• Igualdade e desigualdade.

– Utilización e cálculo de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de ecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións lineais.

– Discusión e procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas e de grao superior a dúas sinxelas. Aplicación a problemas contextualizados.

– Procura de solucións en ecuacións, sistemas de ecuacións lineais e non lineais en problemas contextualizados.

– Resolución de inecuacións de primeiro e segundo grao en problemas contextualizados.

– Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas de ecuacións en problemas contextualizados.

• Relacións e funcións.

– Aplicación da forma de representación máis adecuada (táboa, gráfica…) na resolución de problemas da vida cotiá.

– Representación gráfica de funcións elementais (lineais, cadráticas, definidas a anacos). Estudo das súas propiedades a partir da representación gráfica e da súa interpretación en situacións da vida cotiá.

– Interpretación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e selección dos tipos de funcións que as modelizan.

• Pensamento computacional.

– Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.

– Identificación e análise de estratexias na interpretación, modificación e creación de algoritmos.

– Formulación e análise de problemas da vida cotiá utilizando programas e ferramentas adecuadas.

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Crear variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos e observando a relación entre os diferentes resultados obtidos.	OBX3
• CA5.3. Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	OBX3
• CA5.4. Recoñecer e investigar patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.	OBX5
• CA5.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando e creando algoritmos sinxelos.	OBX5
• CA5.6. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA5.7. Identificar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias reflexionando sobre a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA5.8. Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando diferentes ferramentas e formas de representación para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos e valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

Contidos

• Organización e análise de datos.

– Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos dunha e dúas variables.

– Recollida e organización de datos dunha situación da vida cotiá que involucre unha e dúas variables.

– Elaboración de representacións gráficas mediante o emprego de medios tecnolóxicos adecuados para interpretar a información estatística e obter conclusións razoadas.

– Cálculo das medidas de posición e dispersión máis relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas.

– Interpretación da relación entre dúas variables, valorando graficamente con ferramentas tecnolóxicas a pertinencia dunha regresión lineal.

• Incerteza.

– Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos, aplicando a regra de Laplace e técnicas de reconto (diagramas de árbore, táboas...) en experimentos simples e compostos.

– Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real.

– Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Inferencia.

– Diferentes etapas do deseño de estudos estatísticos.

– Estratexias e ferramentas de presentación e interpretación de datos relevantes en investigacións estatísticas mediante ferramentas dixitais adecuadas.

– Análise do alcance das conclusións dun estudo estatístico valorando a representatividade da mostra.

Bloque 6. Sentido socioafectivo

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconcepto matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	OBX9
• CA6.2. Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	OBX9
• CA6.3. Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	OBX10
• CA6.4. Xestionar a repartición de tarefas do equipo achegándolle valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	OBX10

Contidos

• Crenzas, actitudes e emocións.

– Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.

– Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas, como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza.

– Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro en oportunidade de aprendizaxe.

• Traballo en equipo e toma de decisións.

– Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo.

– Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos.

– Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares.

• Inclusión, respecto e diversidade.

– Actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

– Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.

– Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Materia de Matemáticas B 4º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	OBX1
• CA1.2. Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	OBX1
• CA1.3. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA1.4. Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6
• CA1.5. Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e as formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica), valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA1.6. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada (numérica, alxébrica, estatística, gráfica) oralmente e por escrito, para describir, explicar e xustificar os razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA1.7. Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos comunicando mensaxes con contido matemático.	OBX8
Contidos	
• Cálculo. – Resolución de situacións e problemas da vida cotiá mediante técnicas de combinatoria: variacións, permutacións e combinacións. • Cantidade. – Obtención e interpretación dos erros absoluto e relativo. – Realización de estimacións en diversos contextos analizando o erro cometido. – Uso de potencias de expoñente fraccionario e radicais. Propiedades e transformacións. – Definición e propiedades dos logaritmos. – Uso dos números reais para expresar cantidades en contextos diversos, coa precisión requirida. – Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade expresada por un número real para cada situación ou problema. • Sentido das operacións. – Uso das propiedades das operacións aritméticas para realizar cálculos con números reais de maneira eficiente con calculadora, adaptando as estratexias a cada situación.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Relacións.

– Ordenación na recta numérica de números reais.

– Obtención e representación de intervalos na recta real.

– Significado e aplicación dos números reais.

• Razoamento proporcional.

– Situacións de proporcionalidade directa inversa e composta en diversos contextos. Resolución de problemas.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Interpretar e reformular problemas matemáticos utilizando as ferramentas dixitais máis adecuadas para representar matematicamente a información máis relevante dun problema.	OBX1
• CA2.2. Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	OBX1
• CA2.3. Analizar e poñer en práctica conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	OBX5
• CA2.4. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA2.5. Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6

Contidos

• Medición.

– Medición de ángulos. Concepto de radián.

– Recoñecemento das razóns trigonométricas dun ángulo agudo.

– Utilización das razóns trigonométricas e as súas relacións na resolución de problemas.

• Cambio.

– Estudo gráfico do crecemento e decrecemento de funcións en contextos da vida cotiá co apoio de ferramentas tecnolóxicas.

– Estudo das taxas de variación absoluta, relativa e media en contextos diversos co apoio de ferramentas tecnolóxicas.

Bloque 3. Sentido espacial

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións, empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	OBX4
• CA3.3. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	OBX4
• CA3.4. Usar diferentes ferramentas, incluídas as dixitais e formas de representación (pictórica, gráfica, verbal ou simbólica), valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA3.5. Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada (numérica, alxébrica, estatística, gráfica) oralmente e por escrito, para describir, explicar e xustificar os razoamentos, procedementos e conclusións.	OBX8
• CA3.6. Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	OBX8

Contidos

• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.

– Propiedades xeométricas dos obxectos matemáticos e da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica.

– Uso dos triángulos para descompoñer formas xeométricas de dúas e tres dimensións, estudar as súas propiedades e calcular os seus elementos.

• Localización e sistemas de representación.

– Definición de vector. Características e operacións.

– Figuras xeométricas de dúas dimensións: representación e análise das súas propiedades utilizando a xeometría analítica.

– Coñecemento e transformación de diferentes expresións alxébricas dunha recta.

– Selección da expresión máis adecuada dunha recta en función da situación que haxa que resolver.

• Movementos e transformacións.

– Transformacións elementais na vida cotiá: investigación aplicando ferramentas tecnolóxicas e técnicas de xeometría analítica.

• Visualización, razoamento e modelización xeométrica.

– Uso dos modelos xeométricos para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas en situacións diversas.

– Modelización de elementos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

– Elaboración e comprobación de conxecturas sobre propiedades xeométricas utilizando programas de xeometría dinámica ou outras ferramentas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas, e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	OBX1
• CA4.2. Xustificar as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas (matemática, de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...).	OBX2
• CA4.3. Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións, e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	OBX3
• CA4.4. Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	OBX4
• CA4.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	OBX4
• CA4.6. Conectar os coñecementos e as experiencias matemáticas entre si para formar un todo coherente.	OBX5
• CA4.7. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas, e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA4.8. Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	OBX8
Contidos	
• Patróns. – Patróns, pautas e regularidades: análise e extensión determinando a regra de formación de diversas estruturas que inclúan identidades notables e fraccións alxébricas. • Modelo matemático. – Modelización e resolución de problemas contextualizados apoiándose en representacións matemáticas e na linguaxe alxébrica. – Estratexias de dedución e análise de conclusións razoables dunha situación contextualizada unha vez modelizada. • Variable. – Análise dos diferentes tipos de variables en diferentes contextos. – Estudo da taxa de variación media como medida do cambio dunha función nun intervalo. – Análise do comportamento dunha función, así como comparación de funcións usando taxas.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Igualdade e desigualdade.

– Uso da álxebra simbólica para representar relacións funcionais en contextos diversos.

– Utilización e cálculo de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de ecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións.

– Discusión e procura de solucións de ecuacións lineais, cadráticas e de grao superior a dous en diversos contextos.

– Resolución de sistemas lineais e non lineais de dúas ecuacións e dúas incógnitas.

– Resolución de inecuacións de primeiro e segundo grao.

– Uso da tecnoloxía para a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas de ecuacións e inecuacións.

• Relacións e funcións.

– Aplicación da forma de representación máis adecuada na resolución de problemas en diferentes contextos (táboa, gráfica, expresión analítica…).

– Representación gráfica de funcións elementais (lineais, cadráticas, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas). Estudo das súas propiedades a partir da representación gráfica e da súa interpretación en diferentes contextos.

– Estudo de relacións cuantitativas en diferentes contextos e selección do tipo de funcións que as modelizan.

– Uso de recursos tecnolóxicos para a representación e o estudo dunha función, así como para a comparación de funcións.

• Pensamento computacional.

– Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.

– Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos.

– Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.

Bloque 5. Sentido estocástico

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas, e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	OBX1
• CA5.2. Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	OBX3
• CA5.3. Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	OBX3
• CA5.4. Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	OBX4
• CA5.5. Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.6. Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	OBX6
• CA5.7. Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	OBX6

Contidos

• Organización e análise de datos.

– Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos dunha e dúas variables.

– Recollida e organización de datos dunha situación da vida cotiá que involucre unha e dúas variables.

– Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante medios dixitais para interpretar a información estatística e obter conclusións razoadas.

– Cálculo das medidas de posición e dispersión máis relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estatísticas.

– Comparación de distribucións de datos atendendo a medidas de posición e dispersión.

– Interpretación da relación entre dúas variables. Análise gráfica do tipo de relación e pertinencia de realizar unha regresión lineal.

– Axuste lineal con ferramentas tecnolóxicas.

• Incerteza.

– Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos, aplicando a regra de Laplace e técnicas de reconto en experimentos simples e compostos.

– Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real.

– Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas.

• Inferencia.

– Deseño de estudos estatísticos reflexionando sobre as diferentes etapas do proceso. Selección da mostra.

– Presentación e interpretación de datos relevantes en investigacións estatísticas.

– Utilización dos métodos e das ferramentas dixitais adecuados en investigacións estatísticas.

Bloque 6. Sentido socioafectivo

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconcepto matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	OBX9
• CA6.2. Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	OBX9

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.3. Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	OBX10
• CA6.4. Xestionar a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	OBX10
Contidos	
• Crenzas, actitudes e emocións. – Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. – Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas, como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. – Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. • Traballo en equipo e toma de decisións. – Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo. – Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos. – Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares. • Inclusión, respecto e diversidade. – Actitudes inclusivas para acoller a diversidade presente na aula e na sociedade. – Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. – Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.	

17.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Matemáticas desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Matemáticas e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2			1-2	2	4	3	3	
OBX3	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5			1-3	2-3				1
OBX6			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7			3	1-2-5			3	4
OBX8	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9			5		1-4-5		2	3
OBX10	5	3	3		1-3	2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– As matemáticas como instrumento para explicar e comprender a nosa contorna. Débenselle proporcionar ao alumnado situacións reais e próximas á súa realidade cotiá nas que o contido e os procesos matemáticos cobren significado. Para iso, pódese acudir ás aplicacións e á utilización que outras ciencias fan do coñecemento matemático. Neste contexto, o uso de tarefas de modelización matemática pode resultar especialmente significativo, dado que o alumnado terá unha especial relevancia na construción da súa aprendizaxe mostrando a aplicabilidade e a funcionabilidade das matemáticas e a súa conexión co mundo que o rodea.

– A achega de exemplos cos que o alumnado se sinta familiarizado favorecerá unha actitude moito máis positiva cara á súa formación. Explicar a transcendencia dos novos contidos na aprendizaxe do alumnado farao máis consciente do seu proceso de formación. Divulgar a achega de cada unha das partes das matemáticas ao progreso social contribuirá a que o alumnado se involucre na súa aprendizaxe.

– A aprendizaxe a través da resolución de problemas. As estratexias de resolución de problemas constitúen unha das liñas principais dentro da actividade matemática. Resolver

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

problemas non debe ser soamente un dos obxectivos das matemáticas, senón un dos principais procedementos para a súa aprendizaxe. A discusión de situacións susceptibles de abordarse a través do razoamento matemático e os distintos métodos para a súa resolución son un punto de partida e unha xustificación para a construción de conceptos e procesos matemáticos, así como unha oportunidade para que o alumnado aplique os seus coñecementos e os amplíe.

– O pensamento computacional como un elemento intimamente ligado ao pensamento matemático. A utilización na aula de actividades que promovan o pensamento computacional enriquecerá o proceso de ensino e aprendizaxe estimulando a creatividade e potenciando a capacidade de razoamento. Tanto o pensamento matemático como o computacional implican o recoñecemento de patróns, a descomposición de procesos, o deseño de algoritmos, a modelización e a necesidade de explorar diferentes formas de resolución. Esta descomposición de procesos en partes máis sinxelas, así como a progresividade no nivel de dificultade á hora de abordar os problemas, farán medrar a autoestima do alumnado en relación coas matemáticas, ao ser máis consciente da súa evolución.

– O fomento do traballo en equipo. A resolución de moitas situacións problematizadas necesitará de algo máis ca dun simple traballo individual, requirirá compartir coñecementos, capacidades, destrezas e esforzos. Esta modalidade é unha estratexia que lle permite ao alumnado desenvolver diversas competencias tanto no eido intelectual como social. O traballo en equipo vai incrementar a motivación, reforzar a autoestima, estimular a creatividade, aumentar a autonomía, promover a reflexión, fomentar a responsabilidade, intercambiar experiencias e favorecer as habilidades sociais.

– O uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado promoverán o traballo en equipo, favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e desenvolverán as habilidades necesarias que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida. É necesario que o alumnado adquira os coñecementos matemáticos a través de diferentes métodos e medios, tanto para a súa aplicación posterior como para fortalecer o seu propio proceso de aprendizaxe. O material manipulativo, os xogos e as ferramentas tecnolóxicas serán fundamentais para contribuír a unha mellor representación e comprensión dos conceptos e deberán convivir e complementar outros materiais presentes na aula.

– A contribución a formar cidadáns e cidadás competentes social e emocionalmente. É necesario presentar as matemáticas desde unha perspectiva socioemocional e promover o desenvolvemento de destrezas que lle permitan ao alumnado autoxestionar as súas

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

emocións, aumentar a capacidade de tomar decisións de forma crítica, valorar opinións distintas ás propias, recoñecer o erro como un elemento enriquecedor e dinamizador da aprendizaxe, diminuír as actitudes negativas cara á materia e erradicar calquera sentimento de desigualdade por razón de xénero. Resultará de grande utilidade o coñecemento do desenvolvemento histórico das matemáticas e das contribucións das mulleres e dos homes ao longo da historia na actualidade.

– O uso de estratexias que permitan traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. A transversalidade resulta fundamental para mellorar a aprendizaxe e promover o desenvolvemento de actitudes críticas e reflexivas no alumnado. Traballar de xeito transversal os conceptos anteriores vai permitir que o alumnado descubra a importancia e a utilidade do aprendido, mostrando así unha actitude máis favorable e incrementando deste xeito a súa motivación. Na formación integral do alumnado será fundamental integrar contidos de distintas áreas de coñecemento nos cales se deberá mobilizar todo tipo de competencias e ferramentas.

– A avaliación continua como parte fundamental do proceso de ensino e aprendizaxe. A súa finalidade é mellorar tanto os procesos de ensino como os de aprendizaxe. Deberá atender á diversidade do alumnado empregando procedementos e instrumentos de avaliación variados e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Resultará unha ferramenta de seguimento que proporcionará unha información moi importante para poder intervir sobre todos os elementos que forman parte dos procesos de ensino e de aprendizaxe. Esta información permitirá tomar decisións que redunden nunha mellora da atención á diversidade, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas necesidades, e estarán encamiñadas a garantir a adquisición das competencias necesarias para continuar o proceso formativo.

18. Música.

18.1. Introdución.

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemen-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

to, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, da internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal, son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, e ademais contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O currículo estrutúrase en dúas partes: unha primeira engloba os cursos de 2º a 3º da educación secundaria obrigatoria e a segunda o 4º curso desta. Para cada unha delas concretáronse uns criterios de avaliación e uns contidos, que se articulan en tres bloques e que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar a través dun traballo procedemental, co fin de que os coñecementos teóricos se asimilen despois dunha familiarización e inmersión na linguaxe musical.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro, contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia formúlanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias, atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción», englóbanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico en que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais como do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto proponse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofreza unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas.

En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

18.1. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
• A adquisición desta competencia implica aprender a identificar as principais características estilísticas da música e da danza de diferentes épocas e culturas, así como a relacionalas coas características do seu contexto histórico, valorando a súa importancia nas transformacións sociais das que estas artes son orixe ou reflexo. • Para iso, analizaranse, desde a escoita activa ou desde o visionamento activo, obras representativas, ás cales se accederá en directo ou a través de reproducións analóxicas ou dixitais. Resultará tamén de utilidade o comentario de textos e imaxes e a consulta de fontes bibliográficas ou doutro tipo sobre os diversos medios e soportes empregados no rexistro, conservación ou difusión destas obras. A incorporación da perspectiva de xénero nesta análise permitirá que o alumnado entenda a imaxe e o papel das mulleres nas obras estudadas, favorecendo un achegamento que axude a identificar os mitos, os estereotipos e os roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A contextualización das obras fará posible a súa adecuada valoración como produtos dunha época e dun contexto social determinados, á vez que permitirá a reflexión sobre a súa evolución e a súa relación co presente. Por este motivo, ademais de acudir aos diferentes xéneros e estilos musicais que forman parte do canon occidental, convén prestar atención á música e á danza doutras culturas e ás que están presentes no cine, no teatro, na televisión, nos videoxogos ou nas redes sociais, así como ás que conforman os imaxinarios do alumnado, identificando características e intencionalidades comúns que axuden á súa mellor comprensión e valoración. Esta comparación debe contribuír ao desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre os diferentes referentes musicais e dancísticos e a enriquecer o repertorio ao cal as alumnas e os alumnos teñen acceso, desenvolvendo así o seu gusto polas devanditas artes e a percepción destas como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.

• Así, durante as actividades de recepción activa, fomentarase o desenvolvemento de hábitos saudables de escoita, sensibilizando o alumnado sobre os problemas derivados da polución sonora e do consumo indiscriminado de música.

OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.

• O descubrimento e a exploración das distintas posibilidades expresivas que ofrecen as técnicas musicais e dancísticas permítelle ao alumnado adquirilas e enriquecer o seu repertorio persoal de recursos e aprender a seleccionar e a aplicar as máis adecuadas a cada necesidade ou intención.

• A improvisación, tanto pautada como libre, constitúe un medio idóneo para levar a cabo esa exploración. Na aula, as actividades de improvisación bríndanlle ao alumnado a oportunidade de descubrir e de aplicar, de maneira individual ou en grupo, diferentes técnicas musicais e dancísticas mediante o emprego da voz, do corpo, de instrumentos musicais ou de ferramentas analóxicas ou dixitais. Así, a improvisación constitúe unha ferramenta moi útil para aprender a seleccionar as técnicas que mellor se axustan ás ideas, sentimentos e emocións que se pretenden plasmar nunha determinada peza musical ou dancística.

• Por outro lado, a exploración das posibilidades expresivas a través da improvisación favorece o autocoñecemento, a confianza e a motivación, e contribúe á mellora da presenza escénica e da interpretación, así como ao fomento do respecto pola diversidade de ideas e opinións, ao enriquecemento cultural entre iguais e á superación de barreiras e estereotipos sociais, culturais ou sexistas.

OBX3. Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.

• A interpretación individual ou grupal de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural, así como a ampliación das posibilidades de expresión persoal mediante o emprego das estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais propias desas linguaxes artísticas.

• A voz, o corpo e os instrumentos musicais constitúen, xunto coas ferramentas tecnolóxicas, os medios de expresión para a interpretación de obras de música e danza xa existentes. Non obstante, a súa execución require o emprego de técnicas e de destrezas que deben adquirirse de forma guiada, ao mesmo tempo que se descobren e exploran as súas posibilidades expresivas. Neste sentido, resulta fundamental tomar conciencia da importancia da expresión na interpretación musical.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A lectura e a análise de partituras, a audición ou o visionamento de obras, así como os ensaios na aula, constitúen momentos e espazos para a adquisición desas destrezas e técnicas de interpretación individual e grupal. A interpretación individual permite traballar aspectos como a concentración, a memorización e a expresión artística persoal. Pola súa parte, a interpretación grupal favorece o desenvolvemento da capacidade de desempeñar diversas funcións ou de escoitar os demais durante a execución das pezas.

• Tanto a asimilación de técnicas de interpretación como a execución de pezas dentro ou fóra da aula fan necesaria a adquisición doutras estratexias e destrezas que lle axuden ao alumnado a xestionar axeitadamente a frustración que pode xerar o propio proceso de aprendizaxe, así como a manter a concentración e a superar a inseguridade e o medo escénico durante as actuacións. Estas estratexias de control e xestión das emocións axudaranlle ao alumnado a desenvolver a súa autoestima e permitiranlle afrontar con maior seguridade as situacións de incerteza e os retos aos cales terán que enfrontarse.

OBX4. Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.

• A realización de propostas artístico-musicais, individuais ou colaborativas supón unha oportunidade para poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas. Estas propostas poden ir desde a interpretación ou a creación de pezas vocais, coreográficas ou instrumentais sinxelas á organización de proxectos pluridisciplinares compartidos con outras materias.

• O proceso de creación implica seleccionar os elementos da linguaxe musical, as ferramentas analóxicas ou dixitais e os medios musicais ou dancísticos máis adecuados. Trátase de xerar discursos coherentes que combinen os contidos de modo global e que se axusten á idea e á intención do proxecto, así como ás características do espazo e do público destinatario. Ademais, débese garantir o respecto polos dereitos de autor e a propiedade intelectual.

• A capacidade de formular propostas colectivas que teñan como resultado a creación de produtos musicais ou dancísticos, xunto coa participación activa no deseño e posta en práctica destes, asumindo diferentes funcións nun contexto colaborativo, contribúen non só ao desenvolvemento da creatividade, senón tamén da capacidade de traballar en equipo. A participación nestas propostas grupais permítelle ao alumnado comprender e aprender das experiencias propias, pero tamén das experiencias das súas compañeiras e compañeiros. De igual modo, permítelle apreciar e respectar as distintas achegas e opinións, valorando o entendemento mutuo como medio para lograr un obxectivo común.

• A vivencia e a reflexión sobre as diferentes fases do proceso creativo favorecen que o alumnado descubra e identifique as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas á música e á danza.

OBX5. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.

• A valoración e a interpretación das músicas e expresións artísticas de distinta índole que se dan na nosa comunidade e na nosa contorna fomentan a capacidade do alumnado de situarse e de apreciar as particularidades de cada rexión dentro das diferentes propostas culturais que se dan no mundo, o que propicia a fusión de diferentes estilos e dá lugar a novos xéneros e expresións artísticas.

• A creación de propostas musicais ou dancísticas de xeito individual ou grupal a partir das correntes artísticas locais para integralas no mundo global a través da tecnoloxía posibilita dar a coñecer o noso patrimonio e os nosos artistas dentro do mundo global, así como o fomento do respecto polo propio.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

18.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Música 2º curso	
Bloque 1. Escoita e percepción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	OBX1
• CA1.2. Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	OBX1
• CA1.3. Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	OBX3
• CA1.4 Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	OBX4
Contidos	
• O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. • Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. • Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. • Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. • Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. • Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. • Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. • Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.	
Bloque 2. Interpretación, improvisación e creación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX2
• CA2.3. Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	OBX3
• CA2.4. Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	OBX4
• CA2.5. Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	OBX3
• CA2.6. Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	OBX4
• CA2.7. Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	OBX5
Contidos	
• A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. • Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración, síncope, contratempo. • Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. • Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. • Técnicas de improvisación guiada e libre. • Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. • Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.	
Bloque 3. Contextos e culturas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	OBX5
• CA3.3. Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	OBX3
• CA3.4 Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	OBX4
• CA3.5. Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	OBX5
• CA3.6. Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	OBX5
Contidos	
• A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais. • As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. • A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. • Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. • Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados. • O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.	

3º curso.

Materia de Música 3º curso	
Bloque 1. Escoita e percepción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	OBX1
• CA1.3. Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	OBX1
• CA1.4. Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	OBX3
• CA1.5. Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	OBX1
• CA1.6. Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	OBX5
Contidos	
• Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. • Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. • Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. • Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. • Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. • Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. • Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. • Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.	
Bloque 2. Interpretación, improvisación e creación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	OBX2
• CA2.2. Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX2
• CA2.3. Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	OBX1
• CA2.4. Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	OBX3
• CA2.6. Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	OBX3
• CA2.7. Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	OBX4
• CA2.8. Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	OBX4

Contidos

• A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.

• Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.

• Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

• Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.

• Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.

• Técnicas de improvisación guiada e libre.

• Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.

• A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.

• Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

• Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.

Bloque 3. Contextos e culturas

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	OBX1
• CA3.2. Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	OBX1
• CA3.4. Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	OBX5
Contidos	
• Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. • Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. • Principais composicións musicais de cada período histórico.	

4º curso.

Materia de Música 4º curso	
Bloque 1. Escoita e percepción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar obras ou fragmentos musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	OBX1
• CA1.2. Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	OBX1
• CA1.3. Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos en que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	OBX1
• CA1.4. Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico a que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	OBX1
• CA1.5. Coñecer, respectar e valorar os axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	OBX1
• CA1.6. Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música.
• Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.
• Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal como escrito –uso de vocabulario adecuado–, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.
• Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestiario.
• Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
• Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.
• Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
• Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
• Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
• Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
• Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
• Actitude de respecto e valoración na recepción musical.

Bloque 2. Interpretación, improvisación e creación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	OBX2
• CA2.2. Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	OBX2
• CA2.3. Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	OBX3
• CA2.4. Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	OBX3
• CA2.5. Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.6. Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	OBX4
• CA2.7. Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	OBX4
• CA2.8. Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos –en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental– diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	OBX5

Contidos
• A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
• Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
• Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
• Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agóxica e dinámica.
• Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
• Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
• Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
• O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
• Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
• Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
• Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual como grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
• Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. • Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.	
Bloque 3. Contextos e culturas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto en que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	OBX1
• CA3.2. Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema como na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	OBX1
Contidos	
• Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. • Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais. • Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución. • Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia. • O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.	

18.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Música desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Relación entre os obxectivos da materia de Música e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2	1			2	1-3	1	3	3
OBX3	1			2	1-3	1	1	3
OBX4	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A asimilación dos distintos bloques de contidos, que partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base deste currículo é aprender facendo.

– A planificación do ensino sempre baseándose en vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

– Os criterios de avaliación, que deben estar directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

– O deseño de diferentes situacións de aprendizaxe, que deberán incluír procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

– A importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

– A consideración da materia de Música como unha materia esencial para promover o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a súa natureza grupal e creativa. Esta materia preséntase como idónea para a realización de proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

19. Oratoria.

19.1. Introdución.

A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca como hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca como hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Por iso é especialmente relevante na actualidade prepararse para producilas e comprendelas de maneira adecuada.

Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas en que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións etc. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas á internet e aos medios de comunicación; a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, necesitamos aprender a falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

A oratoria, a arte de falar, é inseparable da retórica, a arte de persuadir. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra. É importante recoñecer a finalidade práctica destas disciplinas, pois a principal acusación que historicamente recaeu sobre elas é que proporcionan artificios e estrataxemas para influír nas persoas mediante a invención de interesadas aparencias de verdade. A didáctica da oratoria debe partir dunha base ética sólida: o lexítimo dereito a influír debe asentarse na honestidade, na procura ou na construción compartida da verdade e no diálogo democrático. O traballo coa oratoria implica, de maneira case inevitable e aínda que sexa nun nivel básico, unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios de que nos valemos para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia respecto á subordinación das ideas e dos intereses propios ao concepto da verdade, aos valores democráticos e aos dereitos fundamentais.

É por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a competencia en comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias persoal, social e de aprender a aprender, pois a oratoria carece de sentido se non é para potenciar o autocoñecemento e para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia emprendedora, pois a oratoria fomenta a proactividade.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques, nos cales se observa o peso da clásica división da oratoria en cinco partes: «*inventio*»(procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), «*dispositio*»(elección e estruturación deses materiais), «*elocutio*»(textualización do discurso), «memoria»(memorización) e «*actio*»(posta en escena do discurso).

O primeiro bloque, «O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer», pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento ás bases fundamentais da oratoria e a mostras representativas de discursos de índole persuasiva. Trátase de que o alumnado, alén de pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e coñeza os seus procedementos construtivos e elocutivos. Estes exemplos poden constituír modelos para que o alumnado elabore posteriormente as súas propias creacións desde a honestidade intelectual e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. Ao mesmo

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

tempo, aprenderá a identificar as estrataxemas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade.

O segundo bloque, «A selección de información: *inventio*», dedícase ás destrezas de procura, selección e tratamento da información. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio. Por iso, a través do manexo de diferentes fontes, o alumnado afondará no coñecemento do tema do discurso; diferenciará entre información e opinión e adoptará unha postura crítica á hora de analizar a información que obteña das distintas fontes.

O terceiro bloque, «A preparación do discurso: *dispositio*, *elocutio e memoria*», ten como punto de partida o feito de que unha estrutura clara e ordenada do texto e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz, que haberá que memorizar deixando certa marxe á espontaneidade. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, pois sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade.

No cuarto e último bloque, «A presentación do discurso: *actio*», aplícanse todos os contidos dos anteriores, pois a oratoria ten como fin último a presentación oral dun discurso ante un auditorio. Teñen especial importancia os aspectos relacionados coa xestión emocional do/da orador/a e será requisito indispensable crear na aula un clima de confianza e seguridade para que o alumnado experimente a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Alén diso, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que deben constituír un mero apoio sen restar protagonismo á persoa e ao seu discurso.

O alumnado empregará a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos en que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia.

En definitiva, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obteren mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capaci-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

dade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado.

19.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.
• Na sociedade actual os individuos vense abocados a se desenvolveren de forma solvente coa linguaxe oral en moi diversos ámbitos: a vida laboral, a actividade política, o mundo académico, as relacións interpersoais etc. Polo tanto, o desenvolvemento da capacidade de expresión lingüística encamiñada cara á persuasión preséntase como unha necesidade educativa de primeira magnitude. O coñecemento e a práctica da oratoria deben propiciar, facilitar e desenvolver a participación na vida colectiva, pois participamos na vida social en tanto desenvolvemos a nosa capacidade para expresármonos en público con precisión, claridade e convicción. • Na medida en que o ámbito educativo dota o individuo dunha ferramenta útil e potente para a inserción na vida colectiva como é a linguaxe, a oratoria é unha base sólida para unha valoración positiva da imaxe propia, tanto no que se refire á autoestima como á percepción que os demais teñen dun.
OBX2. Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.
• O coñecemento da orixe da oratoria no mundo grecolatino debe ser unha base inescusable no estudo da oratoria no ámbito académico actual. Deberase coñecer en que medida esta disciplina xurdiu para dotar as persoas de capacidade de intervención na súa sociedade e como proveu os individuos dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo. A íntima relación da oratoria con outras disciplinas, como son a retórica e a dialéctica, e o seu desenvolvemento posterior ao longo dos séculos en varios contextos culturais, son aspectos que posibilitan un estudo preciso e ben fundado das prácticas persuasivas hoxe vixentes. • Para coñecermos o complexo proceso polo cal persuadimos e somos persuadidos, debe abordarse o estudo de cada unha das partes do proceso oratorio e que xa se encontran referidas e descritas na retórica clásica. É necesario que se presenten como distintos aspectos dun único proceso, que se encamiña, en todo caso, á persuasión, desde a achega de argumentos de distinto tipo (*inventio*) ata a execución oral pública (*actio*).
OBX3. Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.
• A oratoria proxéctase hoxe nunha gran variedade de situacións. Mesmo sen coñecerse con ese nome, o emprego da fala cunha intención persuasiva é unha actividade social constante que adoita manifestarse sempre que alguén defende os seus intereses ou as súas opinións. O alumnado deberá identificar e comprender a relevancia da lingua oral sempre que se use cunha función apelativa. • Para logo poder desenvolver as capacidades propias, deben coñecerse primeiro as peculiaridades dos moi diversos discursos persuasivos que manexamos na vida diaria, tendo en conta as distintas canles posibles e as finalidades específicas que se procuran. Deste xeito, abordaranse distintos tipos de discursos persuasivos como os que se poden dar no debate político en medios de comunicación, nas xuntanzas no ámbito laboral, na promoción comercial directa, nas propostas académicas ou na docencia.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX4. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.

• O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa.

• O alumnado deberá consultar fontes de información variadas en procesos de investigación progresivamente autónomas. E, alén diso, terá que diferenciar as informacións das opinións, adoptar un punto de vista crítico e persoal, e evidenciar unha actitude ética coa propiedade intelectual.

OBX5. Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.

• A vocación práctica desta materia vai da man dunha mellora xeral das capacitacións lingüísticas do alumnado, en tanto que no discurso persuasivo hai que intervir en todos os niveis da lingua para acadar un resultado satisfactorio. O estudo das linguas e a práctica da retórica, polo tanto, benefícianse mutuamente e progresan en paralelo.

• Por outra parte, a proxección cívica da oratoria favorece a participación na vida social, en canto dota as persoas dun recurso potente para achegar solucións satisfactorias para o individuo e para a colectividade nas máis diversas situacións. Neste sentido, o dominio da expresión oral é un potente resorte que, reforzando a autoconfianza, pode impulsar os individuos a participaren autonomamente nos ámbitos sociais onde deben pórse en xogo as opinións propias.

OBX6. Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.

• As materias da área lingüística están intimamente relacionadas co estudo da oratoria. Así, deben coidarse os distintos aspectos da comunicación verbal que contribúen á correcta execución dun discurso persuasivo: a adecuación ao contexto, a precisión e riqueza léxicas, a cohesión das ideas, a fluidez sintáctica, o acento, o ton, a prosodia, a entoación e a articulación. Para acadar satisfactoriamente este obxectivo, será necesaria unha minuciosa revisión dos textos

• Alén de memorizar os elementos fundamentais do discurso, hai que coñecer, practicar e perfeccionar os códigos non verbais, como son os elementos paralingüísticos, xestuais, corporais, quinésicos e visuais que entran en xogo na práctica oratoria, en canto son determinantes á hora de precisar a eficiencia dos discursos.

OBX7. Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.

• A correcta execución de distintos discursos persuasivos debe levar consigo unha ampla e diversa dotación de recursos, más alá da propia voz. En consonancia coas exixencias da vida cotiá, a práctica da oratoria debe adaptarse a canles, soportes e ámbitos variados, cunha correcta adecuación a eles. Así, poderán desenvolverse discursos en presenza do público, en diferido, por medios audiovisuais, con materiais de apoio ou sen eles, tendo en conta que se vai exercer durante a vida en variados contextos, non sempre controlables.

• Deben coñecerse diversas ferramentas que poidan apoiar e amplificar a mensaxe do discurso, na medida en que, en determinadas situacións, poden estar dispoñibles: programas informáticos de presentacións, carteis, megafonía, vídeos, luminotecnia etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX8. Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.
• O obxectivo de persuadir os demais comporta unha gran responsabilidade ética á hora de expresarse que debe ser considerada como elemento esencial da oratoria. A práctica da oratoria desenvolve en si mesma a capacidade de expandir valores positivos. Mais tamén pode ser ferramenta usada para a defensa de valores antisociais ou perversos, que deben ser identificados, recoñecidos e rexeitados. • Na medida en que o discurso busca influír nos outros, debe atenderse tamén aos posibles efectos das opinións propias na emotividade ou na sensibilidade dos nosos semellantes. Polo tanto, é un obxectivo en todo caso expresar os puntos de vista propios de xeito considerado cos demais, tanto no fondo como na forma.

19.3. Criterios de avaliación e contidos.

3º ou 4º curso.

Materia de Oratoria 3º ou 4º curso	
Bloque 1. O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	OBX2
• CA1.2. Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	OBX2
• CA1.3. Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	OBX2
• CA1.4. Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	OBX3
• CA1.5. Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	OBX3
• CA1.6. Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	OBX8
Contidos	
• As partes da retórica: *inventio*, *dispositio*, *elocutio*, memoria e *actio*. • A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. • A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. • Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. A selección da información: *inventio*	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar e manexar fontes documentais.	OBX4
• CA2.2. Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	OBX4
• CA2.3. Diferenciar información e opinión.	OBX4
• CA2.4. Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	OBX4
• CA2.5. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	OBX7
Contidos	
• Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. • Documentación e investigación. Alfabetización mediática. • Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). • Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación. • Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. • Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.	
Bloque 3. A preparación do discurso: *dispositio*, *elocutio e memoria*	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	OBX6
• CA3.2. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	OBX6
• CA3.3. Empregar recursos propios da argumentación.	OBX8
• CA3.4. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	OBX6
• CA3.5. Realizar o proceso de revisión do texto.	OBX6
• CA3.6. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	OBX6
• CA3.7. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	OBX6
Contidos	
• Adecuación do discurso ao contexto. • Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. • Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. • Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. • Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. • Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. • Procedementos retóricos. Características estilísticas. • Coherencia e cohesión. • Corrección lingüística. • Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. • Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. • Interiorización do discurso.	
Bloque 4. A presentación do discurso: *actio*	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	OBX1
• CA4.2. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	OBX1
• CA4.3. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	OBX6
• CA4.4. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	OBX6
• CA4.5. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	OBX7
• CA4.6. Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	OBX5
Contidos	
• Habilidades de comunicación non verbal e xestual. • Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). • Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). • Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. • Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. • Proxémica: espazo escénico. • Naturalidade fronte á artificiosidade. • Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. • O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.	

19.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Oratoria desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Oratoria e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2	2-4							1-2
OBX3	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A organización da materia desde un punto de vista eminentemente práctico, minimizando os contidos teóricos e privilexiando aquelas actividades que permitan desenvolver as destrezas vinculadas coa oralidade, establecendo, alén diso, un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión dinámica e fluída do alumnado. Neste sentido, faise necesaria a creación de condicións e contextos que estimulen a superación persoal, o desenvolvemento das potencialidades, o coidado do autoconcepto e a autoestima, así como os procesos da aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo.

– O fomento de tarefas cooperativas, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun ambiente adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. A potenciación

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

do traballo en grupo permite manter relacións saudables e produtivas cos compañeiros e compañeiras, colaborar na consecución dos obxectivos, respectar as normas establecidas, amosar unha actitude tolerante cara ás ideas dos demais e cooperar na superación das dificultades que se presenten.

– A coordinación e o traballo interdisciplinar, pois moitas das habilidades da materia de Oratoria presentan aspectos comúns con outras. Son exemplos a xestión da información, a comprensión de lectura, a escoita comprensiva ou a expresión escrita, polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da evolución do alumnado. Neste sentido, o fomento da aprendizaxe baseada en proxectos poderá favorecer a dita interdisciplinaridade. Todos os departamentos, coa súa acción coordinada, poderán contribuír a perfeccionar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. Alén da retroalimentación entre a Oratoria e as materias lingüísticas ou humanísticas, tamén as de carácter científico-tecnolóxico se nutren decisivamente das destrezas comunicativas do alumnado, dado que impulsan a consolidación e afondamento do pensamento abstracto e o razoamento crítico. As accións concretas poden ser, entre outras, a creación dun concurso de debates, a organización de conferencias ou seminarios temáticos, presentacións ou simposios literarios, a creación de clubs de lectura, obradoiros, podcasts radiofónicos ou a planificación da Semana Cultural do centro. Trátase, en definitiva, de deseñar actividades que estimulen o interese do alumnado, o hábito lector, a práctica da expresión escrita e a capacidade de comunicarse correctamente en público.

– A proposta dunha metodoloxía que oriente, promova e facilite o desenvolvemento competencial do alumnado favorece, alén diso, o tratamento da atención á diversidade, ao respectar os distintos estilos de aprendizaxe a través da elaboración de actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo. Neste sentido, recoméndase o fomento do uso de recursos educativos en aberto (REA) e de deseño universal de aprendizaxe (DUA) que faciliten a atención á diversidade e a inclusión, e que conduzan á creación dun contorno persoal de aprendizaxe (PLE) propio. O emprego responsable dos recursos e fontes de información proporcionados polas TIC contribúe á reflexión arredor da pertinencia e fiabilidade dos datos obtidos para construír explicacións coherentes e estruturadas da realidade que rodea o alumnado.

– A planificación de estratexias interactivas que permitan unha construción compartida do coñecemento a través do intercambio de ideas entre o alumnado. Este enfoque implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. Proponse, así, a elaboración de actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académi-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

co, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Recoméndase tamén a planificación de exposicións orais ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole. O emprego da lingua na comprensión e creación de discursos favorece o seu desempeño profesional e a súa participación activa nos ámbitos social e persoal. Convén que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

– En relación co anterior, a selección e planificación de estratexias didácticas que faciliten a auto-aprendizaxe do alumnado e que permitan a incorporación do uso e rexistro lingüístico adecuados en situacións comunicativas reais e próximas ao seu contexto académico e social. Preténdese, así, estimular a reflexión e o pensamento crítico, favorecendo o descubrimento, a investigación, o espírito emprendedor e a iniciativa persoal. Por iso, as actividades propostas deben afondar nos métodos de compilación, sistematización e presentación da información, aplicando os procesos de análise, observación e experimentación. Recoméndase, polo tanto, que os exercicios prácticos se orienten cara á realización de proxectos inclusivos para a organización de debates ou exposicións orais que amosen todo tipo de posicionamentos, roles ou conflitos, onde se potencie a expresión oral, corporal, o movemento e a importancia da xestión do tempo e o espazo, para construír una axeitada autoimaxe.

– A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. A avaliación formativa centrada nas competencias permite identificar o grao de adquisición destas, modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas. Neste sentido, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

– A posta en práctica, en definitiva, dun método didáctico, con proxección social e cultural, para a construción da identidade persoal do alumnado, a integración e a igualdade, espertando a súa curiosidade polo mundo e favorecendo unha produción discursiva que poida empregar como medio de comunicación oral e audiovisual. Trátase dunha ferramenta que promova o consenso e a organización grupal, optimice a xestión emocional e a resolución dialogada dos conflitos, desenvolva as habilidades de liderado positivo e consolide actitudes de tolerancia e respecto cara ás ideas dos demais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

20. Proxecto Competencial.

20.1. Introdución.

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes en que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiran as competencias

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

20.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.
• Entender a realidade desde unha perspectiva ampla é fundamental para comprender mellor o mundo en que vivimos. Espertar a curiosidade e ter unha visión aberta sobre a realidade constitúe o punto de partida de calquera investigación do contexto. Deste modo, preténdese que o alumnado empatice e se poña fronte a unha problemática, adquirindo unha perspectiva integral e de conxunto desta. • Os elementos transversais do currículo presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de darlle solución. É fundamental, polo tanto, coñecelos e observalos, de cara a entender o porqué das situacións xeradas e tratar de achegar unha solución posible a estes. • Antes de desenvolver un plan de traballo, é preciso que o alumnado tome o seu tempo para reflexionar sobre cales son as cuestións principais que deberá abordar no seu proxecto e, unha vez determinados estes aspectos, elaborar un plan detallado de execución del. Decidir sobre aspectos como a dimensión e a duración do proxecto e a identificación dos seus obxectivos, facer balance entre os recursos que se precisan e a disponibilidade deles, determinar, de ser o caso, as persoas que vaian intervir e chegar aos acordos precisos sobre o que haxa que facer e sobre quen o vai facer, e determinar e concretar os pasos que haxa que seguir na súa execución, son decisións moi importantes de cara ao éxito final do traballo que cumpra realizar.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

• Deseñada a planificación do proxecto, é o momento de poñelo en acción, de facelo realidade e, co correspondente seguimento, observar que é o que sucede para, de ser o caso, tratar de corrixir o que sexa preciso.

• A fase de execución do proxecto é unha das máis relevantes porque será a que permita acadar os obxectivos que se propoñan e porque exixirá un maior tempo de dedicación por parte do alumnado. É o momento de ter en conta aspectos como a coordinación das persoas implicadas, o uso eficiente dos tempos e dos recursos e a supervisión constante do que se está a facer.

• É importante afrontar o proxecto cunha actitude emprendedora, resolutiva, áxil, innovadora, sostible e creativa que permita a adaptación a distintas situacións e comprender a importancia de desenvolver o hábito de actuar con creatividade, tanto individual como colectivamente.

• Recoñecer e valorar trazos e calidades persoais propias e das demais persoas resulta indispensable para afrontar con éxito un proxecto. Unha correcta identificación das propias potencialidades permite avanzar de forma segura e, no caso da constitución de equipos de traballo, que deben ser inclusivos, darlles a estes equipos escenarios nos que os obxectivos se acaden dun xeito equilibrado, eficaz, cooperativo, motivado e responsable, que compense as debilidades duns e potencie as fortalezas dos outros, adecuándose así ás necesidades do proxecto que se pretende abordar e xerando, a través do diálogo, unha intelixencia colectiva que lles permita funcionar con autonomía. Un correcto desenvolvemento e uso das habilidades sociais, como a empatía, a asertividade, a negociación, o liderado e o respecto cara aos intereses, ás eleccións e ás ideas das demais persoas, facilitan unha visión compartida entre os membros do equipo, a creación dun bo clima de traballo e a construción de vínculos de cooperación que redunden no crecemento persoal e colectivo, e intensifiquen valores de respecto, tolerancia e equidade.

OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

• A presentación dos resultados obtidos, xunto cun sistema eficaz de comunicación, resultan esenciais para lograr obxectivos en calquera ámbito. O alumnado debe coñecer estratexias de comunicación adecuadas e áxiles e aplicar diferentes ferramentas comunicativas, especialmente as ligadas ás novas tecnoloxías. En todo este proceso resulta esencial desenvolver unha actitude cooperativa e respectuosa na forma de comunicarse, aprendendo a argumentar, a escoitar e a transmitir eficazmente o que se pretende dar a coñecer.

• Compartir os coñecementos e as experiencias cos demais permite idear solucións contrastadas e innovadoras, motivar, convencer, tomar decisións e xerar oportunidades. Neste sentido, a utilización de estratexias de comunicación áxil facilitan a tarefa de explicar unha idea orixinal transmitindo, con claridade e rapidez, os seus puntos fortes e débiles. Así mesmo, permite que os equipos compartan as ideas creativas xeradas, e se validen ou descarten con rapidez e se tomen decisións sobre as solucións que finalmente se elixan para afrontar os retos propostos.

• O mundo global e complexo en que vivimos exixe formación para mellorar a competencia comunicativa das persoas, en especial no uso dunha linguaxe positiva e no control das emocións que puideren xurdir no propio proceso do acto comunicativo. É importante entender que as estratexias de comunicación son elementos que cobran especial importancia para que unha persoa emprendedora se relacione con outras de maneira efectiva e positiva.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

20.3. Criterios de avaliación e contidos.

Todos os cursos da etapa.

Materia de Proxecto Competencial Todos os cursos da etapa	
Bloque 1. Definición de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	OBX1
• CA1.2. Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	OBX1
• CA1.3. Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	OBX1
• CA1.4. Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	OBX1
• CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	OBX1
Contidos	
• Procura e selección de información relacionada cos proxectos. • Planificación: secuenciación e temporización.	
Bloque 2. Execución de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista.	OBX2
• CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	OBX2
• CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	OBX2
• CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	OBX2
• CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	OBX2
Contidos	
• Execución de proxectos: dinámicas e roles.	
Bloque 3. Presentación de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	OBX3
• CA3.2. Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3
• CA3.3. Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	OBX3
• CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	OBX3
Contidos	
• Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. • Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.	

20.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Proxecto Competencial desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e unha adecuada adquisición das competencias transversais.

O currículo da materia de Proxecto Competencial ten unha formulación aberta co fin de permitirlle ao profesorado un marco amplo de posibilidades de concreción para axustarse ás necesidades do alumnado destinatario, ás súas preocupacións e aos seus intereses, así como á realidade da contorna do centro docente. Por outra banda, o currículo da materia é común para todos os cursos da etapa, polo que o profesorado terá que adecuar as propostas de desenvolvemento curricular ao nivel e idade do alumnado buscando unha oportuna progresividade no conxunto dos cursos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Proxecto Competencial e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1			1	1-5	3	1-2-3	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A materia debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para elas.

– Os deseños dos proxectos ou problemas de traballo deben ser significativos e desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos en que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

– A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, e introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que lle permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.

– Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.

– O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo, co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

– O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

– Empregaranse distintos métodos, que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

– As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integre na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, de exercer a cidadanía activa e de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

– Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

21. Segunda Lingua Estranxeira.

21.1. Introdución.

Instrumento de coñecemento, comunicación e creatividade, as linguas vehiculan, ademais, culturas e modos de ser e de facer. Así, o coñecemento de varias linguas pon a

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

persoa usuaria en contacto cunha diversidade rica e complexa de experiencias e de construcións culturais, tanto individuais como colectivas.

O coñecemento de linguas é, pola súa vez, un instrumento esencial para a existencia curiosa e participativa nun mundo global, no cal se desenvolve un sentido de comunidade que está a dar lugar a comunidades dixitais, estilos de vida, hábitos de consumo e sensibilidades comúns respecto do que consumimos ou das condicións ambientais. Transitar adecuadamente, con instrumentos lingüísticos e culturais suficientes, por estes ámbitos da globalización, converteuse nunha necesidade para que poidan fluír o diálogo intercultural, a solidariedade internacional e os dereitos humanos universais.

Ao acceder á educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as exixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; ao longo da educación primaria desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade, empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuiría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. É, pois, nesta nova etapa educativa cando o alumnado posúe a madurez lingüística e social suficiente para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras –vivas ou clásicas– e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas. Pois ben, a final das contas, todas as linguas seguen un desenvolvemento similar, servindo ao entendemento e á comunicación humana.

Pola súa banda, a segunda lingua estranxeira contribuirá a que o alumnado desenvolva a súa competencia intercultural, abríndolle o ámbito da alteridade e axudándoo a comprender mellor os demais, así como ampliando as súas competencias de mediación entre diferentes grupos sociais e a súa capacidade de cuestionar aqueles aspectos da súa propia cultura que puidesen parecer incuestionables. Así, mediante a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira desenvolveranse actitudes abertas para aprender tanto a xestionar con

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

intelixencia emocional outras formas de contacto coa alteridade, como a afrontar con curiosidade, empatía e seguridade o encontro co descoñecido.

En consecuencia con todo o anterior, os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria toman en consideración as competencias adquiridas durante a educación primaria. Isto implica ter en conta como coñecementos previos as súas estratexias comunicativas, xa adquiridas, de comprensión, produción, interacción e mediación, aínda que se entende esta última, neste contexto de adquisición dunha segunda lingua estranxeira, como a actividade orientada a transmitir mensaxes básicas co fin de facilitar a comprensión mutua e de transferir información igualmente básica.

En canto aos criterios de avaliación da materia, aseguran a consecución dos obxectivos, polo que se presentan directamente vinculados a eles. Na súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe mostrar, xunto co contexto ou modo de aplicación e uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación secundaria.

Pola súa banda, os contidos son os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a realización das aprendizaxes e a avaliación das capacidades ou procesos enunciados nos criterios de avaliación. Estrutúranse en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca os coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque «Plurilingüismo» engloba as estratexias e os procesos, de maneira que aqueles traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas das demais. O dominio das aprendizaxes establecidas neste bloque vai permitir que o alumnado poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos propios da lingua estranxeira e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Por último, no bloque «Interculturalidade», agrúpanse os coñecementos, destrezas e actitudes sobre as culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, e a oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais que estas posibilitan. Resultan esenciais neste bloque as actitudes de interese, aprecio e respecto por outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. Neste sentido, o currículo de Segunda Lingua Estranxeira estrutúrase ao redor da variedade estándar da lingua coa única finalidade de que a persoa usuaria poida comunicarse cun maior número de persoas interlocutoras.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

21.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender o sentido xeral e a información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.
• Comprender textos orais, escritos ou multimodais é un proceso non só lingüístico, senón tamén perceptivo, cognitivo, de actitude, sociolóxico e tecnolóxico, no caso da multimodalidade, que pode levarnos á interpretación e a valoración persoal do texto tanto desde a discriminación de fonemas, sílabas, palabras, sons etc., como desde a atribución dun significado global, que interpretamos en función da situación de comunicación, a posta en páxina do texto, as imaxes, voces ou xestualidade que o acompañan. Pois os textos orais, escritos ou multimodais están inseridos en contextos lingüísticos e extralingüísticos, e en figuras visuais que crean o seu sentido. • Neste percorrido de comprensión debemos acompañar e guiar o alumnado, axudándoo a incorporar ao proceso os seus coñecementos previos, lingüísticos e pragmáticos, e o seu coñecemento do mundo, recorrendo ás estratexias de comprensión adquiridas na aprendizaxe doutras linguas, ao seu coñecemento da metalinguaxe, á súa información extratextual e ao seu coñecemento e manexo de diversos tipos de recursos visuais e vocais, en definitiva, á súa experiencia como aprendiz de linguas e dos múltiples recursos para construír e consumir textos multimodais que nos ofrece a tecnoloxía. • Así, desde o primeiro curso, débese axudar o alumnado a aplicar, inicialmente de forma moi guiada, as estratexias e coñecementos que xa posúe para comprender o sentido xeral, a información esencial e, paulatinamente, os detalles máis relevantes dos textos orais, escritos e multimodais, facéndolle ver que o oral é un produto en construción que lle permite acceder ao sentido preguntándolles ás persoas interlocutoras, solicitando repeticións, paráfrases ou substitucións, mentres que o texto escrito é o resultado dun pensamento acabado e o multimodal está creado a partir de sistemas semióticos ou de linguaxes diversas que contribúen ao seu significado. • Igualmente, a actitude ante a propia capacidade de comprensión e a empatía cara á cultura que transmite a lingua estranxeira son esenciais no desenvolvemento da capacidade de comprender, de chegar ao significado. A isto contribúe, en moi alto grao, a actividade docente mediante a selección dos recursos didácticos, os medios, os métodos e as actividades que propoñerá para desenvolver esta actividade lingüística da comprensión en lingua estranxeira, adecuados igualmente á súa idade, intereses e nivel escolar.
OBX2. Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.
• Producir textos orais, escritos ou multimodais é un proceso non só lingüístico, senón tamén perceptivo, cognitivo, de actitude, sociolóxico e, no caso da multimodalidade, tecnolóxico, que a persoa leva a cabo recorrendo a unha serie de estratexias comunicativas propias da expresión, como son planificar de antemán o discurso, controlar sobre a marcha a súa intelixibilidade, comprensión ou aceptación por parte das persoas destinatarias ou, cando cómpre, compensar unha carencia tecnolóxica, renunciando, por exemplo, a un sistema semiótico, ou a insuficiencia na lingua estranxeira, parafraseando, explicando ou mesmo evitando expresar o que se desexa: tales estratexias son idénticas ás que empregan as persoas na produción da súa propia lingua.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• As estratexias de produción consideran unha fase inicial de planificación consciente ou intuitiva da actividade, para o que se seleccionan os sistemas semióticos (lingüístico, visual, de audio, xestual ou espacial), o rexistro, o ton, a estrutura discursiva, o léxico etc., considerando, principalmente, a persoa destinataria, o contexto comunicativo e a finalidade da produción. No caso da escrita, esta fase abrangue o recurso a dicionarios, tradutores etc. E, en todo tipo de produción textual, un posible reaxuste, tanto se o que se pretende dicir excede os recursos lingüísticos ou tecnolóxicos, no caso dos textos multimodais, como se a persoa emisora se ve con recursos suficientes para enriquecer o seu texto. Por último, para asegurarse do éxito da comunicación recórrese ás estratexias de autorreparación, como son a revisión formal e do sentido do texto escrito, a verificación da comprensión ou a observación da actitude da persoa destinataria. Isto pode dar lugar a reconducir a produción oral para facerse comprender ou á reelaboración do texto escrito ou multimodal.

• Así, ao finalizar a etapa, o alumnado terá adquirida en segunda lingua estranxeira a competencia lingüística suficiente para producir textos escritos, orais ou multimodais en situacións de comunicación sinxelas, relativas a áreas de necesidade inmediata ou a temas moi comúns e cotiáns relacionados con áreas de experiencia que lle sexan especialmente relevantes no ámbito privado (información básica sobre si mesmo e a súa familia e persoas próximas), público (compras, lecer, lugares de interese etc.) e educativo (información sobre os seus estudos, elección de itinerarios educativos etc.).

OBX3. Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.

• A interacción é unha actividade lingüística na cal polo menos dous individuos participan nun intercambio oral ou escrito e que para realizarse necesita tanto a comprensión como a expresión. Así, tal como sinala o Marco común europeo de referencia (MCER), na interacción, expresión e comprensión altérnanse (e poden, no caso da comunicación oral, solaparse), polo que interactuar abrangue as estratexias propias das outras actividades lingüísticas sinaladas e, na oralidade espontánea, incorpora estratexias de quenda de palabra propias do texto conversacional.

• Cómpre, pois, diferenciar entre a interacción escrita e a interacción oral. Aquela refírese especialmente a textos como cartas, notas, mensaxes ou formularios. As condicións en que esta actividade se produce difire substancialmente da interacción oral espontánea/conversacional, que implica presenza das persoas interlocutoras, inmediatez na comprensión e na produción, e memoria a curto prazo. En consecuencia, a súa produción é completamente diferente da escrita, pois utiliza estruturas simples, prevalece a parataxe ou inexistencia de subordinación e a supresión de elementos sintácticos ou elipse; úsanse frases feitas e o léxico é máis xenérico que específico; os elementos prosódicos substitúen os marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria-oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas; e as frases non se rematan, quedan incompletas. Ademais, desde o punto de vista da cohesión, repítense palabras propias ou ditas pola persoa interlocutora e utilízanse pouco as anáforas; e desde o punto de vista do contido da interacción, hai escasa densidade temática Estas características da interacción oral deberían facer moi doada a súa ensinanza e aprendizaxe. Porén, a dificultade da interacción reside nas claves culturais que a rexen, tales como os criterios que serven de referente para identificar as relacións sociais que se establecen entre as persoas interlocutoras; os temas que se poden abordar en cada situación de comunicación; a persoa que debe iniciar a conversa; a maneira de iniciar a conversa, o xeito en que se establecen as quendas de palabra e a secuencia de actos de fala que asegura a coherencia dunha conversa.

• As dificultades sinaladas e aspectos organizativos e de xestión de aula son elementos que o profesorado debe resolver para asegurar a adquisición desta actividade lingüística no marco das relacións interculturais, propias do ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira, que implican tanto a comunicación verbal como non verbal, e as normas de cortesía tanto na interacción cara a cara e escrita como dixital.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX4. Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.

• A mediación é un dos catro modos de comunicación considerados no MCER: recepción, interacción, produción e mediación. Esta é unha combinación da recepción, produción e interacción. Na mediación a linguaxe non se utiliza só para comunicar unha mensaxe, senón tamén para facilitar as interaccións cotiás sociais e profesionais, co fin de tender pontes de entendemento entre persoas interlocutoras de linguas e culturas diferentes.

• A mediación considera diversos tipos. Por unha banda, a mediación de textos, de conceptos e da comunicación e, pola outra, a comunicación interlinguas. Algunhas escalas de mediación textual, como procesar textos, ou estratexias de mediación, como simplificar ou aclarar un texto, implican actividades que requiren un grao de competencia lingüística e de complexidade cognitiva que o alumnado de Segunda Lingua Estranxeira na educación secundaria aínda non posúe. Por outra banda, as escalas de mediación da comunicación requiren habilidades interpersoais que tampouco son evidentes en alumnado destas idades. En consecuencia, nesta etapa, este modo de comunicación limítase á mediación entre linguas. En primeiro e segundo curso, transmitindo pequenas notas aclaratorias ou informativas de temas moi sinxelos como listas de ítems referidos a compras, menús, prezos etc.; e unha sinxela mediación intercultural sobre hábitos ligados a convencións sociais básicas, por exemplo, horarios, saúdos, tratamento etc. En terceiro e cuarto curso, o alumnado xa pode transmitir información sinxela e predicible de relevancia inmediata en textos curtos e sinxelos como carteis, anuncios, pósteres, programas, folletos etc. E igualmente estará capacitado para facer mediación de textos, como a toma de notas ou a transmisión de información moi sinxela do escrito ao oral. E mesmo poderá realizar certa mediación da comunicación, actuando de intermediario en situacións de comunicación predicibles, informais e sinxelas.

OBX5. Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.

• No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, a educación plurilingüe e intercultural ten a finalidade de retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado, e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, a aprendiza ou aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. O coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

• A capacidade de transferencia lingüística non só permite, en consecuencia, descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia ante palabras descoñecidas, especialmente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, pois, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto oral, escrito ou multimodal.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX6. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.
• A educación en cidadanía democrática é unha prioridade do Consello de Europa, que considera a competencia plurilingüe como elemento esencial para tomar parte na vida pública e política de Europa e no mundo globalizado, non só no propio país. Isto implica a aceptación positiva das linguas dos demais e a curiosidade por elas. Estas actitudes de acollida e interese polas linguas son esenciais para a apertura a outras comunidades culturais e a perduración das linguas minoritarias. • Así, para aprender outras linguas, unha maior consciencia metalingüística permitiralle ao aprendiz ou á aprendiza apoiarse nas competencias sociolingüísticas e pragmáticas que xa posúe, á vez que as amplía, transcendendo o ámbito persoal e preservando, con iso, a diversidade lingüística nos ámbitos público e educativo. • O alumnado pode, igualmente, contribuír aos intercambios interculturais eficaces desde a súas primeiras experiencias coa segunda lingua estranxeira, explotando o seu limitado repertorio para darlles a benvida ás persoas e mostrando interese con palabras simples e expresións non verbais, invitando a outros a falar e indicando se el/ela entende cando lle falan directamente. • O diálogo intercultural constitúe un ámbito de convivencia fundamental nesta sociedade cada vez máis interconectada, pois póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, especialmente o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento positivo da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social, lingüística e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

21.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Segunda Lingua Estranxeira 1º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	OBX1
• CA1.2. Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	OBX1
• CA1.4. Producir oralmente textos curtos moi elementais, a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns, prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	OBX2
• CA1.5. Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	OBX2
• CA1.6. Completar formularios e documentos moi elementais en que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	OBX2
• CA1.7. Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	OBX2
• CA1.8. Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos cales as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	OBX3
• CA1.9. Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	OBX3
• CA1.10. Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	OBX3
• CA1.11. Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	OBX3
• CA1.12. Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	OBX3
• CA1.13. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	OBX3
Contidos	
• Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido…).

• Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).

• Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).

• Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.

• Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.

• Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (como, punto e como), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.

• Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información, como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples, como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	OBX4
• CA2.2. Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4
• CA2.3. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX5
• CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	OBX5
• CA2.6. Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	OBX5
Contidos	
• Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. • Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas –léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.–). • Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. • Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	OBX6
• CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	OBX6
• CA3.3. Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX6
• CA3.4. Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
• Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
• Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
• Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
• Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
• Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
• Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

2º curso.

Materia de Segunda Lingua Estranxeira 2º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar, con apoio visual.	OBX1
• CA1.2. Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	OBX1
• CA1.3. Comprender descricións, narracións e instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	OBX1
• CA1.4. Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes, pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	OBX2
• CA1.6. Completar formularios e documentos moi básicos en que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	OBX2
• CA1.7. Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	OBX2
• CA1.8. Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	OBX3
• CA1.9. Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	OBX3
• CA1.10. Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións concernentes ao ámbito escolar.	OBX3
• CA1.11. Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	OBX3
• CA1.12. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	OBX3
Contidos	
• Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. • Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido…). • Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía…), a cantidade e o espazo. • Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, negación, interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.

• Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.

• Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (como, punto e como), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.

• Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	OBX4
• CA2.2. Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4
• CA2.3. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	OBX5
• CA2.4. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	OBX5
• CA2.6. Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	OBX5
Contidos	
• Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. • Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas –léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.–). • Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. • Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	OBX6
• CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	OBX6
• CA3.3. Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX6
• CA3.4. Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	OBX6
Contidos	
• Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. • Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.

• Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

• Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

• Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

• Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

3º curso.

Materia de Segunda Lingua Estranxeira 3º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	OBX1
• CA1.2. Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que –no caso da oralidade– estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	OBX1
• CA1.3. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	OBX1
• CA1.4. Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.5. Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	OBX2
• CA1.6. Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelas con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	OBX2
• CA1.7. Completar formularios e documentos moi básicos en que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	OBX2
• CA1.8. Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	OBX2
• CA1.9. Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	OBX3
• CA1.10. Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	OBX3
• CA1.11. Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	OBX3
• CA1.12. Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	OBX3
• CA1.13. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	OBX3
Contidos	
• Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. • Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos…). • Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).

• Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, negación, interrogación e exclamación, e relacións lóxicas básicas.

• Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.

• Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra; utilización adecuada da ortografía da oración: como, punto e como, puntos suspensivos, paréntese e comiñas; identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.

• Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples, como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	OBX4
• CA2.2. Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4
• CA2.3. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX5
• CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	OBX5
• CA2.6. Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	OBX5
Contidos	
• Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. • Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas –léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.–). • Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. • Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	OBX6
• CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	OBX6
• CA3.3. Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX6
• CA3.4. Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
• Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
• Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
• Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
• Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
• Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
• Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4º curso.

Materia de Segunda Lingua Estranxeira 4º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX1
• CA1.2. Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	OBX1
• CA1.3. Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	OBX1
• CA1.5. Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	OBX1
• CA1.6. Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.	OBX2
• CA1.7. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.	OBX2
• CA1.8. Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e cun léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	OBX2
• CA1.9. Completar formularios e documentos básicos en que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	OBX2
• CA1.10. Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	OBX2
• CA1.11. Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	OBX3
• CA1.12. Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.13. Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	OBX3
• CA1.14. Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	OBX3
• CA1.15. Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	OBX3
• CA1.16. Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	OBX3

Contidos
• Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. • Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais…). • Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir. • Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura. • Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar.

• Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (como, punto e como, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

• Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc.

• Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	OBX4
• CA2.2. Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	OBX4
• CA2.3. Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	OBX5
• CA2.4. Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos cos outros participantes.	OBX5
• CA2.6. Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	OBX5
Contidos	
• Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio. • Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. • Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. • Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas –léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.–). • Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. • Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	OBX6
• CA3.2. Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	OBX6
• CA3.3. Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.4. Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	OBX6
• CA3.5. Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	OBX6
• CA3.6. Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	OBX6
Contidos	
• Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. • Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. • Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. • Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. • Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. • Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. • Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	

21.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Segunda Lingua Estranxeira desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3	5	1-2	1		3	3		
OBX4	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5		2	1	2	1-5			
OBX6	5	3			1-3	3		1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Unha serie de elementos propios das metodoloxías: as actividades, tarefas ou proxectos que facilitarán a adquisición das aprendizaxes e o desenvolvemento das competencias consideradas nos obxectivos; os agrupamentos necesarios para facilitar a realización das actividades en que participe todo o alumnado realizando tarefas que consideren a súa diversidade en situacións de interacción, coavaliación e autoavaliación; os materiais e recursos que serán necesarios para poñer o alumnado en contacto coa lingua meta; a avaliación e, en todo momento, o seu rol de docente e o rol do alumnado.

– Os roles que o alumnado terá nos agrupamentos, de tal maneira que, por moi menor que sexa a súa participación debido ás características e posibilidades da súa diversidade funcional, o grupo non alcance o éxito da tarefa sen a contribución de cada un dos seus membros.

– O grao en que as actividades ou tarefas que se lle propoñerán ao alumnado serán controladas e de orientación exclusivamente lingüística ou estarán máis centradas na propia tarefa, considerando esta non só como aprendizaxe do uso lingüístico e para o desenvolvemento comunicativo, senón tamén para o desenvolvemento cognitivo. Todo isto considerando que, inicialmente, o control que poida ter o profesor sobre a lingua que pro-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

duce o alumnado e sobre o grao de comunicación que permiten as actividades e tarefas ou proxectos que propoña non debe manterse ao longo de toda a etapa, pois non se lograrían as competencias establecidas no currículo desta materia de lingua estranxeira.

– Actividades que aborden o coñecemento dos patróns culturais que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais da propia cultura, para informar e sensibilizar o alumnado sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

– Propostas que tomen en consideración a motivación do alumnado, así como os seus intereses e preferencias.

– En consecuencia, débese lograr a convivencia entre actividades controladas de memorización, exercicios gramaticais etc. e actividades comunicativas como xogos de rol, realización de proxectos, xogos, debates etc. Ao cabo, a finalidade das actividades de aprendizaxe non é outra que contribuír ao logro das competencias establecidas no currículo da Segunda Lingua Estranxeira, facilitando o desenvolvemento da competencia comunicativa, a toma de conciencia das estratexias e coñecementos propios para mellorar a aprendizaxe, e o interese e respecto pola diversidade lingüística e cultural.

22. Tecnoloxía.

22.1. Introdución.

A materia de Tecnoloxía contribúe a dar resposta ás necesidades da cidadanía dixital ante os desafíos e os retos tecnolóxicos que presenta a sociedade actual. Así, esta materia serve de base non só para comprender a evolución social, senón tamén para poder actuar con criterios técnicos, científicos e éticos no exercicio dunha cidadanía responsable e activa, utilizando a xeración do coñecemento como motor de desenvolvemento e fomentando a participación do alumnado en igualdade cunha visión integral da disciplina e resaltando o seu aspecto social.

Os retos do século XXI orientan o desenvolvemento desta materia como aspecto esencial na formación do alumnado. Así, abórdanse aspectos económicos, sociais e ambientais relacionados coa influencia do desenvolvemento tecnolóxico e da automatización e robotización, tanto na organización do traballo como noutros ámbitos da sociedade, encamiñados á xestión da incerteza ante situacións de iniquidade e exclusión, favorecendo a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes. Así mesmo, a sostibilidade está moi ligada aos procesos de fabricación, á correcta selección de materiais e técnicas de ma-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

nipulación e aos sistemas de control que permiten optimizar os recursos. Doutra banda, a tecnoloxía proporciona medios esenciais para abordar os obxectivos de desenvolvemento sostible, tales como o acceso universal á enerxía e á comunicación, así como á educación, á alimentación e á saúde, incluída a afectivo-sexual, entre outros. A accesibilidade é tamén un compoñente necesario do proceso tecnolóxico, pois quen deseña ha de ter en conta as diferentes necesidades e a existencia da diversidade, favorecendo así a inclusión efectiva de todas as persoas nunha sociedade moderna e plural.

A materia de Tecnoloxía dálle continuidade á abordaxe transversal da disciplina durante a etapa de educación primaria, onde o alumnado se inicia no desenvolvemento de proxectos de deseño e no pensamento computacional e tamén á materia de Tecnoloxía e Dixitalización, cursada nos primeiros anos da etapa de educación secundaria obrigatoria. Permite, ademais, profundar na adquisición de competencias, así como desenvolver unha actitude emprendedora con vistas a realizar estudos posteriores ou ao desempeño de actividades profesionais.

O carácter interdisciplinario da materia contribúe á adquisición no seu conxunto dos obxectivos da etapa e dos descritores das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica. Ambos os elementos –os obxectivos de etapa e o perfil de saída– orientan os obxectivos da materia.

Desenvolve aspectos técnicos relacionados coa competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, competencia dixital, así como con outros saberes transversais asociados á competencia lingüística, á competencia plurilingüe, á competencia persoal, social e aprender a aprender, á competencia emprendedora, á competencia cidadá e á competencia en conciencia e expresións culturais.

Os obxectivos da materia están intimamente relacionados con algúns dos elementos esenciais que conforman esta materia e que determinan o proceso de ensino e aprendizaxe desta: a natureza transversal propia da tecnoloxía, o impulso da colaboración e do traballo en equipo, o pensamento computacional e as súas implicacións na automatización e na conexión de dispositivos á internet, así como o fomento de actitudes como a creatividade, a perseveranza, a responsabilidade no desenvolvemento tecnolóxico sostible ou o emprendemento incorporando ás tecnoloxías dixitais. Por outra banda, cómpre salientar a resolución de problemas interdisciplinarios como eixe vertebrador da materia que reflicte o enfoque competencial desta.

Na etapa de educación primaria, o alumnado xa se inicia no desenvolvemento de proxectos de deseño e no pensamento computacional. Na etapa de educación secundaria obriga-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

toria, esta materia permite, por unha banda, darlle continuidade á materia de Tecnoloxía e Dixitalización de cursos anteriores e, por outra, profundar na adquisición de competencias, así como preparar e dotar o alumnado dunha actitude emprendedora de cara á realización de estudos posteriores ou ao desempeño de actividades profesionais.

Os criterios de avaliación son os elementos que serven para valorar o grao de adquisición dos obxectivos e formúlanse a partir dunha evidente orientación competencial, cun peso específico da aplicación dos contidos que se inclúen nas diversas situacións de aprendizaxe.

A materia organízase en cinco bloques interrelacionados: O proxecto tecnolóxico; Deseño e fabricación; Elementos de máquinas, sistemas e robots; Programación, automatización e robótica; Documentación e comunicación dixital.

A posta en práctica do bloque «O proxecto tecnolóxico» será mediante estratexias e metodoloxías que teñan como fin unha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos. Así, incorporaranse técnicas actuais adaptadas do mundo empresarial e industrial, en consonancia coas tendencias educativas doutros países. Ademais, aborda o coñecemento e a aplicación de criterios de sostibilidade no uso de materiais, no deseño de procesos e en cuestións enerxéticas, recoñecendo a importancia da diversidade persoal, social e cultural e incidindo sobre temas como as comunidades abertas de aprendizaxe e servizos á comunidade cun compromiso activo, tanto no ámbito local como no global. Trátase dun bloque transversal que se debe abordar globalmente, integrado xunto cos outros bloques de contidos, de maneira que os proxectos que se desenvolvan na aula utilicen as estratexias propostas e se realicen con criterios de sostibilidade.

O bloque «Deseño e fabricación» abrangue o proceso de investigación, ideación, deseño e fabricación de obxectos e recolle especialmente as ferramentas de deseño asistido por ordenador en tres dimensións e a fabricación dixital.

O bloque «Elementos de máquinas, sistemas e robots» trata de aplicar coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control para deseñar, construír e controlar sistemas automáticos e robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma.

O bloque «Programación, automatización e robótica» establece as bases, non soamente para entender, senón tamén para saber programar ordenadores ou dispositivos móbiles. A incorporación de módulos de intelixencia artificial e técnicas de enxeñaría de datos ofrece aquí un valor engadido. Nesta mesma liña, a integración de telecomunicacións nos

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

sistemas de control ábrelle a porta á internet das cousas e permite o seu uso en aplicacións prácticas ao poder responder ás necesidades persoais ou colectivas.

O bloque «Documentación e comunicación dixital» inclúe un adecuado tratamento da fase de presentación e comunicación de resultados, como un aspecto chave para a difusión dos traballos realizados.

22.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar e propor problemas tecnolóxicos con iniciativa e creatividade, estudando as necesidades da súa contorna próxima e aplicando estratexias e procesos colaborativos e iterativos relativos a proxectos, para idear e planificar solucións de maneira eficiente, accesible, sostible e innovadora.
• Este obxectivo parte do estudo das necesidades da contorna próxima (centro, barrio, localidade, rexión etc.) para detectar e abordar os problemas tecnolóxicos atopados que, posteriormente e tras a súa análise, serán a base do proceso de resolución de problemas, achegando solucións ás necesidades detectadas. Inclúense neste obxectivo os aspectos relativos á procura de solucións a través de metodoloxías próximas á investigación científica e ás técnicas de indagación, planificación e xestión de tarefas seguindo as fases dun proxecto secuencial, e incorpóranse estratexias para iniciar o alumnado na xestión de proxectos cooperativos e iterativos de mellora continua da solución. • Neste obxectivo abórdanse tamén diversas técnicas para estimular e potenciar a creatividade co obxectivo de facela máis eficiente. Foméntase igualmente o espírito emprendedor desde un enfoque que inclúe o liderado e a coordinación de equipos de traballo, cunha visión global e un tratamento coeducativo, garantindo o desenvolvemento da iniciativa e a anticipación aos problemas de todo o alumnado.
OBX2. Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando procedementos e recursos tecnolóxicos, ao tempo que se analiza o ciclo de vida de produtos para fabricar solucións tecnolóxicas accesibles e sostibles que dean resposta ás necesidades expostas.
• Este obxectivo fai referencia tanto ao proceso de fabricación de produtos ou desenvolvemento de sistemas que achegan solucións a problemas expostos como ás actuacións implicadas no devandito proceso. Abórdanse as técnicas e os procedementos necesarios para a construción e a creación de produtos ou sistemas tecnolóxicos, incluíndo tanto a fabricación manual como a fabricación mediante tecnoloxías asistidas por ordenador. Desta forma, preténdense desenvolver as destrezas necesarias para a creación de produtos, fomentando a aplicación de técnicas de fabricación dixitais e o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos. As distintas actuacións que se desencadean no proceso creativo implican a intervención de coñecementos propios desta materia (operadores mecánicos, eléctricos e electrónicos), que se integran con outros, contribuíndo así a unha aprendizaxe competencial en que toman partido distintos ámbitos. • Ademais, faise referencia ao estudo das fases do ciclo de vida do produto, analizando as características e as condicións do proceso que puidesen mellorar o resultado final, facéndoo máis sostible e eficiente. Inclúense, por exemplo, aspectos relativos ao consumo enerxético do proceso de fabricación, aos ciclos de uso e obsolescencia ou ás repercusións ambientais tanto da fabricación do produto como do seu uso ou retirada do ciclo, fomentando actitudes e hábitos responsables no uso e na creación de produtos e conciencia ecosocial.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX3. Expresar, comunicar e difundir ideas, propostas ou solucións tecnolóxicas en diferentes foros de maneira efectiva cunha linguaxe inclusiva e non sexista, empregando os recursos dispoñibles e aplicando os elementos e as técnicas necesarios para intercambiar a información de maneira responsable e fomentar o traballo en equipo.

• O obxectivo abarca aspectos necesarios para comunicar, expresar e difundir ideas, propostas e opinións de maneira clara e fluída en diversos contextos, medios e canles. Faise referencia ao bo uso da linguaxe e á incorporación da terminoloxía técnica requirida no proceso de deseño e creación de solucións tecnolóxicas. Neste sentido, abórdanse aspectos necesarios para unha comunicación efectiva (por exemplo, asertividade, xestión adecuada do tempo de exposición, boa expresión e entoación, adaptación ao contexto, uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista...), así como outros aspectos relativos ao uso de ferramentas dixitais para difundir e compartir recursos, documentos e información en diferentes formatos.

• A necesidade de intercambiar información con outras persoas implica unha actitude responsable e de respecto cos protocolos establecidos no traballo colaborativo, aplicables tanto no contexto persoal como nas interaccións na rede a través de ferramentas dixitais, plataformas virtuais ou redes sociais de comunicación.

OBX4. Desenvolver solucións automatizadas a problemas expostos aplicando os coñecementos necesarios e incorporando tecnoloxías emerxentes para deseñar e construír sistemas de control programables e robóticos.

• Este obxectivo fai referencia á aplicación dos coñecementos científico-tecnolóxicos e dos principios do pensamento computacional no proceso de deseño, simulación ou construción de sistemas capaces de realizar funcións de forma autónoma. Por unha banda, implica actuacións dirixidas á modelización e ao dimensionado de sistemas automáticos ou robóticos que permitan a incorporación da automatización de tarefas: a selección dos materiais adecuados, a posta en práctica do sistema tecnolóxico que fundamenta o funcionamento da máquina e o deseño e dimensionado dos seus elementos electromecánicos. Doutra banda, inclúense aspectos relativos á aplicación dos algoritmos adecuados para o control automático de máquinas ou o desenvolvemento de aplicacións informáticas que resolvan un problema concreto en diversos dispositivos: ordenadores, dispositivos móbiles e placas microcontroladoras.

• A comunicación e a interacción con obxectos son aspectos estreitamente ligados ao control de procesos ou sistemas tecnolóxicos. Neste sentido, débese considerar a iniciación nas tecnoloxías da internet das cousas (IoT), do *big data* (BD) ou da intelixencia artificial (IA), así como a incorporación destas e doutras técnicas enfocadas á automatización de procesos en sistemas tecnolóxicos de distintos tipos cun sentido crítico e ético.

OBX5. Aproveitar e empregar de maneira responsable as posibilidades das ferramentas dixitais, adaptándoas ás súas necesidades, configurándoas e aplicando coñecementos interdisciplinarios para a resolución de tarefas dunha maneira máis eficiente.

• A integración da tecnoloxía dixital en multitude de situacións é un feito na actualidade e, neste sentido, faise imprescindible no proceso de aprendizaxe permanente. Este obxectivo aborda a incorporación das ferramentas e dos dispositivos dixitais nas distintas fases do devandito proceso; por exemplo, o uso de ferramentas de deseño en tres dimensións ou a experimentación mediante simuladores no deseño de solucións, a aplicación de tecnoloxías CAM/CAE na fabricación de produtos, o uso de xestores de presentación ou ferramentas de difusión na comunicación ou publicación de información, o desenvolvemento de programas ou aplicacións informáticas no control de sistemas, o bo aproveitamento de ferramentas de colaboración no traballo grupal etc. En cada fase do proceso, a aplicación da tecnoloxía dixital faise necesaria para mellorar os resultados.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• En suma, este obxectivo céntrase no uso responsable e eficiente da tecnoloxía dixital aplicada ao proceso de aprendizaxe. Todo iso implica o coñecemento e a compresión do funcionamento dos dispositivos e aplicacións empregados, o que permite adaptalos ás necesidades persoais. Trátase de aproveitar, por unha banda, a diversidade de posibilidades que ofrece a tecnoloxía dixital e, pola outra, as achegas dos coñecementos interdisciplinarios para mellorar as solucións achegadas.
OBX6. Analizar procesos tecnolóxicos, tendo en conta o seu impacto na sociedade e a contorna aplicando criterios de sostibilidade e accesibilidade, para facer un uso ético e ecosocialmente responsable da tecnoloxía.
• A tecnoloxía foi respondendo ás necesidades humanas ao longo da historia e mellorando as condicións de vida das persoas, pero pola súa vez repercutiu negativamente nalgúns aspectos desta e no ambiente. Este obxectivo inclúe a análise necesaria dos criterios de sostibilidade determinantes no deseño e na fabricación de produtos e sistemas a través do estudo do consumo enerxético, do ciclo de vida dun produto, da contaminación ambiental e do impacto eco-social. Ademais, preténdese mostrar nela a actividade de determinados equipos de traballo na internet e a repercusión que poden ter algúns proxectos sociais por medio de comunidades abertas, accións de voluntariado ou proxectos de servizo á comunidade, así como o efecto da selección de materiais, do sistema mecánico empregado ou da elección das fontes de enerxía e as súas conversións. • O obxectivo pretende fomentar o desenvolvemento tecnolóxico para mellorar o benestar social, minimizando as repercusións noutros ámbitos mencionados anteriormente. Para iso, débense ter presentes todos os criterios desde o momento inicial de detección da necesidade e estimalos en cada unha das fases do proceso creativo. Neste sentido, aplícanse estas cuestións ao deseño da arquitectura bioclimática en edificios e dos medios de transporte sostibles. Finalmente, abórdanse aspectos actitudinais relativos á valoración do aforro enerxético en beneficio do ambiente e á contribución das novas tecnoloxías, aplicables actualmente en calquera ámbito, á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

22.3. Criterios de avaliación e contidos.

4º curso.

Materia de Tecnoloxía 4º curso	
Bloque 1. O proxecto tecnolóxico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Idear e planificar solucións tecnolóxicas emprendedoras que xeren un valor para a comunidade a partir da observación e da análise da contorna máis próxima, estudando as súas necesidades, requisitos e posibilidades de mellora.	OBX1
• CA1.2. Aplicar con iniciativa estratexias colaborativas de xestión de proxectos cunha perspectiva interdisciplinaria e seguindo un proceso iterativo de validación desde a fase de ideación ata a difusión da solución.	OBX1
• CA1.3. Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a ideación de solucións o máis eficientes, accesibles e innovadoras posibles.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Analizar o deseño dun produto que dea resposta a unha necesidade exposta, avaliando a súa demanda, evolución e previsión de fin de ciclo de vida, cun criterio ético, responsable e inclusivo.	OBX2
• CA1.5. Intercambiar información e fomentar o traballo en equipo de maneira asertiva.	OBX3
• CA1.6. Analizar os beneficios que, no coidado da contorna, achegan a arquitectura bioclimática e o eco-transporte, valorando a contribución das tecnoloxías ao desenvolvemento sostible.	OBX6
• CA1.7. Identificar e valorar a repercusión e os beneficios do desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos de carácter social por medio de comunidades abertas, accións de voluntariado ou proxectos de servizo á comunidade.	OBX6
Contidos	
• Aplicación de técnicas de ideación, estratexias de xestión de proxectos colaborativos e técnicas de resolución de problemas iterativas, utilizando vocabulario técnico axeitado. • Estudo de necesidades do centro, locais, rexionais etc. Deseño de proxectos colaborativos ou cooperativos. • Emprendemento, perseveranza, iniciativa e creatividade na resolución de problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria da actividade tecnolóxica e satisfacción e interese polo traballo e a calidade deste. • Ciclo de vida dun produto e as súas fases. Análises sinxelas. • Tecnoloxía sostible: aforro enerxético no transporte e nas edificacións. Arquitectura bioclimática. • Comunidades abertas, voluntariado tecnolóxico e proxectos de servizo á comunidade.	
Bloque 2. Deseño e fabricación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Fabricar produtos e solucións tecnolóxicas aplicando ferramentas de deseño asistido, técnicas de elaboración manual, mecánica e dixital e utilizando os materiais e recursos mecánicos, eléctricos, electrónicos e dixitais adecuados.	OBX2
• CA2.2. Facer un uso responsable da tecnoloxía, mediante a análise e a aplicación de criterios de sostibilidade e accesibilidade na selección dos materiais e no seu deseño, así como nos procesos de fabricación de produtos tecnolóxicos, minimizando o impacto negativo sobre a sociedade e o ambiente.	OBX6
Contidos	
• Estratexias de selección de materiais baseándose nas súas propiedades ou requisitos. • Sostibilidade e accesibilidade na selección de materiais e no deseño de procesos, produtos e sistemas tecnolóxicos. • Ferramentas de deseño asistido por ordenador en tres dimensións na representación e/ou fabricación de pezas aplicadas a proxectos. • Técnicas de fabricación manual e mecánica. Aplicacións prácticas. • Técnicas de fabricación dixital. Impresión en tres dimensións e corte. Aplicacións prácticas.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Elementos de máquinas, sistemas e robots	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Deseñar, construír, controlar e/ou simular sistemas automáticos ou robots que sexan capaces de realizar tarefas de forma autónoma, aplicando coñecementos de mecánica, electrónica, pneumática e compoñentes dos sistemas de control, así como outros coñecementos interdisciplinarios.	OBX4
• CA3.2. Utilizar vocabulario técnico, símbolos e esquemas de sistemas tecnolóxicos apropiados.	OBX3
Contidos	
• Electrónica analóxica. Compoñentes básicos, simboloxía, análise de circuítos elementais. • Electrónica dixital básica. Compoñentes básicos. Resolución de problemas lóxicos e circuítos. • Pneumática básica. Compoñentes e circuítos básicos. • Deseño, montaxe física e/ou simulada de circuítos electrónicos e/ou pneumáticos elementais, enfocado á resolución de problemas técnicos e proxectos. • Compoñentes de sistemas de control programado: controladores, sensores e actuadores. Elementos mecánicos, electrónicos e pneumáticos aplicados á robótica. • Deseño e montaxe física ou simulada dun sistema automático ou robot.	
Bloque 4. Programación, automatización e robótica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Automatizar procesos, máquinas e sistemas, mediante a análise, a programación de robots e os sistemas de control.	OBX4
• CA4.2. Utilizar, con sentido crítico e ético, aplicacións informáticas e tecnoloxías dixitais de control e simulación, como a internet das cousas, o *big data* e/ou a intelixencia artificial.	OBX4
• CA4.3. Resolver tarefas propostas de maneira eficiente mediante o uso e a configuración de diferentes aplicacións e ferramentas dixitais, aplicando coñecementos interdisciplinarios con autonomía.	OBX5
Contidos	
• O ordenador e os dispositivos móbiles como elementos de programación e control. • Traballo con simuladores informáticos na verificación e comprobación do funcionamento dos sistemas deseñados. • Robótica. Control de robots sinxelos de maneira física ou simulada. • Telecomunicacións en sistemas de control dixital. A internet das cousas: elementos, comunicacións e control. Aplicacións prácticas. • Iniciación á intelixencia artificial e ao *big data*: aplicacións prácticas. Espazos compartidos e discos virtuais.	
Bloque 5. Documentación e comunicación dixital	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Crear contidos, elaborar materiais e difundilos en distintas plataformas, configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Presentar e difundir as propostas ou solucións tecnolóxicas de maneira efectiva, empregando a entoación, expresión, xestión do tempo e adaptación adecuada do discurso, así como unha linguaxe inclusiva e non sexista.	OBX3
• CA5.3. Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	OBX5
Contidos	
• Vocabulario técnico apropiado. • Presentación e difusión do proxecto empregando ferramentas dixitais e audiovisuais. Elementos, técnicas e ferramentas. • Comunicación efectiva: entoación, expresión, xestión do tempo, adaptación do discurso e uso dunha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos sexistas. • Propiedade intelectual. • Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.	

22.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Tecnoloxía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Tecnoloxía e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2	1-3	3-4		1-3	
OBX2			2-5	2	4	4		4
OBX3	1		4	3	3			3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4		2	1-3	5	5		3	
OBX5		2		2-5	4-5			
OBX6			2-5	4		4		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Esta materia debe afrontarse desde unha perspectiva competencial e eminentemente práctica, baseada na idea de aprender facendo, para o cal deberá establecerse o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos como elemento vertebrador. Deste xeito, deberase propiciar unha contorna axeitada para que o alumnado teña a oportunidade de levar a cabo certas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

– Proporanse situacións de aprendizaxe que serán desenvolvidas nunha aula taller, entendida como un espazo para materializar os proxectos interdisciplinarios cun enfoque competencial e práctico onde se poidan incorporar técnicas de traballo, prototipado rápido e fabricación *offline* con sistemas de impresión en tres dimensións, así como outras ferramentas de fabricación dixital.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do devandito alumnado, poñendo en práctica, de ser necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

– Estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Metodoloxías que propicien un marco de exploración, descubrimento, experimentación, aplicación e reflexión de forma autónoma como parte esencial na formación do alumnado.

– A realización de proxectos interdisciplinarios que permitan o fomento de actitudes como a creatividade, a perseveranza e o emprendemento, incorporando tecnoloxías dixi-

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

tais e a optimización de recursos cun principio básico de sostibilidade e respecto polo ambiente, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A integración do primeiro bloque, «O proxecto tecnolóxico», como bloque transversal en relación cos proxectos que se realicen ao traballar o resto de bloques da materia ao longo do curso, aplicando estratexias de resolución de problemas, de planificación, de técnicas colaborativas e seguindo un proceso desde a ideación ata a resolución e avaliación do resultado.

– A integración do bloque «Documentación e comunicación dixital» en todos os proxectos que se realicen, de xeito que lle permita ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo individual e/ou grupal elaborado ao longo do curso.

– A elaboración de proxectos tecnolóxicos que impliquen procesos de investigación, de ideación, de deseño, de fabricación, de verificación, de comercialización, de impacto ambiental e social, aplicando os coñecementos de mecánica, pneumática, electrónica, sistemas de control, programación, automática e robótica.

– A incorporación de técnicas actuais, adaptadas do mundo empresarial e industrial, en que se apliquen criterios de sostibilidade no uso de materiais, no deseño dos procesos e no aproveitamento enerxético, tendo en conta a diversidade persoal, social e cultural nunha contorna global.

– A utilización de sistemas da intelixencia artificial (IA), do *big data* (BD) e da internet das cousas (IoT) en proxectos tecnolóxicos que lle posibiliten ao alumnado un coñecemento básico sobre estas tecnoloxías.

23. Tecnoloxía e Dixitalización.

23.1. Introdución.

A materia Tecnoloxía e Dixitalización é a base para comprender os profundos cambios que se dan nunha sociedade cada vez día máis dixitalizada e ten por obxecto o desenvolvemento de certas destrezas de natureza cognitiva e procedemental á vez que actitudinal. Algúns exemplos diso son o uso crítico, responsable e sostible da tecnoloxía, a valoración das achegas e o impacto da tecnoloxía na sociedade, na sostibilidade ambiental e na saúde, o respecto polas normas e os protocolos establecidos para a participación na rede, así como a adquisición de valores que propicien a igualdade e o respecto cara aos demais e cara ao traballo propio. Desde esta materia promóvese a cooperación e foméntase unha

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

aprendizaxe permanente en diferentes contextos e, ademais, contribúese a dar resposta aos retos do século XXI.

Entendida a tecnoloxía como o conxunto de coñecementos e de técnicas que lle permiten ao ser humano modificar a súa contorna material ou virtual para satisfacer as súas necesidades, o carácter instrumental e interdisciplinario da materia contribúe á consecución do perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica e á adquisición dos obxectivos da etapa.

Os obxectivos da materia están estreitamente relacionados cos eixes estruturais que vertebran a materia e que condicionan o proceso de ensino e de aprendizaxe desta. Estes eixes están constituídos pola aplicación da resolución de problemas mediante unha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos, no desenvolvemento do pensamento computacional, na incorporación das tecnoloxías dixitais nos procesos de aprendizaxe, na natureza interdisciplinaria propia da tecnoloxía, na súa achega á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e á súa conexión co mundo real, así como no fomento de actitudes como a creatividade, a cooperación, o desenvolvemento tecnolóxico sostible ou o emprendemento.

Ademais, estes elementos están concibidos para lle posibilitar ao alumnado mobilizar coñecementos científicos e técnicos, aplicando metodoloxías de traballo creativo para desenvolver ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta a necesidades ou problemas expostos, achegando melloras significativas cunha actitude creativa e emprendedora. Así mesmo, a materia permítelle ao alumnado facer un uso responsable e ético das tecnoloxías dixitais para aprender ao longo da vida e reflexionar de forma consciente, informada e crítica, sobre a sociedade dixital en que se encontra inmerso, para afrontar situacións e problemas habituais con éxito e responder de forma competente segundo o contexto. Entre estas situacións e problemas, convén mencionar os xerados pola produción e transmisión de información dubidosa e noticias falsas, os relacionados co logro dunha comunicación eficaz en contornas dixitais, o desenvolvemento tecnolóxico sostible ou os relativos á automatización e programación de obxectivos concretos, todos eles aspectos necesarios para o exercicio dunha cidadanía activa, crítica, ética e comprometida tanto no ámbito local como global.

Neste sentido, xa na educación primaria se fai referencia á dixitalización da contorna persoal da aprendizaxe, aos proxectos de deseño e ao pensamento computacional desde diferentes áreas para o desenvolvemento, entre outras, da competencia dixital. A materia de Tecnoloxía e Dixitalización dos cursos de primeiro e segundo de educación secundaria

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

obrigatoria parte, polo tanto, dos niveis de desempeño adquiridos na etapa anterior tanto en competencia dixital como en competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, contribuíndo ao fomento das vocacións científico-tecnolóxicas, especialmente entre as alumnas.

Os criterios de avaliación como indicadores que serven para valorar o grao de desenvolvemento dos obxectivos da materia presentan un enfoque competencial onde o desempeño ten unha gran relevancia, de maneira que as aprendizaxes se constrúan en e desde a acción.

O desenvolvemento desta materia implica unha transferencia de coñecementos, destrezas e actitudes doutras disciplinas que quedan recollidos en bloques interrelacionados, que se presentan diferenciados entre si para lles dar unha especial relevancia á resolución de problemas, á dixitalización e ao desenvolvemento sostible, e que deben desenvolverse vinculados. Tales saberes non deben entenderse de maneira illada e o seu tratamento debe ser integral. A súa presentación non supón unha forma de abordar os contidos na aula, senón unha estrutura que axuda á comprensión do conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que se pretende que o alumnado adquira e mobilice ao longo da etapa. Supón unha ocasión para mostrar como os saberes poden actuar como motor de desenvolvemento para lles facer fronte ás incertezas que xera o progreso tecnolóxico e a vida nunha sociedade cada vez máis dixitalizada.

A materia organízase en cinco bloques: «O proxecto tecnolóxico», «Deseño e fabricación», «Elementos de máquinas, sistemas e robots», «Programación, control e robótica» e «Documentación e comunicación dixital».

A posta en práctica do bloque «O proxecto tecnolóxico» exixe un compoñente científico e técnico e debe considerarse un eixe vertebrador ao longo de toda a materia. Nel trátase o desenvolvemento de habilidades e métodos que permitan avanzar desde a identificación e a formulación dun problema técnico ata a súa solución construtiva, e todo iso a través dun proceso planificado que busque a optimización de recursos e de solucións. Ademais, establécese o desenvolvemento de proxectos que supoñan a posta en marcha de accións para desenvolver estratexias sostibles, incorporando un punto de vista ético da tecnoloxía para solucionar problemas ecosociais desde a transversalidade.

O bloque «Deseño e fabricación» abrangue o proceso de creación de obxectos que inclúe o deseño, a elección de materiais, a fabricación mediante técnicas manuais e dixitais e a súa avaliación final respectando as normas de seguridade e hixiene.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O bloque «Elementos de máquinas, sistemas e robots» aborda os coñecementos necesarios sobre estruturas, mecanismos, electricidade e electrónica, controladores, sensores e actuadores que fan posible deseñar e montar sistemas automáticos e robots que cumpran cunha función determinada para resolver un problema proposto.

O bloque «Programación, control e robótica» abarca os fundamentos de algorítmica para o deseño e o desenvolvemento de aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e dispositivos móbiles, seguindo coa automatización programada de procesos, a conexión de obxectos cotiáns á internet e a robótica.

O bloque «Documentación e comunicación dixital», propio da cultura dixital, implica o desenvolvemento de habilidades na interacción persoal mediante ferramentas dixitais. Un aspecto importante da competencia dixital abórdase enfocado á configuración, axuste e mantemento de equipos e aplicacións para que lle sexa de utilidade ao alumnado e optimice a súa capacidade para a aprendizaxe ao longo da vida.

23.3. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.
• Este obxectivo específico aborda o primeiro reto de calquera proxecto técnico: definir o problema ou a necesidade que hai que solucionar. Require investigar a partir de múltiples fontes avaliando a súa fiabilidade e a veracidade da información obtida con actitude crítica, sendo consciente dos beneficios e dos riscos do acceso aberto e ilimitado á información que ofrece a internet (infoxicación, acceso a contidos inadecuados...). Ademais, a transmisión masiva de datos en dispositivos e aplicacións leva á adopción de medidas preventivas para protexer os dispositivos, a saúde e os datos persoais, solicitando axuda ou denunciando de maneira efectiva ante ameazas á privacidade e ao benestar persoal (fraude, suplantación de identidade, ciberacoso...) e facendo un uso ético e saudable da tecnoloxía implicada. • Doutra banda, a análise de obxectos e de sistemas inclúe o estudo dos materiais empregados na fabricación dos distintos elementos, das formas, do proceso de fabricación e da ensamblaxe dos compoñentes. Estúdase o funcionamento do produto, as súas normas de uso, as súas funcións e as súas utilidades. Da mesma forma, analízanse sistemas tecnolóxicos, como poden ser algoritmos de programación ou produtos dixitais, deseñados cunha finalidade concreta. O obxectivo desta análise é comprender as relacións entre as características do produto analizado e as necesidades que cobre ou os fins para os cales foi creado, así como valorar as repercusións sociais positivas e negativas do produto ou do sistema e as consecuencias ambientais do proceso de fabricación ou do seu uso.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX2. Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.

• Este obxectivo asóciase con dous dos alicerces estruturais da materia, como son a creatividade e o emprendemento, xa que lle achega técnicas e ferramentas ao alumnado para idear e deseñar solucións a problemas definidos que teñen que cumprir unha serie de requirimentos, e oriéntao na organización das tarefas que deberá desempeñar de maneira persoal ou en grupo ao longo do proceso de resolución creativa do problema.

• A consecución deste obxectivo implica a planificación, a previsión de recursos sostibles necesarios e o fomento do traballo cooperativo en todo o proceso. As metodoloxías ou marcos de resolución de problemas tecnolóxicos requiren a posta en marcha dunha serie de actuacións ou fases secuenciais ou cíclicas que marcan a dinámica do traballo persoal e en grupo. Abordar retos co fin de obter resultados concretos, garantindo o equilibrio entre o crecemento económico e o benestar social e ambiental, achegando solucións viables e idóneas, supón unha actitude emprendedora, que estimula a creatividade e a capacidade de innovación. Así mesmo, promóvese a autoavaliación e a coavaliación estimando os resultados obtidos co fin de continuar con ciclos de mellora continua.

• Neste sentido, a combinación de coñecementos con certas destrezas e actitudes de carácter interdisciplinario, tales como autonomía, innovación, creatividade, valoración crítica de resultados, traballo cooperativo e colaborativo, resiliencia e emprendemento, resultan imprescindibles para obter resultados eficaces na resolución de problemas.

OBX3. Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.

• Este obxectivo fai referencia, por unha banda, aos procesos de construción manual e á fabricación mecánica e, por outra, á aplicación dos coñecementos relativos a operadores e sistemas tecnolóxicos (estruturais, mecánicos, eléctricos e electrónicos) necesarios para construír ou fabricar prototipos en función dun deseño e planificación previos. As distintas actuacións que se desencadean no proceso creativo comportan a intervención de coñecementos interdisciplinarios e integrados.

• Así mesmo, a aplicación das normas de seguridade e hixiene no traballo con materiais, ferramentas e máquinas é fundamental para a saúde do alumnado, evitando os riscos inherentes a moitas das técnicas que se deben empregar. Doutra banda, este obxectivo require o desenvolvemento de habilidades e destrezas relacionadas co uso das ferramentas, recursos e instrumentos necesarios (ferramentas e máquinas manuais e dixitais), e de actitudes vinculadas coa superación de dificultades, así como a motivación e o interese polo traballo e a calidade deste.

OBX4. Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.

• O obxectivo abrangue os aspectos necesarios para a comunicación e a expresión de ideas. Fai referencia á exposición de propostas, representación de deseños, manifestación de opinións etc. Así mesmo, inclúe a comunicación e a difusión de documentación técnica relativa ao proxecto. Neste aspecto, débese ter en conta a aplicación de ferramentas dixitais tanto na elaboración da información como no relativo á comunicación desta.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Este obxectivo require, ademais da incorporación da expresión gráfica, un uso adecuado da terminoloxía tecnolóxica, matemática e científica nas exposicións, garantindo así a comunicación eficaz entre o emisor e o receptor. Iso implica unha actitude responsable e de respecto cara aos protocolos establecidos no traballo cooperativo e colaborativo, extensible tanto ao contexto presencial como ás actuacións na rede, o que supón interactuar mediante ferramentas dixitais (como plataformas virtuais ou redes sociais) para comunicarse, compartir datos e información e traballar colaborativamente, aplicando os códigos de comunicación e comportamento específicos do ámbito dixital, a denominada «etiqueta dixital».

OBX5. Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.

• Este obxectivo fai referencia á aplicación dos principios do pensamento computacional no proceso creativo. É dicir, implica a posta en marcha de procesos ordenados que inclúen a descomposición do problema exposto, a estruturación da información, a modelización do problema, a secuenciación do proceso e o deseño de algoritmos para aplicalos nun programa informático. Deste xeito, o obxectivo está enfocado ao deseño e á activación de algoritmos propostos para lograr un obxectivo concreto. Exemplos deste obxectivo serían: o desenvolvemento dunha aplicación informática, a automatización dun proceso ou o desenvolvemento do sistema de control dunha máquina, na que interveñan distintas entradas e saídas que queden gobernadas por un algoritmo. É dicir, a aplicación da tecnoloxía dixital no control de obxectos ou máquinas, automatizando rutinas e facilitando a interactuación cos obxectos, incluíndo así os sistemas controlados mediante a programación dun cartón controlador ou os sistemas robóticos. Deste xeito, preséntase unha oportunidade de aprendizaxe integral da materia, na cal se engloban os diferentes aspectos do deseño e a construción de solucións tecnolóxicas en que interveñen tanto elementos dixitais como non dixitais.

• Ademais, débese considerar o alcance das tecnoloxías emerxentes, como son a internet das cousas (IoT), o *big data* (os datos masivos) ou a intelixencia artificial (IA), xa presentes nas nosas vidas de forma cotiá. As ferramentas actuais permiten a incorporación destas tecnoloxías no proceso creativo, aproximándoas ao alumnado e proporcionando un enfoque técnico dos seus fundamentos.

OBX6. Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.

• Este obxectivo fai referencia ao coñecemento, uso seguro e mantemento dos distintos elementos que se engloban na contorna dixital de aprendizaxe. O aumento actual da presenza da tecnoloxía nas nosas vidas fai necesaria a integración das ferramentas dixitais no proceso de aprendizaxe permanente. Por iso, este obxectivo engloba a comprensión do funcionamento dos dispositivos implicados no proceso, así como a identificación de pequenas incidencias. Para iso, faise necesario un coñecemento da arquitectura do hardware empregado, dos seus elementos e das súas funcións dentro do dispositivo. Doutra banda, as aplicacións de software incluídas na contorna dixital de aprendizaxe requiren unha configuración e un axuste adaptados ás necesidades persoais do usuario. Ponse de manifesto a necesidade de comprender os fundamentos destes elementos e das súas funcionalidades, así como a súa aplicación e transferencia en diferentes contextos para favorecer unha aprendizaxe permanente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX7. Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.
• Este obxectivo fai referencia á utilización da tecnoloxía con actitude ética, responsable e sostible, e á habilidade para analizar e valorar o desenvolvemento tecnolóxico e a súa influencia na sociedade e na sostibilidade ambiental. Refírese tamén á comprensión do proceso polo cal a tecnoloxía foi resolvendo as necesidades das persoas ao longo da historia. Inclúense as achegas da tecnoloxía tanto á mellora das condicións de vida como ao deseño de solucións para reducir o impacto que o seu propio uso pode provocar na sociedade e na sostibilidade ambiental. • A eclosión de novas tecnoloxías dixitais e o seu uso xeneralizado e cotián fan necesarias a análise e a valoración da contribución destas tecnoloxías emerxentes ao desenvolvemento sostible, un aspecto esencial para exercer unha cidadanía dixital responsable e no cal se focaliza este obxectivo. Nesta liña, inclúense a valoración das condicións e consecuencias ecosociais do desenvolvemento tecnolóxico, así como os cambios ocasionados na vida social e na organización do traballo pola implantación de tecnoloxías da comunicación, robótica, intelixencia artificial etc. • En definitiva, o logro deste obxectivo implica que o alumnado desenvolva actitudes de interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais, á vez que, polo desenvolvemento sostible e o uso ético deste.

23.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Tecnoloxía e Dixitalización 1º curso	
Bloque 1. O proxecto tecnolóxico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	OBX1
• CA1.2. Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	OBX1
• CA1.3. Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	OBX7
• CA1.4. Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. • Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. • Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. • Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. • Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. • Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes. • Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Bloque 2. Deseño e fabricación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	OBX2
• CA2.2. Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	OBX2
• CA2.3 Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
• CA2.4 Deseñar e construír, mediante ferramentas de fabricación dixital, obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3

Contidos
• Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas. • Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos. • Iniciación ao deseño 3D. • Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. • Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. • Respecto das normas de seguridade e hixiene. • Introdución á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Elementos de máquinas, sistemas e robots	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema, resolvendo os problemas propostos.	OBX3
• CA3.2 Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	OBX3
Contidos	
• Estruturas para a construción de modelos. • Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. • Electricidade básica para a montaxe de circuítos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuítos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. • Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. • Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. • Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.	
Bloque 4. Programación, control e robótica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1 Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	OBX5
• CA4.2 Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	OBX5
• CA4.3 Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	OBX5
Contidos	
• Algorítmica e diagramas de fluxo. • Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. • Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos. • Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores. • Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 5. Documentación e comunicación dixital	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	OBX4
• CA5.2 Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	OBX6
• CA5.3 Crear contidos e elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	OBX6
• CA5.4 Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	OBX6
• CA5.5. Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	OBX6
Contidos	
• Vocabulario técnico apropiado. • Habilidades básicas de comunicación interpersoal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital. • Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. • Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos. • Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico. • Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable. • Propiedade intelectual e etiqueta dixital. • Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade. • Seguridade na rede: riscos, ameazas e ataques. • Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).	

2º curso.

Materia de Tecnoloxía e Dixitalización 2º curso	
Bloque 1. O proxecto tecnolóxico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Definir problemas ou necesidades expostas buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura, e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	OBX1
• CA1.3. Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental ao longo da súa historia, identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	OBX7
• CA1.4. Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético delas.	OBX7
Contidos	
• Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. • Estratexias de procura crítica de información para a investigación e a definición de problemas expostos. • Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. • Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. • Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. • Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes e sostibles.	
Bloque 2. Deseño e fabricación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	OBX2
• CA2.2. Seleccionar, planificar e organizar os materiais e ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaboradora.	OBX2
• CA2.3 Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
• CA2.4 Deseñar e construír, mediante ferramentas de fabricación dixital, obxectos e modelos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
Contidos	
• Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos. • Deseño de obxectos sinxelos en 3D. • Uso e mantemento de ferramentas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. • Respecto das normas de seguridade e hixiene. • Fabricación dixital. Deseño e construción de pezas con impresión 3D e/ou corte.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Elementos de máquinas, sistemas e robots	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Deseñar e fabricar sistemas mecánicos sinxelos respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
• CA3.2 Deseñar e montar circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos nunha máquina ou sistema que resolvan os problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
• CA3.3. Deseñar e montar sistemas de control e robots mediante a incorporación dos sensores, actuadores e elementos de control necesarios para a resolución de problemas propostos respectando as normas de seguridade e saúde.	OBX3
Contidos	
• Análise do funcionamento de mecanismos de transmisión e transformación do movemento e as súas aplicacións prácticas. Cálculos sinxelos de relación de transmisión e velocidades aplicados a proxectos. • Circuítos eléctricos básicos. Montaxe e/ou simulación de circuítos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Cálculos de magnitudes eléctricas básicas aplicados aos proxectos. • Introdución á electrónica. Montaxe e/ou simulación de circuítos electrónicos sinxelos. • Deseño de sistemas que incorporen mecanismos, circuítos eléctricos e electrónicos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxectos. • Compoñentes e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: estrutura, mecánica, sensores, actuadores, controladores e alimentación. • Deseño e montaxe de sistemas de control ou robots para a resolución de problemas técnicos.	

Bloque 4. Programación, control e robótica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1 Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos e/ou retos de robótica, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	OBX5
• CA4.2 Programar aplicacións sinxelas para distintos dispositivos (ordenadores, dispositivos móbiles e outros) empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición e módulos de intelixencia artificial que engadan funcionalidades.	OBX5
• CA4.3 Automatizar procesos, máquinas e sistemas, coa posibilidade de conexión á internet, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	OBX5
Contidos	
• Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador e/ou dispositivos móbiles. • Introdución á intelixencia artificial. • Sistemas de control programado: programación sinxela de dispositivos. • Introdución á internet das cousas (IoT).	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Fundamentos da robótica: control programado de robots de maneira física ou por medio de simuladores. Resolución de retos e desafíos de robótica sinxelos.

• Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

Bloque 5. Documentación e comunicación dixital

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais e empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	OBX4
• CA5.2 Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos, coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	OBX6
• CA5.3 Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	OBX6
• CA5.4 Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	OBX6
• CA5.5. Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	OBX6

Contidos

• Vocabulario técnico apropiado.

• Habilidades básicas de comunicación interpersoal. Pautas de conduta propias da contorna virtual.

• Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.

• Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.

• Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.

• Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.

• Propiedade intelectual e etiqueta dixital.

• Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.

• Seguridade na rede: riscos, ameazas e ataques.

• Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

23.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Tecnoloxía e Dixitalización desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Tecnoloxía e Dixitalización e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3		2	1-4	4		1	
OBX2	1		1-3	3	3-5		1-3	
OBX3			2-3-5	5	1		3	3
OBX4	1		4	3				3-4
OBX5		2	1-3	5	5		3	
OBX6		2		2-4-5	4-5			
OBX7			2-5	4		4		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Esta materia debe afrontarse desde un carácter esencialmente práctico cun enfoque competencial do currículo. Para iso requírense metodoloxías específicas que o fomenten, como a resolución de problemas baseada no desenvolvemento de proxectos, a construción de sistemas tecnolóxicos e prototipos (eléctricos, mecánicos, robóticos etc.), así como outras estratexias que favorezan o uso de aplicacións dixitais para o deseño, a simulación, o dimensionado, a comunicación ou a difusión de ideas ou solucións, por exemplo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– A aplicación de distintas técnicas de traballo (que se complementen entre si) e a diversidade de situacións de aprendizaxe que interveñen na materia deben promover a participación do alumnado, favorecendo unha visión integral da disciplina que resalte o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

– Deberase propiciar unha contorna axeitada para que o alumnado teña a oportunidade de levar a cabo certas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro. Esa contorna será unha aula taller na cal se poidan desenvolver tanto técnicas de traballo manual como técnicas de fabricación dixital.

– O uso do «Proxecto tecnolóxico», que constitúe o eixe vertebrador ao longo de toda a materia, permite a identificación e a formulación dun problema tecnolóxico ata a súa solución a través dun proceso planificado que optimice recursos.

– A aplicación dun carácter esencialmente práctico da materia empregando metodoloxías específicas, como a resolución de problemas a través do desenvolvemento de proxectos, poñendo en práctica sistemas tecnolóxicos (estruturais, mecánicos, eléctricos, robóticos etc.) que estimulen a aprendizaxe do alumnado.

– A construción de prototipos e doutras estratexias que favorezan o uso de aplicacións dixitais para o deseño, a simulación, o dimensionado, a difusión de ideas e a presentación de solucións.

– O emprego de «Documentación e comunicación dixital», de forma transversal en toda a materia, que implique un desenvolvemento de habilidades dixitais que facilite a interacción do alumnado co seu ámbito social ao longo da súa vida.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado, poñendo en práctica, de ser necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión, a responsabilidade;

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

promovendo a participación de alumnos e alumnas cunha visión integral da disciplina e reducindo a fenda dixital e de xénero en condicións de igualdade ao longo de toda a etapa.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora; a expresión oral e escrita; a comunicación audiovisual; a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico, do emprendemento e da conciencia para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

– A aplicación de metodoloxías de traballo creativo, a través de coñecementos científicos e técnicos, para desenvolver ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades ou problemas expostos, achegando melloras significativas cunha actitude creativa e emprendedora.

– O uso responsable e ético das tecnoloxías dixitais para aprender ao longo da vida e reflexionar de forma crítica sobre a sociedade dixital para afrontar situacións e problemas actuais, atendendo á diversidade e sen prexuízos de diferentes razas, linguas, sexos, ideas políticas, relixións etc.

– A creación de obxectos tendo en conta o deseño, a elección de materiais e a súa fabricación dentro dunha contorna sostible e respectuosa co ambiente e coas normas de seguridade e hixiene.

24. Xeografía e Historia.

24.1. Introdución.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito,

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais; a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global; o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable; o exercicio da solidariedade e a cohesión social; o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades; o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas; a valoración e conservación do patrimonio; a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas –o pensamento xeográfico e o histórico– coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo afondamento do coñecemento, a aplicación práctica da aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que exixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque, baseado en problemas sociais relevantes, preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes, e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico –diacrónico ou invertido– ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso –enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas–, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.

24.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.
• Este obxectivo pretende dotar o alumnado das ferramentas, destrezas e capacidades que lle faciliten a adquisición e incorporación de datos, contidos e saberes. Iso implica a utilización de sistemas de procura, bases de datos e plataformas de recursos en contornas dixitais accesibles ao alumnado, ademais da utilización doutro tipo de documentos e fontes xeográficas e históricas de diversa tipoloxía, sobre as cales se poderá analizar e valorar o seu uso veraz, confiable e seguro, e a intencionalidade na interpretación dos procesos. • A lectura comprensiva; a crítica de fontes; o manexo, organización e clasificación de datos a través da elaboración de recursos propios, mediante a xeración de bases de datos e táboas; o deseño de esquemas para establecer relacións e conexións; a redacción de textos de sínteses, así como o emprego de estratexias adecuadas para conectar e organizar eficazmente a información compartida, tanto en contornas individuais como colectivas, constitúen outros procesos básicos que hai que incluír.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX2. Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.

• Este obxectivo persegue a xeración de xuízos propios a partir do contraste de distintas fontes de información e da súa conexión con distintas correntes de pensamento e movementos ideolóxicos, así como a súa exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado. Incorpora o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude respectuosa e a creación dunha conciencia cívica que inclúa o respecto a outras formas de pensar e valorar.

• Por outra banda, a capacidade discursiva, utilizando diferentes medios de expresión e distintas canles de comunicación, debe incorporar o manexo adecuado e correcto de conceptos, datos e situacións acordes co contexto.

• Finalmente, a consecución deste obxectivo ha de xerar a necesidade de elaborar produtos capaces de reflectir con orixinalidade e creatividade ideas e pensamentos, o que contribúe ao enriquecemento cultural e artístico que conforma o noso acervo común.

OBX3. Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.

• A análise e a comprensión dos fenómenos, situacións ou acontecementos que teñen unha especial relevancia ou interese no mundo en que vive o alumnado é o que se persegue con este obxectivo. O mellor medio para alcanzalo é mediante a aprendizaxe a través de proxectos, retos ou problemas, tanto individualmente como en equipo.

• Este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través do manexo de distintas formas de representación gráfica, cartográfica e visual, e do uso correcto, crítico e eficaz dos medios de comunicación, profundando na capacidade de discernir desinformación deliberada e opinións infundadas.

• Igualmente, implica dotar as iniciativas que levan a cabo dun sentido de utilidade, conectándoas con problemas actuais que afectan a súa comunidade e que requiran da súa análise, comprensión e compromiso. Deste xeito, calquera tema do pasado ou do presente adquire significación, na medida en que contribúe a entender a realidade e a valorar propostas e alternativas aos desafíos actuais e ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

OBX4. Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.

• Identificar os elementos e relacións da contorna, o seu equilibrio e evolución, e facelo a partir do descubrimento e da análise é o que busca este obxectivo, que ademais pretende, mediante a explicación multicausal, facilitar a comprensión e a necesaria actitude responsable con vistas á súa conservación.

• Busca, así mesmo, que o alumnado, non sen antes valorar os resultados positivos en certos ámbitos do progreso, a civilización, a técnica e a cultura, se cuestione eticamente as consecuencias do desenvolvemento tecnolóxico e a globalización con respecto á diversidade cultural, a competencia polos recursos, a conflitividade internacional, as migracións, o despoboamento rural e, en xeral, a degradación da vida na Terra.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Doutra banda, a calidade ambiental dos espazos en que vivimos, sexan contornas naturais, rurais ou urbanas, determina, en varios sentidos, o presente e o futuro do alumnado, que debe valorar as posibilidades que se lle ofrecen para o seu desenvolvemento persoal, pero tamén as limitacións que hai que implementar para asegurar o mantemento e o coidado dos devanditos espazos, atendendo a problemas como a contaminación das grandes urbes e o despoboamento do medio rural.

• O logro deste obxectivo implica tamén a toma de conciencia sobre a gravidade das consecuencias da crise climática e a exixencia de adoptar condutas respectuosas coa dignidade de todos os seres vivos, tendente a asegurar un desenvolvemento sustentable. Debe, ademais, promover posturas activas e de participación con respecto á mellora, en xeral, da contorna, tanto nunha escala local como global, e en favor dunha repartición xusta, equitativa e solidaria dos recursos nun sentido global.

OBX5. Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.

• Mediante este obxectivo preténdese alcanzar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.

• O alumnado ha de ver a Constitución e o Estatuto de autonomía como o produto non só dun determinado momento do pasado próximo –a transición á democracia–, senón como o resultado dunha traxectoria máis dilatada no tempo que integra os movementos, accións e acontecementos que, desde distintas culturas políticas, contribuíron ao afianzamento das ideas e valores que axudaron a conformar o sistema democrático actual. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado de 1936, así como a visibilización da achega das mulleres, que marcaron, a través do seu compromiso e da acción pacífica, gran parte dos avances e logros do Estado social e de dereito de que hoxe gozamos.

• Perséguese, en fin, proporcionarlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos; instar o exercicio da mediación para buscar unha xestión pacífica dos conflitos, e promover unha actitude de vixilancia ante calquera ameaza ou cuestionamento que non se enmarque no contexto dos procedementos que a propia Constitución inclúe para a súa reforma.

OBX6. Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.

• Busca este obxectivo que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. Tamén como o resultado do recoñecemento da diversidade e do respecto á diferenza no seo da propia sociedade, algo que resulta substancial para a formación cidadá e que supón o desenvolvemento dunha actitude favorable ao avance dos dereitos sociais. É por iso polo que resultan necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Así mesmo, é preciso o coñecemento e difusión doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano, contribuíndo así á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos. Neste sentido é fundamental erradicar comportamentos segregadores, especialmente os relacionados co xénero e coas diferenzas etnoculturais, así como o desenvolvemento de actitudes e accións en favor da igualdade real entre mulleres e homes, e da convivencia con persoas diferentes.

• O alumnado debe concibir que a comunidade é a suma de todos e cada un e que debemos convivir en igualdade de dereitos, de oportunidades e de responsabilidades, tendo en conta que o benestar colectivo depende tamén das nosas achegas individuais.

OBX7. Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

• Este obxectivo atende aos procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura.

• Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación, promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento das nosas vilas, resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia.

• Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo.

• De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

OBX8. Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.

• A identificación dos diversos compoñentes que conforman a personalidade (cognitivo, moral, emocional etc.) e o seu devir histórico constitúen o punto de partida deste obxectivo, que persegue, así mesmo, a toma de conciencia do transcurso do ciclo vital, dos seus principais estadios e o papel social que lle correspondeu a cada un deles, así como as diferenzas existentes respecto diso nas distintas culturas, a súa evolución na historia e, de maneira máis próxima, os cambios que se producen arredor das xeracións máis próximas e as relacións entre elas.

• Todo iso implica a análise e coñecemento das razóns polas cales se produce a división do traballo como paso previo para abordar a corresponsabilidade no ámbito familiar e analizar criticamente os roles do xénero e idade, ademais de adoptar un compromiso, neste sentido, coa contorna social próxima. Doutra banda, o traballo e as obrigas laborais foron a base da supervivencia humana ao longo da historia, e dispoñer dunha adecuada orientación profesional e valorar os cambios do mercado laboral son imprescindibles para que o alumnado trace a súa traxectoria académica, asuma as súas responsabilidades e deseñe os seus horizontes de futuro.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• O alumnado ha de entender que a esperanza e a calidade de vida están relacionadas tamén cos estilos de vida e hábitos que se adquiren individual e colectivamente na contorna cultural e familiar. • Relacionado co anterior, preténdese que oriente o esparexemento cara a actividades enriquecedoras, contribuíndo a un uso adecuado e ético da tecnoloxía e promovendo o compromiso activo e o voluntariado.
OBX9. Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.
• A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros pobos. Mediante a consecución deste obxectivo búscase que o alumnado logre coñecer os grandes fluxos de difusión cultural e técnica e do comercio internacional, así como no contexto das relacións políticas e diplomáticas, sen eludir a análise crítica dos conflitos e do recurso á forza; valorar o papel que representaron os distintos territorios e sociedades nesas redes de intercambio, marcadas pola desigualdade e polas percepcións etnocéntricas, tratando de evitar lecturas mitificadoras duns e reducionistas doutros; considerar e valorar toda achega á civilización europea e mundial do noso país con perspectiva e desde a consideración de valores universais relacionados coa paz, a cultura, a xustiza e a solidariedade; interesarse pola realidade internacional e os problemas existentes no mundo en que vivimos, tratando de que valore a formación de alianzas internacionais como un elemento imprescindible para lograr afrontar os grandes retos a que se enfronta a humanidade, e asumir o compromiso colectivo de formar parte de programas e misións que contribúan á seguridade e á paz mundial, e á cooperación con outros países en situación de emerxencia ou pobreza, baixo a garantía de organismos e entidades estatais e internacionais que aseguren o logro dos grandes compromisos contidos nos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

24.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Xeografía e Historia 1º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	OBX1
• CA1.2. Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	OBX2
• CA1.4. Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	OBX3
• CA1.5. Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX3
• CA1.6. Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	OBX3
• CA1.7. Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	OBX4
• CA1.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX9

Contidos
• Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).
• Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.
• Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.
• Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
• Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
• Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	OBX1
• CA2.2. Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	OBX1
• CA2.3. Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	OBX2
• CA2.4. Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	OBX3
• CA2.5. Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	OBX3
• CA2.6. Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	OBX5
• CA2.7. Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	OBX6
• CA2.8. Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	OBX7
Contidos	
• Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. • As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. • Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. • Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.

• Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.

• As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.

• A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.

• As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.

• O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.

• A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

• Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.

• España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.

• Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

Bloque 3. Compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	OBX2
• CA3.2. Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	OBX2
• CA3.3. Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	OBX4
• CA3.4. Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	OBX5
• CA3.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6. Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres, actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	OBX6
• CA3.7. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	OBX7
• CA3.8. Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	OBX8
Contidos	
• Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. • Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. • Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. • Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. • Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.	

2º curso.

Materia de Xeografía e Historia 2º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1 Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	OBX2
• CA1.2. Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	OBX2
• CA1.3. Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	OBX4
• CA1.4. Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	OBX4
• CA1.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	OBX8
• CA1.7. Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	OBX9
Contidos	
• Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. • Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. • Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. • Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. • Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. • A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.	
Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	OBX1
• CA2.2. Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	OBX3
• CA2.3. Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	OBX3
• CA2.4. Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.5. Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	OBX6
• CA2.6. Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	OBX7
• CA2.7. Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	OBX7
• CA2.8. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	OBX7
Contidos	
• Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. • Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. • Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. • A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. • A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. • O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. • A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social durante a Idade Media e a Idade Moderna. • A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. • España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. • Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. • Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	OBX2
• CA3.2. Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	OBX3
• CA3.3. Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	OBX5
• CA3.4. Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	OBX5
• CA3.5. Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	OBX6
• CA3.6. Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	OBX7
• CA3.7. Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigas en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	OBX8
• CA3.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX9
Contidos	
• Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. • Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. • Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. • Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

• Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

• Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

• Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.

• Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

• Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

3º curso.

Materia de Xeografía e Historia 3º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	OBX1
• CA1.2. Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	OBX2
• CA1.3. Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e doutras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	OBX3
• CA1.4. Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	OBX4
• CA1.5. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	OBX7
Contidos	
• Obxectivos de desenvolvemento sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. • Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. • Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. • Cultura mediática. Técnicas e métodos das ciencias sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. • O global e o local. A investigación en ciencias sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. • Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. • Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. • Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. • Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas • Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.	
Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	OBX1
• CA2.2. Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	OBX1
• CA2.3. Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos, conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	OBX3
• CA2.5. Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	OBX4
• CA2.6. Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	OBX5
• CA2.7. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX5
• CA2.8. Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	OBX7

Contidos
• Métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
• As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
• A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
• A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.
• A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
• A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.
• Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.

• O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

• Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.

Bloque 3. Compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	OBX1
• CA3.2. Realizar propostas que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	OBX3
• CA3.3. Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas, tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	OBX3
• CA3.4. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX 5
• CA3.5. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	OBX6
• CA3.6. Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	OBX6
• CA3.7. Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	OBX8
• CA3.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario, diverso, intercultural e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX9

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
• Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.
• O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.
• Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
• A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o Estado do benestar.

4º curso.

Materia de Xeografía e Historia 4º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	OBX2
• CA1.2. Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	OBX3
• CA1.3. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX5
• CA1.4. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	OBX6
• CA1.5. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX9

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. • Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. • Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.

Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	OBX1
• CA2.2. Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	OBX1
• CA2.3. Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	OBX1
• CA2.4. Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	OBX1
• CA2.5. Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	OBX2
• CA2.6. Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	OBX 3
• CA2.7. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	OBX3
• CA2.8. Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.9. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	OBX6
• CA2.10. Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	OBX7
• CA2.11. Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	OBX7

Contidos

• Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.

• Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.

• Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.

• As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.

• Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.

• O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.

• A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida.

• Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.

• As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.

• O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia.

• As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.

• Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.

• A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.

• Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.

• Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial.

• O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.

• Os fundamentos xeoestratégicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais.

• O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do Estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.

• As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era da internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.

• A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

• A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.

• A transición política e a configuración do Estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O Estado do benestar en España.

• A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente. Represión durante a ditadura. Recoñecemento e reparación das vítimas da violencia

• Os fundamentos xeoestratégicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.

• Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.

Bloque 3. Compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX 5
• CA3.3. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	OBX6
• CA3.4. Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	OBX6
• CA3.5. Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza, adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e á solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	OBX7
• CA3.6. Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	OBX8
• CA3.7. Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	OBX8
• CA3.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX9
Contidos	
• Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. • Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. • Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. • Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. • O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

• A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

• As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

• Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.

• Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

24.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Xeografía e Historia desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Xeografía e Historia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3		4	1-2		1		
OBX2	1-2			2		1-3	3	3
OBX3			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4					2	1-2-3-4	1	
OBX5	5					1-2		1
OBX6	5				3	1-2-3		1
OBX7		3			1	1-2-3		1
OBX8			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9	2					1-2-3-4	1	1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Unha organización, programación e secuenciación de contidos, abordadas desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado.

– Un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e activo que siga a máxima de que se aprende facendo e que inclúa a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, que reforzará a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Ademais, este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través do manexo de distintas formas de representación.

– Unha concepción do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento no alumnado, axustándose ao nivel competencial inicial deste e tendo en conta a atención á súa diversidade e individualidade. Isto permitirá, ademais, adaptarse aos seus intereses, aptitudes e diferentes ritmos, así como prever as dificultades de aprendizaxe e deseñar, de ser o caso, os necesarios mecanismos de reforzo. Ten que permitir, igualmente, a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

– A formulación de estratexias interdisciplinares para as que esta materia representa un papel central como eixe vertebrador, na medida en que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento. Isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

– A contextualización das aprendizaxes e a súa conexión cos problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, facilitando dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permitindo crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propician a participación e o compromiso co contorno e coa comunidade.

– A interactuación no seo do grupo, incluída a persoa docente, coa resolución de interrogantes e a exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

da actualidade e do pasado, facilitando o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude tolerante e a creación dunha conciencia cívica que inclúe o respecto a outras formas de pensar e valorar.

ANEXO III

Currículo dos ámbitos dos programas de diversificación curricular

1. Científico-Tecnolóxico.

1.1. Introdución.

A formación integral do alumnado require da comprensión de conceptos e procedementos científicos e tecnolóxicos que lle permitan desenvolverse e involucrarse en cuestións relacionadas coa ciencia e coa tecnoloxía, reflexionando sobre estas; tomar decisións fundamentadas e desenvolverse nun mundo en continuo desenvolvemento científico, tecnolóxico, económico e social, co obxectivo de poder integrarse na sociedade democrática como cidadás e cidadáns comprometidos.

O desenvolvemento curricular do ámbito Científico-Tecnolóxico nos programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria responde aos propósitos pedagóxicos destas ensinanzas: en primeiro lugar, facilitar a adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída da etapa a través da integración de obxectivos, criterios de avaliación e contidos das materias de Matemáticas, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía nun mesmo ámbito; en segundo lugar, contribuír ao desenvolvemento de competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida, co fin de que o alumnado poida proseguir os seus estudos en etapas postobrigatorias.

Os obxectivos do ámbito vincúlanse directamente cos descritores das oito competencias clave definidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Estes obxectivos están intimamente relacionados e fomentan que o alumnado observe o mundo, os fenómenos que ocorren ao seu arredor e as aplicacións tecnolóxicas, cunha curiosidade científica que o conduza á formulación de preguntas sobre o observado, á súa interpretación desde o punto de vista científico, á resolución de problemas e á análise crítica sobre a validez das solucións, e, en definitiva, ao desenvolvemento de razoamentos propios do pensamento científico para o emprendemento de accións que minimicen o impacto ambiental e preserven a saúde. Así mesmo, cobran especial relevancia a comunicación e o traballo en equipo, de forma integradora e con respecto á diversidade, pois son destrezas que lle permitirán ao alumnado desenvolverse na sociedade da información. Por último, as destrezas socioafectivas constitúen un elemento esencial para a consecución dos obxectivos, polo que no currículo se dedica especial atención á súa mellora.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

O logro dos obxectivos valorarase mediante os criterios de avaliación que, deseñados cunha vinculación directa con eles e estes, pola súa vez, coas competencias clave, confiren un enfoque plenamente competencial ao ámbito. Os contidos proporcionan o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que contribuirán ao logro dos obxectivos. En xeral, non existe unha vinculación unívoca e directa entre criterios de avaliación e contidos, senón que os obxectivos se poderán avaliar mediante a mobilización de diferentes contidos, proporcionando a flexibilidade necesaria para establecer conexións entre os distintos bloques.

Os criterios de avaliación e os contidos correspondentes á materia de Matemáticas agrúpanse nos mesmos bloques que na educación secundaria obrigatoria: o sentido numérico caracterízase pola aplicación do coñecemento sobre numeración e cálculo en distintos contextos; o sentido da medida céntrase na comprensión e comparación de atributos dos obxectos e seres vivos do mundo natural; o sentido espacial aborda a comprensión dos aspectos xeométricos do noso mundo; o sentido alxébrico proporciona a linguaxe en que se comunican as matemáticas e as ciencias; por último, o sentido estocástico comprende a análise e a interpretación dos datos e a comprensión de fenómenos aleatorios para fundamentar a toma de decisións nun mundo cheo de incerteza.

Os criterios de avaliación e os contidos relacionados coas ciencias da natureza agrúpanse en bloques que abarcan coñecementos, destrezas e actitudes relativos ás catro ciencias básicas (física, química, bioloxía e xeoloxía), coa finalidade de proporcionarlle ao alumnado unhas aprendizaxes esenciais sobre a ciencia, as súas metodoloxías e as súas aplicacións para configurar o seu perfil persoal e social. Estes contidos permitiranlle ao alumnado analizar a anatomía e a fisioloxía do seu organismo e adoptar hábitos saudables para coidalo; establecer un compromiso social coa saúde pública; examinar o funcionamento dos sistemas biolóxicos e xeolóxicos e valorar a importancia do desenvolvemento sustentable; explicar a estrutura da materia e as súas transformacións; analizar as interaccións entre os sistemas fisicoquímicos e valorar a relevancia da enerxía na sociedade. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos comúns que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta, e que constitúe un eixe metodolóxico do ámbito, que é necesario traballar simultaneamente con cada un dos bloques de ciencias restantes.

O sentido socioafectivo constitúe outro bloque cun evidente sentido transversal. Os criterios de avaliación e os contidos que comprende oriéntanse cara á adquisición e aplicación de estratexias, destrezas e actitudes para entender e manexar as emocións, establecer e alcanzar metas, sentir e mostrar empatía, a solidariedade, o respecto polas minorías

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

e a igualdade efectiva entre homes e mulleres na actividade científica. Deste xeito, increméntanse as destrezas para tomar decisións responsables e informadas, o que se dirixe á mellora do rendemento do alumnado en ciencias, á diminución de actitudes negativas cara a elas, e á promoción dunha aprendizaxe activa na resolución de problemas e ao desenvolvemento de estratexias de traballo colaborativo.

Debe terse en conta que a presentación dos contidos non implica ningunha orde cronolóxica, xa que o currículo se deseñou como un todo integrado, configurando así un ámbito científico.

Para a consecución dos obxectivos proponse o uso de metodoloxías propias da ciencia e das tecnoloxías dixitais, abordadas cun enfoque interdisciplinario, coeducativo e conectado coa realidade do alumnado. Preténdese con iso que a aprendizaxe adquira un carácter significativo a través da formulación de situacións de aprendizaxe preferentemente vinculadas ao seu contexto persoal e á súa contorna socioeconómica. Todo iso para contribuír á formación dun alumnado comprometido cos desafíos e retos do mundo actual e os obxectivos de desenvolvemento sustentable, facilitando a súa integración e a súa plena participación na sociedade democrática e plural.

1.2. Obxectivos.

Obxectivos do ámbito
OBX1. Recoñecer os motivos polos que ocorren os principais fenómenos naturais, a partir de situacións cotiás, e explicalos en termos das leis e teorías científicas adecuadas, para poñer en valor a contribución da ciencia á sociedade.
• A aprendizaxe das ciencias desde a perspectiva integradora do enfoque STEM ten como base o recoñecemento dos fundamentos científicos dos fenómenos que ocorren no mundo real. As alumnas e os alumnos competentes recoñecen os porqués científicos do que sucede ao seu arredor e interprétano a través das leis e teorías correctas. Isto posibilita que o alumnado estableza relacións construtivas entre a ciencia e a súa vida cotiá, o que lles permite desenvolver a capacidade para facer interpretacións doutros fenómenos diferentes, aínda que non fosen estudados previamente. Ao adquirir este obxectivo, espértase no alumnado un interese pola ciencia e pola mellora da contorna e da calidade de vida. • Aspectos tan importantes como a conservación do ambiente ou a preservación da saúde, física e mental, teñen unha base científica, e comprender a súa explicación e os seus fundamentos básicos outorga ao alumnado un mellor entendemento da realidade, o que favorece unha participación activa na contorna educativa e un maior compromiso e implicación co desenvolvemento global no marco dunha sociedade inclusiva.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX2. Interpretar e modelizar en termos científicos problemas e situacións da vida cotiá aplicando diferentes estratexias, formas de razoamento, ferramentas tecnolóxicas e o pensamento computacional, para achar e analizar solucións comprobando a súa validez.

• O razoamento e a resolución de problemas considérase unha destreza esencial para o desenvolvemento de actividades científicas ou técnicas, polo que deben ser dous eixes fundamentais na aprendizaxe das ciencias e das matemáticas. Para resolver un problema, é esencial realizar unha lectura atenta e comprensiva, interpretar a situación formulada, extraer a información relevante e transformar o enunciado verbal nunha forma que poida ser resolta mediante procedementos previamente adquiridos. Este proceso compleméntase coa utilización de diferentes formas de razoamento, tanto dedutivo como indutivo, para obter a solución. Para iso son necesarias a realización de preguntas adecuadas, a elección de estratexias que implican a mobilización de coñecementos e a utilización de procedementos e algoritmos. O pensamento computacional desempeña tamén un papel central na resolución de problemas, xa que comprende un conxunto de formas de razoamento como a automatización, o pensamento algorítmico ou a descomposición en partes. A análise das solucións obtidas potencia a reflexión crítica sobre a súa validez, tanto desde un punto de vista estritamente matemático como desde unha perspectiva global, valorando aspectos relacionados coa sustentabilidade, o consumo responsable, a igualdade de xénero, a equidade ou a non-discriminación, entre outros.

• O desenvolvemento deste obxectivo fomenta un pensamento máis diverso e flexible, mellora a capacidade do alumnado para resolver problemas en diferentes contextos, amplía a propia percepción sobre as ciencias e as matemáticas e enriquece e consolida os conceptos básicos, o que repercute nun maior nivel de compromiso, no incremento da curiosidade e na valoración positiva do proceso de aprendizaxe, favorecendo a inclusión social.

OBX3. Utilizar os métodos científicos, facendo indagacións e levando a cabo proxectos, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.

• O desempeño de destrezas científicas supón un dominio progresivo no uso das metodoloxías propias da investigación científica para levar a cabo estudos sobre aspectos clave do mundo natural. Para o alumnado competente, a consecución deste obxectivo supón mellorar as destrezas para realizar observacións sobre a contorna cotiá, formular preguntas e hipóteses sobre el e comprobar a súa veracidade mediante o emprego da experimentación, utilizando as ferramentas e normativas que sexan máis convenientes en cada caso.

• Ademais, desenvolverse no uso de metodoloxías científicas supón unha ferramenta fundamental no traballo colaborativo por proxectos que leva a cabo na ciencia, e cobra especial importancia na formación do alumnado.

OBX4. Analizar os efectos de determinadas accións cotiás sobre a saúde, o medio natural e social, baseándose en fundamentos científicos, para valorar a importancia dos hábitos que melloran a saúde individual e colectiva, evitan ou minimizan os impactos ambientais negativos e son compatibles cun desenvolvemento sustentable.

• A actividade humana produciu importantes alteracións na contorna cun ritmo de avance sen precedentes na historia da Terra. Algunhas destas alteracións, como o aumento da temperatura media terrestre, a acumulación de residuos plásticos, a destrución de ecosistemas, a perda da biodiversidade e a diminución da dispoñibilidade de auga potable e doutros recursos, entre outras, poñen en grave perigo algunhas actividades humanas esenciais, entre as cales destaca a produción de alimentos.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Así mesmo, instaláronse nas sociedades máis desenvolvidas certos hábitos prexudiciais como a dieta rica en graxas e azucres, o sedentarismo, o uso de drogas ou a adicción ás novas tecnoloxías. Isto deu lugar a un aumento da frecuencia dalgunhas patoloxías físicas e mentais que constitúen importantes problemas da sociedade actual.

• Con todo, determinadas accións e hábitos saudables e sustentables (como a alimentación sa, o exercicio físico ou o consumo responsable) poden contribuír á preservación e mellora da saúde individual e colectiva e a frear as tendencias ambientais negativas anteriormente descritas. Por iso, é imprescindible para o pleno desenvolvemento persoal do alumnado como cidadán que coñeza e aplique os fundamentos científicos que xustifican un estilo de vida saudable e sustentable.

OBX5. Interpretar e transmitir información e datos científicos, contrastando previamente a súa veracidade, e utilizando linguaxe verbal ou gráfica apropiada, para adquirir e afianzar coñecementos da contorna natural e social.

• Nos ámbitos científicos, así como en moitas outras situacións da vida, é necesario seleccionar, interpretar e analizar toda a información dispoñible para ser utilizada con fins concretos. A información de carácter científico pode presentarse en formatos moi diversos, como enunciados, gráficas, táboas, modelos, diagramas etc., que é necesario comprender para traballar de forma adecuada na ciencia. Así mesmo, a linguaxe matemática outórgalle á aprendizaxe da ciencia unha ferramenta potente de comunicación global, e as linguaxes específicas das distintas disciplinas científicas réxense por normas que é necesario comprender e aplicar.

• O alumnado debe ser competente na selección de información rigorosa e veraz procedente de fontes fiables e contrastadas, na avaliación crítica e na interpretación correcta da información que se lle proporciona, e na súa transmisión a partir dunha observación ou dun estudo. Para iso ha de empregar con corrección distintos formatos e ter en conta certas normas específicas de comunicación das disciplinas científicas.

OBX6. Identificar as ciencias e as matemáticas implicadas en contextos diversos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións da vida cotiá.

• O coñecemento das ciencias e das matemáticas responde á necesidade da sociedade ante os grandes desafíos e retos de carácter transdisciplinario que a humanidade ten exposto. A presenza do ámbito Científico-Tecnolóxico no currículo dos programas de diversificación curricular debe ser valorado polo alumnado como unha ferramenta esencial para aumentar a súa competencia científica, o que lle permite conectar os coñecementos das diferentes áreas integradas no ámbito, facendo que a súa aprendizaxe sexa máis significativa e poida ser empregada con posterioridade en diferentes situacións.

• Polo tanto, é importante que o alumnado teña a oportunidade de identificar e experimentar a aplicación das ciencias e das matemáticas en diferentes contextos, entre os que destacan o persoal, o escolar e o social.

• A conexión entre as ciencias e as matemáticas e outros ámbitos non debería limitarse aos saberes conceptuais, senón ampliarse aos procedementos e actitudes científicos, de forma que poidan ser transferidos e aplicados a outros contextos da vida real e á resolución de problemas da contorna persoal, escolar e social.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX7. Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e a valoración da aprendizaxe das ciencias.
• Formular preguntas e resolver problemas científicos ou retos máis globais nos que interveñen o pensamento científico e o razoamento matemático debe ser unha tarefa gratificante. Por iso, a adquisición e o desenvolvemento de destrezas emocionais dentro da aprendizaxe das ciencias e das matemáticas diminúen a ansiedade e inseguridade, fomentan o benestar do alumnado, a autorregulación emocional e o interese cara á aprendizaxe do ámbito. • O desenvolvemento deste obxectivo implica identificar e xestionar as emocións, recoñecer fontes de tensións, ser perseverante, pensar de forma crítica e creativa, mellorar a resiliencia e manter unha actitude proactiva ante novos desafíos. Para acadar este obxectivo é necesario que o alumnado se enfronte a pequenos retos que contribúan á reflexión sobre o propio pensamento, eviten posibles bloqueos e promovan a mellora do autoconcepto ante a aprendizaxe do ámbito.
OBX8. Desenvolver destrezas sociais e traballar de forma cooperativa en equipos diversos con roles asignados que permitan potenciar o crecemento entre iguais, valorando a importancia de romper os estereotipos de xénero na investigación científica, para o emprendemento persoal.
• O avance científico é produto do esforzo colectivo e de cando en cando do resultado do traballo dun só individuo. A ciencia implica comunicación e colaboración entre profesionais, en ocasións adscritos a diferentes disciplinas. Así mesmo, para a xeración de novos coñecementos é esencial que se compartan as conclusións e os procedementos obtidos por un grupo de investigación co resto da comunidade científica. Pola súa vez, estes coñecementos serven de base para a construción de novas investigacións e descubrimentos. • Cabe destacar, ademais, que a interacción e a colaboración son de grande importancia en diversos ámbitos profesionais e sociais e non exclusivamente nun contexto científico. O traballo colaborativo ten un efecto enriquecedor sobre os resultados obtidos e no desenvolvemento persoal dos seus participantes, pois permite o intercambio de puntos de vista en ocasións moi diversos. A colaboración e a cooperación implican mobilizar as destrezas comunicativas e sociais do alumnado e requiren dunha actitude respectuosa e aberta fronte ás ideas alleas, que valore a importancia de romper os roles de xénero e estereotipos sexistas. Por este motivo, a aprendizaxe cooperativa é imprescindible para o desenvolvemento pleno do alumnado.

1.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Ámbito Científico-Tecnolóxico 1º curso	
Bloque 1. Destrezas científicas básicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	OBX3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Deseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuados con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	OBX3
• CA1.3. Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	OBX3
• CA1.4. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA1.5. Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables, seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX5
• CA1.6. Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	OBX8
• CA1.7. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	OBX8
• CA1.8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	OBX1
Contidos	
• Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. – Identificación e formulación de cuestións. – Elaboración de hipóteses. – Comprobación mediante experimentación. – Análise e interpretación de resultados. • Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e da comunitaria, a seguridade e o respecto ao ambiente. • Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. • Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e mellora da sociedade.	
Bloque 2. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA2.3. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
• CA2.4. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA2.5. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, mantendo unha actitude crítica.	OBX5

Contidos

• Números e operacións.

– Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais.

– Representación e ordenación de números na recta numérica.

– Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos.

– Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros).

– Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.

– Resolución de problemas elixindo a representación máis adecuada dunha cantidade.

– Estratexias de cálculo mental, de forma manual ou con calculadora.

– Relacións inversas (adición e subtracción, multiplicación e división, cadrado e raíz cadrada): utilización na resolución de problemas.

• Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá, adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.

• Interpretación de números grandes e pequenos.

– Recoñecemento da notación científica.

– Orde de magnitude.

– Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.

• Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.

• Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.

• Relacións de proporcionalidade directa e inversa.

– Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa.

– Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado.

– Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Porcentaxes.

– Comprensión e uso en diferentes contextos.

– Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns, como rebaixas, descontos, impostos, taxas etc.

– Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relaciones calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.

Bloque 3. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA3.2. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
• CA3.3. Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	OBX5

Contidos

• Estimación, relacións e conversións: toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.

• Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.

• Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas.

Bloque 4. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA4.2. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	OBX5

Contidos

• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.

– Descrición de figuras planas e tridimensionais e os seus elementos característicos.

– Clasificación das figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.

– Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.

• Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 5. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA5.2. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA5.3. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
• CA5.4. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA5.5. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
Contidos	
• Padróns e sucesións. – Identificación de estruturas numéricas e gráficas. – Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. – Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas etc. • Linguaxe alxébrica. – Comprensión do concepto de variable. – Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. – Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. – Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. – Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. – Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións. • Relacións e funcións – Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. – Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante un enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. – Estratexias para a interpretación e modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de ser analizados utilizando programas e outras ferramentas.	
Bloque 6. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.2. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA6.3. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
Contidos	
• Características dunha poboación. – Formulación de preguntas adecuadas. – Estratexias de recollida de datos. – Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia. • Medidas de centralización e dispersión. – Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. – Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. – Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión. • Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...). • Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns.	
Bloque 7. A materia e os seus cambios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.1. Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	OBX1
• CA7.2. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA7.3. Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA7.4. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
Contidos	
• Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais. • Composición da materia. – Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. – Valoración das aplicacións de elementos e compostos químicos de relevancia, a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

• Análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais para relacionalos coas causas que os producen e coas consecuencias que teñen.

• Reaccións químicas.

– Interpretación das reaccións químicas no ámbito macroscópico e microscópico.

– Aplicación da lei de conservación da masa.

– Análise dos factores que afectan a velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa.

• Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, composición e clasificación.

Bloque 8. A enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA8.1. Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, para explicalos a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	OBX1
• CA8.2. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA8.3. Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA8.4. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
• CA8.5. Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do ambiente e a protección dos seres vivos da contorna con desenvolvemento sustentable e a calidade de vida.	OBX4
• CA8.6. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
Contidos	
• Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. • Enerxía eléctrica: obtención. Circuítos eléctricos simples. • O aforro enerxético e a conservación sustentable do ambiente.	
Bloque 9. Niveis de organización e funcións vitais no ser humano	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA9.1. Recoñecer e describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos, identificando as estruturas básicas dos diferentes tipos de células, utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	OBX1
• CA9.2. Determinar os distintos niveis de organización das células para formar tecidos, órganos e aparellos dun ser vivo utilizando diferentes estratexias de observación.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA9.3. Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara á informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, boatos etc.	OBX5
• CA9.4. Recoñecer e identificar órganos, aparellos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais, describindo os principais procesos que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.	OBX1
• CA9.5 Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres, respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.	OBX1
Contidos	
• Niveis de organización. – A célula: estrutura básica e tipos de células. – Os tecidos, órganos e aparellos. – Os virus. • As funcións vitais no ser humano. – Función de nutrición. Dixestión, respiración, circulación e excreción. – Función de relación. Os órganos sensoriais. Sistema nervioso e endócrino. – Función de reprodución. Métodos anticonceptivos e prácticas sexuais responsables.	
Bloque 10. Saúde e enfermidade. Hábitos saudables	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA10.1. Analizar conceptos e factores relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos, mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	OBX1
• CA10.2. Analizar o funcionamento do sistema inmunitario e comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas, identificando as medidas de prevención e tratamentos que existen ata o momento, concienciando sobre a vacinación e o uso responsable de antibióticos, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara á informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, boatos etc.	OBX5
• CA10.3. Recoñecer a importancia da doazón de sangue e órganos valorando a súa mellora na calidade de vida.	OBX4
• CA10.4. Avaliar os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de enfermidades.	OBX4
• CA10.5. Recoñecer as drogas, legais e ilegais, considerándoas como causa de prexuízos, non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	OBX4

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Concepto de saúde e enfermidade. • Enfermidades infecciosas e non infecciosas. – O sistema inmunitario. – Prevención e tratamento das enfermidades infecciosas: a vacinación e o uso responsable de antibióticos. • Os transplantes e a doazón de órganos. • Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.

Bloque 11. A paisaxe e os riscos xeolóxicos externos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA11.1. Describir a modelaxe do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	OBX1
• CA11.2. Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	OBX1
• CA11.3. Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas, recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	OBX4

Contidos
• Xeomorfoloxía externa. – Axentes, procesos e factores que condicionan a modelaxe do relevo. • Riscos naturais. – Definición e clasificación. – Riscos xeolóxicos externos.

Bloque 12. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA12.1. Mostrar resiliencia ante os retos académicos, asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	OBX7
• CA12.2. Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	OBX8
• CA12.3. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	OBX8

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. • Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. • Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. • Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

2º curso.

Ámbito Científico-Tecnolóxico 2º curso	
Bloque 1. Destrezas científicas básicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	OBX3
• CA1.2. Deseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio, utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuados con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	OBX3
• CA1.3. Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	OBX3
• CA1.4. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa, de maneira verbal, gráfica, numérica etc., utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA1.5. Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX5
• CA1.6. Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	OBX8
• CA1.7. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	OBX8
• CA1.8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. – Identificación e formulación de cuestións. – Elaboración de hipóteses. – Comprobación mediante experimentación. – Análise e interpretación de resultados. • Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e da comunitaria, a seguridade e o respecto ao ambiente. • Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos. • Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e mellora da sociedade.

Bloque 2. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Elaborar representacións que axuden na busca de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA2.2. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA2.3. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc., utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA2.4. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5

Contidos
• Números e operacións. – Identificación e representación de cantidades con números decimais, racionais e irracionais relevantes (raíces cadradas, π...). – Representación e ordenación de números na recta numérica. – Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos. • Estratexias de cálculo. – Recontos sistemáticos con diferentes estratexias, como diagramas en árbore ou combinatoria básica. – Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. • Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relaciones calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 3. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA3.2. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA3.3. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
• CA3.4. Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	OBX6
Contidos	
• Estimación e relacións. – Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida. – Estimación ou cálculo de medidas indirectas, usando diferentes estratexias, en formas e obxectos da vida cotiá. • Medición. – Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais. – Equivalencia entre medidas de volume e capacidade. – Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para cálculo de áreas e a súa aplicación na resolución de problemas. • Uso de instrumentos de debuxo e ferramentas dixitais para modelizar e representar obxectos xeométricos con propiedades fixadas, como as lonxitudes de lados ou as medidas de ángulos.	

Bloque 4. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA4.2. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa, de maneira verbal, gráfica, numérica etc., utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA4.3. Aplicar procedementos propios das ciencias e das matemáticas en situacións diversas establecendo conexións entre distintas áreas de coñecemento en contextos sociais.	OBX6
Contidos	
• Movementos e transformacións. – Análise de transformacións elementais como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas ou manipulativas. – Investigación das transformacións elementais na vida cotiá con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 5. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA5.2. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA5.3. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
• CA5.4. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa, de maneira verbal, gráfica, numérica etc., utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA5.5. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5
Contidos	
• Linguaxe alxébrica. – Expresión de relacións mediante linguaxe alxébrica. – Equivalencia de expresións alxébricas de segundo grao. – Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións de segundo grao en problemas de contextos diferentes. – Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. – Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións. • Relacións e funcións. – Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. – Interpretación da información relevante en situacións reais, funcións cadráticas, de proporcionalidade inversa etc. • Estratexias para a interpretación e modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de ser analizados utilizando programas e outras ferramentas.	
Bloque 6. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA6.2. Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa, de maneira verbal, gráfica, numérica etc., utilizando o formato máis adecuado.	OBX5
• CA6.3. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos
• Medidas de centralización e dispersión. – Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. – Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. – Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión. • Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...). • Probabilidade. – Fenómenos deterministas e aleatorios. Sucesos. – Aproximación á probabilidade a través das frecuencias relativas. – Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace e técnicas de reconto. • Toma de decisións de experimentos simples en diferentes contextos.

Bloque 7. A materia e os seus cambios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.1. Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	OBX1
• CA7.2. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA7.3. Atopar a solución dun problema utilizando os datos e a información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA7.4. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2

Contidos
• Composición da materia. – Relación, a partir da súa configuración electrónica, da distribución dos elementos na táboa periódica, coas súas propiedades fisicoquímicas máis importantes para atopar xeneralidades. – El enlace químico. Propiedades das substancias en función do enlace e da estrutura. • Cuantificación da cantidade de materia de sistemas de diferente natureza, e nos termos xerais da linguaxe científica, para manexar diferentes formas de medida e a súa expresión na contorna científica. • Formulación e nomenclatura de substancias químicas de compostos de relevancia, segundo as normas da IUPAC. • Reaccións químicas. – Ecuacións químicas sinxelas: interpretación cualitativa e cuantitativa. Cálculos estequiométricos sinxelos e interpretación dos factores que lles afectan.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Descrición cualitativa de reaccións químicas de relevancia no mundo cotián, incluíndo as combustións, as neutralizacións e procesos electroquímicos sinxelos, comprobando experimentalmente algúns dos seus parámetros.

– Análise de aspectos enerxéticos e cinéticos das reaccións químicas, aplicando a teoría de colisións, para explicar a reordenación dos átomos e realizar predicións relativas a procesos cotiáns importantes.

Bloque 8. As interaccións e a enerxía

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA8.1. Identificar e comprender fenómenos naturais relevantes, a partir de teorías, leis e principios científicos adecuados como estratexia na toma de decisións fundamentadas.	OBX1
• CA8.2. Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	OBX2
• CA8.3. Atopar a solución dun problema utilizando os datos e información achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas.	OBX2
• CA8.4. Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
• CA8.5. Relacionar, con fundamentos científicos, a preservación da biodiversidade, a conservación do ambiente e a protección dos seres vivos da contorna co desenvolvemento sustentable e a calidade de vida.	OBX4
• CA8.6. Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá mantendo unha actitude crítica.	OBX5

Contidos

• Predición e comprobación, mediante o razoamento lóxico-matemático, utilizando ecuacións e gráficas, da variación das principais magnitudes que describen o movemento dun corpo. Estudo dos movementos rectilíneos e circulares sinxelos.

• As forzas.

– Relación das forzas cos cambios que producen sobre os sistemas e aplicación á resolución de problemas da vida cotiá relacionados coas forzas presentes na natureza.

– Recoñecemento das principais forzas da contorna cotiá, como o peso, a normal, o rozamento ou a tensión, e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios.

– Leis de Newton: aplicacións a fenómenos naturais e cotiáns.

• A enerxía.

– Formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e as súas aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a resolución de problemas sinxelos relacionados coa enerxía mecánica.

– Obtención e consumo de enerxía, e as súas repercusións ambientais.

• Análise dos efectos da calor sobre a materia. Recoñecemento de distintos procesos de transferencia de calor nos que están implicadas diferenzas de temperatura, como base da resolución de problemas cotiáns.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 9. Orixe e evolución da vida e da Terra	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA9.1. Explicar a estrutura e dinámica do interior terrestre, interpretando a información que achegan os métodos de estudo e adoptando unha actitude crítica cara ás crenzas infundadas.	OBX5
• CA9.2. Comprender os efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas e explicando a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.	OBX1
• CA9.3. Explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra utilizando os argumentos das diferentes teorías, mantendo unha actitude crítica, obtendo conclusións e formando opinións propias fundamentadas.	OBX1
• CA9.4. Comprender o proceso evolutivo analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos e describindo o proceso da hominización.	OBX1
Contidos	
• Dinámica terrestre. – Orixe e historia da Terra. – Estrutura e dinámica da xeosfera. – A tectónica de placas e as súas manifestacións. • A vida na Terra. – Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. – Probas e teorías da evolución dos seres vivos. – A evolución humana.	

Bloque 10. A célula	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA10.1. Xustificar a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos, exemplificando ou aplicando os postulados da teoría celular.	OBX1
• CA10.2. Describir os virus como entidades acelulares, relacionándoos coas enfermidades e analizando o seu papel na evolución.	OBX1
• CA10.3. Identificar o ADN como a molécula portadora da información xenética, relacionando a súa organización na célula coa súa función.	OBX1
• CA10.4. Recoñecer as etapas do ciclo celular e describir o proceso da división celular, identificando as diferenzas principais entre a mitose e a meiose e relacionando estes procesos coa aparición e desenvolvemento dun cancro.	OBX1
• CA10.5. Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.	OBX1
• CA10.6. Coñecer as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as implicacións éticas, sociais e ambientais en relación cos avances en biotecnoloxía e enxeñaría xenética, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara á informacións sen unha base científica como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, boatos etc.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• Teoría celular. • Formas acelulares: virus. • ADN: xenes e cromosomas. Expresión xénica. • Etapas do ciclo celular. A división celular. Mitose e meiose. • As mutacións e o cancro. • Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. • Biotecnoloxía e enxeñaría xenética: aplicacións e implicacións éticas, sociais e ambientais.	
Bloque 11. Ecoloxía e ambiente	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA11.1. Recoñecer os compoñentes e relacións nun ecosistema analizando os factores causantes de desequilibrios e difundindo accións que favorezan a conservación ambiental.	OBX4
• CA11.2. Interpretar o concepto de sucesión ecolóxica exemplificando esta coa formación dun solo, recoñecendo consecuencias de distintos tipos de regresións.	OBX1
• CA11.3. Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sustentable e a calidade de vida.	OBX4
• CA11.4. Analizar e recoñecer as causas e consecuencias de actividades humanas no ambiente propoñendo accións para a súa conservación.	OBX4
• CA11.5. Recoñecer a información con base científica en relación co ambiente, distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas etc., mantendo unha actitude escéptica ante estes.	OBX5
Contidos	
• Os ecosistemas. – Elementos integrantes. Cadeas e redes tróficas. – Relacións intraespecíficas e interespecíficas. – Sucesións ecolóxicas. Regresións. – Factores que desencadean desequilibrios nos ecosistemas. • O cambio climático. – Causas e consecuencias. – Efectos globais das accións individuais e colectivas.	
Bloque 12. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA12.1. Mostrar resiliencia ante os retos académicos, asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA12.2. Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	OBX8
• CA12.3. Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	OBX8
Contidos	
• Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia. • Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe. • Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. • Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.	

1.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa no ámbito Científico-Tecnolóxico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos do ámbito e, en combinación co resto de ámbitos e materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos do ámbito e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos do ámbito Científico-Tecnolóxico e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I

Obxectivos do ámbito	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1		1-2-4	1	4	3		

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Obxectivos do ámbito	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2	2		1-2	1-2	4		1	
OBX3			1-2-3	1-3	4-5		1	
OBX4			5	4	2	4		
OBX5	1-2-3		4	1	4	4		3
OBX6			1-2-5	5	5	4	1	2
OBX7			5	2	1-4-5	1	1-3	
OBX8	5	3	2-4	3	3	2	2	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O primeiro e o último bloque son de carácter transversal, deberanse traballar en combinación co resto dos bloques ao longo de todo o curso. Estes bloques enfócanse na construción da ciencia e no desenvolvemento do pensamento científico a través da formulación de hipóteses ou de problemas; a busca, selección e tratamento da información utilizando fontes fiables en diferentes formatos; planificación e desenvolvemento de investigacións; realización de observacións, ensaios pertinentes ou probas; rexistro, análise e interpretación de datos; ordenación das ideas, comparación, xerarquización, explicación, xustificación e argumentación científica dun acontecemento; comunicación da información de forma clara e ordenada e de forma respectuosa cara a outras ideas; relación dos contidos aprendidos nas distintas materias recomendando, polo tanto, un traballo interdisciplinar como medio para conectalos coa realidade.

– O uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual como o cooperativo e o colaborativo, o que permite o desenvolvemento das habilidades necesarias que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida.

– O fomento do traballo en equipo permitiralle ao alumnado desenvolver diversas competencias tanto no eido intelectual como no social. O traballo en equipo vai incrementar a motivación, reforzar a autoestima, estimular a creatividade, aumentar a autonomía, promover a reflexión, fomentar a responsabilidade, intercambiar experiencias e favorecer as habilidades sociais.

– O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que axuda o alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar en que o estudantado conxuga coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

– A proposta de proxectos variados baseada na resolución de problemas, investigación, innovación e actividades de indagación que incentiven o desenvolvemento das competencias, habilidades e actitudes tratando de evitar a acumulación e memorización dos contidos científicos e que permitan a análise crítica dos problemas sociais actuais.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias que permitan traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, a educación cívica e constitucional, o fomento do espírito crítico, a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero. A transversalidade resulta fundamental para mellorar a aprendizaxe e promover o desenvolvemento de actitudes críticas e reflexivas no alumnado. Deste xeito facilítase que o alumnado descubra a importancia e a utilidade do aprendido, favorecendo un contorno máis motivador. Na formación integral do alumnado será fundamental integrar contidos de distintas áreas de coñecemento nos cales se deberá mobilizar todo tipo de destrezas e ferramentas.

– O traballo práctico no laboratorio, por ser unha actividade específica da ensinanza das ciencias que lle proporciona ao estudante un campo de probas onde se poden ampliar as súas experiencias e modificar as súas ideas e interpretacións, facéndoas máis coherentes co coñecemento científico, e posibilita a súa conexión coa realidade.

– O estímulo dunha avaliación autorreguladora, que se realice de forma continua ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, permitindo a modificación e readaptación da dinámica e das actividades de aula en función das necesidades do alumnado e do contexto. Resultará unha ferramenta de seguimento que proporcionará unha información moi importante para poder intervir sobre todos os elementos que forman parte dos procesos de ensino e de aprendizaxe. Esta información permitirá tomar decisións encamiñadas a garantir a adquisición das competencias necesarias para continuar o proceso formativo.

– A contribución a formar cidadáns e cidadás competentes social e emocionalmente, presentando a ciencia e a tecnoloxía desde unha perspectiva socioafectiva e promovendo

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

o desenvolvemento de destrezas que lle permitan ao alumnado autoxestionar as súas emocións, aumentar a capacidade de tomar decisións de forma crítica, valorar opinións distintas ás propias, recoñecer o erro como un elemento enriquecedor e dinamizador da aprendizaxe, diminuír as actitudes negativas cara á materia e erradicar calquera sentimento de desigualdade por razón de xénero.

2. Lingüístico e Social.

2.1. Introdución.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exixen o desenvolvemento das competencias necesarias que axudan os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. O eixe do currículo do ámbito Lingüístico e Social aborda de maneira directa as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias para desenvolver esa cidadanía. Os obxectivos deste ámbito supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta nova etapa en que se deberán ter en conta tanto as características específicas do alumnado como os seus repertorios e experiencias, co fin de garantir a súa inclusión social e, posteriormente, a súa inserción no mundo laboral.

Os obxectivos deste ámbito, relacionados cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado asumir responsablemente os seus deberes e coñecer e exercer os seus dereitos a partir da aprendizaxe de orixe e da evolución das sociedades, a construción europea, os valores democráticos e a cidadanía activa. A dimensión comunicativa deste currículo implica comunicarse eficazmente e con corrección en lingua castelá e galega, tanto no nivel oral como no escrito, así como comprender e expresarse adecuadamente nunha lingua estranxeira, de modo que o alumnado poida ampliar o seu repertorio lingüístico individual aproveitando as experiencias propias para mellorar a súas destrezas comunicativas. Do mesmo xeito, ocupa un lugar importante a procura do pracer pola lectura, fomentando unha lectura progresivamente autónoma, pero tamén unha lectura guiada e compartida na aula a través do achegamento a fragmentos de obras que presenten certa resistencia inicial para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu gozo, senón tamén a apropiación dos seus elementos máis relevantes. Alén disto, é importante a aceptación e a adecuación á diversidade lingüística e cultural, así como o respecto polo diálogo intercultural e pola situación bilingüe en que vivimos na nosa comunidade autónoma.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Este ámbito, ademais, permítelle ao alumando desenvolverse mellor nos contextos informacionais, pois comprende aspectos relacionados coas destrezas básicas para a busca e selección de información como medio para adquirir novos coñecementos, favorecendo así a adquisición das ferramentas necesarias para afrontar a manipulación e a desinformación e, ao mesmo tempo, abordar a información e a comunicación de xeito crítico e adecuado ás propias necesidades do alumnado. Neste sentido, as ferramentas dixitais teñen un potencial indispensable para a aprendizaxe, a ensinanza e a avaliación do ámbito; por iso o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización informacional e o uso adecuado, seguro, ético e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación supoñen un elemento de aprendizaxe sumamente relevante.

Os criterios de avaliación do ámbito Lingüístico e Social permiten determinar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. Na súa formulación competencial enuncian o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir xunto co contexto ou modo de aplicación. O establecemento dos criterios de avaliación vén determinado de maneira gradual polo nivel de madurez e a evolución psicoevolutiva do alumnado, e deberá garantir sempre a adecuación ás súas experiencias, así como ás súas circunstancias e características específicas.

Pola súa banda, os contidos aglutinan os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para o logro dos obxectivos deste ámbito e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios de avaliación. Estrutúranse en seis bloques, que se corresponden coas materias que integran o ámbito. O bloque de Ciencias Sociais abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento do pensamento histórico, do coñecemento xeográfico e da contorna, a sustentabilidade e o benestar, a comprensión da integración europea e os valores democráticos, co fin de permitir que o alumnado poida asumir responsabilidades, tomar decisións e exercer unha cidadanía activa e responsable. Os contidos de Ciencias Sociais, organizados en tres áreas temáticas, están especialmente orientados á descrición dos desafíos e problemas do presente e da contorna para espertar no alumnado unha mirada crítica ao coñecemento das sociedades ao longo do tempo e do espazo, e ao desenvolvemento dos valores e actitudes de tolerancia, solidariedade, respecto á diversidade cultural e a diferentes identidades. Procúrase en gran medida que se chegue a afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas, a valoración do patrimonio, a defensa da igualdade real entre homes e mulleres, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Comprende esta área o pensamento xeográfico entendido como un conxunto de habilidades para comprender o espazo e entender as razóns que configuran o territorio e o deber de actuar para a consecución dun equilibrio ambiental e sustentable; e o pensamento histórico que permite comprender os acontecementos, as súas causas e consecuencias, e relacionalos co presente permitindo que o alumnado poida tomar decisións futuras como cidadáns e cidadás autónomos e con espírito crítico.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Os bloques de linguas integran os saberes relacionados coa capacidade de comunicarse nos idiomas estudados de maneira eficaz e correcta, así como os saberes necesarios para acceder á información de forma crítica e respectuosa coa propiedade intelectual e o desenvolvemento e fomento do hábito lector no alumnado. Neste sentido, o primeiro dos obxectivos correspondente á lingua galega e castelá, así como o obxectivo 12 vinculado co plurilingüismo, oriéntanse cara ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal do noso contorno, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Este obxectivo engloba tamén a dimensión comunicativa da lingua, é dicir, a produción, comprensión e interacción oral e escrita, atendendo ás convencións propias dos distintos xéneros discursivos e adecuándose aos diferentes contextos. O seguinte obxectivo vincúlase coa necesidade do correcto acceso do alumnado á información, procedendo de xeito progresivamente autónomo á súa selección, sabendo transformala en coñecemento, valorando a súa pertinencia e realizando un uso respectuoso da propiedade intelectual. Trátase, en definitiva, de incorporar as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e aplicalas aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os seguintes obxectivos relaciónanse coa comunicación oral, a comprensión lectora e a expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, é preciso poñer o foco na alfabetización informacional e na lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. Finalmente, é necesario atender á reflexión sobre a lingua e os seus usos e á dimensión ética da comunicación.

Estes criterios de avaliación e contidos, asociados aos obxectivos arriba descritos, organízanse en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo bloque, «Comunicación en lingua castelá e lingua galega», integra os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os saberes necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura galega, española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, a procura de contraexemplos, o establecemento de xeneralizacións e o contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os obxectivos, criterios de avaliación e contidos de lingua estranxeira, en canto ao seu enfoque, nivelación e definición, están formulados a partir das actividades de lingua e as competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é peza clave para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de pór en funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á súa experiencia. Os obxectivos implican unha ampliación e un afondamento nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida esta última como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. Os obxectivos de lingua estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais.

2.2. Obxectivos.

Obxectivos do ámbito
OBX1. Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.
• Vivir en sociedade, interactuar coa contorna e comprender as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e poida contribuír ao benestar futuro e ao desenvolvemento sustentable. Entender como funcionan e que valor teñen as relacións sociais, as actividades económicas, as relacións culturais e os bens patrimoniais pasa por comprender cales son as cuestións que preocuparon a humanidade e cal foi a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Por iso, neste obxectivo abórdanse as distintas etapas históricas de forma que o alumnado poida comprender as permanencias e os cambios, contextualizando os fenómenos que se foron producindo e as respostas que se deron en cada momento da historia ata o presente.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Para a adquisición desta competencia será necesaria a aplicación das estratexias e métodos propios das ciencias sociais, que permitan dar resposta ás principais cuestións xeográficas e históricas que deron lugar á realidade en que vivimos. Entender a orixe e a evolución das relacións sociais, económicas, culturais e políticas, identificando as causas e as consecuencias dos cambios que se foron producindo ao longo do tempo e do espazo, constitúe a base para comprender o mundo actual, e achega ao alumnado as ferramentas necesarias para contribuír ao benestar e ao desenvolvemento sustentable da sociedade de que forma parte, creando así futuros cidadáns responsables.

• Este obxectivo atende aos procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura.

• Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación, promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento dos nosos pobos resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia.

OBX2. Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado e as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global, con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto en que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias.

• A globalización fai difícil concibir a vida dunha sociedade allea ao contacto e á interacción con outros pobos. Para poder entender a historia dun país é necesario situalo no escenario dos grandes fluxos de difusión cultural e técnica e no contexto das relacións políticas e da economía internacional. A integración de España no espazo europeo supón un elemento imprescindible para entender a política, a sociedade e a cultura do noso país. Ademais, formar parte de Europa facilita a mobilidade dos cidadáns entre os Estados membros.

• O alumnado de diversificación curricular debe ser capaz de valorar o papel que desempeñou España nas redes de intercambio europeas e que implicacións ten no presente e no futuro da sociedade española o feito de formar parte da Unión. As actividades encamiñadas á adquisición deste obxectivo deberían promover o interese do alumnado pola realidade internacional e os problemas e retos que formula o mundo en que vivimos e, en concreto, no ámbito europeo, para poder entender e asumir o compromiso colectivo de formar parte dunha sociedade globalizada.

• Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe, a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros pobos. De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

• Que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. De aí que resulten necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.

OBX3. Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.

• Mediante este obxectivo preténdese acadar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.

• A Constitución é a norma suprema que recolle os principios e fundamentos que conforman o modelo de convivencia no territorio español. Promove a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, o compromiso social e o traballo en favor de movementos e accións que contribúan á cohesión social e ao cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades tanto en España como no resto do mundo. É produto tanto do período de transición á democracia como dos distintos movementos, accións e acontecementos que, ao longo da historia, afianzaron as ideas e valores que conforman o noso actual sistema democrático. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado de 1936.

• A Constitución, ademais, establece os principios básicos do sistema democrático español e garante a soberanía nacional que necesita do exercicio dunha cidadanía activa, pois implica que todos os cidadáns son titulares do poder público de que derivan os poderes lexislativo, executivo e xudicial. Por iso, é necesario que o alumnado sexa consciente dos seus dereitos e dos seus deberes en canto cidadáns, e poida adecuar o seu comportamento ao cumprimento dos principios democráticos e constitucionais. A adquisición deste obxectivo garante que o alumnado sexa capaz de actuar exercendo unha cidadanía responsable e participando plenamente da vida social, política e cívica.

OBX4. Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas

• O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en lingua castelá e galega –que comprende a comprensión, a produción e a interacción, tanto orais como escritas e multimodais– require destrezas específicas dentro da área vinculadas e definidas pola diversidade de situacións, contextos e necesidades persoais e sociais do alumnado. Por iso, débense desenvolver prácticas discursivas que incidan na interacción, comprensión e expresión dun catálogo diversificado de textos orais, escritos e multimodais. Os obxectivos

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

asociados á comprensión oral inclúen anticipar o contido, reter información relevante en función do propio obxectivo, distinguir entre feitos e opinións, captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso, identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos ou valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto. Pola súa vez, a interacción oral require coñecer as estratexias para tomar e ceder a palabra, fomentar actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez, claridade e co ton e o rexistro adecuados, así como poñer en xogo as estratexias de cortesía e de cooperación conversacional na expresión de ideas ou opinións atendendo aos elementos da comunicación non verbal. A produción oral de carácter formal, monologada ou dialogada, ofrece marxe para a planificación e comparte, polo tanto, estratexias co proceso de escritura. As tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e favorecen o rexistro das contribucións orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e para a súa posterior análise e revisión.

• Desenvolver a competencia lectora implica incidir no uso das estratexias que deben desenvolverse antes, durante e despois do acto lector, co fin de que os estudantes se convertan en lectores competentes e autónomos ante todo tipo de textos. Comprender un texto implica captar o seu sentido global e a información máis relevante en función do propósito de lectura e do contexto en que este se produce, integrar a información explícita e realizar as inferencias necesarias, formular hipóteses sobre a intención comunicativa que subxace neses textos e reflexionar sobre a súa forma e contido. Para iso, convén acompañar os procesos lectores do alumnado de maneira detida na aula. Por último, saber escribir significa hoxe saber facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento e a apropiación dos «moldes» en que cristalizaron as prácticas comunicativas escritas propias dos diferentes ámbitos de uso: os xéneros discursivos. A elaboración dun texto escrito é froito dun proceso que ten polo menos catro momentos: a planificación, a redacción, a revisión –que pode ser autónoma, pero tamén compartida con outros estudantes ou guiada polo docente– e a edición do texto final. A composición do texto escrito ten que atender tanto a criterios de coherencia, cohesión e adecuación, como á corrección gramatical e ortográfica e á propiedade léxica.

OBX5. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

• O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal, e evidenciar unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital.

• Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, ben sobre temas do currículo ou ben sobre aspectos importantes da actualidade social, científica ou cultural. Estes procesos de investigación deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e do respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias con que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de cita, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais… É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será un contorno ideal para acadar este obxectivo.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX6. Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.

• Este obxectivo trata de facilitar o tránsito desde unha lectura identificativa ou argumental das obras a outra máis consciente e elaborada que abra as portas a textos inicialmente afastados da experiencia inmediata do alumnado. Para iso, é necesario desenvolver habilidades de interpretación que favorezan a verbalización de xuízos de valor máis argumentados e a construción dun mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Constatar a persistencia de tópicos temáticos e formais que atravesan épocas e contextos culturais implica privilexiar un enfoque intertextual.

• Dous son os eixes propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a lectura guiada e compartida na aula de obras que presenten unha certa resistencia para o alumnado, mais que permitan, coa mediación docente, non só o seu gozo senón tamén a apropiación dos seus elementos relevantes. En segundo lugar, a inscrición desas obras en itinerarios temáticos ou de xénero integrados por textos literarios e non literarios de diferentes épocas e contextos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas, tópicos e formas estéticas e axude a establecer vínculos entre o horizonte de produción e o horizonte actual de recepción. O deseño de itinerarios –no cal debe haber representación de autoras e autores– reclama unha planificación consensuada ao longo da etapa para asegurar a progresión e a complementariedade necesarias que permitan a adquisición gradual das competencias interpretativas.

OBX7. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

• O estudo sistemático da lingua, para que sexa útil, debe promover, por un lado, a competencia metalingüística do alumnado, é dicir, a súa capacidade de razoamento, argumentación, observación e análise e, por outro, debe estar vinculado aos usos reais propios dos falantes, mediante textos orais e escritos contextualizados. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento intuitivo do alumnado como usuario da lingua e establecer pontes co coñecemento sistemático desde idades temperás, primeiro cunha linguaxe común, máis próxima á realidade do escolar, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica. Alén diso, debe integrar os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

• Trátase, polo tanto, de abordar a aprendizaxe da gramática relacionando o coñecemento gramatical explícito e o uso da lingua a partir da reflexión. Para iso hai que partir da observación do significado e a función que as formas lingüísticas adquiren no discurso, para chegar á xeneralización e á sistematización a partir da manipulación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipóteses e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos. En definitiva, preténdese estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o alumnado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX8. Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.

• A comprensión supón recibir e procesar información. Na etapa da educación secundaria obrigatoria, a comprensión é unha destreza comunicativa que se debe desenvolver a partir de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e usando a lingua estándar. A comprensión, neste nivel, implica entender e interpretar os textos e extraer o seu sentido xeral e os detalles máis relevantes para satisfacer as súas necesidades comunicativas. Para iso, débense activar as estratexias máis adecuadas ao desenvolvemento psicoevolutivo e ás necesidades do alumnado, co fin de reconstruír a representación do significado e do sentido do texto e para formular hipóteses sobre a intención comunicativa que subxace aos devanditos textos. Entre as estratexias de comprensión máis útiles para o alumnado, atópanse a inferencia e a extrapolación de significados a novos contextos comunicativos, así como a transferencia e integración dos coñecementos, as destrezas e as actitudes das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico. Inclúe a interpretación de diferentes formas de representación (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos etc.), a interpretación da información contextual (elementos extralingüísticos) e cotextual (elementos lingüísticos), que permiten comprobar a hipótese inicial sobre a intención e sentido do texto, así como formular hipóteses alternativas se fose necesario.

• Ademais das devanditas estratexias, a procura de fontes fiables, en soportes tanto analóxicos como dixitais, constitúe un método de grande utilidade para a comprensión, pois permite contrastar, validar e sustentar a información, así como obter conclusións relevantes a partir dos textos. Os procesos de comprensión e interpretación requiren contextos de comunicación dialóxicos que estimulen a colaboración, a identificación crítica de prexuízos e estereotipos de calquera tipo, así como o interese xenuíno polas diferenzas e semellanzas etnoculturais.

OBX9. Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.

• A produción engloba tanto a expresión oral como a escrita e a multimodal. Nesta etapa, a produción en lingua estranxeira debe dar lugar á redacción e á exposición de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, con creatividade, coherencia e adecuación. A produción, en diversos formatos e soportes, pode incluír nesta etapa a exposición dunha pequena descrición ou anécdota, unha presentación formal de maior extensión, unha sinxela argumentación ou a redacción de textos que expresen feitos, conceptos, pensamentos, opinións e sentimentos, mediante ferramentas dixitais e analóxicas, así como a procura avanzada de información na internet como fonte de documentación. No seu formato multimodal, a produción inclúe o uso conxunto de diferentes recursos para producir significado (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, son, xestos etc.) e a selección e aplicación do máis adecuado en función da tarefa e as súas necesidades.

• As actividades vinculadas coa produción de textos cumpren funcións importantes nos ámbitos persoal, social, educativo e profesional e existe un valor cívico concreto asociado a elas. A destreza nas producións máis formais en diferentes soportes non se adquire de forma natural, senón que é produto da aprendizaxe. Nesta etapa as producións baséanse na aprendizaxe de aspectos formais básicos de cariz máis lingüístico, sociolingüístico e pragmático; das expectativas e convencións comúns asociadas ao xénero empregado; de ferramentas de produción; e do soporte utilizado. As estratexias que permiten a mellora da produción, tanto formal como informal, comprenden a planificación, a autoavaliación e coavaliación, a retroalimentación, así como a monitorización, a validación e a compensación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX10. Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.

• A interacción implica dous ou máis participantes na construción dun discurso. Considérase a orixe da linguaxe e comprende funcións interpersoais, cooperativas e transaccionais. Na interacción entran en xogo a cortesía lingüística e a etiqueta dixital, os elementos verbais e non verbais da comunicación, así como a adecuación aos distintos rexistros e xéneros dialóxicos, tanto orais como escritos e multimodais, en contornas síncronas ou asíncronas. Nesta etapa da educación espérase que as interaccións en lingua estranxeira aborden temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado.

• Este obxectivo é fundamental na aprendizaxe, pois inclúe estratexias de cooperación, de inicio, mantemento ou conclusión de conversas, de cesión e toma de quendas de palabra, así como estratexias para preguntar co obxectivo de solicitar clarificación ou repetición. Ademais, a aprendizaxe e aplicación das normas e principios que rexen a cortesía lingüística e a etiqueta dixital preparan o alumnado para o exercicio dunha cidadanía democrática, responsable, respectuosa, inclusiva, segura e activa.

OBX11. Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.

• A mediación é a actividade da linguaxe consistente en explicar e facilitar a comprensión de mensaxes ou textos a partir de estratexias como a reformulación, de maneira oral ou escrita. Na mediación, o alumnado debe actuar como axente social encargado de crear pontes e axudar a construír ou expresar mensaxes de forma dialóxica, non só entre linguas distintas, senón tamén entre distintas modalidades ou rexistros dentro dunha mesma lingua. Na educación secundaria obrigatoria, a mediación céntrase, principalmente, no rol da lingua como ferramenta para resolver os retos que xorden do contexto comunicativo, creando espazos e condicións propicias para a comunicación e a aprendizaxe; na cooperación e o fomento da participación dos demais para construír e entender novos significados; e na transmisión de nova formación de maneira apropiada, responsable e construtiva, podendo empregar tanto medios convencionais como aplicacións ou plataformas virtuais para traducir, analizar, interpretar e compartir contidos que, nesta etapa, versarán sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal e profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado.

• A mediación facilita o desenvolvemento do pensamento estratéxico do alumnado, en canto supón que este elixa as destrezas e estratexias máis adecuadas do seu repertorio para lograr unha comunicación eficaz, pero tamén para favorecer a participación propia e doutras persoas en contornas cooperativas de intercambios de información. Así mesmo, implica recoñecer os recursos dispoñibles e promover a motivación dos demais e a empatía, comprendendo e respectando as diferentes motivacións, ideas e circunstancias persoais dos interlocutores e interlocutoras e harmonizándoas coas propias. Por iso, espérase que o alumnado mostre empatía, respecto, espírito crítico e sentido ético, como elementos clave para unha adecuada mediación neste nivel.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

OBX12. Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.
• O uso do repertorio lingüístico e a reflexión sobre o seu funcionamento están vinculados co enfoque plurilingüe da adquisición de linguas. O enfoque plurilingüe parte do feito de que as experiencias do alumnado coas linguas que coñece serven de base para a ampliación e mellora da aprendizaxe de linguas novas e axúdano a desenvolver e enriquecer o seu repertorio lingüístico plurilingüe e a súa curiosidade e sensibilización cultural. Na educación secundaria obrigatoria, o alumnado afonda nesa reflexión e establece as relacións entre as que conforman os seus repertorios individuais, analizando as súas semellanzas e diferenzas co fin de ampliar coñecementos e estratexias. Deste xeito, favorécese a aprendizaxe de novas linguas e mellórase a competencia comunicativa. A reflexión sobre as linguas e o seu funcionamento implica que o alumnado entenda as súas relacións e, ademais, contribúe a que identifique as fortalezas e carencias propias no terreo lingüístico e comunicativo, tomando conciencia dos coñecementos e estratexias propios e facéndoos explícitos. Neste sentido, supón tamén a posta en marcha de destrezas para lle facer fronte á incerteza e para desenvolver o sentido da iniciativa e a perseveranza na consecución dos obxectivos ou a toma de decisións. • Ademais, o coñecemento de distintas linguas permite valorar a diversidade lingüística da sociedade como un aspecto enriquecedor e positivo. A selección, configuración e aplicación dos dispositivos e ferramentas tanto analóxicas como dixitais para a construción e integración de novos contidos sobre o repertorio lingüístico propio pode facilitar a adquisición e mellora da aprendizaxe doutras linguas.

2.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Ámbito Lingüístico e Social 1º curso	
Bloque 1. Ciencias Sociais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	OBX5
• CA1.2. Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	OBX1
• CA1.3. Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	OBX1

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro.	OBX1
• CA1.5. Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais.	OBX2
• CA1.6. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos e xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente.	OBX1
• CA1.7. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común.	OBX1
• CA1.8. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual, recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados, e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX2
• CA1.9. Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	OBX3
• CA1.10. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX3

Contidos

• Retos do mundo actual.

– Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos e métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia.

– Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes…

– O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso.

– A transformación humana do territorio. O espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia.

– Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.

– Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Sociedades e territorios.

– Os réximes demográficos e o reto demográfico en España e Galicia. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe que dan como resultado a diversidade social, ético-cultural e de xénero.

– A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual.

– Do éxodo rural á concentración urbana e o problema do despoboamento rural. A importancia do espazo público.

– Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.

– A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.

– Revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade.

– A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII.

– As características xerais das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do XIX. A personalidade independente de Goya. O patrimonio como ben e como recurso.

• Compromiso cívico e social.

– Implicación na defensa e protección do ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX12
• CA2.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	OBX12
• CA2.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX12
• CA2.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	OBX4
• CA2.5. Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	OBX12

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Contidos	
• Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. • Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. • Análise da diversidade lingüística do contorno. Biografía lingüística. • Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España, con especial atención ao galego e ao castelán. • Desenvolvemento da reflexión interlingüística.	
Bloque 3. Comunicación en lingua castelá e lingua galega	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	OBX4
• CA3.2. Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX4
• CA3.3. Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX4
• CA3.4. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX4
• CA3.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	OBX4
• CA3.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7
• CA3.7. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico, respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX5
• CA3.8. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.9. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX7
• CA3.10. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX4

Contidos

• Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.

– Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.

– Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos (explicación, exposición...).

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade. O ciberanzol. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.

– Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

– Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Alfabetización informacional.

– Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.

– Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade.

– Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.

– Estratexias de procura e selección de información.

– Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e da desinformación.

– Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos…).

– Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.

– Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.

– Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e da intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA4.2. Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX4
• CA4.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7
• CA4.4. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.5. Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX6
• CA4.6. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX6
• CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX6
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX6

Contidos
• Lectura autónoma. – Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos. – Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. – Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. – Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. • Lectura guiada. – Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII. – Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde a Idade Media ata o século XIX. – Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII. – Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias. – Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7
• CA5.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX7
• CA5.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX7
• CA5.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX7

Contidos

• Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.

• Observación das diferenzas relevantes e intersecções entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

• Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple).

• Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

• Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras.

• Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Bloque 6. Comunicación en lingua estranxeira	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1 Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX8
• CA6.2. Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	OBX8
• CA6.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	OBX8
• CA6.4. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	OBX9
• CA6.5. Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX9
• CA6.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	OBX9
• CA6.7. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	OBX10
• CA6.8. Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	OBX10
• CA6.9. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX11

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.10 Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX11
• CA6.11 Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX12
• CA6.12 Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX12
• CA6.13. Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX12

Contidos

• Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

• Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.

• Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.

• Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.

• Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.

• Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.

• Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.

• Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

• Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

• Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.

• Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

• Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

2º curso.

Ámbito Lingüístico e Social 2º curso	
Bloque 1. Ciencias Sociais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos, como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais, e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez, e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.	OBX5

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.	OBX3
• CA1.3. Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	OBX5
• CA1.4. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual.	OBX1
• CA1.5 Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e solidariedade.	OBX2
• CA1.6. Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	OBX3
• CA1.7. Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.	OBX2
• CA1.8. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual, recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados, e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX2
• CA1.9. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	OBX3
Contidos	
• Retos do mundo actual. – Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial. • Sociedade e territorio. – Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo). O movemento obreiro.

– A Constitución de 1812 e os sistemas liberais en España e Galicia.

– As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo.

– Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial.

– O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos.

– Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República.

– Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.

– A Ditadura de Franco e a transición política e configuración do Estado democrático coa Constitución de 1978.

– A memoria democrática.

– A política de bloques e a descolonización.

– As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI.

– As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados.

– A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea.

– Proceso de construción europea. As institucións europeas e o Estado de benestar.

• Compromiso cívico e global.

– Os valores do europeísmo.

– Dignidade humana e dereitos universais.

– A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.

– O patrimonio como ben e como recurso.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX12
• CA2.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	OBX12
• CA2.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX12

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	OBX4
• CA2.5. Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	OBX12
Contidos	
• Recoñecemento das linguas oficiais de España e das súas variedades dialectais, con especial atención ao galego e ao castelán. As linguas de signos. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. • Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. • Diferenzas entre os trazos dialectais e os sociolectos e os rexistros. • Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. • Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.	
Bloque 3. Comunicación en lingua castelá e lingua galega	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	OBX4
• CA3.2. Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX4
• CA3.3. Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX4
• CA3.4. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX4
• CA3.5. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	OBX4
• CA3.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.7. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX5
• CA3.8. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	OBX5
• CA3.9. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX7
• CA3.10. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX4

Contidos
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. – Emprego correcto das propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e respecto por estas nas creacións propias. – Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos. – Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. • Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. – Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. – Produción oral formal. Planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. – Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. – Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Alfabetización informacional.

– Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.

– Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.

– Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e a desinformación e a vulneración da privacidade.

– Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.

– Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.

– Interpretación e produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Identificación e emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.

– Emprego correcto dos mecanismos de cohesión. Recoñecemento e utilización de conectores textuais, con especial atención aos que expresan a causa, consecuencia, condición e hipótese. Identificación e uso de mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).

– Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

– Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA4.2. Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX4
• CA4.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7
• CA4.4. Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	OBX6

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.5. Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	OBX6
• CA4.6. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX6
• CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	OBX6
• CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX6

Contidos

• Lectura autónoma.

– Implicación na lectura de forma progresivamente autónoma e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura sustentada en modelos.

– Selección, de xeito progresivamente autónomo, de obras variadas que inclúan autores e autoras a partir da utilización da biblioteca escolar e pública dispoñible.

– Estratexias de mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.

– Estratexias para a recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando de maneira básica a obra no xénero e subxénero literario correspondente. Emprego das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. Respecto pola propiedade intelectual.

• Lectura guiada.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde o século XIX ata a actualidade.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade.

– Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade.

– Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, ou conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.

– Construción do sentido da obra a partir da análise dos seus elementos formais e contextuais. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

– Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.

– Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.

– Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

– Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX7
• CA5.2. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX7
• CA5.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX7
• CA5.4. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX7

Contidos

• Observación das diferenzas relevantes e intersecções entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

• Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.

• Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e o propósito comunicativo.

• Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.

• Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario dixital, familiarización con material didáctico para espazos virtuais.	
Bloque 6. Comunicación en lingua estranxeira	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1 Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	OBX8
• CA6.2. Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	OBX8
• CA6.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	OBX8
• CA6.4. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	OBX9
• CA6.5. Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX9
• CA6.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	OBX9
• CA6.7. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	OBX10
• CA6.8. Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	OBX10

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.9 Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX11
• CA6.10 Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX11
• CA6.11 Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX12
• CA6.12 Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX12
• CA6.13. Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX12
Contidos	
• Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. • Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. • Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. • Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. • Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

• Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar, formación e ámbito laboral.

• Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.

• Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

• Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

• Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

• Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.

• Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

• Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

2.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa no ámbito Lingüístico e Social desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos do ámbito e, en combinación co resto de ámbitos e materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos do ámbito e as competencias clave a través dos descritores

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos do ámbito Lingüístico e Social e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos do ámbito	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-3		5	1-2-3	1-3	1-4	1	1-2-3
OBX2	1-2-3		1	1-2-3	1-3	2-3-4	1-3	3
OBX3	1-2-5	3	1	1-2-3	1-3	2-3-4	2	1-3
OBX4	1-2-4-5	1-2-3	1-4	1-2-3-4-5	1-2-3-4	1-3	1-3	1-2
OBX5	1-2-3-5	1-3	2	1-2-3-4-5	4	3	1-3	2-4
OBX6	1-4-5	1-2-3	1	1	1	1-3	1-3	1-2-3-4
OBX7	1-2	1-2-3	2-4	2-3	4-5	1-3-4	1-3	1-2-3
OBX8	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX9	1	1-2	1	2	5			2
OBX10	5	1-2	1	3	3	3		
OBX11	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX12		2	1	2	1-5			

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Unha metodoloxía flexible e aberta é idónea para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

– Esta estratexia de aprendizaxe para o ensino deste ámbito, que integra coñecementos básicos procedentes das Ciencias Sociais, a Lingua e a Literatura Galega e Castelá e un

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

idioma estranxeiro (neste caso, o Inglés), estará enfocada, por unha banda, cara á inserción do alumnado en tarefas significativas que lle permitan traballar de maneira autónoma e en equipo e, por outra, cara ao uso de ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto, a mestura dos diferentes bloques de contidos favorecerá este proceso, posto que se percibirá unha maior unidade dentro do ámbito Lingüístico e Social. Neste sentido, o fomento da aprendizaxe baseada en proxectos favorecerá esa interdisciplinariedade, ao deseñar situacións de aprendizaxe contextualizadas e reais que inclúan a integración das competencias, dos obxectivos e dos contidos, a través de metodoloxías motivadoras e cooperativas que permitan a participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, así como a adquisición dunha progresiva autonomía persoal.

– A proposta dunha metodoloxía que oriente, promova e facilite o desenvolvemento competencial do alumnado facilita, ademais, o tratamento da atención á diversidade, ao respectar os distintos estilos de aprendizaxe a través do deseño de actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo.

– A planificación de estratexias interactivas que permitan unha construción compartida do coñecemento a través do intercambio de ideas entre o alumnado. Este enfoque eminentemente práctico implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No primeiro caso, recoméndase a elaboración de actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole.

– Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, convén aproximarse á identificación e localización temporal de feitos, personaxes, movementos, manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade a través dos períodos históricos máis significativos, e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano e que cheguen a comprender, na medida do posible, como os feitos do pasado teñen aínda vixencia no presente.

– O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira debe desenvolverse desde un enfoque orientado á acción e á comunicación, tal e como propón o Marco común europeo

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Trátase de realizar proxectos significativos para o alumnado, fundamentados en necesidades comunicativas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.

– A procura de estratexias para o fomento do hábito lector. É necesario que os alumnos e alumnas comprendan que a lectura é unha fonte de pracer e para conseguilo, ademais do achegamento a fragmentos de obras clásicas que se abordan nos contidos de educación literaria, é imprescindible seleccionar textos ou fragmentos de obras que se aproximen ás súas motivacións persoais e ás súas experiencias. Recoméndase fomentar os textos de banda deseñada, que permiten, ademais, o traballo conxunto arredor da comunicación verbal e non verbal.

– O fomento do uso de recursos educativos en aberto (REA) e de deseño universal de aprendizaxe (DUA) que favorezan a atención á diversidade, a accesibilidade universal e a inclusión, e que conduzan á creación dun contorno persoal de aprendizaxe (PLE) propio. As TIC proporcionan as ferramentas necesarias para acadar a accesibilidade e a inclusión.

– A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. A avaliación formativa centrada nas competencias permite identificar o grao de adquisición destas, modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias do perfil de saída.

ANEXO IV
Distribución horaria

1. Distribución horaria da etapa.

Materias	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e Xeoloxía	3		2	
Educación Física	2	2	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos			1	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		2	

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Materias	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Física e Química		3	2	
Lingua Castelá e Literatura	3	3	3	3
Lingua Estranxeira	3	3	3	3
Lingua Galega e Literatura	3	3	3	3
Matemáticas	4	4	4	
Matemáticas A / Matemáticas B				4
Música		2	2	
Relixión / Proxecto Competencial	1	1	1	1
Segunda Lingua Estranxeira	2	2		
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3		
Xeografía e Historia	3	3	3	3
Optativa 3º (1)			3	
De opción 4º 1 (2)				3
De opción 4º 2 (2)				3
De opción 4º 3 (2)				3
Optativa 4º (3)				3
Libre disposición de centro	2	2		
Titoría	1	1	1	1
Totais	32	32	32	32

(1) A materia optativa de 3º seleccionarase de entre as seguintes:

– Cultura Clásica.
– Educación Dixital.
– Oratoria.
– Segunda Lingua Estranxeira.

(2) As materias de opción de 4º seleccionaranse de entre as seguintes:

– Bioloxía e Xeoloxía.
– Dixitalización.
– Economía e Emprendemento.
– Expresión Artística.
– Física e Química.
– Formación e Orientación Persoal e Profesional.
– Música.
– Latín.
– Segunda Lingua Estranxeira.
– Tecnoloxía.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

(3) A materia optativa de 4º seleccionarase de entre as seguintes:

– Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º.
– Filosofía.
– Oratoria, se non foi cursada en 3º.
– Segunda Lingua Estranxeira.
– Unha materia de opción non cursada.

2. Distribución horaria por cursos.

1º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
1º	• Bioloxía e Xeoloxía	3
1º	• Educación Física	2
1º	• Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
1º	• Lingua Castelá e Literatura	3
1º	• Lingua Estranxeira	3
1º	• Lingua Galega e Literatura	3
1º	• Matemáticas	4
1º	• Relixión / Proxecto Competencial	1
1º	• Segunda Lingua Estranxeira	2
1º	• Tecnoloxía e Dixitalización	3
1º	• Xeografía e Historia	3
1º	• Libre disposición de centro	2
1º	• Titoría	1
Total 1º		32

2º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
2º	• Educación Física	2
2º	• Física e Química	3
2º	• Lingua Castelá e Literatura	3
2º	• Lingua Estranxeira	3
2º	• Lingua Galega e Literatura	3

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

Curso	Materia	Sesións lectivas
2º	• Matemáticas	4
2º	• Música	2
2º	• Relixión / Proxecto Competencial	1
2º	• Segunda Lingua Estranxeira	2
2º	• Tecnoloxía e Dixitalización	3
2º	• Xeografía e Historia	3
2º	• Libre disposición de centro	2
2º	• Titoría	1
Total 2º		32

3º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
3º	• Bioloxía e Xeoloxía	2
3º	• Educación en Valores Cívicos e Éticos	1
3º	• Educación Física	2
3º	• Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
3º	• Física e Química	2
3º	• Lingua Castelá e Literatura	3
3º	• Lingua Estranxeira	3
3º	• Lingua Galega e Literatura	3
3º	• Matemáticas	4
3º	• Música	2
3º	• Relixión / Proxecto Competencial	1
3º	• Xeografía e Historia	3
3º	• Optativa (1)	3
3º	• Titoría	1
Total 3º		32

(1) A materia optativa de 3º seleccionarase de entre as seguintes:

– Cultura Clásica.
– Educación Dixital.
– Oratoria.
– Segunda Lingua Estranxeira.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14

4º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
4º	• Educación Física	2
4º	• Lingua Castelá e Literatura	3
4º	• Lingua Estranxeira	3
4º	• Lingua Galega e Literatura	3
4º	• Matemáticas A / Matemáticas B	4
4º	• Relixión / Proxecto Competencial	1
4º	• Xeografía e Historia	3
4º	• De opción 1 (2)	3
4º	• De opción 2 (2)	3
4º	• De opción 3 (2)	3
4º	• Optativa (3)	3
4º	• Titoría	1
Total 4º		32

(2) As materias de opción de 4º seleccionaranse de entre as seguintes:

– Bioloxía e Xeoloxía.

– Dixitalización.

– Economía e Emprendemento.

– Expresión Artística.

– Física e Química.

– Formación e Orientación Persoal e Profesional.

– Música.

– Latín.

– Segunda Lingua Estranxeira.

– Tecnoloxía.

(3) A materia optativa de 4º seleccionarase de entre as seguintes:

– Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º.

– Filosofía.

– Oratoria, se non foi cursada en 3º.

– Segunda Lingua Estranxeira.

– Unha materia de opción non cursada.

CVE-DOG: egmt7e61-vnj9-v6i6-1ci5-1xomtdh09e14